a) Sobre o primeiro deles, a Sección de Admisión parece ter obxectivado a apreciación deste motivo, exixindo para iso a concorrencia de só tres requisitos: (a) que se tivese producido debate na instancia sobre a procedencia de formular a cuestión de constitucionalidade; a exixencia de debate suscita dúbidas sobre os supostos en que a(s) parte(s) demandada(s) non fixera(n) alusión ningunha a este asunto exposto pola demandante; (b) que existan dúbidas fundadas sobre a constitucionalidade da norma debatida; e (c) que o tribunal *a quo* non tivese dado ningunha resposta á petición de presentación da cuestión de inconstitucionalidade³⁵.

³³ AATS do 29 de marzo de 2017, Rec. queixa 302/2016, do 30 de outubro de 2017, Rec. cas. 3666/2017, e do 26 de febreiro de 2018, Rec. queixa 609/2017.

³⁴ AATS do 1 de febreiro de 2017, Rec. cas. 31/2016, do 8 de marzo de 2017, Rec. cas. 40/2017, do 2 de novembro de 2017, Rec. cas. 4196/2017, e 7 de maio de 2018, Rec. queixa 503/2017.

³⁵ ATS do 3 de febreiro de 2017, Rec. cas. 319/2016.

Non se fixo, que saibamos, matiz ningún que condicione a admisión do recurso á relevancia efectiva da norma legal discutida no proceso, como sucede na letra c) do apartado 3 deste artigo. A mera e posible inconstitucionalidade dunha norma con rango de lei, unida ao silencio do órgano *a quo* sobre iso, parecen datos suficientes para a admisión do recurso.

b) En relación co suposto da letra e) (interpretar e aplicar con aparente erro unha doutrina constitucional), os autos da Sección de Admisión achegaron algúns criterios de utilidade. Dunha parte, aplican a este suposto unhas exixencias formais similares ás impostas para as contradicións da sentenza impugnada coas ditas por outros órganos xurisdiccionais, ao requirir a necesidade de que o escrito de preparación argumente “por que se trata de supostos iguais e en que forma se adoptou un criterio diferente”³⁶. E, doutra, describe o proceso lóxico que debe seguir tal argumentación, describindo (i) que interpretación ou aplicación da doutrina constitucional realizou a sentenza obxecto de recurso; (ii) que razón conduce a pensar que a doutrina constitucional se aplicou erroneamente; e (iii) como tal interpretación constituíu o fundamento ou *ratio decidendi* da resolución que se impugna³⁷.

Salvo erro pola nosa parte, non atopamos pronunciamento ningún referido ao motivo de interese casacional previsto na letra f) do artigo 88.2.

4.5 Os supostos do artigo 88.2.g) e 3.c). Cuestións relativas á legalidade das disposicións de carácter xeral

Os motivos de interese casacional mencionados na epígrafe atópanse, como é notorio, tamén estreitamente emparentados: ambos os dous refírense ás sentenzas ditas en procesos en que se impugnase unha disposición de carácter xeral, presumíndose o dito interese cando a sentenza a declarase nula (salvo que, con toda evidencia, carecese de relevancia suficiente), e –meramente– podendo concorrer cando tal anulación non fose ditada.

Estes preceptos apenas suscitan dúbidas interpretativas; a apuntada de maneira temperá por algún autor –se a presunción do apartado 3.c) opera tamén nas sentenzas que resolvan en sentido estimatorio un recurso indirecto, pero sen anular *erga omnes* a disposición– non ten fundamento ningún, porque neste suposto o órgano xudicial deberá elevar a cuestión de ilegalidade, que se resolverá en sentido confirmatorio (caso en que estaremos no suposto da letra c) do apartado 3) ou revogatorio, caso en que poderá entrar a xogar o motivo da letra g) do apartado 2.

No seu lugar, a Sección de Admisión da Sala Terceira sentou criterio sobre algunhas outras cuestións –non excesivas–, e non sempre con acerto. Así, parécenos correcta a interpretación de que o motivo de interese casacional do apartado 2.g) pode concorrer cando o debate, no proceso de instancia, versase acerca de se a actuación impugnada posúe ou non natureza regulamentaria³⁸; tamén, nos casos en

³⁶ AATS do 8 de marzo de 2017, Rec. queixa 126/2016, e do 31 de maio de 2017, Rec. queixa 191/2017.

³⁷ AATS do 18 de setembro de 2017, Rec. queixa 149/2017, e do 7 de maio de 2018, Rec. queixa 503/2017.

³⁸ ATS do 18 de outubro de 2017, Rec. cas. 2049/2017.

que o órgano xurisdiccional de instancia careza por completo de competencia para declarar a disposición impugnada no proceso, por tratarse dunha norma pertencente ao ordenamento da Unión Europea³⁹. E é de estrita lóxica o criterio que rexeita a aplicabilidade da presunción establecida no apartado 3.c) cando o controvertido en casación é a parte da disposición que non foi anulada na instancia (nos casos de anulación parcial da norma)⁴⁰.

Pola contra, parécenos inustificada a exigencia que se impón, tamén respecto á aplicación do apartado 3.c), de que é carga do recorrente xustificar, nestes casos, que a disposición regulamentaria anulada posúe transcendencia suficiente, para os efectos da non-aplicación da excepción establecida no último inciso deste precepto⁴¹. Dado o carácter reforzado da excepción (salvo que a norma “... *con toda evidencia*, careza de transcendencia suficiente”), parece que constatar o grao de relevancia da norma é unha tarefa que lle corresponde ao xuíz de casación –ou, en todo caso, á parte que se opoña ao recurso–, en ningún caso ao recorrente.

Os supostos previstos nas letras h) e i) do apartado 2 serán analizados, con outros de características semellantes, ao final desta exposición.

4.6 O suposto do artigo 88.3.a). Inexistencia de xurisprudencia

Xa nalgunha ocasión anterior me pronunciei sobre os problemas prácticos que suscita a aplicación deste suposto de interese casacional, desde a perspectiva dos recorrentes. A chamada “xurisprudencia” atópase nun complexo documental de dimensións inabarcables, integrado polas sentenzas ditadas pola Sala Terceira do Tribunal Supremo (e, antes de 1985, polas súas salas Terceira, Cuarta e Quinta) ao longo de toda a súa historia: decenas de miles de resolucións que só son accesibles hoxe utilizando medios informáticos, pero con insuperables dificultades. As bases de datos alcanzan só a un curto período da historia (a do CENDOJ, a mediados dos anos noventa; a de Westlaw, algo máis alá); os *thesaurus* que permiten a busca son aínda imperfectos e pouco fiables, e a súa deficiencia vén incrementada polo emprego de termos diversos para aludir aos mesmos conceptos e institucións; e, ante todo, a doutrina que estableceron as sentenzas viña normalmente diluída ao longo dos seus fundamentos xurídicos, sendo só detectable a través dunha análise minuciosa dos seus textos. En resumo, a “xurisprudencia” é unha noción vaga e de coñecemento problemático.

A iso súmase o inconveniente capital que supón a acreditación dun feito negativo –que non existe xurisprudencia sobre un punto concreto–, demostración que, como é ben sabido, é lóxicamente imposible. O recorrente que pretende invocar esta circunstancia de interese casacional non pode ir máis alá, unha vez esgotadas as súas habilidades informáticas, que acudir ás obras especializadas (preferentemente, os comentarios escritos das leis respectivas en busca de citas de sentenzas; consultar

³⁹ ATS do 12 de decembro de 2017, Rec. cas. 4535/2017.

⁴⁰ ATS do 28 de abril de 2017, Rec. cas. 433/2017.

⁴¹ AATS do 8 de marzo de 2017, Rec. queixa 75/2017, do 2 de novembro de 2017, Rec. cas. 2911/2017, do 9 de marzo de 2018, Rec. cas. 6541/2017, e do 2 de abril de 2018, Rec. cas. 5956/2017.

os miles de traballos monográficos en que poida atoparse algunha referencia xurisprudencial é unha tarefa inabarcable). Pero, mesmo consumadas estas ímprobables tarefas, a afirmación de que non existe xurisprudencia continúa sendo aventurada.

É seguro que a Sección de Admisión da Sala Terceira é consciente destas insuperables dificultades. Pero, se é así, non é comprensible que exixa, igual que en supostos anteriores, que o escrito de preparación conteña “unha mínima argumentación” acerca desta inexistencia⁴², exixencia que é de cumprimento imposible, a menos que se acuda ao absurdo procedemento de mencionar as obras de referencia consultadas en busca de xurisprudencia, e as súas respectivas páxinas, como o autor destas liñas se viu obrigado a facer nalgunha ocasión. Igual que antes se dixo a propósito dun suposto semellante, rebater esa afirmación, facendo constar a xurisprudencia existente, é unha tarefa que debe facer de oficio a sala (cuxa memoria acerca da súa propia doutrina é, naturalmente, moito máis rica que a que poida ter calquera letrado) ou a parte que se opoña á tramitación do recurso, se é que ten acceso ao contido do escrito de preparación.

Agás neste capital extremo, as restantes indicacións relativas a este motivo casacional proporcionados polos autos da Sección de Admisión son bastante lóxicas e, nalgún caso, ben coñecidas. Así, cando recordou a súa tradicional doutrina de que un único pronunciamento do Tribunal Supremo non constitúe xurisprudencia⁴³, o que permite a válida invocación deste motivo, ou cando advertiu que cabe tal invocación cando, mesmo existindo fallos reiterados, é conveniente un novo pronunciamento dirixido a reafirmar, reforzar ou clarificar a doutrina xa emitida⁴⁴. E tamén cando recordou que a inexistencia de xurisprudencia non é un feito suficiente, por si só, para facer entrar en xogo este motivo casacional, sendo imperativo que a parte recorrente argumente e xustifique o interese casacional que obxectivamente posúa a doutrina que se pretenda sentar⁴⁵.

É menos asumible, pola contra, a súa “teoría do acto claro”, en virtude da cal non resulta necesaria a formación de xurisprudencia cando os termos literais da norma cuxa interpretación se pretende son inequívocos⁴⁶. Certamente, non é acollible un recurso de casación no cal a doutrina que se pretende que sexa sentada constituía unha reprodución dos termos literais da norma, pero é notorio que toda norma, por clara que sexa, admite interpretacións diversas, polo que non é impertinente intentar que se confirme algunha delas, mesmo aínda que estea acollida xeralmente na comunidade xurídica.

⁴² AATS do 9 de febreiro de 2017, Rec. cas. 131/2016, de 2 e 27 de novembro de 2017, Rec. cas. 2872/2017 e Rec. queixa 523/2017, e do 11 de abril de 2018, Rec. queixa 45/2018.

⁴³ ATS do 5 de febreiro de 2017, Rec. cas. 2717/2017, do 5 de decembro de 2017, Rec. cas. 2717/2017, e do 16 de marzo de 2018, Rec. cas. 6716/2017.

⁴⁴ AATS do 15 de marzo de 2017, Rec. cas. 93/2017, do 16 de maio de 2017, Rec. cas. 685/2017, e do 27 de novembro de 2017, Rec. cas. 4432/2017.

⁴⁵ AATS do 8 de maio de 2017, Rec. cas. 1439/2017, do 30 de outubro de 2017, Rec. queixa 3666/2017, e do 14 de novembro de 2017, Rec. queixa 459/2017.

⁴⁶ AATS do 4 de abril de 2018, Rec. cas. 41/2018, de 7 e 14 de maio de 2018, Rec. cas. 1163/2018 e 4614/2017, e do 18 de xuño de 2018, Rec. queixa 117/2018.

4.7 O suposto do artigo 88.3.b). O afastamento deliberado da xurisprudencia

Como se dixo xa en numerosas ocasións, esta circunstancia de interese casacional é tan incuestionable como de produción excepcional. Desde logo, nada impide que un xuíz ou tribunal *a quo* sente nas súas sentenzas unha doutrina que, discrepando explicitamente da sentada polo Tribunal Supremo, pretenda a rectificación do criterio deste último; máis aínda, paréceme unha práctica sumamente oportuna, que posibilita a evolución da doutrina xurisprudencial.

Pero non é menos evidente que esta forma de actuar é insólita: aínda que é evidente que o meu coñecemento das decisións dos tribunais é moi limitado, hei de confesar que, na miña prolongada experiencia, como profesor e como avogado, non tiven oportunidade de ler unha soa sentenza de instancia que se pronuncie nos termos indicados. Os órganos de instancia resolven non aplicando con certa frecuencia a xurisprudencia do Tribunal Supremo, pero fano ben por ignorancia desta, ben por respecto ao alto tribunal, omitindo a referencia á doutrina da cal se discrepa. A ignorancia é tan comprensible como escusable, dadas as deficiencias que existiron na exposición tradicional da xurisprudencia, que antes resaltamos; pero o respecto ao Tribunal Supremo carece por completo de xustificación, e non só porque confunde os recorrentes, senón porque é moito máis cortés e elegante, se cabe, a discrepancia amable que a contradición disimulada.

Por estas razóns, non me parece acertado o insistente criterio da Sección de Admisión que, acolléndose aos termos literais do artigo 88.3.b), exixiu que o afastamento detectado na sentenza de instancia sexa consciente, reflexivo e razoado⁴⁷, requisitos que exclúen as discrepancias implícitas, pero inequívocas. Entre estes casos atópanse aqueles en que a resolución contra a que se recorreu non fai referencia ningunha á xurisprudencia que as partes invocaran ao longo do debate, nos cales a Sección de Admisión negou a concorrencia deste motivo casacional⁴⁸; a omisión de alusións á xurisprudencia citada é un indicio evidente da discrepancia, que a Sala Terceira deba corrixir en vía casacional.

4.8 Os restantes supostos de interese casacional

Non merece unha exposición separada a doutrina sentada ata a data pola Sección de Admisión respecto dos demais supostos de interese casacional non referidos anteriormente, que, sen prexuízo da súa importancia nalgúns casos, é moi escasa, polo que pode mencionarse nunha soa epígrafe de modo sintético.

a) Así, e seguindo a orde do artigo 88, pode dicirse, respecto do suposto previsto no seu apartado 2.h) (*impugnación de convenios interadministrativos*), que a sección citada fixo unha interpretación ampliatoria deste, entendendo que este motivo pode

⁴⁷ AATS do 8 de marzo de 2017, Rec. cas. 40/2017, de 10 e 24 de abril de 2017, Rec. cas. 91 e 611/2017, do 20 de novembro de 2017, Rec. queixa 309/2017, e do 16 de maio de 2018, Rec. queixa 505/2017.

⁴⁸ AATS do 8 de marzo de 2017, Rec. cas. 40/2017, e de 10 e 21 de novembro de 2017, Rec. cas. 3196 e 1263/2017.

concorrer non só nos casos estritos de impugnación directa dun convenio, senón tamén cando o debate versa sobre actos de execución dun convenio, pero cuxa resolución exige a interpretación deste⁴⁹. Non podemos senón manifestar a nosa valoración positiva desta exexese do precepto, que noutro caso limitaría o seu ámbito de aplicación ao recurso emprendido por terceiros dos convenios asinados por dúas administracións; os convenios asínanse para seren cumpridos, non para seren impugnados *a posteriori* polas partes.

b) Igualmente razoable foi a doutrina sentada a propósito do apartado 2.i) (*ter sido ditada a sentenza no procedemento especial de protección de dereitos fundamentais*), cuxo entendemento literal tería conducido a un novo abuso deste procedemento especial como unha vía indirecta para a apertura posterior do recurso de casación. Con moito fundamento, a Sección de Admisión declarou que o feito de terse ditado a sentenza no procedemento especial é un mero indicio, non automático, da existencia de interese casacional, o cal debe ser argumentado e razoado de xeito cumprido pola parte recorrente⁵⁰.

c) Foi un tanto oscilante a doutrina sentada sobre o apartado 3.d) do artigo 88 (*sentenzas relativas á impugnación de actuacións dos organismos reguladores cuxo axuízamento lle compete á Sala da Audiencia Nacional*). Nalgún caso, a Sección de Admisión optou por unha interpretación literal e restritiva do precepto, rexeitando os recursos relativos a actuacións de organismos non mencionados explicitamente na disposición adicional cuarta da Lei xurisdiccional⁵¹, malia que tal disposición non menciona todas as personificacións a que é aplicable esta cualificación. Noutros, aplicou analoxicamente as regras dos apartados 1, 2 e 6 da mencionada disposición adicional cuarta respecto das sentenzas relativas a actos de autoridades que resolven recursos contra actuacións de organismos reguladores⁵²; aínda que este criterio foi contradito noutros supostos⁵³.

d) E é oportuno lembrar a única decisión interpretativa do apartado 3.3 do artigo 88 (*actos ou disposicións ditados polos Governos ou Consellos de Goberno de comunidades autónomas*), na cal se lle negou tal consideración ás deputacións forais dos territorios históricos do País Vasco⁵⁴.

e) Finalmente, e en relación coas excepcións á presunción de interese casacional que afectan aos supostos das letras a), d) e e) do apartado 3, debe mencionarse a doutrina da Sección de Admisión que recorda a obriga dos recorrentes de xustificar razoadamente a non concorrencia destas excepcións e, polo tanto, a relevancia do

⁴⁹ ATS do 5 de decembro de 2017, Rec. cas. 4797/2017.

⁵⁰ AATS do 15 de marzo de 2017, Rec. queixa 110/2017, e do 2 de novembro de 2017, Rec. queixa 575/2017.

⁵¹ Así, no ATS do 18 de abril de 2017, Rec. cas. 114/2016; ben é certo que a actuación impugnada na sentenza era do Comisionado para o Mercado de Tabacos, que moi dificilmente pode cualificarse de auténtico organismo regulador. Igualmente, o ATS do 18 de outubro de 2017, Rec. cas. 3206/2017, que lle nega acertadamente a consideración de organismo regulador ao Secretario de Estado de Telecomunicacións.

⁵² ATS do 12 de xuño de 2017, Rec. cas. 1883/2017, sobre unha decisión do Ministro de Economía e Competitividade, que resolve o recurso interposto contra unha sanción ditada pola CNMV.

⁵³ Así, nos acordos do TEAC ditados en recursos contra actos da AEAT: AATS do 25 de xullo de 2017, Rec. cas. 1263/2017, e do 18 de xuño de 2018, Rec. queixa 117/2018.

⁵⁴ ATS do 2 de novembro de 2017, Rec. cas. 2911/2017.

asunto para os efectos de formación de xurisprudencia⁵⁵, unha doutrina que dilúe aínda máis a cuestionable distinción que a lei estableceu entre os supostos dos apartados 2 e 3.

5 Conclusión

Os datos que quedaron expostos ofrecen, por si sós, un panorama que case non é necesario resumir. No plano cuantitativo, a perspectiva que presenta o avultado número de recursos de casación preparados é literalmente alarmante, igual que o número de recursos admitidos a trámite; unha e outra circunstancia ameazan con retrotraernos ao estado de conxestión que padecía o Tribunal Supremo nos primeiros anos da década precedente, o que impedirá a construción reflexiva e meditada de xurisprudencia, a non ser que se opte pola produción en masa de sentenzas, que impedirá tal construción e o obxecto crucial da reforma. Por máis impopular que resulte esta proposta (e máis dita por un avogado en exercicio), non cabe outra alternativa que unha redución drástica do número de recursos admitidos e unha mellora e aumento dos efectivos de apoio de que dispón hoxe a Sala Terceira.

E, na súa aplicación práctica, a doutrina sentada ata a data pola Sección de Admisión non ofrece excesivos perfís dignos de crítica. As interpretacións apuntadas sobre o sentido das distintas circunstancias de interese casacional enumeradas no artigo 88 son, en conxunto, razoables, se se fai excepción de rigor en exixencia de argumentacións alí onde estas non son necesarias ou simplemente posibles. E, aínda que o emprego dos reais ou supostos vicios formais dos escritos de preparación sexa excesivo e innecesario, é comprensible tendo en conta a escasa calidade técnica de moitos recursos que chegan á Sala Terceira. É verdade que o nivel de coñecemento do proceso contencioso-administrativo aumentou notablemente no mundo da avogacía española; pero quedan aínda numerosos colectivos que continúan imperturbablemente instalados na ignorancia e no desprezo cara ás formas, e tamén na inclinación a interpor recursos carentes de toda viabilidade por razóns puramente económicas. De nada serve a autocontención e o rigor formal na Sala Terceira se iso non se acompaña dunha actitude idéntica nos letrados dos recorrentes, que só se conseguiría coa imposición de estritos requisitos de experiencia e prestixio para a sinatura dos escritos casacionais, como sucede en moitas xurisdicións estranxeiras, unha imposición que hoxe é de imposible formulación, pero que, como tantas outras cousas, terá que chegar.

REGAP



ESTUDIOS

⁵⁵ ATS do 4 de xullo de 2018, Rec. cas. 1461/2017, relativo á letra e) do apartado 3.

A xurisdición contencioso-administrativa tras vinte anos de vixencia da Lei 29/1998

La jurisdicción contencioso-administrativa tras veinte años de vigencia de la Ley 29/1998

The contentious-administrative jurisdiction after twenty years of the validity of Law 29/1998



JOSÉ MARÍA BAÑO LEÓN

Catedrático de Dereito Administrativo
Universidade Complutense de Madrid
jbano@pdi.ucm.es

Recibido: 02/07/2019 | Aceptado: 18/07/2019

DOI: <https://doi.org/10.36402/regap.v1i57.29>

Regap



ESTUDIOS

Resumo: Tras vinte anos de vixencia, a Lei 29/1998 da xurisdición contencioso-administrativa mostra signos de debilidade que exigen reformas. O traballo explora criticamente a aplicación da lei, propón reformas tanto da lei procesual como dalgúns dos factores extraprocesuais que condicionan a xustiza administrativa.

Palabras clave: Contencioso-administrativo, competencias, medidas cautelares, execución de sentenza, calidade da xustiza, dixitalización do contencioso, planta da xurisdición, obxecto do recurso, procedemento contencioso, reconvencción, reforma do contencioso, vía de feito.

Resumen: Tras veinte años de vigencia, la Ley 29/1998 de la jurisdicción contencioso-administrativa muestra signos de debilidad que exigen reformas. El trabajo explora críticamente la aplicación de la ley, propone reformas tanto de la ley procesal como de algunos de los factores extraprocesales que condicionan la justicia administrativa.

Palabras clave: Contencioso-administrativo, competencias, medidas cautelares, ejecución de sentencia, calidad de la justicia, digitalización del contencioso, planta de la jurisdicción, objeto del recurso, procedimiento contencioso, reconvencción, reforma del contencioso, vía de hecho.

Abstract: After 20 years in force, Law 29/98 of the Judicial Administrative Litigation Proceedings shows signs of weakness that require reform. This paper explores critically the application of the norm, proposes reforms both procedurally and outside the proceeding of those aspects that constrain administrative justice.

Key words: Administrative litigation, competences, interim measures, execution of a judicial decision, quality of Justice, digitalization, territorial jurisdiction, proceeding, reconvene, reform of administrative litigation proceedings, fait accompli.

SUMARIO: 1 Enfoque metodolóxico. 2 Factores extrínsecos. 2.1 A calidade da xustiza, o dilema brevidade ou calidade. 2.2 A calidade da xustiza contenciosa depende moito da calidade do procedemento e do recurso administrativo. 2.3 Calidade das partes e do xuíz. 2.4 A dixitalización do contencioso. 2.5 O sistema de retribucións como condicionante da independencia xudicial. 3 Factores intrínsecos ao proceso. 3.1 Planta e competencia dos órganos xurisdicionais. 3.2 Unha omisión relevante: a reconvenção. 3.3 O obxecto do recurso: Actuación fronte a acto administrativo. Os leves progresos da lei. 3.4 Excurso sobre a vía de feito. 3.5 O procedemento abreviado. 3.6 Medidas cautelares: Algunhas propostas de mellora. 3.7 Execución de sentenzas contra a Administración: Resumo dunha frustración.

1 Enfoque metodolóxico

Os 20 anos transcorridos desde a entrada en vigor da reforma da Lei da xurisdición contencioso-administrativa é tempo suficiente para xustificar un balance sobre os efectos da lei, os seus acertos e insuficiencias.

Ese balance quedaría moi minguado, non obstante, se non atendésemos a outros factores que sempre se deben ter en conta na aplicación dunha lei procesual administrativa, que está moi condicionada pola calidade do procedemento e a vía previa administrativas e pola forma de organización do poder xudicial.

Non trataremos neste traballo algunhas das modificacións introducidas ao longo destes anos na Lei xurisdicional, como a recente reforma do recurso de casación ou a introdución pola Lei de garantía da unidade de mercado dun procedemento especial, con regras excepcionais de lexitimación da CNMC ou de competencia da Audiencia Nacional, que malia o seu indubidable interese desbordarían os límites da nosa análise. Tampouco examinaremos a peculiar posición do procedemento especial sobre dereitos fundamentais que responde á exixencia constitucional do artigo 53 CE, pero que hoxe en día se antolla como un procedemento anacrónico, se se parte da base de que nun Estado de dereito os dereitos fundamentais conforman o enteiro ordenamento xurídico, incluíndo, como é lóxico, o dereito procesual. O que tivo sentido no ano 1978 (recórdese que a Lei 62/78 que introduciu o procedemento especial é anterior á Constitución) hoxe é unha reliquia que só ten utilidade para o dereito de manifestación e que quedou maioritariamente reducido ao dereito de acceso do artigo 23.2 CE.

Mentres non se reforme a Constitución, o lexislador está obrigado a manter ese recurso preferente e ordinario, e os tribunais terán que seguir ocupándose da bizantina discusión entre as afectacións directas aos dereitos fundamentais e os que son propios da lexislación ordinaria, *summa divisio* propia da xurisdición constitucional, pero totalmente artificial cando se examina a legalidade da actuación administrativa.

2 Factores extrínsecos

2.1 A calidade da xustiza, o dilema brevidade ou calidade

Desde a instauración do Consello Xeral do Poder Xudicial, houbo unha loable política de redución dos prazos baixo o coñecido tópico de que unha xustiza que é lenta non

é xustiza. É indubidable que, en conxunto, os prazos de tramitación ata a sentenza dos procesos contencioso-administrativos se reduciron sinxelamente e non cabe senón felicitarse por iso¹. A creación dos xulgados do contencioso-administrativo contribuíron a ese éxito sen dúbida, como tamén o fixeron no seu día a imposición de custas por vencemento como medida xeral ou a política de taxas ata que foi declarada inconstitucional por varias sentenzas do Tribunal Constitucional, ou máis simplemente a influencia da crise económica de 2008.

Ese feliz acurtamento dos prazos non se correspondeu cun aumento da calidade do contencioso-administrativo. Malia non estaren establecidos academicamente os factores que inflúen na calidade, é un feito que non escapa á observación de calquera que teña trato coa xurisdición contencioso-administrativa que hai diversos indicios obxectivos de calidade que demostran o longo camiño que queda por percorrer, pois aínda que unha xustiza lenta pode non ser xustiza tampouco o é unha xustiza inxusta por falta do repouso ou o coñecemento necesarios para resolver un proceso que afecta aos dereitos do cidadán e aos poderes públicos. Podemos destacar entre eses indicios de calidade os seguintes:

2.2 A calidade da xustiza contenciosa depende moito da calidade do procedemento e do recurso administrativo

a) A xustiza administrativa non empeza nin remata no proceso contencioso, empeza e remata na Administración, evitando o maior número de conflitos e facilitando a execución das sentenzas.

É un feito que, na Administración en masa (sancións de tráfico, inmigración e estranxeiría, por exemplo) non existe un sistema útil de recursos administrativos o que pesa sobre o contencioso. A experiencia dos tribunais de recursos contractuais demostrou que a instauración de órganos administrativos neutrais de recursos contribúe á mellora da xustiza administrativa. Do mesmo xeito, unha reconsideración do enteiro sistema da vía económico-administrativa nos recursos contra a facenda pública, reforzando a posición independente dos tribunais económico-administrativos podería contribuír a reducir a enorme litixiosidade na interpretación da normativa tributaria. Noutro lugar² tratamos con algunha extensión a crítica ao sistema de recursos administrativos, polo que é obrigado remitirnos por enteiro a aquelas consideracións que, polo demais, comporta a maioría da doutrina científica.

b) Independentemente do sistema de recursos administrativos, as normas do procedemento administrativo tecnicamente defectuosas poden impedir ou dificultar o control contencioso-administrativo. Ilustrarémosto co exemplo da regulación do expediente administrativo na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común (LPAC).

¹ DÍEZ SASTRE, S. (dir.), *Informe sobre la Justicia Administrativa 2018. Tributos, Contratos Públicos, Responsabilidad Patrimonial, Derechos Fundamentales, Personal de la Administración, Protección de Datos y Transparencia*, CIJA-UAM, Madrid, 2018.

² BAÑO LEÓN, J.M.^a, "El recurso administrativo como ejemplo de la inercia autoritaria del Derecho Público español", López Ramón, F. (coord.), *Las vías administrativas de recurso a debate*, AEPDA/INAP, Madrid, 2016, pp. 647-670.

O artigo 70 LPAC, tras definir nos seus tres primeiros parágrafos o concepto de expediente, di no parágrafo número 4 que “non formará parte do expediente administrativo a información que teña carácter auxiliar ou de apoio”, entre a que conta “os xuízos de valor emitidos polas administracións públicas, salvo que se trate de informes preceptivos e facultativos, solicitados antes da resolución administrativa que poña fin ao procedemento”.

Noutro lugar³ ocupámonos do escaso sentido desta excepción que lle impide ao interesado coñecer os xuízos dun funcionario se non se lle solicitou e a súa dubidosa constitucionalidade conforme o artigo 24 CE. O que agora nos interesa destacar é que este tipo de preceptos dificulta extraordinariamente o control xurisdicional e a información do particular. No procedemento impugnatorio o cabal coñecemento do expediente é esencial para apreciar ilegalidades non advertibles a simple vista. Se a mesma lei procedemental permite a expurgación do expediente, convirase en que se pode obstaculizar, cando non cernar, o dereito a un xuízo xusto.

2.3 Calidade das partes e do xuíz

Non menos importante é a calidade das partes. Digamos claramente que non sempre nos procesos contencioso-administrativos os avogados contan coa calidade debida. Trátase dunha cuestión de difícil resolución, xa que non parece que en España puidese doadamente aprobarse normas, como existen noutros países, que introducen factores de antigüidade ou de calidade para actuar ante determinadas instancias como o Tribunal Supremo. Por outra parte, os servizos xurídicos da Administración, moitas veces desbordados, non sempre están servidos como debera ser idoneamente, aínda que é unha práctica inveterada que o xuíz do contencioso defenda a posición da Administración, malia os defectos técnicos da defensa, a prol do interese público ao considerar que a actuación é axustada a dereito. Isto non está previsto na LRXCA, a salvo da potestade xurisdicional para formular ás partes de oficio cuestións non alegadas por estas (artigo 65.2) ou acordar, tamén de oficio, a práctica de probas (artigo 61.1), pero moitos xuíces do contencioso aplícano a diario, matizando o argumento de que se trata dun auténtico proceso entre partes; é desde logo un proceso pero o interese público sempre planea sobre a decisión do xuíz, fose ou non axeitadamente sostida polo defensor da Administración pública.

Moi relevante é, tamén, a especialización xudicial. Segundo o presidente da Sala do Contencioso⁴, o número de especialistas non supera o 10 %. Se a el lle sumamos os maxistrados provenientes da cuarta quenda que, pola súa orixe, acreditaron coñecementos e experiencia en materias administrativas, pode dicirse que, en total, o número de maxistrados con algún tipo de especialización no dereito público

³ BAÑO LEÓN, J.M.^a, “Las garantías de los particulares en la Ley 39/2015”, Parejo Alfonso, L., e Vida Fernández, J., *Los retos del Estado y la Administración en el siglo XXI, Libro homenaje al Prof. Tomás de la Quadra-Salcedo*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2018, pp. 442-445.

⁴ DíEZ-PICAZO, L.M.^a, “Reflexiones sobre la justicia administrativa en España”, versión provisional de la ponencia presentada al *XIV Congreso de la Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo*, Murcia, 2019. Disponible en: www.aepda.es/AEPDAPublicaciones-2162-Actividades-Congresos (25 de marzo de 2019).

(incluíndo o dereito constitucional, o dereito administrativo e o dereito tributario) non chega ao 20 %, cifra evidentemente insuficiente.

Ao noso xuízo, a especialización xudicial xenérica nas grandes ramas do dereito é imprescindible. Non estamos falando de expertos nunha materia concreta, urbanismo, tributos, medio ambiente, senón dun mínimo coñecemento das bases do dereito público. O sistema de acceso común á carreira xudicial debería ser revisado, incluída a índole exclusivamente memorística das probas. Pero, á marxe da idoneidade das probas, a especialización polas grandes ramas do ordenamento parece unha condición necesaria para unha xustiza de calidade. É posible que factores corporativos teñan influído no inmobiliismo, pero pretender que un xuíz poida servir no contencioso-administrativo sen outra bagaxe que os 14 temas dedicados ao dereito administrativo, dous deles ao contencioso-administrativo, os 26 dedicados ao dereito constitucional, internacional e dereito da Unión Europea, e ningún ao dereito tributario⁵, di moito do anacrónico sistema de formación dos nosos xuíces. Non negamos que todo xurista deba ter unha formación básica en dereito civil e penal, pero pretender que se poida resolver un contencioso-administrativo con garantías sen acervo ningún de dereito público dá que pensar.

Hai, en fin, outros factores dos que tamén depende a calidade da xustiza. Referímonos, por un lado, á adecuación tecnolóxica e, por outro, ás deficientes normas substantivas que pode inducir a unha incorrecta administración de xustiza.

2.4 A dixitalización do contencioso

Outro elemento en absoluto desdeñable é a dixitalización da Administración de xustiza, aínda nos seus comezos. É obvio que este é un feito inelutable, como no seu día foi o da mecanización da escritura, e nada hai que opor a que se implante na Administración de xustiza como se está a facer progresivamente na Administración pública.

Porén, existe un perigo, que xa se advirte na práctica: a dixitalización pode converterse nun medio de cernar dereitos se non se poñen as cautelas necesarias. Como subliñamos noutro lugar⁶, a garantía efectiva dos dereitos na Administración, en particular na de xustiza, non xoga tanto nas previsións da lei como no deseño técnico do *software* que faga posible o exercicio dos dereitos. É obvio que a Constitución e os dereitos que garante teñen que ser os mesmos na Administración tradicional que na dixital. Denominamos a esta garantía “principio de equivalencia”.

Este principio non se cumpre, non obstante, na práctica da nosa Administración, xa que as proclamacións enfáticas das nosas leis sobre as vantaxes da Administración dixital non van acompañadas da exigencia de que os programas informáticos garantan

⁵ Véxase o programa publicado no BOE n. 165, do 9 de xullo: 92 temas de dereito civil, 63 de dereito penal, 58 de dereito procesual civil, 35 de dereito procesual penal, 16 de dereito mercantil, 13 de dereito do traballo.

⁶ BAÑO LEÓN, J.M.ª, “Las garantías de los particulares en la Ley 39/2015”, cit., pp. 434-437.

en todo caso os dereitos. Rubén Martínez⁷ mostrou a falta de garantías neste sentido. Pode engadirse ás súas consideracións un exemplo. Non existe técnica ningunha sobre a forma de confeccionar o expediente xudicial e o índice descriptivo dos documentos que contén. Calquera que teña experiencia práctica pode comprobar como cada Administración “confecciona” o expediente dun xeito, facendo ás veces imposible o manexo razoable da documentación mediante a edición de documentos en formato PDF sen unha referencia suficiente. O resultado é que as partes teñen moitas dificultades para un acceso rápido ao expediente e poder detectar os extremos que lle interesan ou os documentos que se necesitan. Engádase a iso o feito de que cada comunidade autónoma ten un sistema diferente informático, de modo que non é estraño que ás veces o xuíz teña dificultades para a consulta.

Este panorama débese a que a dixitalización exige, sen dúbida, un protocolo técnico único que faga posible o exercicio real dos dereitos, incluído o dereito de defensa. Esta é unha cuestión básica que non pode quedar ao criterio de cada Administración e na que se xoga, nada menos, que a posibilidade mesma de exercicio dos dereitos.

2.5 O sistema de retribucións como condicionante da independencia xudicial

A lectura do Regulamento 2/2018, aprobado polo Consello Xeral do Poder Xudicial (BOE do 18 de decembro de 2018), é desoladora. O regulamento fixa as regras pretendidamente obxectivas para a remuneración por produtividade dos xuíces. Para iso establece a duración media das actuacións xudiciais.

No contencioso-administrativo, por exemplo, unha hora para adoptar unha medida cautelar, 5 ou 6 horas para unha sentenza, incluíndo neste cómputo non só o tempo de redacción, senón –suponse que existe– estudo do asunto.

Esta visión taylorista do traballo xudicial non é neutra no contencioso-administrativo. Ten como indesexable repercusión favorecer a Administración autora do acto. Posto que o xuíz ten que traballar arreo, na acertada expresión de Gabriel Doménech, o incentivo para desestimar o recurso ou a medida cautelar aceptando os razoamentos da Administración é moi elevado. Como demostrou precisamente Gabriel Doménech con estatísticas irrefutables, a forma de retribución inflúe no nesgo da decisión xudicial⁸.

Polo demais non será impertinente notar que unha decisión de tal calado debería ser adoptada polo lexislador mesmo e non polo Consello Xeral do Poder Xudicial⁹.

⁷ MARTÍNEZ GUTIÉRREZ, R., “Los retos de la innovación tecnológica en la jurisdicción contencioso-administrativa”, Ponencia al XIV Congreso de la Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo, Murcia, 2019. Dispoñible en: www.aepda.es/AEPDAPublicaciones-2162-Actividades-Congresos (25 de marzo de 2019).

⁸ DOMÉNECH PASCUAL, G., *Juzgar a destajo. La perniciosa influencia de las retribuciones variables de los jueces sobre el sentido de sus decisiones*, Civitas-Thomson Reuters, Cizur Menor, 2009.

⁹ Véxase a STC 135/2018, do 13 de decembro, que anula o artigo 367.1 LOPX, por non precisar as consecuencias derivadas da carencia de aptitude dos xuíces e maxistrados suspensos que pretenden reingresar ao servizo activo. No FX 7, o tribunal sostén que se infrinxiu a reserva de lei nos seguintes termos: “Da literalidade do precepto non se poden obter os parámetros para alcanzar certeza ou cognoscibilidade dos presupostos que definen, nin da concreta finalidade que se persegue coa declaración de aptitude necesaria para a reincorporación ao servizo activo e en consecuencia para que cese a situación de suspensión de funcións

Neste sentido, o artigo 8 da Lei 15/2003, do 26 de maio¹⁰ é de dubidosa constitucionalidade, na medida en que remite practicamente en branco ao Consello a competencia para a adopción dos criterios en que se basea a produtividade, en contra da xurisprudencia constitucional (por todas, SSTC 83/84; 292/2000). Non hai unha causa obxectiva e razoable que xustifique esta habilitación sen límite da lei ao regulamento. En atención ás importantes repercusións que a produtividade ten sobre a función xurisdiccional, debería ser o lexislador o que establecese os criterios esenciais que deben medirla e o que, substancialmente, debería optar por un sistema de medición cualitativa ou cuantitativa. Así o exixen os artigos 117 e 122 CE, que establecen a reserva de lei nesta materia. Todo iso á marxe de que criterios como o de estimación do horario medio das resolucións xudiciais poderían considerarse contrarios á independencia xudicial, na medida en que *de facto* incentivan o estudo superficial dos asuntos, impedindo que o xuíz dedique todo o tempo que estime suficiente á resolución do caso.

A previsión no regulamento da posibilidade de que o xuíz excepcionalmente solicite máis tempo para os asuntos de maior complexidade non é suficiente para xustificar o sistema, pois do que se trata é de que o xuíz poida exercer independentemente o seu labor xurisdiccional. A retribución do xuíz en razón a criterios cuantitativos debería reconsiderar seriamente, xa que afecta á esencia mesma da función xurisdiccional. Un xuíz non é un inspector de facenda¹¹.

Regap



ESTUDIOS

3 Factores intrínsecos ao proceso

3.1 Planta e competencia dos órganos xurisdicionais

Tras examinar os factores que denominamos extrínsecos aos propiamente procesuais, debemos ocuparnos destes últimos. Para iso contrastaremos as principais novidades da Lei 29/1998 coa súa aplicación práctica.

*aplicada como sanción disciplinaria. A ausencia de regulación normativa, que afecta directamente ao estatuto xudicial, non permite efectuar unha valoración anticipada polos que deben aplicala. A orfandade reguladora, na cal o termo «aptitude» aparece libre de calquera roupaxe xurídica que permita delimitalo, produce unha incerteza insuperable acerca dos aspectos a tomar en consideración para valorar esta, malia que da declaración de aptitude depende que o maxistrado poida exercer ou non a función xurisdiccional. A norma non permite definir o que debe entenderse por aptitude e en consecuencia cales son os parámetros para valorar a idoneidade, suficiencia ou capacidade de quen pretenda a dita declaración. Non se dan as condicións de accesibilidade nin de cognoscibilidade do contido da declaración a que se refire o precepto e da que depende de facto a proxección temporal ou o cesamento da sanción de suspensión de funcións iniciada como consecuencia do procedemento disciplinario. A norma neste punto aparece desprovista das garantías constitucionalmente exixidas polo principio de seguridade xurídica (art. 9.3 CE) e reserva de lei (arts. 117.2 e 122.1 CE). É certo que a norma se ten por existente e vivente, presupostos estes necesarios para satisfacer as exixencias de seguridade xurídica, pero non suficientes, xa que que desta non resulta a posibilidade de entender o que a norma determina: o seu sentido». Cabe formularse se *mutatis mutandi* non acontece o mesmo respecto da Lei 15/2003, pois, aínda que se trate de lei ordinaria, non cabe, ao noso xuízo, entregarlle ao CXPX unha competencia en branco sobre os criterios das retribucións variables, dado o seu importante relevo na neutralidade da función xurisdiccional.*

¹⁰ Di o número 1 do texto legal: "O obxectivo para cada destino na carreira xudicial será fixado polo Consello Xeral do Poder Xudicial conforme módulos de dedicación ou outros criterios técnicos que considere convenientes".

¹¹ Iso á marxe de que tamén os sistemas de retribución variables da Inspección de facenda teñen un nesgo moi marcado. É obvio que, se a retribución variable tivese en conta non só a contía das actas liquidadas, senón tamén a súa ratificación ou anulación polos tribunais, a actitude da Axencia Tributaria sería máis garantista. Pero, sendo grave que as retribucións poidan influír na obxectividade dos funcionarios, non é comparable institucionalmente coa exixencia de neutralidade da función xurisdiccional.

Non é imputable á Lei 29/1998 a organización da planta contencioso-administrativa que vén deseñada pola LOPX co corpo estraño da Audiencia Nacional e os xulgados centrais, que non responde a lóxica ningunha máis alá de pór en evidencia a singularidade procesual penal da dita xurisdición creada, orixinarimente, para combater o terrorismo.

Si que é criticable que a LRXCA siga mantendo a distribución de competencias entre os órganos xurisdicionais con fundamento nun criterio orgánico, de modo que simples cambios na atribución de competencias entre os órganos dunha mesma Administración determinen automaticamente unha modificación na distribución de asuntos entre os órganos da xurisdición, permitindo que a Administración, por un simple regulamento orgánico, inflúa na determinación do xuíz competente, o cal é dubidosamente compatible co dereito fundamental do cidadán ao xuíz ordinario predeterminado pola lei, que non se cumpre, ao noso xuízo, cando por vía regulamentaria se permite *de facto* que a Administración altere ou “elixa” o órgano xurisdiccional que máis lle convén.

Na nosa opinión, sería desexable que a atribución de competencias xurisdicionais responda ao criterio obxectivo do ámbito territorial de cada Administración, de xeito que, con excepcións taxadas, lle corresponda ao xuíz a competencia para dirimir os procesos en primeira instancia e aos tribunais superiores de xustiza as apelacións, garantíndose, por regra xeral, a dobre instancia sen prexuízo do recurso extraordinario de casación. A lista de excepcións, é dicir, de asuntos que deben corresponder en primeira instancia aos tribunais superiores ou ao Tribunal Supremo debe quedar reducida ás disposicións de carácter xeral e para algúns asuntos especialmente complexos.

3.2 Unha omisión relevante: a reconvención

Outro asunto que a LRXCA 98 non afronta é o da posibilidade de reconvención, que xa González Pérez propuxo de maneira temperá.

Non se trata de xeneralizar a reconvención, pois ningún sentido ten esta perspectiva cando o que se demanda é pura e simplemente a anulación dun acto administrativo ou o recoñecemento dun dereito en relación entre a Administración e o particular¹².

Existen casos, non obstante, onde a reconvención podería facilitar a xestión do proceso, como todos aqueles que se basean en procedementos administrativos de concorrencia competitiva (selección de contratistas, concursos de funcionarios, etc.).

Na práctica, acontece que o codemandado a quen beneficia o acto non pode, pola súa vez, exixir unha modificación do resultado do concurso ao seu favor polo simple feito de que ese resultado o beneficia. Así, o número un nun concurso non impugna lóxicamente o resultado do concurso, pero, cando o fai quen obtivo un número superior ou simplemente suspendeu, aquel pode ter interese tamén nos aspectos que o prexudiquen. Dígase o mesmo en materia contractual. O prazo preclusivo de dous

¹² Certo é que no dereito procesual sancionador da Unión Europea se admite que a Comisión pode pedir e o xuíz impor unha sanción máis grave que a imposta pola Administración.

meses prexudica o beneficiario do acto cando ten noticia de que existe un recurso que o prexudica. A lexislación procesual só lle permite defender o acto, pero non impugnalo mediante a reconvencción cando a súa situación puidese mellorar como consecuencia da incorrecta baremación ou puntuación do candidato.

É lóxico que quen se beneficia do acto non recorra, pero é igualmente ilóxico que non exista a posibilidade de mellorar a súa posición cando o acto é impugnado por outro candidato. O interese na impugnación do beneficiario do acto só nace cando a súa posición xurídica é ameazada polo recurso doutro concursante. Nestas circunstancias, é absurdo que a lei non prevea a posibilidade de abrir a impugnación mediante a reconvencción á vista da demanda, pois esa imprevisión do lexislador sitúa o codemandado nunha posición de indefensión e impide que o xuíz teña un coñecemento completo de todas as circunstancias do concurso, de xeito que pode darse o caso de que o beneficiario da adxudicación do contrato, por exemplo, sexa relegado como consecuencia da estimación do recurso do demandante ao non poder aquel pór de relevo a minusvaloración doutro aspecto da oferta que ignoraba no momento de adxudicación do contrato ao seu favor. Téñase en conta que, neste tipo de procedemento competitivo, a reconvencción non vai dirixida tanto contra a Administración, á que lle é indiferente xuridicamente que se impoña un ou outro dos candidatos, como contra o competidor. Nestes procesos competitivos non ten lóxica que a Administración poida recorrer, pero si a ten enteiramente que o faga o competidor codemandado.

Outro tipo de asuntos en que a reconvencción ten toda lóxica no proceso contencioso son os que se refiren a relacións bilaterais, tanto as provenientes dos contratos públicos como as dos convenios administrativos e interadministrativos.

Na lóxica da relación bilateral civil é frecuente que a denuncia por unha parte do incumprimento do contrato se responda pola outra parte cunha demanda reconvenccional por incumprimento da outra parte.

Reducir a oposición da parte demandante á *exceptio non adimpleti contractus* supón unha minoración dos dereitos de defensa, xa sexa a parte demandada unha Administración ou un particular. Na actualidade a inexistencia de reconvencción obriga o demandado a iniciar un procedemento administrativo novo se se trata da Administración contratante, ou a instar da Administración unha nova solicitude se se trata dun particular¹³, cando o lóxico sería que no mesmo preito se tramitasen todas as pretensións relacionadas coa execución do contrato ou do convenio administrativo, dado que estamos ante unha relación xurídica bilateral¹⁴.

A tradicional prohibición da reconvencción no contencioso¹⁵ baseábase na existencia dun proceso exclusivamente dirixido ao acto, de onde podía dicirse que quen

¹³ No caso dun convenio entre administracións con distinto ámbito territorial, a inexistencia de reconvencción produce ademais o efecto engadido de que a Administración demandada nun proceso ante un xuíz terá que formular unha demanda ante outro xuíz nun ámbito territorial diferente, o que pode permitir sentenzas contraditorias.

¹⁴ Aínda que na lexislación contractual pública as pretensións se articulen como un proceso de impugnación ao acto, en realidade trátase de pretensións relativas a unha relación xurídica bilateral (interpretación, efectos, incumprimento, resolución dun contrato), polo que tería toda a lóxica que a Administración puidese reconvir nunha futura reforma da LRXCA.

¹⁵ ALCALÁ-ZAMORA, N., *Lo contencioso-administrativo*, Buenos Aires, 1943, citado por GONZÁLEZ-PÉREZ, J., "La acumulación de pretensiones en el proceso administrativo", *Revista de Administración Pública*, n. 10, 1953, p. 98, *apud.* nota 19.

non impugnara no seu momento a resolución administrativa non podía logo reabrila pola vía da reconvencción. Por outra banda, aduciuse que o principio de irrevogabilidade dos actos administrativos e a prohibición de *reformatio in peius* se opoñen con carácter xeral á reconvencción¹⁶. Pero esta prohibición perdeu gran parte da súa lóxica cando o obxecto do contencioso-administrativo remite hoxe non só á actividade da Administración, senón a un conxunto moi importante de relacións xurídico-públicas, moitas delas bilaterais, e tamén a actos administrativos multipolares, nos cales ten perfecta lóxica que quen consente o acto que o beneficia poida optar pola reconvencción cando a demanda do recorrente pon de relevo que tamén o acto o pode prexudicar nun procedemento competitivo ou cando se trata de relacións bilaterais, onde propiamente non existe un acto administrativo.

Unha recente sentenza do Tribunal Supremo (Sentenza 604/2019, do 7 de maio), que menciona sen citala outras anteriores da mesma sala e sección, tratou de remediar os males que suscita a imposibilidade de reconvencción nos concursos de funcionarios mediante unha interpretación creativa da lei procesual, que en síntese consiste en dicir que o dereito á tutela xudicial efectiva lle permite ao codemandado nun procedemento competitivo alegar na contestación ante o tribunal e pedir que se revisen os aspectos do acto administrativo que o prexudican, unha vez coñece a demanda do aspirante que impugna o acto. Xa expuxemos aquí as razóns que xustifican a posibilidade de reconvencción, que é o que vén recoñecer o Tribunal Supremo nesas sentenzas. Non obstante, cremos que o asunto tería merecido unha reflexión do pleno da Sala Terceira, que non pode reducirse ao ámbito funcional, pois os mesmos problemas se suscitan en calquera procedemento de concorrencia competitiva, e que debería ter deixado claro un cambio de criterio na posición procesual do codemandado, que é revolucionaria á vista dos estritos termos do artigo 21.1.d) en relación co artigo 46.1 LRXCA, así como a reiterada xurisprudencia que sostén que a localización como codemandado non autoriza a impugnar o acto, senón só a defendelo. A posibilidade de que o demandado non só faga valer as razóns que se opoñen á demanda, senón que introduza, pola súa vez, os elementos de impugnación do acto que reforzan a súa posición, que o tribunal deduce sen máis do dereito á tutela xudicial efectiva, debe ser benvida e debería mover o lexislador a unha reforma no sentido apuntado.

3.3 O obxecto do recurso: actuación fronte a acto administrativo. Os leves progresos da lei

A lectura da exposición de motivos da Lei 29/1998 pode chegar á errónea conclusión de que a norma introduce un profundo cambio respecto da concepción da LRXA 1956, na cal a acción impugnatoria do acto monopolizaba todo o sistema de accións da lei, de sorte que calquera pretensión, fose ou non autenticamente impugnatoria, ou o recoñecemento dun dereito e non propiamente a anulación dun acto administrativo, debía articularse a través da impugnación dun acto expreso ou presunto. Coa limitada

¹⁶ Vid. HUERGO LORAS, A., *Las pretensiones de condena en el contencioso-administrativo*, Aranzadi, Navarra, 2000, pp. 56-58.

excepción da Lei 62/1978, de protección de dereitos fundamentais, que permitía o acceso á xurisdición fronte a calquera violación dun dereito fundamental, mesmo sen mediar acto ou recurso administrativo ningún, a Lei de 1956 instrumentaba calquera pretensión a través da impugnación dun acto expreso ou presunto.

Certamente, a LRXCA 1998, nos artigos 29 e 30, innovou ao recoñecer accións propiamente executivas sen necesidade da impugnación dun acto, xa que, fronte aos incumprimentos administrativos de obrigas recoñecidas por lei, acto ou convenio, non se exercita acción impugnatoria ningunha, senón que, unha vez reclamado o cumprimento á Administración, o particular pode acudir á xurisdición pedindo o cumprimento da obriga, sen que esteamos en presenza de acto administrativo ningún. E diso resulta a imposibilidade de que a Administración opoña a excepción do acto consentido se o particular non recorre contra a desestimación do requirimento. Da mesma forma, a vía de feito, que tamén a Lei de 1998 introduce formalmente como obxecto dunha pretensión autónoma (aínda que xa a xurisprudencia previa o admitira), non reviste os caracteres dunha acción impugnatoria típica, senón dunha acción de condena consistente en que cesa a actuación manifestamente ilegal da Administración.

O ámbito das accións de condena dos artigos 29 e 30 é moi limitado. O artigo 29 refírese, exclusivamente, a dereitos concretos recoñecidos en favor dunha persoa determinada, o que exclúe do seu ámbito as accións en que se discute o alcance do dereito que necesariamente ten que levarse pola vía da impugnación do acto expreso ou presunto que desestima a reclamación. E o artigo 30, ao referirse a actos firmes que recoñezan obrigas pola Administración, ten tamén un círculo de acción reducido.

A Lei de 1998, sexa por descoido ou pola inercia da tradición, non regula, por exemplo, a acción contra as actuacións materiais da Administración non constitutivas de vía de feito, malia proclamar o contrario a exposición de motivos e insistir en que o obxecto da lei non pode reducirse ao acto, senón a toda a actuación administrativa. Do mesmo xeito, non se ocupa a lei da forma de actuar fronte aos incumprimentos dos convenios entre a Administración e un particular ou fronte ás accións derivadas da eficacia dos convenios entre administracións públicas, que seguen artificialmente tendo que resolverse mediante o expediente de provocar un acto administrativo que se impugna, co cal as regras de competencia do tribunal chamado a axuizar o asunto non dependen de datos obxectivos, como o domicilio do demandado ou o lugar de celebración do convenio, senón de quen sexa a Administración que apareza como demandada. E sobre todo a acción ten necesariamente que articularse como impugnatoria da decisión expresa ou presunta da pretensión que exerce a parte, como se se tratase dun acto administrativo, o que obviamente non é, xa se trate dunha simple actividade material, xa sexa un convenio administrativo, cuestións ambas as dúas que teñen crecente interese e non poden ser consideradas anecdóticas.

Tamén carece dunha canle procesual adecuada o control doutras formas de actuación administrativa. A Administración cada vez máis intervén mediante técnicas de orientación ou persuasión que inciden ou poden incidir nos dereitos dos particulares. As advertencias, comunicacións, etc., non son actos administrativos e, non

Regap



ESTUDIOS

obstante, carecen dunha canle procesual específica, máis alá da xeración artificial dun acto impugnabile.

Dígase o mesmo do silencio. A Lei 29/1998 mantén o mecanismo do silencio administrativo negativo e a súa fixación do acto presunto desestimatorio, nun claro exemplo de conversión dunha acción de condena a que a Administración dite un acto nunha acción de anulación dun acto ficticio desestimatorio.

A lei, en fin, tampouco chega a albiscar a necesidade de articulación dunha canle procesual para o coñecemento dos actos administrativos privados con efectos xurídico-públicos, caso das autoliquidacións tributarias, que agora adquiriron unha notable importancia co auxe das comunicacións previas e as declaracións responsables, actos que non poden ser impugnados directamente polos titulares doutros dereitos aos que aqueles afectan, xa que necesariamente hai que lograr un acto administrativo expreso ou presunto para poder acceder á xurisdición contencioso-administrativa.

Tales insuficiencias teríanse remediado ou mitigado se a lei, en efecto, tivese previsto unha canle procesual para as relacións xurídico-públicas que non se tratan nun acto administrativo, ben por revestiren outras formas de manifestación distintas ao acto unilateral, ben por tratarse de acto dun particular con efectos xurídico-públicos.

Estas insuficiencias reflíctense moi ben no contraste entre o artigo 45.1 e o artigo 1 da LRXCA. O artigo 45.1 LRXCA segue ancorado claramente nunha tradición impugnatoria, por un lado, sen que se corresponda o seu contido co artigo 1 LRXCA. En efecto, o artigo 45.1 di:

“O recurso contencioso-administrativo iníciase por un escrito reducido a citar a disposición, acto, inactividade, ou actuación constitutiva de vía de feito que se impugne...”.

Mentres que, pola súa banda, o artigo 1 ten un contido máis amplo, ao establecer que a xurisdición contencioso-administrativa coñecerá das pretensións que se deduzan en relación coa “actuación” das administracións públicas suxeitas ao dereito administrativo.

Curiosamente, tampouco hai correspondencia entre os artigos 45.1, que ten a importante misión de fixar os límites do obxecto do recurso, ou o artigo 46, que fixa o *dies a quo* do cómputo do prazo, e o artigo 44, que fixa o obxecto do requirimento previo facultativo nos preitos entre administracións públicas. Máis correctamente, este último precepto di que, antes de que unha Administración pública interpoña recurso contencioso-administrativo contra outra Administración, poderá requirila previamente para que derogue a disposición, anule ou revogue o acto, faga cesar ou modifique a actuación material, ou inicie a actividade a que está obrigada”. Neste precepto distínguese moito máis precisamente o que son accións impugnatorias do que son accións de condena, mesmo se fala de actuacións materiais (aínda que non de vía de feito). Non obstante, á hora de presentar o recurso, o artigo 45.1 obriga a Administración recorrente a adaptar a acción ao que recibe a acción impugnatoria, o cal non ten demasiado sentido.

Todas estas insuficiencias aconsellarían unha reforma profunda do obxecto do proceso contencioso-administrativo.

3.4 Excurso sobre a vía de feito

Cabe formularse tamén o acerto de incorporar a vía de feito como obxecto do recurso contencioso-administrativo e a idoneidade de establecer para este caso un réxime especial.

Non é preciso aquí estendernos sobre a orixe da vía de feito, pero si que é conveniente lembrar que tal concepto vai unido ás peculiaridades da xustiza administrativa en Francia e a súa distinción da xurisdición ordinaria no seo da peculiar visión francesa da división de poderes.

A vía de feito (*manquement de droit, manquement de procédure*, nos termos de HAURIOU) é un expediente para permitir que o cidadán acuda ao xuíz ordinario cando a Administración, ao actuar completamente á marxe do dereito, xa non actúa como tal Administración, revestida dos seus privilexios, senón como simple particular, e por iso pode ser xulgada polo xuíz civil.

En España a recepción da vía de feito fíxose de xeito acrítico, como un intento de reforzar as garantías do xustizable, malia que desde a Lei de 1886 a xustiza administrativa é xustiza ordinaria. De feito, no plano legal, o recoñecemento prodúcese na LEF 1954 (artigo 125) como excepción á regra tradicional que non admite “interditos contra as actuacións dos órganos administrativos en materia da súa competencia e de acordo co procedemento legalmente establecido”, nos termos do artigo 103 LPA 1958.

A introdución na Lei da xurisdición da vía de feito tivo en conta, sen dúbida, a crítica que fixo López Menudo¹⁷ aos vaivéns da xurisprudencia menor civil. Pero máis alá deste dato, que a exposición de motivos non recolle, a explicación que a lei ofrece non é moi esclarecedora:

“Outra novidade destacable é o recurso contra as actuacións materiais en vía de feito. Mediante este recurso pódense combater aquelas actuacións materiais da Administración que carecen da necesaria cobertura xurídica e lesionan dereitos e intereses lexítimos de calquera clase. A acción ten unha natureza declarativa e de condena e á vez, en certo modo, interdital, para efectos do cal non pode deixar de relacionarse coa regulación das medidas cautelares. Por razón da materia, a competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para coñecer destes recursos explícase sobradamente”.

A LOPX tamén recolle no artigo 9.4 que a orde contencioso-administrativa coñecerá das “actuacións materiais (da Administración) que constitúan vía de feito”.

A ambigüidade dos textos legais levou a discutir se segue vixente o artigo 125 LEF e aínda que a doutrina maioritariamente parece seguir opinando sobre a compatibilidade

¹⁷ LÓPEZ MENDUO, F., *Vía de hecho administrativa y justicia civil*, Civitas, Madrid, 1988.

de ambas as dúas opcións, a xurisprudencia civil maioritariamente inclínase a considerar que é unha competencia exclusiva do contencioso-administrativo¹⁸.

Sexa como for, o que cabe considerar é se unha lei moderna do contencioso-administrativo debería formular a desaparición da vía de feito. Se toda a actividade material e formal da Administración está suxeita á xurisdición contencioso-administrativa, non se ve a necesidade de manter a vía de feito como obxecto de impugnación específica. Unha de dúas, ou a vía de feito é necesaria como mecanismo reforzado de protección ante o xuíz civil, ou a vía de feito é un suposto de nulidade, que, como calquera tipo de ilegalidade, desde a máis importante á máis leve, debe ser obxecto de axuízamento xurisdiccional contencioso-administrativo.

Se o xuíz do contencioso-administrativo é un xuíz ordinario e se a CE lles reconece aos particulares o dereito á tutela xudicial efectiva, se a xurisdición contencioso-administrativa verdadeiramente superou as limitacións que existían no ano 1956, non ten sentido ningún que exista un réxime peculiar da vía de feito, pois este só ten xustificación se existe unha dualidade xurisdiccional.

O quid da cuestión é sinxelamente a medida cautelar, como a propia exposición de motivos reconece. Sobreenténdese que unha actuación groseiramente ilegal da Administración é apreciable *ictu oculi* e debe dar lugar á adopción dunha medida cautelar. De aí que o artigo 136, nestes casos, dispoña que a medida cautelar se adoptará salvo que de xeito patente non concorran as circunstancias que definen a vía de feito ou exista unha perturbación grave dos intereses xerais ou de terceiros. De aí¹⁹, tamén, que en Francia a ampliación das medidas cautelares á disposición do xuíz administrativo e o recoñecemento do Consello de Estado de que a vía de feito pode ser obxecto dun recurso por exceso de poder viñese reducir drasticamente a competencia do xuíz civil.

A supervivencia da vía de feito só ten xustificación se se parte da base de que a xustiza administrativa é ineficaz para remediar este tipo de actuacións. Pero unha xustiza administrativa ordinaria á altura do século XXI non require, non debería requirir, un tratamento especial, máis alá do que debe ou debería dispensarlle a calquera ilegalidade manifesta.

3.5 O procedemento abreviado

Introducido na tramitación parlamentaria do proxecto de lei de 1998 e tomado a préstamo do dereito procesual laboral, o procedemento abreviado, pensado inicialmente para cousas sinxelas, veu converterse nun procedemento cada vez máis utilizado ao ter aumentado a contía (ata 30.000 euros) e terse ampliado as competencias dos xuíces do contencioso polas sucesivas reformas das leis procesuais.

A experiencia práctica demostra que hai dous aspectos necesitados de mellora. En primeiro termo, a oportunidade de que a Administración conteste por escrito á

¹⁸ Cfr. LÓPEZ MENUDO, F., "Vía de hecho", Muñoz Machado, S. (dir.), *Diccionario de Derecho Administrativo*, Tomo II, Iustel, Madrid, 2005, pp. 2651 e ss.

¹⁹ BURLADA ECHEVESTE, J.L., *La vía de hecho en el Derecho Administrativo francés*, Bosch, Barcelona, 2018, pp. 171-213.

demanda antes da vista, o que se explica doadamente por dúas razóns. Facilitaría o traballo do xuíz, xa que a vista permitiría concentrarse tanto nas excepcións procesuais que impiden a continuación do xuízo como nas probas, tendo en conta que tanto o xuíz como as partes acudirán á vista coñecendo os argumentos de debate. Na actualidade, calquera excepción procesual ten que resolverse na vista, co inconveniente de que nin a parte actora nin o xuíz tiveron coñecemento previo. Así, garántese a igualdade de armas das partes, xa que a actora só coñece a excepción na propia vista coas dificultades que iso comporta para o dereito de defensa, máxime nun ordenamento xurídico tan complexo como o administrativo.

En segundo lugar, examinada a demanda e a contestación, as partes terían oportunidade de pedir proba antes da vista, que podería practicarse nesta. Actualmente o demandante que escoita por vez primeira na vista a contestación á demanda dificilmente pode analizar cun mínimo de sosego se complementa a proposición de proba para combater os feitos aducidos pola Administración.

Outra alternativa que puidese manexarse é pura e simplemente trasladar ao contencioso-administrativo o procedemento ordinario civil (demanda, contestación, vista preliminar e vista definitiva), aínda que talvez non fose necesario na maioría dos casos trasladar o sistema de dobre vista civil e bastaría, como se dixo antes, con introducir as modificacións que se propoñen na fase previa á vista.

3.6 Medidas cautelares. Algunhas propostas de mellora

A Lei 29/1998 mellorou moitos aspectos das medidas cautelares, facendo seus os criterios máis avanzados da xurisprudencia. Así, a posibilidade de adoptar medidas cautelarisimas *inaudita parte*, a concepción mesma da medida cautelar non reducida como na LRXCA de 1956 á suspensión do acto administrativo a conversión da regra xeral favorable á non adopción da medida cautelar, salvo o *periculum in mora* do demandante, nos casos do artigo 29 (proceso executivo para o efectivo recoñecemento de dereitos en favor dunha persoa determinada xa previsto nunha lei, contrato ou acto administrativo, proceso de execución forzosa de actos firmes), en que a regra xeral é a adopción da medida cautelar.

Estas indubidables virtudes da Lei 29/1998 non alcanzan, non obstante, o conxunto da regulación das medidas cautelares, que podería mellorarse substancialmente, ao noso xuízo, en dous aspectos, procesual e substantivo.

Procesualmente, sería moi conveniente a exigencia de vista previa, na cal o xuíz puidese resolver as súas dúbidas sobre os posibles efectos prexudiciais da adopción ou non da medida preventiva. Dado que o xuíz non conta co expediente administrativo á hora de adoptar a medida, a vista instruiríao moito máis axeitadamente sobre a oportunidade ou non da medida.

Substantivamente debería modificarse o artigo 130.1 LRXCA para acoller no caso de actos administrativos restritivos de dereitos, en que non existen outros interesados con dereitos contrapostos, a regra xeral de suspensión, salvo que o interese público demande no caso concreto o mantemento da eficacia do acto. As razóns

constitucionais, que sosteñen este paradigma, a necesidade de distinguir entre estes actos citados e os multipolares explicámolas nun recente traballo ao que é forzoso remitir o lector²⁰.

3.7 Execución de sentenzas contra a Administración: resumo dunha frustración

Ninguén pode negar á vixente LRXCA a súa dedicación ao logro dunha pronta execución das sentenzas contra a Administración. A panoplia de medios posta á disposición do xuíz para obrigar a Administración a cumprir co ordenado pola sentenza non é menor e é comparable cando non supera as existentes no dereito comparado.

Ese empeño loable do lexislador trae causa dunha realidade innegable: a resistencia ao pronto cumprimento das sentenzas por parte da Administración²¹. O que debería ser un comportamento normal do poder público, o cumprimento fiel da resolución, convértese, en non poucas ocasións, nunha actitude patolóxica de obstaculización da execución. A principal culpable deste comportamento é, sen dúbida, a Administración pública, que non actúa sempre coa lealdade institucional que é exigible como poder público. A inercia do antigo privilexio de autoexecución administrativa das sentenzas segue pesando tanto ou máis que a Constitución, a LOPX e a LRXCA, que non deixan ningún lugar á dúbida sobre a exclusiva potestade xurisdiccional de vulgar e facer executar o xulgado. Nun segundo plano, tamén inflúe negativamente a falta de impulso xudicial da execución por parte do xuíz, excesivamente tolerante en ocasións coa falta de dilixencia administrativa no cumprimento das sentenzas. En resumo: non é imputable á Lei 29/1998 a tardanza na execución das sentenzas contra a Administración.

Dito o anterior, si que hai algúns extremos da regulación do procedemento de execución que propuxemos revisar²² e que resumimos agora:

1.º Tal como observa a LAC, debe sentarse o principio de que as sentenzas estritamente anulatorias ou declarativas de dereitos non require de execución.

2.º Se as sentenzas de condena requiren un novo acto regulado da Administración, ese acto non é un acto administrativo en sentido estrito, senón un acto de execución da sentenza, que debe ser notificado ao tribunal, quen decidirá, á vista dos

²⁰ BAÑO LEÓN, J.M.ª, "Medidas cautelares y ejecución de Sentencias: Balance de la Ley 29/1998"; Ponce Solé, J., e Cudero Blas, J. (coords.), *Balance y perspectivas de la LJCA en su XX aniversario*, Tirant lo Blanch, Valencia (en prensa).

²¹ Entre as últimas achegas, cfr. PÉREZ ALONSO, J., "La ineficacia del sistema de ejecución de sentencias en lo contencioso-administrativo: reflexiones a raíz de la legislación, la jurisprudencia. La realidad cotidiana: ejemplos prácticos de modelo de "inejecución" de Sentencias", *Revista General de Derecho Administrativo*, n. 40, 2015. A raíz sociolóxica dos problemas de execución de sentenzas de condena contra a Administración refléctese moi ben no contraste da lexislación española coa alemá. Malia ser esta última moito menos exhaustiva que a española, xa que só permite a multa coercitiva contra a Administración, non contra o titular do órgano, os casos de incumprimento cóntanse cos dedos dunha man. Os dous exemplos máis recentes que se relatan como excepcionais son o da cidade de Wetzlar, que se resistiu a deixarlle un local municipal para un acto electoral ao Partido de extrema dereita NPD malia a orde xudicial, e do plan de limpeza atmosférica do aeroporto de Múnic, cuxa modificación foi ordenada como consecuencia de Sentenza do 9 de outubro de 2012. Ambos os dous exemplos de oposición poden verse en KRING, J., "Die Zwangsvollstreckung von Gerichtsurteilen gegenüber der öffentlichen Hand – Zwangshaft für Behördenleiter?", *NWwZ*, n. 1-2, 2019, pp. 23-28.

²² BAÑO LEÓN, J.M.ª, "La eficacia de las Sentencias contra la Administración o la claudicación del Estado de Derecho", *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 177, 2016.

argumentos das partes, se cumpre ou non coa executoria. Os devanditos actos non son susceptibles de recurso autónomo.

3.º Pola contra, se a resolución ordena ditar un novo acto, pero a Administración conserva un poder de apreciación sobre o seu contido, ben porque sexa discrecional ben porque o xuíz careza dos elementos de xuízo suficientes para pronunciarse sobre o fondo do asunto, a Administración cumprirá a resolución ditando o acto, que será susceptible de recurso autónomo.

4.º Non debería falarse de incidente de imposibilidade legal de execución nas sentenzas de condena, senón de execución por equivalencia cando resulta fisicamente imposible a execución nos seus propios termos. As sentenzas estritamente de anulación non poden nunca ser de imposible execución, pola elemental razón de que non se necesita esa execución para producir os efectos da anulación.

5.º O artigo 103.4 debera ser modificado na liña de recoñecerlle ao xuíz a competencia de adoptar todas as medidas para facer posible a execución deixando sen efecto calquera acto ou disposición que vaia contra a cousa xulgada. A importante STS do 4 de febreiro de 2019 (R. casación 3965/2017) observou atinadamente que o xuíz da execución pode non aplicar os actos ou disposicións da Administración contrarios aos pronunciamentos da sentenza cando non é competente para poder declarar directamente a nulidade. Non obstante, cabe formularse se o precepto está ben orientado cando exige, segundo a xurisprudencia, unha desviación de poder (“actos ditados coa finalidade de eludir o cumprimento da sentenza”). Ao noso xuízo, trátase simplemente de establecer se o acto é contrario ou non á cousa xulgada sen necesidade de acudir ao pé forzado da desviación de poder²³.

6.º Debería derrogarse a potestade de expropiación de sentenzas recoñecida actualmente no artigo 105.3 LRXCA. Unha cousa é que o xuíz poida executar unha sentenza por equivalencia e outra ben distinta que a lei permita que a Administración expropie os dereitos derivados dunha sentenza e os substitúa por unha indemnización, pois nese caso quebrántase o principio de división de poderes.

O temor fundado de guerra ou o quebranto da integridade territorial son situacións de excepción que, se é o caso, xustifican medidas excepcionais conforme a Lei orgánica 4/1981, reguladora dos estados de alarma, excepción ou sitio. Aínda que a Constitución non permite suspender a vixencia do artigo 24, si cabería que, nunha situación excepcional, e decretado o estado de sitio, puidese habilitarse ese recurso excepcional. Pero o que non ten sentido ningún nun Estado de dereito é que a lei deixe en mans da Administración esa potestade excepcional de transformación da resolución con carácter ordinario, pois está claro que a substitución dunha sentenza de condena polo seu equivalente económico, que é o que significa en definitiva a expropiación, debe corresponderlle ao xuíz, tal como acontece no suposto do parágrafo 2.º do citado artigo 105.3 LRXCA, que lle atribúe exclusivamente ao xuíz a

²³ Vid. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, T.R., “El artículo 130.4. LS no les gusta a los jueces”, Sánchez Blanco, A.; Domínguez-Berrueta de Juan, M., e Rivero Ysern, J.L. (coords.), *El nuevo derecho administrativo. Libro homenaje al Prof. Dr. Enrique Rivero Ysern*, Ratio Legis, Salamanca, 2012, pp. 139 e ss. FERNÁNDEZ TORRES, J.R., “La ejecución de sentencias sigue siendo un auténtico quebradero de cabeza veinte años después de la aprobación de la LJCA”, *Revista Andaluza de Administración Pública*, n. 100, 2018.

competencia para apreciar se existe “perigo certo de alteración grave do libre exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns”.

Bibliografía

- ALCALÁ-ZAMORA, N., *Lo contencioso-administrativo*, Buenos Aires, 1943.
- BAÑO LEÓN, J.M.^a, “El recurso administrativo como ejemplo de la inercia autoritaria del Derecho Público español”, López Ramón, F. (coord.), *Las vías administrativas de recurso a debate*, AEPDA/INAP, Madrid, 2016.
- BAÑO LEÓN, J.M.^a, “La eficacia de las Sentencias contra la Administración o la claudicación del Estado de Derecho”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 177, 2016.
- BAÑO LEÓN, J.M.^a, “Medidas cautelares y ejecución de Sentencias: Balance de la Ley 29/1998”, Ponce Solé, J., e Cuñero Blas, J. (coords.), *Balance y perspectivas de la LJCA en su XX aniversario*, Tirant lo Blanch, Valencia (en prensa).
- BAÑO LEÓN, J.M.^a, “Las garantías de los particulares en la Ley 39/2015”, Parejo Alfonso, L., e Vida Fernández, J., *Los retos del Estado y la Administración en el siglo XXI, Libro homenaje al Prof. Tomás de la Quadra-Salcedo*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2018.
- BURLADA ECHEVESTE, J.L., *La vía de hecho en el Derecho Administrativo francés*, Bosch, Barcelona, 2018.
- DÍEZ-PICAZO, L.M.^a, “Reflexiones sobre la justicia administrativa en España”, versión provisional de la ponencia presentada al XIV Congreso de la Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo, Murcia, 2019. Disponible en: www.aepda.es/AEPDAPublicaciones-2162-Actividades-Congresos (25 de marzo de 2019).
- DÍEZ SASTRE, S. (dir.), *Informe sobre la Justicia Administrativa 2018. Tributos, Contratos Públicos, Responsabilidad Patrimonial, Derechos Fundamentales, Personal de la Administración, Protección de Datos y Transparencia*, CIJA-UAM, Madrid, 2018.
- DOMÉNECH PASCUAL, G., *Juzgar a destajo. La perniciosa influencia de las retribuciones variables de los jueces sobre el sentido de sus decisiones*, Civitas-Thomson Reuters, Cizur Menor, 2009.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, T.R., “El artículo 130.4. LS no les gusta a los jueces”, Sánchez Blanco, A., Domínguez-Berrueta de Juan, M., e Rivero Ysern, J.L. (coords.), *El nuevo derecho administrativo. Libro homenaje al Prof. Dr. Enrique Rivero Ysern*, Ratio Legis, Salamanca, 2012.
- FERNÁNDEZ TORRES, J.R., “La ejecución de sentencias sigue siendo un auténtico quebradero de cabeza veinte años después de la aprobación de la LJCA”, *Revista Andaluza de Administración Pública*, n. 100, 2018.
- GONZÁLEZ-PÉREZ, J., “La acumulación de pretensiones en el proceso administrativo”, *Revista de Administración Pública*, n. 10, 1953.
- HUERGO LORAS, A., *Las pretensiones de condena en el contencioso-administrativo*, Aranzadi, Navarra, 2000.

- KRING, J., “Die Zwangsvollstreckung von Gerichtsurteilen gegenüber der öffentlichen Hand – Zwangshaft für Behördenleiter?”, *NVwZ*, n. 1-2, 2019.
- LÓPEZ MENUDO, F., *Vía de hecho administrativa y justicia civil*, Civitas, Madrid, 1988.
- LÓPEZ MENUDO, F., “Vía de hecho”, Muñoz Machado, S. (dir.), *Diccionario de Derecho Administrativo*, Tomo II, Iustel, Madrid, 2005.
- MARTÍNEZ GUTIÉRREZ, R., “Los retos de la innovación tecnológica en la jurisdicción contencioso-administrativa”, ponencia al *XIV Congreso de la Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo*, Murcia, 2019. Disponible en: www.aepda.es/AEPDAPublicaciones-2162-Actividades-Congresos (25 de marzo de 2019).
- PÉREZ ALONSO, J., “La ineficacia del sistema de ejecución de sentencias en lo contencioso-administrativo: reflexiones a raíz de la legislación, la jurisprudencia. La realidad cotidiana: ejemplos prácticos de modelo de “inejecución” de Sentencias”, *Revista General de Derecho Administrativo*, n. 40, 2015.

Regap



ESTUDIOS

As ordenanzas de convivencia e a súa relación coa Lei de seguridade cidadá: Quen despraza a quen?¹

Las ordenanzas de convivencia y su relación con la Ley de seguridad ciudadana: ¿Quién desplaza a quién?

Municipal by-laws on citizen coexistence and their relationship with the citizen security law: Whose preemption?

57 Regap

LUCÍA ALARCÓN SOTOMAYOR

Profesora Titular de Dereito Administrativo
Universidade de Córdoba
lucia.alarcon@uco.es

Recibido: 21/06/2019 | Aceptado: 18/07/2019

DOI: <https://doi.org/10.36402/regap.v1i57.29>

Regap



ESTUDIOS

Resumo: Nos últimos quince anos un bo número de municipios aprobou as súas ordenanzas de convivencia cidadá nas cales tipificou moitísimas infraccións e sancións na materia. A doutrina e a xurisprudencia acolléronas sorprendentemente ben e, en xeral, non as criticaron como merecían. Todo o contrario aconteceu coa LOPSC, que previu en moitos casos as mesmas infraccións que as ordenanzas, e que, non obstante, si recibiu críticas innumerables e especialmente duras por facer o mesmo que antes fixeron elas. Con todo, unha das maiores debilidades da LOPSC é que ignorara case por completo esas ordenanzas. Nin articulou a súa relación con elas nin enmarcou o seu réxime sancionador. De feito, co pouco que di sobre elas –e o mal que o fai– pode mesmo propiciar que se tipifiquen máis infraccións que antes. Un verdadeiro despropósito.

Palabras clave: Ordenanzas de convivencia cidadá, Lei de seguridade cidadá, réxime sancionador, relacións, críticas, garantías, esquecementos.

Resumen: En los últimos quince años un buen número de municipios ha aprobado sus ordenanzas de convivencia ciudadana en las que ha tipificado muchísimas infracciones y sanciones en la materia. La doctrina y la jurisprudencia las han acogido sorprendentemente bien y, en general, no las han criticado como se merecían. Todo lo contrario ha ocurrido con la LOPSC, que ha previsto en muchos casos las mismas infracciones que las ordenanzas, y que, sin embargo, sí ha recibido críticas innumerables y especialmente duras por hacer lo mismo que antes hicieron ellas. Con todo, una de las mayores debilidades de la LOPSC es que haya ignorado casi por completo a esas ordenanzas. Ni ha articulado su relación con

¹ Este traballo ten a súa orixe nunha comunicación que presentei e defendín publicamente no Congreso Internacional sobre Orde Pública, Seguridade Cidadá e Xustiza Preventiva, celebrado en Valencia os días 21 a 23 de novembro de 2018 e organizado pola Universidade de Valencia e a UIMP. As actas dese congreso están pendentes de publicación. Enmárcase no Grupo de Investigación da Junta de Andalucía SEJ-196.

ellas ni ha enmarcado su régimen sancionador. De hecho, con lo poco que dice sobre ellas –y lo mal que lo hace– puede hasta propiciar que tipifiquen más infracciones que antes. Un verdadero despropósito.

Palabras clave: Ordenanzas de convivencia ciudadana, Ley de seguridad ciudadana, régimen sancionador, relaciones, críticas, garantías, olvidos.

Abstract: A large number of municipalities have approved their citizen coexistence ordinances in the last fifteen years in which many infractions and sanctions in the matter have been typified. The doctrine and the jurisprudence have received the ordinances surprisingly well and, in general, they have not criticized it. Quite the opposite has happened with the LOPSC, which has in many cases typified the same infractions as the ordinances, and which, however, has received innumerable and especially hard criticisms for doing the same thing that the ordinances did before. However, one of the greatest weaknesses of the LOPSC is that it has almost completely ignored these ordinances. The LOPSC neither has articulated its relationship with them nor has framed its sanctioning regime. In fact, the LOPSC could even encourage the ordinances to typify more infractions than before. A true nonsense.

Key words: Citizen coexistence ordinances, Citizen Security Law, sanctioning regime, relationships, criticisms, guarantees, oversights.

SUMARIO: 1 As ordenanzas de civismo no noso dereito. 2 A nosa tradición de criticar todas as leis de seguridade cidadá. 3 Sobre todo, as críticas existentes cara á LOPSC de 2015 polo réxime sancionador tan amplo que previu. 4 A ausencia de críticas ás ordenanzas de convivencia malia o amplísimo réxime sancionador que estableceron. 5 As semellanzas entre as infraccións da LOPSC e das ordenanzas de convivencia. 6 As garantías do dereito sancionador e o seu posible incumprimento na LOPSC e as ordenanzas de convivencia. 6.1 A garantía *non bis in idem*. 6.2 A tipicidade das infraccións e a reserva de lei e a culpabilidade nas sancións. 6.3 O principio de proporcionalidade das sancións. 6.3.1 Infraccións que sancionan condutas irrelevantes ou moi pouco lesivas. 6.3.2 Infraccións que tipifican o exercicio de dereitos fundamentais. 7 Os descoidos e esquecementos da LOPSC.

1 As ordenanzas de civismo no noso dereito

Un dos problemas que xurdiu coa aprobación da nova Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá (en diante, LOPSC), e que, non obstante, pasou practicamente desapercibido ata agora, é o da súa relación co réxime sancionador das ordenanzas de convivencia. Isto é debido a que un elevado número de municipios españois foi aprobando nos últimos quince anos ordenanzas para regular as relacións de convivencia entre os seus cidadáns, e en todas elas foron tipificadas infraccións e sancións administrativas baixo o amparo legal do título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante, LRRL)². A doutrina estudou estas ordenanzas³, que traen causa das antigas ordenanzas municipais de policía e bo goberno, e, en xeral, aceptounas con benevolencia

² Vid., por todos, REBOLLO PUIG, M.; IZQUIERDO CARRASCO, M., e ALARCÓN SOTOMAYOR, L., "Título XI. Tipificación de las infracciones y sanciones por las entidades locales en determinadas materias", Rebollo Puig, M. (dir.), e Izquierdo Carrasco, M. (coord.), *Comentarios a la Ley Reguladora de las Bases de Régimen Local*, Tomo IV, Tirant lo Blanch, Valencia, 2007, pp. 3733-3752; y VELASCO CABALLERO, F., e DÍEZ SASTRE, S., "Ordenanzas municipales y reserva de ley sancionadora", *Cuadernos de Derecho Local*, n. 5, 2004, pp. 60-62.

³ Vid., destacadamente, os traballos de PEMÁN GAVÍN, J., "Ordenanzas municipales y convivencia ciudadana. Reflexiones a propósito de la Ordenanza de civismo de Barcelona", *Revista de Estudios de Administración Local y Autonómica*, n. 305, 2007, pp. 9-55; e "La política de civismo en los Ayuntamientos españoles. Entre policía, acción social y educación cívica", *Revista Aragonesa de Administración Pública*, n. 36, 2010, pp. 11-51.

e sen pórllles case reparos⁴. E o mesmo fixo a xurisprudencia ata o momento. Pero o certo é que practicamente todas elas tipificaron moitísimas infraccións e sancións nesta materia –da convivencia dos cidadáns– que está intimamente relacionada coa seguridade pública e cidadá, e fixérono a maioría das veces fóra de orde e medida ou, dito vulgarmente, ás toas.

A ordenanza de referencia neste sentido e que lles serviu de modelo a todas as demais é a de Barcelona, aínda que antes xa se aprobaran algunhas –como a de Valladolid de 2004⁵–. Pero foi despois cando se produciu a avalancha e moitos municipios –grandes e non tan grandes– decidíronse a aprobalas: entre outros, A Coruña, Albacete, Algeciras, Almagro, Ávila, Badajoz, Benalmádena, Bilbao, Cáceres, Castelló, Ceuta, Ciudad Real, Cuenca, El Puerto de Santa María, Fuengirola, Gandía, Xixón, Girona, Granada, Guadalajara, Huesca, Jerez de la Frontera, Las Palmas de Gran Canaria, León, Lleida, Málaga, Marbella, Melilla, Mérida, Oviedo, Palencia, Pamplona, Priego de Córdoba, Salamanca, Santander, Santa Cruz de Tenerife, Segovia, Sevilla, Talavera de la Reina, Tarragona, Teruel, Toledo, Vigo, Zamora ou Zaragoza⁶.

En todos estes municipios, os seus concellos adoptaron esas ordenanzas co obxectivo principal, como explica a exposición de motivos da Ordenanza de medidas para fomentar e garantir a convivencia cidadá no espazo público de Barcelona do 23 de decembro de 2005, “de preservar o espazo público como un lugar de convivencia e civismo, en que todas as persoas poidan desenvolver en liberdade as súas actividades de libre circulación, de lecer, de encontro e de recreo, con pleno respecto á dignidade e aos dereitos dos demais e á pluralidade de expresións e de formas de vida diversas”. Para acadar tal obxectivo, as ordenanzas estableceron as normas xerais de conduta que deben ser observadas polos cidadáns no espazo público⁷. Estas normas de conduta foron formuladas normalmente en forma de prohibicións e están divididas en cada texto legal por títulos e capítulos separados en función do ben xurídico protexido en cada caso⁸. De forma que, resumindo e por seguir agora a estrutura da ordenanza de Barcelona –que é a que se repite na maioría delas–, hai prohibicións con moi pequenas variantes sobre: a) atentados contra a dignidade das persoas; b) degradación

⁴ Neste sentido, *vid.* MERINO ESTRADA, V., “Las nuevas ordenanzas municipales reguladoras de la convivencia ciudadana”, *Revista de Estudios de Administración Local y Autonómica*, n. 300-301, 2006, pp. 485-510; e RUIZ-RICO RUIZ, C., “Las Ordenanzas Locales de Convivencia y su impacto constitucional a propósito de la STS de 14 de febrero de 2013”, *Actualidad Administrativa*, n. 1, 2014.

⁵ Estúdaa MERINO ESTRADA, V., “Las nuevas Ordenanzas municipales reguladoras de la convivencia ciudadana”, cit., pp. 495-504. A ordenanza de convivencia de 2004 foi reformada en 2012. A actualmente vixente é a ordenanza de protección do medio urbano de 2018, que derrogou a anterior.

⁶ De entre todos os que non o fixeron, chama a atención que o Concello de Madrid non aprobase aínda a súa ordenanza de convivencia. Mantén, pola contra, vixente a súa antiga ordenanza de policía e goberno de 1948. *Vid.*, ao respecto, IBÁÑEZ PICÓ, M., “Municipio y civismo. Las ordenanzas municipales como instrumento para la convivencia”, *Revista de Estudios de Administración Local y Autonómica*, n. 307, 2008, p. 153.

⁷ PEMÁN GAVÍN, J., “Las Ordenanzas municipales y convivencia ciudadana. Reflexiones a propósito de la Ordenanza de civismo de Barcelona”, cit., pp. 10-31, explica con detalle as circunstancias do ámbito socio-xurídico que xustificaron a proliferación das ordenanzas de civismo, e sinala (p. 10) que os problemas que pretendéron resolver son ás veces moi antigos, pero noutros casos están vinculados ás novas realidades e aos hábitos sociais do tempo presente e son, polo tanto, de aparición máis recente.

⁸ Explicano MERINO ESTRADA, V., “Las nuevas Ordenanzas municipales reguladoras de la convivencia ciudadana”, cit., pp. 498-502; e CASINO RUBIO, M., “Las nuevas y discutibles ordenanzas municipales de convivencia”, *Istituzioni del federalismo. Rivista di studi giuridici e politici*, n. 4, 2011, pp. 745-747.

visual do contorno urbano mediante pintadas, graffitis, carteis, pancartas ou folletos; c) apostas no espazo público; d) uso inadecuado do espazo público para xogos; e) mendicidade e ofrecemento e demanda de servizos sexuais en espazos públicos; f) necesidades fisiolóxicas (defecar, ouriñar, cuspir) en espazos públicos; g) consumo de bebidas alcohólicas en espazos públicos cando poida causar molestias ou se utilízen latas ou envases de cristal; h) comercio ambulante non autorizado de alimentos, bebidas e outros produtos; i) actividades e prestación de servizos non autorizados, como tarot, videncia, masaxes ou tatuaxes en espazos públicos; j) uso impropio dos espazos públicos (acampar na rúa, ducharse ou bañarse nas fontes, lavar a roupa nas fontes, usar os bancos para usos distintos ao destinado); k) actitudes vandálicas no uso do mobiliario urbano; l) contaminación acústica; e m) práctica do nudismo ou case nudismo (ir en traxe de baño ou similar) en espazos públicos, agás en paseos marítimos ou rúas contiguas á praia⁹.

Unha vez que prevén estas normas de conduta ou prohibicións, as ordenanzas, co fundamento que lles ofrecen os artigos 139 a 141 da LRBRL¹⁰, tipificaron o seu incumprimento como infracción administrativa leve, grave ou moi grave, en función dos criterios de antixuridicidade que establece o artigo 140 da LRBRL¹¹, e sancionaron a súa comisión con multas de ata 3.000 €¹². Nin que dicir ten que o número de con-

⁹ Hai, non obstante, un modelo normalizado de "ordenanza tipo de seguridade e convivencia cidadá" que foi aprobado pola Federación Española de Municipios e Provincias, e que pode consultarse na súa páxina web. Este modelo, ademais de incorporar as normas de conduta e o réxime sancionador que establece a ordenanza de Barcelona, engadiu outras tantas sobre materias que a de Barcelona non trata (sobre animais, malos olores, uso da auga, establecementos públicos, cacharelas e fogueiras, actuacións musicais na rúa, etc.).

¹⁰ Artigo 139. Tipificación de infraccións e sancións en determinadas materias. "Para a axeitada ordenación das relacións de convivencia de interese local e do uso dos seus servizos, equipamentos, infraestruturas, instalacións e espazos públicos, os entes locais poderán, en defecto de normativa sectorial específica, establecer os tipos das infraccións e impor sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións contidos nas correspondentes ordenanzas, de acordo cos criterios establecidos nos artigos seguintes".

¹¹ Artigo 140. Clasificación das infraccións. 1. "As infraccións ás ordenanzas locais a que se refire o artigo anterior clasificaranse en moi graves, graves e leves. Serán moi graves as infraccións que supoñan:

- a) Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de xeito grave, inmediato e directo á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase conformes coa normativa aplicable ou á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non subsumibles nos tipos previstos no capítulo IV da Lei 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá.
- b) O impedimento do uso dun servizo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.
- c) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento dun servizo público.
- d) Os actos de deterioración grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo público.
- e) O impedimento do uso dun espazo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.
- f) Os actos de deterioración grave e relevante de espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan móbiles ou inmóbiles, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

2. As demais infraccións clasificaranse en graves e leves, de acordo cos seguintes criterios:

- a) A intensidade da perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio dos dereitos doutras persoas ou actividades.
- b) A intensidade da perturbación causada á salubridade ou ornato públicos.
- c) A intensidade da perturbación ocasionada no uso dun servizo ou dun espazo público por parte das persoas con dereito a utilizalos.
- d) A intensidade da perturbación ocasionada no normal funcionamento dun servizo público.
- e) A intensidade dos danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo ou dun espazo público".

¹² O precepto que ofrece cobertura legal ás sancións de multa é o artigo 141 LRBRL. Artigo 141. Límites das sancións económicas.

"Salvo previsión legal distinta, as multas por infracción de ordenanzas locais deberán respectar as seguintes contías:

dutas prohibidas por cada ordenanza adoita ser moi elevado e que isto se traduciu nun réxime de infraccións amplísimo, ás veces para sancionar condutas aparentemente inocuas (arrancar unha flor do parque ou botar a sesta nun banco); e outras veces, non obstante, estreitamente vinculadas co exercicio de dereitos fundamentais dos cidadáns (a liberdade de empresa, a liberdade de expresión ou o dereito de propiedade). Logo insistirei niso, pero adianto xa que estas ordenanzas presentan problemas xurídicos de envergadura –entre eles, a súa relación e compatibilidade co réxime sancionador da LOPSC–, que, no entanto, pasaron desapercibidos e non foron estudados como debesen. Polo de pronto, porque resulta que os seus fins e os da LOPSC son parcialmente coincidentes e se solapan, posto que a protección da convivencia e a tranquilidade cidadáns –que son os obxectivos das primeiras–, por un lado, e a seguridade pública e cidadá –que pretende garantir a segunda–, polo outro, son manifestacións dun mesmo ben xurídico máis xeral que é a orde pública, que tamén engloba a saúde pública e mesmo a moralidade pública ou bo decoro (protección dos animais, da infancia e da xuventude, etc.). E iso ata o punto de que moitas veces ambas as dúas tipificaron os mesmos ilícitos para protexer os mesmos bens xurídicos. Despois insistiremos niso.

2 A nosa tradición de criticar todas as leis de seguridade cidadá

Fronte á boa vontade con que os autores recibiron as ordenanzas de civismo, a LOPSC foi unha das leis máis criticadas das que se aprobaron en España nas últimas décadas. As críticas mordaces á denominada “Lei mordaza” foron innumerables e especialmente duras.

Non obstante, esas ferozes críticas víronse suavizadas ou moderadas nos últimos meses polos feitos acaecidos¹³, pois, por un lado, a vixencia durante máis de tres anos da LOPSC non supuxo o cataclismo democrático que se lle imputaba¹⁴; e, polo outro, os dous recursos de inconstitucionalidade que se interpuxeron contra ela e que están pendentes de resolución son moi limitados, é dicir, non afectan á esencia

Infraccións moi graves: ata 3.000 euros.

Infraccións graves: ata 1.500 euros.

Infraccións leves: ata 750 euros.”

¹³ REBOLLO PUIG, M., “La trama de la Ley de Seguridad Ciudadana”, Alarcón Sotomayor, L., e Izquierdo Carrasco, M. (dirs.), *Estudios sobre la Ley Orgánica de Seguridad Ciudadana*, Thomson-Aranzadi, Cizur Menor, 2019 (en prensa).

¹⁴ A este respecto, é importante afirmar que o número total de sancións impostas pola comisión das infraccións previstas na LOPSC durante os anos 2016 e 2017, así como a contía recadada, foi moi inferior ao que os críticos da LOPSC prognosticaban e non provocou, desde logo, o efecto desalento do exercicio dos dereitos fundamentais –sobre todo, de liberdade de expresión, reunión, manifestación e liberdade de información– que eses sectores críticos vaticinaban. Estes datos poden consultarse con sumo detalle no Anuario Estadístico do Ministerio do Interior de 2017 –que é o último publicado– que inclúe táboas sobre as sancións impostas e a súa contía analizadas por tipos, por provincias e por CCAA. Baste con pór de exemplo aquí o que aconteceu co tipo previsto no artigo 36.2 LOPSC, que tipifica a infracción denominada “rodea o Congreso” e que, malia a alarma social e política que xerou, só foi sancionada tres veces en 2017 (cunha sanción media duns 700 € en cada ocasión) e que non foi obxecto de sanción ningunha en todo o ano 2016: http://www.interior.gob.es/documentos/642317/1203602/Anuario_estadistico_2017_126150729.pdf/9947dc22-http://www.interior.gob.es/documentos/642317/1203602/Anuario_estadistico_2017_126150729.pdf/9947dc22-782a-4c26-b15e-3aea87081331-4c26-b15e-3aea87081331.

da LOPSC, senón só a uns cantos preceptos, de xeito que, aínda que eses recursos fosen integramente estimados polo TC, a LOPSC permanecería incólume na maioría dos seus aspectos¹⁵.

Pero, como explica REBOLLO PUIG¹⁶, non é só que fose criticada a LOPSC actual, senón que todas as leis españolas que abordaron esta materia deron orixe a campañas de desprestixio similares e a ataques moi fortes. Non fai falla que me refira ás duras críticas que recibiu a Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de seguridade cidadá (en diante, LOPSC/92), a denominada “Lei da patada na porta”, que é o alcume co que se denominaba, que aínda están presentes na memoria de todos. E non me refiro tampouco ás críticas vertidas sobre a Lei de orde pública de 1959, que foi considerada –con razón– unha das pezas centrais do réxime de represión franquista. O mesmo sucedeu coa Lei de defensa da República de 1931 e coa Lei de orde pública de 1933, que estivo vixente durante unha boa parte do réxime ditatorial posterior. Da Lei de 1933 dixo precisamente ROYO VILLANOVA¹⁷, por pór un exemplo, que con ela “o cidadán está entregado á arbitrariedade da autoridade administrativa”.

3 Sobre todo, as críticas existentes cara á LOPSC de 2015 polo réxime sancionador tan amplo que previu

Boa parte das críticas que se lle fixeron á LOPSC actual dirixíronse ao seu capítulo V, que é o dedicado ao réxime sancionador. Estas críticas –que son moi variadas– poden reconducirse, non obstante, a dous grandes grupos¹⁸. Por unha banda, houbo moitas críticas ao simple feito da existencia dun dereito administrativo sancionador tan extenso en materia de seguridade cidadá que se construíu en parte na LOPSC a base de suprimir as faltas da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal (en diante CP). Por outra, criticouse o réxime sancionador concreto que previu a LOPSC e os tipos específicos de infraccións e sancións que están previstas nela.

Con relación ao primeiro, coincido con esas críticas. Os penalistas e constitucionalistas –que son os que máis estudaron isto– aludiron á cobiza do dereito administrativo sancionador da seguridade cidadá. Porque o lexislador, segundo din,

¹⁵ Señala sobre isto BILBAO UBILLOS, J.M., “La llamada Ley Mordaza: La Ley Orgánica 4/2015 de protección de la seguridad ciudadana”, *Teoría y realidad constitucional*, UNED, n. 36, 2015, p. 226, que “se” presentaron dous recursos de inconstitucionalidade contra varios preceptos da nova LOPSC. O primeiro, datado o 21 de maio, promovido por máis de 50 deputados dos grupos parlamentarios Socialista; La Izquierda Plural; UPyD; e Mixto (CC, Compromís-Q) do Congreso... O segundo, promovido polo Parlamento de Cataluña (cos únicos votos en contra do PP), foi admitido a trámite o 27 de xullo. Sen entrar a vulgar agora a solidez dos motivos alegados polos recorrentes, o que se constata á primeira vista é certo desfase entre a contundencia con que se critica e condena a nova regulación no plano político e o reducido número de preceptos impugnados (8 no caso do recurso formulado polos deputados da oposición e 9 no do Parlament, só en parte coincidentes)”. Segundo consta no BOE do 16 de xuño de 2015, o primeiro recurso de inconstitucionalidade n. 2896-2015 interpúxose contra os artigos 19.2, 20.2, 36.2, 36.23, 37.1 en relación co 30.3, 37.3, 37.7 e a disposición derradeira primeira da LOPSC. Pola súa parte, o segundo recurso de inconstitucionalidade n. 3848-2015 interpúxose contra os artigos 20; 35.1; 36.1, 2, 8, 22 y 23; 37.7 e a disposición derradeira primeira da LOPSC (BOE do 25 de xullo de 2015).

¹⁶ REBOLLO PUIG, M., “La trama de la Lei de Seguridad Ciudadana”, cit. (en prensa).

¹⁷ Vid. BALLBÉ I PRUNÉS, M., *Orden público y militarismo en la España constitucional (1812-1983)*, Alianza Universidad, 1984, pp. 359 e ss., para quen, en efecto, “esta lei completaba las bases de un Estado autoritario”.

¹⁸ REBOLLO PUIG, M., “La trama de la Ley de Seguridad Ciudadana”, cit. (en prensa).

fartouse de tipificar infraccións na LOPSC¹⁹. Desde logo, comparada coa anterior, a actual tipifica moitísimas máis infraccións que ela para protexer bens xurídicos que non eran tutelados –nin sequera nomeados– pola LOPSC/92 (por exemplo, a convivencia cidadá, o normal funcionamento das institucións, a protección en xeral das persoas e os bens, a pacífica utilización das rúas, a prevención de delitos e infraccións administrativas, a normalidade na prestación dos servizos básicos esenciais ou a tranquilidade cidadá). A LOPSC/92 era pouco represiva se se compara coa actual. Por iso, atrévome a afirmar que a LOPSC de 2015 contribuíu en boa medida a mellorar a imaxe da LOPSC/92²⁰, que foi moi criticada no seu momento²¹.

Moi conectado con esas críticas está o principio de intervención mínima ou *ultima ratio* do dereito penal, que no noso ordenamento xurídico todos veñen aceptando como un ben común. Nin que dicir ten que tamén comparto as bondades da intervención mínima, pero, en contra do que sostén en xeral a doutrina penalista española, este principio non pode supor que se reduza sistematicamente o contido do dereito penal a custa de ampliar sen medida o dereito administrativo sancionador²², que é precisamente o que –segundo o propio lexislador explicaba nos preámbulos das súas leis– inspirou en boa parte a última reforma do CP e a aprobación da actual LOPSC. Invocando ese principio suprimíronse todas as faltas do CP –tamén as relativas á orde pública e aos intereses xerais–, e boa parte delas convertéronse en novas infraccións administrativas da LOPSC²³. Pois ben, isto –que vén acontecendo dun tempo a esta parte en practicamente todos os sectores de intervención administrativa e que non é exclusivo da seguridade cidadá, aínda que os penalistas só o criticaran

¹⁹ Vid. PRESNO LINERA, M. A., “La expansión del derecho administrativo sancionador securitario: Análisis constitucional de la Ley Orgánica para la protección de la seguridad ciudadana”, Cuerva Arnau, M. L., e García Amado, J.A. (dirs.), *Protección jurídica del orden público, la paz pública y la seguridad ciudadana*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2016, p. 49, refírese “á expansión cobizosa do dereito administrativo sancionador”; e en “El primer Anteproyecto de Ley Orgánica para la protección de la seguridad ciudadana”, *Teoría y Realidad Constitucional*, n. 34, 2014, pp. 283–286, alude a un “incremento inxustificado de infraccións e sancións” no anteproxecto da LOPSC. Vid., tamén, ALONSO RIMO, A., “El nuevo anteproyecto de Ley Orgánica de Protección de la seguridad (¿ciudadana?): Análisis desde la perspectiva del derecho de reunión y manifestación”, *Revista General de Derecho Penal*, n. 21, 2014, p. 15.

²⁰ Refírese a iso MORILLAS CUEVA, L., “Reflexiones críticas sobre el anteproyecto de Ley Orgánica de Seguridad Ciudadana”, Abogacía Española. Consejo General, <http://www.abogacia.es/2014/03/27/reflexiones-criticas-sobre-el-anteproyecto-de-ley-organica-de-seguridad-ciudadana>, p. 2.

²¹ BARCELONA LLOP, J., “Las infracciones y sanciones administrativas en la Ley Orgánica 1/1992, sobre Protección de la Seguridad Ciudadana. Algunos aspectos problemáticos”, *Seguridad ciudadana. Materiales de reflexión crítica sobre la ley Corcuera*, Trotta, Madrid, 1993, p. 176, resalta o marcado compoñente represivo do réxime sancionador da LOPSC/92.

²² Vid. ALARCÓN SOTOMAYOR, L., “Los confines de las sanciones: en busca de la frontera entre Derecho penal y Derecho administrativo sancionador”, *Revista de Administración Pública*, n. 195, 2014.

²³ En concreto, transformáronse en infraccións administrativas da LOPSC e desapareceron como faltas do CP as seguintes: A falta de perturbación leve da orde en actos públicos que prevía o antigo art. 633 CP, que se converteu na infracción grave do art. 36.1 LOPSC; a falta de uso público e indebido de uniforme, traxe, insignia ou condecoración oficial do antigo art. 637 CP, que se transformou na infracción grave do art. 36.14 LOPSC; a falta de abandono de xiringas do antigo art. 630 CP, que pasou a ser a infracción grave do art. 36.16 LOPSC (aínda que xa estaba prevista na LOPSC/92); a falta consistente en faltar ao respecto e consideración debida á autoridade ou aos seus axentes ou en desobedecerlles levemente que estaba tipificada no art. 634 CP e que se converteu na infracción leve do art. 37.4 LOPSC e na infracción grave do art. 36.6 LOPSC (aínda que esta última tamén estaba regulada na LOPSC/92); a falta de deslucimento de bens mobles ou inmoables de dominio público ou privado do anterior art. 626 CP, que se converteu na infracción leve do art. 37.13 LOPSC; e as falta consistentes en deixar soltos animais feroces ou daniños e a de abandono de animais domésticos cando poida perigar a súa vida tipificadas no antigo art. 631.1 e 2 CP, que se transformaron nas infraccións leves do actual art. 37.16 LOPSC. Vid., sobre todo isto, ALARCÓN SOTOMAYOR, L., “El nuevo régimen de la seguridad ciudadana: algunas faltas menos y muchas infracciones más”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 191, abril-xuño 2018, pp. 107–148.

curiosamente neste ámbito– non pode dicirse que sexa expresión ou consecuencia do principio de intervención mínima, senón todo o contrario, posto que o que supón máis ben é esconder a represión –e non facela mínima– debaixo do veo do dereito administrativo sancionador.

4 A ausencia de críticas ás ordenanzas de convivencia malia o amplísimo réxime sancionador que estableceron

A doutrina –sobre todo, penalistas e constitucionalistas–, como digo, criticou e con razón a enorme extensión que ten o dereito administrativo sancionador na LOPSC²⁴. O que, porén, me resultou moi estraño é que esas críticas demoledoras se fixesen exclusivamente en relación coas infraccións e sancións da LOPSC, pero non respecto do réxime sancionador das ordenanzas de convivencia cidadá que se foron aprobando.

Se atendemos á estrutura prevista polas ordenanzas, a listaxe de condutas prohibidas que inclúen é certamente moi longa e, de feito, nas súas formulacións máis detalladas, comprende varios centenaes de prohibicións. Como explica CASINO RUBIO²⁵, nalgúns casos esas prohibicións son tan extravagantes como tombarse no céspede ou nun banco; regar as plantas dos balcóns; subir ás árbores; dar de comer ás pombas no parque; arrancar flores; cambiar os mobles de lugar ou facer reparacións domésticas durante a hora da sesta ou pola noite; tocar o piano ou o trombón na casa; lavar o coche na vía pública; dar un golpe coa porta ou un berro, ou correr polo corredor; cuspir e tirar calquera clase de desperdicio ao chan; xogar á pelota ou cun avión de aeromodelismo, ou circular con monopatín; ou, en fin, tamén camiñar en bikini ou sen camiseta, ou sacudir a roupa ou as zapatillas pola ventá. Naturalmente, xunto a estas prohibicións hainas tamén, e en bo número, ademais, que son moito menos discutibles, polo menos materialmente.

En calquera caso, todas elas están avaladas logo polo correspondente réxime sancionador que as tipifica como infraccións castigadas con multas que poden chegar ata os 3.000 € segundo a súa gravidade. A pouco que se observe –di CASINO– poderá verse enseguida que o repertorio de ilícitos é efectivamente amplo e comprende comportamentos tan cotiáns, e mesmo ás veces puramente reflexos, que non hai cidadán, por escrupuloso que sexa, capaz de non tropezar con algún deles, de modo que ninguén despois de ler este tipo de ordenanzas poida estar seguro de non cometer algunha infracción e, chegado o caso, de non ser sancionado por iso²⁶.

Ante tantas infraccións aprobadas por ordenanza, chama poderosamente a atención que a maioría dos autores as acollesen con tanta simpatía –salvo excepcións puntuais como a de CASINO– e que os tribunais as aceptaran nas súas sentenzas

²⁴ Recentemente tamén a criticou polos mesmos motivos CASINO RUBIO, M., “La moderna Ley Orgánica 4/2015, de Seguridad Ciudadana, y sus debilidades sancionadoras”, Alarcón Sotomayor, L., e Izquierdo Carrasco, M. (dirs.), *Estudios sobre la Ley Orgánica de Seguridad Ciudadana*, Thomson-Aranzadi, Cizur Menor, 2019 (en prensa).

²⁵ CASINO RUBIO, M., “Las nuevas y discutibles ordenanzas municipales de convivencia”, cit., p. 748.

²⁶ CASINO RUBIO, M., “Las nuevas y discutibles ordenanzas municipales de convivencia”, cit., p. 749.

practicamente sen facer ningún reparo. E a sorpresa aumenta cando un comproba que a LOPSC foi criticada ferozmente – tamén o CXPX e o Consello Fiscal nos seus informes ao anteproxecto – por prever moitas veces as mesmas infraccións reguladas nas ordenanzas (beber alcohol nas rúas, ofrecer ou demandar servizos sexuais retribuídos na vía pública, consumo ou tenza de drogas en lugares públicos, acampar nas rúas, causar danos nos espazos públicos, exhibir obxectos perigosos, venda ambulante non autorizada, obstrución aos controis e inspeccións dos axentes da autoridade, maltrato animal, animais perigosos, obstaculizar a prestación de servizos públicos, etc.), que, non obstante, alí non recibiron reproche ningún.

5 As semellanzas entre as infraccións da LOPSC e das ordenanzas de convivencia

O número de infraccións previstas na LOPSC é certamente elevado. En concreto, tipifica unhas cincuenta infraccións. Desas cincuenta, unhas vinte xa estaban na LOPSC/92, polo que hai unhas trinta infraccións novas. Desas novas, unhas cinco proveñen de antigas faltas²⁷, así que “novas, novas” hai unhas vinte e cinco infraccións. É moito se temos en conta que a LOPSC/92 tipificaba unhas vinte e nove infraccións en total.

Para que nos fagamos unha idea, a LOPSC nos artigos 35, 36 e 37 tipificou infraccións administrativas –moi graves, graves e leves, respectivamente– en ámbitos tan variados como estes: sobre manifestacións ilegais (art. 35.1, art. 36.7, art. 37.1); intrusión en infraestruturas críticas ou nas cales se prestan servizos básicos para a comunidade (art. 35.1, art. 36.9); fabricación, comercio ou utilización ilegais de armas (art. 35.2, art. 36.12); celebración de espectáculos públicos ilegais (art. 35.3); proxección de feixes de luz sobre condutores de medios de transporte (art. 35.4 e art. 37.6); perturbación da orde en actos públicos (art. 36.1), manifestacións fronte ás sedes do Congreso e Senado cando perturben gravemente a seguridade cidadá (art. 36.2); desorde nas vías públicas (art. 36.3); actos de obstrución que pretendan impedir ás autoridades ou funcionarios o exercicio das súas funcións ou o cumprimento das súas resolucións administrativas ou xudiciais (art. 36.4); obstaculizar o funcionamento dos servizos de emerxencia (art. 36.5); desobediencia ou resistencia á autoridade ou aos seus axentes (art. 36.6); portar armas prohibidas ou de forma negligente ou temeraria (art. 36.10); solicitar ou aceptar servizos sexuais retribuídos en lugares públicos que usen menores ou onde se poida producir un accidente de tráfico (art. 36.11)²⁸; negativa de acceso ou obstrución deliberada das inspeccións ou controis regulamentarios previstos pola lei en fábricas, locais, bares, hoteis... (art. 36.13); uso público e indebido de uniformes oficiais ou de corpos policiais ou

²⁷ Vid. GÓMEZ TOMILLO, M., “Seguridad ciudadana, descriminalización y garantías”, Alarcón Sotomayor, L., e Izquierdo Carrasco, M. (dirs.), *Estudios sobre la Ley Orgánica de Seguridad Ciudadana*, Thomson-Aranzadi, Cizur Menor, 2019 (en prensa).

²⁸ Vid. FERNÁNDEZ LE GAL, A., “La respuesta sancionadora del Estado frente a la prostitución”, Alarcón Sotomayor, L., e Izquierdo Carrasco, M. (dirs.), *Estudios sobre la Ley Orgánica de Seguridad Ciudadana*, Thomson-Aranzadi, Cizur Menor, 2019 (en prensa).

de servizos de emerxencia que poida xerar engano (art. 36.14); incumprimento do deber de colaboración coas forzas e corpos de seguridade na indagación de delitos ou prevención de accións perigosas imposto a determinadas persoas (art. 36.15); consumo ou tenza ilícita de drogas en lugares ou transportes públicos (art. 36.16); abandono de xiringas (art. 36.16); traslado de persoas en vehículos para facilitarlles o acceso a drogas (art. 36.17); plantación e cultivo ilegal de drogas en lugares visibles ao público (art. 36.18); tolerancia no consumo ilegal ou tráfico de drogas en locais ou falta de dilixencia para impedi-lo (art. 36.19); carencia ou irregularidades de rexistros obrigatorios previstos na lei (art. 36.20, art. 37.9); alegar datos falsos para obter o DNI (art. 36.21); incumplir restricións á navegación impostas a barcos e avións lixeiros (art. 36.22); uso non autorizado de imaxes ou datos persoais ou profesionais das autoridades e membros das forzas e corpos de seguridade cando poida implicar un perigo para a súa seguridade (art. 36.23)²⁹; exhibir obxectos perigosos con ánimo intimidatorio (art. 37.2); incumplir as restricións de circulación peonil impostas en virtude de actos públicos ou manifestacións cando provoquen alteracións menores no seu desenvolvemento (art. 37.3); falta de respecto e consideración a membros das forzas e corpos de seguridade (art. 37.4); realizar ou incitar á realización de actos que atenten contra a liberdade ou indemnidade sexual ou realizar actos de exhibicionismo (art. 37.5); ocupar bens inmo-bles privados baleiros que non sexan domicilio en contra da vontade do seu titular (art. 37.7)³⁰; ocupar as rúas vulnerando a lei ou as decisións da autoridade, incluíndo a ocupación para a venda ambulante non autorizada (art. 37.7); irregularidades na documentación de armas e explosivos (art. 37.8); non obter o DNI (art. 37.10); non denunciar a súa perda ou subtracción (art. 37.10); perder o DNI tres veces ou máis nun ano (art. 37.11); negativa a entregar o DNI cando proceda (art. 37.12); danos ou deslucimento de bens mobles e inmo-bles de uso ou servizo público ou de bens privados que estean na vía pública (art. 37.13); escalar edificios ou monumentos sen autorización cando cause un perigo para a seguridade de persoas ou bens (art. 37.14); remoción de valados colocados polas forzas e corpos de seguridade (art. 37.15); deixar soltos animais ferozes ou danos (art. 37.16); abandonar animais domésticos en condicións en que poida perigar a súa vida (art. 37.16); beber alcohol en lugares ou transportes públicos cando se perturbe gravemente a tranquilidade cidadá (art. 37.17)³¹.

Para esas infraccións, a LOPSC regulou sancións de multa e outras accesorias no artigo 39 (clausura temporal de establecementos, suspensión temporal de licenzas, comiso de bens, retirada de armas). Respecto ás multas, as contías previstas na LOPSC non variaron moito en relación coas fixadas na LOPSC/92. Non se mantiveron

²⁹ Vid. MARTÍN FERNÁNDEZ, C., "El uso no autorizado de imágenes de los miembros de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad", Alarcón Sotomayor, L., e Izquierdo Carrasco, M. (dirs.), *Estudios sobre la Ley Orgánica de Seguridad Ciudadana*, Thomson-Aranzadi, Cizur Menor, 2019 (en prensa).

³⁰ Vid. PIZARRO NEVADO, R., "La tutela sancionadora del patrimonio privado inmobiliario en la LOPSC", Alarcón Sotomayor, L., e Izquierdo Carrasco, M. (dirs.), *Estudios sobre la Ley Orgánica de Seguridad Ciudadana*, Thomson-Aranzadi, Cizur Menor, 2019 (en prensa).

³¹ Vid., sobre todo isto, ALARCÓN SOTOMAYOR, L., "El nuevo régimen de la seguridad ciudadana: algunas faltas menos y muchas infracciones más", cit., pp. 130-140.

intactas, pero tampouco se incrementou o seu importe de forma substancial, tendo en conta os 23 anos transcorridos³².

Pola súa banda, as ordenanzas de convivencia tamén tipificaron infraccións en ámbitos variadísimos. De feito, insistíuse na súa natureza claramente transversal³³, posto que “afectan a un bo número de competencias locais e atravesan gran parte da estrutura de responsabilidades políticas e do sistema administrativo municipal”³⁴. A de Barcelona, por exemplo –cuxa estrutura copiaron logo outras moitas–, tipificou infraccións sobre: toda conduta de menosprezo á dignidade das persoas (art. 16.1 e art. 17.1); calquera comportamento discriminatorio (art. 16.1 e art. 17.1); en especial, as mesmas condutas anteriores cando se dirixan contra persoas maiores, menores e persoas con discapacidades (art. 16.2 e art. 17.1); as actitudes de acoso, agresión ou asedio a menores no espazo público (art. 16.3 e 4 e art. 17.2); realizar todo tipo de graffitis, pintada, mancha, garabato, escrito, inscrición ou grafismo, con calquera materia (tinta, pintura, materia orgánica, etc.) ou ben raiando a superficie sobre calquera elemento do espazo público (arts. 20 e 21); colocar carteis e pancartas en calquera espazo público; rachar, arrancar e tirar ao espazo público carteis, anuncios, pancartas e similares; colocar publicidade sobre a parte exterior dos cristais dos vehículos; espaxear e tirar toda clase de folletos ou papeis de publicidade comercial na vía pública (arts. 23 e 24); ofrecer xogos que impliquen apostas con diñeiro ou bens no espazo público (art. 27 e 28); practicar xogos de pelota, monopatín ou similares no espazo público e competicións deportivas masivas e espontáneas que perturben os lexítimos dereitos dos veciños e veciñas; prácticas de acrobacias e xogos de habilidade con bicicletas, patíns ou monopatíns (art. 31 e 32); as formas de mendicidade coactivas ou de acoso ou baixo formas organizadas ou que obstaculicen intencionalmente o libre tránsito dos cidadáns nos espazos públicos ou que se realicen con menores ou discapacitados; ofrecer calquera ben ou servizo a persoas que se atopen no interior de vehículos privados ou públicos, incluídos os servizos de limpeza de parabrisas de automóbiles (art. 35 e 36); ofrecer ou aceptar prestar servizos sexuais retribuídos no espazo público, en especial cando se faga cerca de colexios; solicitar, demandar e negociar servizos sexuais retribuídos no espazo público por parte dos clientes potenciais; manter relacións sexuais mediante retribución no espazo público (art. 39 e 40); facer necesidades fisiolóxicas como defecar, ouriñar ou cuspir nos espazos públicos, en especial cando se realice en espazos de concorrencia afluída ou frecuentados por menores ou en monumentos ou edificios catalogados ou protexidos (art. 43 e 44); consumir bebidas alcohólicas nos espazos públicos cando lles poida causar molestias ás persoas que utilizan o espazo público e aos veciños, e cando se faga en envases de cristal ou de lata, e, especialmente cando poida alterar gravemente a convivencia cidadá; tirar ao chan ou depositar na vía pública latas, botellas, vasos

³² Vid. ALARCÓN SOTOMAYOR, L., “El nuevo régimen de la seguridad ciudadana: algunas faltas menos y muchas infracciones más”, cit., pp. 142-144.

³³ PEMÁN GAVÍN, J., “Las Ordenanzas municipales y convivencia ciudadana. Reflexiones a propósito de la Ordenanza de civismo de Barcelona”, cit., p. 31.

³⁴ Así o subliña a exposición de motivos da ordenanza de civismo de Barcelona.

ou calquera outro obxecto (art. 46 e 47); a venda ambulante non autorizada no espazo público de bebidas, alimentos e outros produtos; colaborar no espazo público cos vendedores ambulantes non autorizados con accións como facilitar o xénero ou vixiar e alertar sobre a presenza dos axentes da autoridade; comprar ou adquirir no espazo público alimentos, bebidas e outros produtos procedentes da venda ambulante non autorizada (art. 50 e 51); realizar actividades e prestar servizos non autorizados no espazo público, como tarot, videncia, masaxes ou tatuaxes; colaborar no espazo público con quen realiza esas actividades ou servizos con accións como vixiar e alertar sobre a presenza de axentes da autoridade; demandar, usar ou consumir esas actividades ou servizos (art. 54 e 55); os usos impropios dos espazos públicos, entre outros, acampar nas vías e espazos públicos, por exemplo, en tendas de campaña, vehículos, autocaravanas ou caravanas; durmir de día ou de noite en tales espazos; utilizar bancos para usos distintos dos destinados; lavarse ou bañarse en fontes ou estanques; lavar a roupa en fontes, estanques, duchas ou similares (art. 58 e 59); condutas vandálicas, agresivas ou negligentes no uso do mobiliario urbano; estragos dos espazos públicos (art. 62 e 63); bañarse en espigóns e zonas non permitidas; utilizar xabón nas duchas públicas das praias (art. 66 e 67); perturbar o descanso e a tranquilidade dos veciños mediante o funcionamento de aparellos de televisión, radios, musicais ou outros aparatos sonoros, cantos, berros, pelexas ou calquera outro acto molesto (art. 71 e 72); ir espido ou case espido polos espazos públicos; transitar ou estar nos espazos públicos só en traxe de baño ou outra preza de roupa similar, agás en piscinas, praias, paseos marítimos e vías inmediatamente contiguas ás praias (art. 74 bis e 74 ter); a negativa ou a resistencia ás tarefas de inspección ou control do Concello nos ámbitos da convivencia cidadá; a negativa ou a resistencia a subministrar datos ou facilitar a información requirida polos funcionarios actuantes en cumprimento das súas funcións; subministrar aos funcionarios información ou documentación falsa; e incumprir as ordes ou requirimentos específicos formulados polas autoridades municipais ou os seus axentes (art. 79).

Ademais de todas estas, outras ordenanzas de convivencia tamén tipificaron infraccións en ámbitos diferentes. A de Granada de 2009 faino, por exemplo, en materia de armas (o art. 24.1 tipifica portar armas na vía pública), animais domésticos (o art. 72.2 tipifica como infracción abandonar animais mortos ou limpar os animais na vía pública), contaminación atmosférica, contaminación lumínica e animais perigosos. A de Las Palmas de Gran Canaria tipifica infraccións sobre ruídos na vía pública. A ordenanza de Málaga de 2013, a de Sevilla de 2008, a de Teruel de 2011 e a de Oviedo de 2010 fano en xeral sobre animais; as de Mérida de 2004 e Sevilla sobre fogos e actividades pirotécnicas na vía pública; a de Palma de Mallorca de 2011 sobre consumo de drogas nas vías e establecementos públicos (art. 15). E a de Salamanca de 2008 sanciona a quen impida ou obstaculice o normal funcionamento dos servizos públicos (art. 22), así como o consumo e tenza de drogas en lugares públicos ou transportes colectivos, así como o abandono dos instrumentos ou outros efectos empregados para iso nos citados lugares (art. 22).

Para estas infraccións locais, as ordenanzas prevén sancións de multa que deben respectar as contías do artigo 141 LRBRL (ata 750 euros as infraccións leves, ata 1.500 euros as infraccións graves e ata 3.000 euros as infraccións moi graves). Pero, ademais, tamén estableceron a posibilidade de impor outras medidas correctoras en substitución da sanción de multa –en principio, sen a cobertura legal que lle proporciona á multa o título XI LRBRL–, entre outras, a asistencia a sesións formativas ou os traballos en beneficio da comunidade³⁵. Fano, por exemplo, a ordenanza de Barcelona nos artigos 84 e 93³⁶, a ordenanza de Zamora no artigo 60³⁷, a ordenanza de El Puerto de Santa María de 2012 no artigo 56, a de Málaga de 2013 no artigo 51, a ordenanza de Palma de Mallorca no artigo 22, a de Segovia no artigo 46 e a ordenanza de Oviedo no artigo 30.

Con todo, o réxime sancionador das ordenanzas non remata aquí, porque, por se fose pouco, regularon, ademais –en ocasións, sen o necesario amparo legal nin do título XI da LRBRL nin da lexislación sectorial, como de feito declarou a xurisprudencia–, outras cuestións sancionadoras relevantes. Aquí farei referencia a dúas delas.

En primeiro lugar, un nutrido grupo de ordenanzas previu a responsabilidade sancionadora solidaria dos pais ou titores polas infraccións cometidas polos menores de idade que dependen deles³⁸. Pero a maioría deses preceptos foron anulados

³⁵ Di TRAYTER JIMÉNEZ, J.M., “Las ordenanzas cívicas: especial referencia a la Ordenanza de convivencia ciudadana de Barcelona”, *Derechos fundamentales y otros estudios en homenaje al prof. Dr. Lorenzo Martín-Retortillo*, Vol. I, El Justicia de Aragón, Zaragoza, 2008, pp. 545-546, que isto o fixo o ordenanza de Barcelona sen a cobertura legal necesaria. Na mesma liña, VELASCO CABALLERO, F., e DÍEZ SASTRE, S., “Ordenanzas municipales y reserva de ley sancionadora”, cit., p. 62, din que no art. 141 LRBRL só están previstas multas pecuniarias. Así que as ordenanzas municipais non poden establecer –a menos que outra lei así o dispoña– outras clases de sancións, como de revogación ou suspensión temporal dunha licenza ou actividade”. Igualmente, LASAGABASTER HERRARTE, I., “La potestad sancionadora local en la Ley 57/2003 de medidas para la modernización del gobierno local”, *Revista Vasca de Administración Pública*, n. 68, 2004, p. 17. *Id.*, tamén, MELERO ALONSO, E., “Las ordenanzas locales como instrumento de exclusión social: la regulación que afecta a las personas sin hogar es Derecho administrativo del enemigo”, *Revista de Estudios de Administración Local y Autonómica*, n. 6, 2016, p. 16. O mesmo opina RODRÍGUEZ ALONSO, C., “La indeterminación competencial y la potestad sancionadora de los entes locales como presupuesto fallido para la sustitución de las sanciones administrativas por trabajos en beneficio de la comunidad”, *Revista de Estudios de Administración Local y Autonómica*, n. 6, 2016, pp. 103-104: “aínda que poida parecer, a simple vista, que se trata dunha medida das entidades locais que busca a garantía e a facilidade de oportunidades nos cidadáns, non podemos deixar atrás o razoamento defendido e a vulneración de principios básicos e estruturais do noso ordenamento como é o principio de legalidade, base do noso constitucionalismo”.

³⁶ A STS do 18 de xullo de 2011, recurso de casación n. 224/2010, RX/2011/6637, declara que os traballos en beneficio da comunidade, non así as demais medidas do art. 84.2 da ordenanza de Barcelona, si atopan cobertura legal na Lei de responsabilidade do menor. En concreto, a Sala III confirma a sentenza de instancia que declaraba que “tan só os traballos en beneficio da comunidade, previstos no Código penal como unha pena privativa de dereitos, e na lei que regula a responsabilidade dos menores como unha das medidas susceptibles de ser impostas aos menores, pode admitirse como medida correctora que substitúa á sanción pecuniaria, sempre que conste o consentimento do menor, e se motive axeitadamente por que se aplica, a medida e o prazo de duración desta, que non poderá exceder, en ningún caso, os límites previstos nas leis citadas, e non o elenco que se menciona no artigo 84.2 da Ordenanza (asistencia a reunións formativas, outro tipo de actividades de carácter cívico), que carece de cobertura legal. Tamén carece da necesaria cobertura legal a previsión, contida no artigo 93.3 da Ordenanza, de impor con carácter obrigatorio as medidas alternativas á sanción, con excepción dos traballos en beneficio da comunidade”. Igualmente, STS do 25 de outubro de 2011, RX\2012\1548. *Id.*, ao respecto, GARCÍA GARCÍA, M.J., *La sanción de prestaciones en beneficio de la comunidad en las ordenanzas de convivencia ciudadana*, CEMCI, Granada, 2014, pp. 125-170.

³⁷ No mesmo sentido da sentenza anterior, a STSX de Castela e León, do 30 de xaneiro de 2012, n. 134/2012, anula o art. 60 da Ordenanza de Zamora que prevía a substitución ou redución da sanción de multa pola asistencia a sesións formativas por vulnerar a reserva de lei.

³⁸ Críticao por oporse ao principio de personalidade das sancións PEMÁN GAVÍN, J., “Ordenanzas municipales y convivencia ciudadana. Reflexiones a propósito de la Ordenanza de civismo de Barcelona”, cit., pp. 47-48: “tería sido por iso máis acertado restrinxir a responsabilidade solidaria dos pais ás obrigas de pagamento derivadas da imposición de multas aos menores”.

por vulnerar ou a reserva de lei ou o principio de personalidade das sancións (art. 84.4 da ordenanza de Barcelona³⁹, art. 40.4 da ordenanza de Segovia de 2011, art. 36.5 da ordenanza de Albacete⁴⁰, art. 46.1 da ordenanza de Zamora⁴¹, arts. 14.4 e 38.4 da ordenanza de Alcalá de Henares de 2010⁴² e art. 124 da ordenanza de Bilbao de 2010⁴³, entre outros. Pola súa banda, o art. 35.3 da ordenanza de Granada prevé a súa responsabilidade subsidiaria).

En segundo termo, algunhas ordenanzas estableceron previsións sobre as medidas provisionais que poden acordarse no procedemento sancionador de dubidosa legalidade. Por exemplo, o artigo 83.3 da ordenanza de Barcelona prevé a imposición, como medida cautelar, do pagamento inmediato da sanción antes da resolución do procedemento sancionador cando a persoa infractora non resida no municipio⁴⁴, o que me parece que, como pouco, vulnera o dereito á presunción de inocencia do acusado e non residente.

6 As garantías do dereito sancionador e o seu posible incumprimento na LOPSC e as ordenanzas de convivencia

É verdade que o réxime sancionador da LOPSC xerou problemas por posible vulneración dalgunhas das garantías propias do dereito sancionador. Pero pasa o mesmo co das ordenanzas de convivencia, aínda que practicamente non fosen cuestionadas por iso, salvo algunha excepción⁴⁵. De feito, creo –despois de estudar isto con detalle– que o réxime sancionador previsto na LOPSC non é máis represivo nin menos garantista que o das ordenanzas de convivencia, todo o contrario. E, non obstante, estas pasaron inadvertidas e non recibiron as críticas doutrinais e xurisprudenciais que claramente merecían.

³⁹ Declárase nulo a STSX de Cataluña, do 23 de novembro de 2009, n. 1156/2009, recurso contencioso-administrativo n. 330/2006, por vulnerar a reserva de lei en materia sancionadora.

⁴⁰ Declárase nulo a STSX de Castela A Mancha, do 1 de xullo de 2014, n. 449/2014, por vulnerar a reserva de lei en materia sancionadora.

⁴¹ Declárase nulo por vulnerar o principio de culpabilidade, a STSX de Castela e León, do 30 de xaneiro de 2012, n. 134/2012.

⁴² Declárase nulo a STSX de Madrid, do 8 de marzo de 2012, n. 337/2012, por vulnerar o principio de personalidade das sancións.

⁴³ Non obstante, a STSX do País Vasco, do 27 de xuño de 2012, n. 521/2012, declara que o precepto é conforme a dereito e non vulnera o principio de personalidade das sancións.

⁴⁴ Críticase PEMÁN GAVÍN, J., "Ordenanzas municipales y convivencia ciudadana. Reflexiones a propósito de la Ordenanza de civismo de Barcelona", cit., p. 49, porque "en realidade máis que dunha medida cautelar ou provisional en sentido propio se trata dunha execución anticipada da sanción que se leva a cabo (...) mesmo antes de existir unha resolución sancionadora como tal". *Vid.*, sobre isto, a STSX de Cataluña, do 23 de novembro de 2009, n. 1156/2009, recurso contencioso-administrativo n. 330/2006.

⁴⁵ TRAYTER JIMÉNEZ, J.M., "Las ordenanzas cívicas: especial referencia a la Ordenanza de convivencia ciudadana de Barcelona", cit., pp. 546 e 554, si alude no seu traballo en varias ocasións á mala ou lamentable técnica xurídica con que se redactou a ordenanza de Barcelona que xerou problemas en relación con varias garantías do dereito sancionador, como a reserva de lei, a tipicidade, o principio de personalidade das sancións, a imposición de sancións de plano, o réxime das medidas cautelares ou a prohibición da *reformatio in peius* (pp. 545-548).

En relación co réxime sancionador concreto da LOPSC, practicamente todo o que se escribiu sobre el foron críticas moi duras. Na miña opinión, non hai para tanto. Afírmouse sistematicamente que é un dereito administrativo sancionador menos garantista e moito máis represivo que o anterior: que o da LOPSC/92. Non o creo. Ao revés, creo que a LOPSC actual regulou mellor que a súa antecesora moitos aspectos do réxime sancionador nesta materia, pero agora non é o momento de entrar niso⁴⁶.

Pola contra, si mereceu moitas das críticas que se lle fixeron o anteproxecto de LOPSC que presentou o Goberno. Pero o texto finalmente aprobado soubo corrixir, a partir das propostas de mellora que figuraban nos informes do CXPX e do Consello Fiscal, e no ditame do Consello de Estado, moitas das debilidades do anteproxecto. Neste sentido, pode dicirse que o anteproxecto cometía tantos excesos e irregularidades que fixo ata boa a LOPSC finalmente aprobada.

Cales foron as principais deficiencias que se lle imputaron ao réxime sancionador da LOPSC? A vulneración, nalgúns casos, dos principios de tipicidade de infraccións e sancións, proporcionalidade das sancións e da garantía *non bis in idem*⁴⁷. Analizarei estes problemas a continuación, pero non só respecto da LOPSC, senón tamén en relación coas ordenanzas de convivencia.

6.1 A garantía *non bis in idem*

En relación coa garantía *non bis in idem*, o principal problema que presentou a LOPSC, segundo a doutrina, é que moitas das súas normas sancionadoras se solapan ou concorren con normas penais que tipifican delitos. Acontece en materia de armas, de orde pública, de drogas, de cumprimento de servizos esenciais, etc. Demóstrano os preceptos da LOPSC que tipifican moitas condutas como infracción e engaden “sempre que non sexan constitutivas de delito”. Ata vinte veces o repite a LOPSC. A supresión das faltas empeorou esta situación que xa existía antes en materia de drogas ou de armas, porque practicamente todas as faltas que desapareceron do CP se transformaron en dous ilícitos: en delito e en infracción administrativa segundo a maior ou menor gravidade da conduta. Ocorreu coas faltas de perturbación da orde en acto público, de resistencia e desobediencia, de uso público e indebido de uniforme, de falta de respecto e consideración a membros das forzas e corpos de seguridade e de abandono de animais domésticos. Por iso, os concursos de normas punitivas (penal e administrativa sancionadora) serán constantes e a garantía *non bis in idem* sufrirá continuas ameazas⁴⁸.

⁴⁶ Vid. ALARCÓN SOTOMAYOR, L., “El nuevo régimen de la seguridad ciudadana: algunas faltas menos y muchas infracciones más”, cit., pp. 137-144.

⁴⁷ En calquera caso, hai máis garantías dos cidadáns que se poderían ver afectadas, sobre todo, pola diminución de dereitos que leva consigo tramitar un procedemento administrativo sancionador en lugar dun proceso penal, que é unha das consecuencias que tivo a conversión en infraccións administrativas dalgunhas das antigas faltas do CP. Tanto o Consello de Estado como o CXPX advertírono nos seus respectivos informes ao anteproxecto e, de feito, o Consello de Estado criticouno dun xeito especialmente vigoroso.

⁴⁸ Vid. GÓMEZ TOMILLO, M., “Seguridad ciudadana, descriminalización y garantías”, cit. (en prensa).

Todo isto que dicimos é verdade e resulta preocupante a pasividade e a indife-rencia que mostrou o lexislador á hora de definir os tipos da LOPSC. Pero os mesmos problemas poden formularse en relación coas ordenanzas de convivencia que tamén se refiren en non poucos casos á posibilidade de que as súas infraccións poidan ser constitutivas de infracción penal. Di, por exemplo, o artigo 17.1 da ordenanza de Barcelona que a realización das condutas descritas no precepto anterior (toda conduta de menosprezo á dignidade das persoas, calquera comportamento discriminatorio, as actitudes de acoso entre menores, etc.) terán a consideración de infracción grave “sen prexuízo de que os feitos sexan constitutivos de infracción penal”. E establece o artigo 79.2 que as infraccións que tipifica (condutas obstrucionistas ás tarefas de control, investigación ou sanción nos ámbitos da convivencia e o civismo) o serán “sen prexuízo da lexislación penal e sectorial”. Pola súa banda, establece o artigo 51.1 que as condutas descritas no artigo precedente (sobre venda ambulante no es-pazo público non autorizada) serán constitutivas de infracción “sen prexuízo da lexislación penal”. O artigo 55.1 prevé que a realización de actividades e prestación de servizos non autorizados no espazo público, como o tarot, videncia, masaxes ou tatuaxes, serán constitutivas de infracción leve “sen prexuízo da lexislación penal”. Segundo o artigo 63.1, as condutas vandálicas, agresivas ou negligentes no uso do mobiliario urbano son constitutivas de infracción moi grave “sen prexuízo da lexislación penal e de protección da seguridade cidadá”. E afirma o artigo 63.2 que os actos de deterioración grave, como estragos dos espazos públicos, son cons-titutivos de infracción grave “sen prexuízo da lexislación penal”. Nin que dicir ten que todos estes preceptos se van repetindo no articulado das demais ordenanzas de convivencia que tamén engaden *motu proprio* outros supostos de concorrencia coa lexislación penal diferentes.

Cuestión á parte, e que tamén é perfectamente posible, é a concorrencia dunha norma sancionadora da LOPSC e unha norma sancionadora dunha ordenanza de convivencia. Nestes casos –e aínda que a LOPSC gardase silencio–, prevalecerá sempre a estatal sobre a norma local en concurso. Aquí non procedería resolver en favor da norma sancionadora especial ou da que, se é o caso, preveña maior sanción. Porque non se trata de simples relacións de normas dun mesmo ordenamento, se-nón de relacións entre distintos ordenamentos xurídicos. A norma tipificadora local nunca pode impedir a aplicación da estatal, que é de preferente aplicación respecto a aquela. Polo tanto, pode entenderse que todas as normas tipificadoras que conteñan as ordenanzas son, en realidade, só de aplicación subsidiaria: só son aplicables se a conduta non está prevista e sancionada nunha norma estatal ou autonómica⁴⁹. Esta é a solución xeral que se desprende, ademais, para o caso específico das ordenanzas de convivencia, do artigo 140.1 LRBRL cando afirma que “serán moi graves as in-fracciões que supoñan: a) Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de xeito grave, inmediato e directo á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas... ou á salubridade ou ornato públicos, *sempre que se trate de condutas*

⁴⁹ *Vid.* con carácter xeral REBOLLO PUIG, M., IZQUIERDO CARRASCO, M., e ALARCÓN SOTOMAYOR, L., “Título XI. Tipificación de las infracciones y sanciones por las entidades locales en determinadas materias”, cit., pp. 3745-3748.

non subsumibles nos tipos previstos no capítulo IV da Lei 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá”. E o mesmo se infire do artigo 140.1.f) LRBRL: “Serán moi graves as infraccións que supoñan: f) Os actos de deterioración grave e relevante de espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmoables, *non derivados de alteracións da seguridade cidadá*”.

Tería sido moi conveniente que as ordenanzas de convivencia o tivesen aclarado expresamente ou que a propia LOPSC –que é posterior no tempo– o tivese feito por elas. Tamén tería sido perfectamente posible que a LOPSC tivese alterado para este sector concreto as regras expostas e optase por establecer normas sancionadoras supletorias, isto é, só aplicables en defecto das normas locais⁵⁰. Por exemplo, que dispuxese que as súas normas sobre infraccións por beber alcohol nas rúas fosen de aplicación só a falta de regulación por ordenanza deses mesmos ilícitos. Pero, por non facer, non fixo nin unha cousa nin a outra.

6.2 A tipicidade das infraccións e a reserva de lei e a culpabilidade nas sancións

En canto á garantía da tipicidade das infraccións e da predeterminación normativa das sancións, denunciouse que moitos tipos da LOPSC son demasiado amplos e tan indeterminados que non garanten un mínimo de certeza e de seguridade xurídica aos cidadáns á hora de prever cales dos seus comportamentos poderán ser sancionados. As críticas do CXPX e do Consello Fiscal a moitas das infraccións previstas no anteproxecto, precisamente, por vulnerar o principio de tipicidade foron moi intensas⁵¹. Na miña opinión, e malia as fortes críticas dos penalistas a este respecto⁵², o uso que fai a LOPSC dos conceptos xurídicos indeterminados para tipificar as súas infraccións é moderado⁵³, e son moi escasas as infraccións previstas no texto finalmente aprobado que poden xerar este problema. Bo reflexo diso é que o Consello de Estado se mostrou moi favorable co anteproxecto no referente á garantía da tipicidade, e considerou

⁵⁰ Vid. neste sentido REBOLLO PUIG, M., IZQUIERDO CARRASCO, M., e ALARCÓN SOTOMAYOR, L., “Título XI. Tipificación de las infracciones y sanciones por las entidades locales en determinadas materias”, cit., p. 3749.

⁵¹ O CXPX considerou que non satisfacían os principios de tipicidade e taxatividade as condutas típicas previstas nos actuais arts. 35.4 e 37.6, 36.2, 36.4, 36.5, 36.18, 36.23, 37.5 e 37.15 LOPSC. Pola súa parte, segundo o Consello Fiscal, vulneraban a garantía de tipicidade as condutas previstas nos actuais art. 35.4, art. 37.5 e art. 37.7. En relación con esta última do art. 37.7, informou de que “están descritas en termos excesivamente amplos, non o suficientemente precisos, concretos e taxativos como para satisfacer sen dúbida ningunha as exigencias do principio de tipicidade”.

⁵² Vid. RIDAO MARTÍN, J., “Las actuales limitaciones sobre la participación política y la libertad de información en el espacio público en España. Una lectura constitucional de la Ley Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de la Seguridad Ciudadana”, *Revista Española de Derecho Constitucional*, n. 107, 2016, p. 217; BILBAO UBILLOS, J.M., “La llamada Ley Mor-daza: La Ley Orgánica 4/2015 de protección de la seguridad ciudadana”, cit., pp. 246-248; ALONSO RIMO, A., “El nuevo anteproyecto de Ley Orgánica de Protección de la seguridad (¿ciudadana?): Análisis desde la perspectiva del derecho de reunión y manifestación”, cit., p. 13; PRESNO LINERA, M.A., “La expansión del derecho administrativo sancionador securitario: Análisis constitucional de la Ley Orgánica para la protección de la seguridad ciudadana”, cit., pp. 285; e BAUCCELLS I LLADÓS, J., “El nuevo ‘derecho sancionador autoritario’. Acerca de la constitucionalidad del Código Penal y la Ley de Protección de Seguridad Ciudadana”, *Revista General de Derecho Penal*, n. 24, 2015, pp. 24-30.

⁵³ Tamén o cre REBOLLO PUIG, M., “La trama de la Ley de Seguridad Ciudadana”, cit. (en prensa).

que era axeitado e razoable o uso que facía de conceptos xurídicos indeterminados á hora de tipificar as infraccións⁵⁴.

En canto ás ordenanzas de convivencia, non vin que o seu réxime sancionador recibise críticas pola posibilidade de vulnerar a garantía de tipicidade. De feito, hai quen mesmo as gabou por facer xusto o contrario. Di PEMÁN GAVÍN⁵⁵, cando comenta a ordenanza de Barcelona, que “debe notarse que se pon especial coidado en cumprir o mandato constitucional de tipicidade, precisando de modo exhaustivo as condutas que constitúen infracción administrativa e as súas correspondentes sancións”. E despois insiste: “Hai, como veremos, algúns temas nos que as opcións introducidas suscitan reparos e resultan cuestionables, pero polo que se refire ao respecto do principio de tipicidade, o texto da ordenanza paréceme impecable”. Ben é verdade que PEMÁN di isto da ordenanza de Barcelona cando a compara coa tipificación de infraccións que facían as antigas ordenanzas de policía e bo goberno (de Madrid de 1948 ou de Valladolid de 1924), que eran moito peores neste sentido, pero nin aínda así se sosteñen os seus argumentos⁵⁶.

Na miña opinión, hai moitos preceptos nas ordenanzas de convivencia que tipificaron infraccións a través de fórmulas vagas e amplísimas e facendo un uso desmedido dos conceptos xurídicos indeterminados⁵⁷. De feito, as poucas sentenzas que as cuestionaron e anulon algúns dos seus artigos fixérono, precisamente, porque os seus tipos infractores vulneraban o principio de tipicidade. É o que aconteceu, por exemplo, coa infracción consistente en ir *case espido* polos espazos públicos de Barcelona ou de Valladolid e coa de transitar ou permanecer nos espazos públicos de Barcelona ou Valladolid soamente cunha *peza de roupa similar ao traxe de baño*. As catro foron anuladas polas SSTs do 23 de marzo de 2015 (RX\2015\2113) e do 9 de maio de 2016 (RX\2016\2588)⁵⁸, respectivamente, por vulneraren a garantía de tipicidade⁵⁹. Na

⁵⁴ Na consideración xeral quinta, di o ditame do Consello de Estado ao anteproxecto da LOPSC que “merece unha consideración xeral a utilización polo prelexislador de conceptos xurídicos indeterminados, que se cualifican de vagos e imprecisos en varios dos informes que constan en antecedentes (...) O Consello non comparte tales criterios. A utilización de conceptos xurídicos indeterminados (...) non equivale a vaguidade e imprecisión (...). A razón xurídica non é unha razón mecánica e, por iso, o lexislador non pode prever detalladamente todas e cada unha das circunstancias do caso ao que hai que aplicar a lei, especialmente en materia tan fluída como é o mantemento da seguridade cidadá. Por iso, é adecuado e razoable tanto o recurso aos conceptos xurídicos indeterminados, como ao razoable da interpretación da norma e a valoración dos feitos en presenza. Iso non supón abrir a porta á arbitrariedade”

⁵⁵ PEMÁN GAVÍN, J., “Ordenanzas municipais e convivencia cidadá. Reflexións a propósito da Ordenanza de civismo de Barcelona”, cit., pp. 34-35.

⁵⁶ Uns anos despois PEMÁN en “La política de civismo en los Ayuntamientos españoles. Entre policía, acción social y educación cívica”, cit., pp. 38-41, si reconece que hai preceptos nas ordenanzas nos que queda vulnerado o principio de tipicidade; por exemplo, nos art. 23 e 24 da xa derogada ordenanza de Valladolid de 2004, posto que se limitan a reproducir o disposto no art. 140.1 LRBRL sen introducir máis elementos de concreción (como declarou a STSX de Castela e León, do 15 de decembro de 2006, n. 2247/2006) e no art. 103.4 da ordenanza de civismo de Lleida, que tipifica como infracción grave “a falta de respecto e a insolidariedade cara a outras persoas”. Tamén, no art. 103.6 da ordenanza de Lleida que tipifica como infracción grave “alterar a orde pública e o descanso veciñal”.

⁵⁷ Tamén o pensa TRAYTER JIMÉNEZ, J.M., “Las ordenanzas cívicas: especial referencia a la Ordenanza de convivencia ciudadana de Barcelona”, cit., pp. 546-547.

⁵⁸ Análizaas GONZÁLEZ BOTIJA, F., *Orden público y libertad (Vestimenta, comunicación comercial y audiovisual, ocio y banderas)*, Atelier, Barcelona, 2018, pp. 175-178.

Palabras clave: LCSP, negocios excluídos, contrato subministracións, libros científicos, material bibliográfico, bibliotecas, compras públicas.

Resumen: La cuestión planteada se centra en si la contraprestación económica abonada por la adquisición de material bibliográfico y la adquisición de libros científicos entra o no dentro del ámbito de aplicación objetivo de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de contratos del sector público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014 (en adelante, LCSP). Esto es, si le es aplicable o no la LCSP.

Palabras clave: LCSP, negocios excluidos, contrato suministros, libros científicos, material bibliográfico, bibliotecas, compras públicas.

Abstract: The question raised focuses on the economic consideration and the acquisition of bibliographic material and the acquisition of book books, are included in the site of the objective application of Law 9/2017, of November 8, Public Sector Contracts, whereby the European Parliament and Council Directives 2014/23/EU and 2014/24/EU, of 26 February 2014 (hereinafter LCSP) are transposed into the Spanish legal order. That is, if it is applicable or not to the LCSP.

Key words: LCSP, excluded businesses, contract supplies, scientific books, bibliographic material, libraries, public purchases.

SUMARIO: 1 Análise normativa da cuestión. 1.1 Análise normativa inicial. 1.2 Afondamento na análise normativa. 1.3 Análise da doutrina científica. 2 No fondo da cuestión. 3 Conclusión. 4 Recomendacións.

1 Análise normativa da cuestión

1.1 Análise normativa inicial

O artigo 2 da LCSP delimitanos o ámbito obxectivo da lei ao dicirnos no seu apartado primeiro que “*Son contratos do sector público e, en consecuencia, están sometidos a esta lei na forma e termos previstos nela os contratos onerosos, calquera que sexa a súa natureza xurídica, que celebren as entidades enumeradas no artigo 3*” e, como novidade da nova lei, que “*Se entenderá que un contrato ten carácter oneroso nos casos en que o contratista obteña algún tipo de beneficio económico, xa sexa de forma directa ou indirecta*”.

De conformidade co artigo 3 da LCSP, que regula o seu ámbito subxectivo, defínese quen ten, para os efectos de aplicación da lei, a consideración de administracións públicas, poderes adxudicadores non Administración pública e o que se denomina resto do sector público, isto é, a quen se lle aplica a norma.

Os negocios e contratos excluídos regúlanse nos artigos 4 e seguintes da LCSP. O artigo 4 recolle o réxime aplicable aos negocios xurídicos excluídos: “*As relacións xurídicas, negocios e contratos citados nesta sección quedan excluídos do ámbito desta lei, e rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse*”.

Este precepto non atopa, pola súa vez, referencias no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en diante, RXLCAP).

As concordancias internas do artigo 4 na nova LCSP atopámolos nos seguintes preceptos: “*Artigo 5: Negocios xurídicos excluídos no ámbito da defensa e da seguridade. Artigo 6: Convenios e encomendas de xestión. Artigo 7: Negocios xurídicos e contratos excluídos no ámbito internacional. Artigo 8: Negocios e contratos excluídos no ámbito da investigación, o desenvolvemento e a innovación. Artigo 9: Relacións xurídicas, negocios e contratos excluídos no ámbito do dominio público e no ámbito patrimonial. Artigo 10: Negocios e contratos excluídos no ámbito financeiro. Artigo 11: Outros negocios ou contratos excluídos. Artigo 19.2: Delimitación xeral (contratos suxeitos a regulación harmonizada). Artigo 22: Contratos de servizos suxeitos a unha regulación harmonizada: limiar). Artigo 30: Execución directa de prestacións pola Administración pública coa colaboración de empresarios particulares ou a través de medios propios non personificados. Artigo 31: Potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal. Artigo 32: Encargos dos poderes adxudicadores a medios propios personificados. Artigo 33: Encargos de entidades pertencentes ao sector público que non teñan a*

consideración de poder adxudicador a medios propios personificados. Artigo 182: Bases do concurso (de proxectos)”¹.

E as concordancias con outras normas referéncianse en cada un dos artigos seguintes ao artigo 4, relativos aos distintos negocios e contratos excluídos.

A conclusión derivada desta primeira análise normativa é que en ningún destes preceptos aparece como negocio xurídico excluído da LCSP a adquisición de libros científicos ou a adquisición de material bibliográfico.

Pola súa parte e retomando o artigo 2 da LCSP, atopamos concordancias deste artigo co artigo 1 do RXLCAP e tamén concordancias dentro do propio texto da LCSP, por citar só as que veñen ao caso: artigo 12: Cualificación dos contratos. Artigo 19: Delimitación xeral dos contratos suxeitos a unha regulación harmonizada. Artigo 24: Réxime xurídico aplicable aos contratos do sector público. Artigo 25: Contratos administrativos. Tamén é concordante o artigo 16 LCSP ao definir os contratos de subministración; considera como tales “os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles”, para precisar expresamente no seu apartado segundo que “non terán a consideración de contrato de subministración os contratos relativos a propiedades incorporais ou valores negociables”².

Pois ben, de todos os preceptos analizados non se pode, *a priori*, da súa simple lectura dilucidar nin inferir a exclusión da adquisición de material bibliográfico ou libros científicos da aplicación da actual LCSP. Tampouco atopamos visos desa exclusión despois da análise das concordancias coa Directiva 2014/24/UE (Directiva clásica de contratación pública, aludida ao inicio).

É dicir, en toda a análise normativa realizada non se atoparon argumentos xurídicos de peso (nin sen el) que nos permitan soste a exclusión dos negocios xurídicos (compras) aquí analizados, a saber, adquisición de material bibliográfico e libros científicos.

1.2 Afondamento na análise normativa

Malia o anterior, non podemos obviar unha corrente doutrinal de carácter científico e non vinculante que se posiciona na posible exclusión da aplicación da LCSP destas adquisicións de libros científicos. Neste sentido, a base xurídica que fundamenta esta posición parte do último inciso do mencionado artigo 16 da LCSP, cando, ao definir os contratos de subministracións, establece que “non terán a consideración de contrato de subministración os contratos relativos a propiedades incorporais ou valores negociables”, exclusión que manteñen *ex* artigo 9 desta norma, como logo veremos.

¹ Véxase en AA.VV., *Contratación del Sector Público Local. Comentarios al articulado de la nueva Ley 9/2017, de 8 de noviembre de Contratos del Sector Público*, Martínez Fernández, J.M. (dir.), 4.ª ed. (2 tomos), Editorial Wolters Kluwer-LA LEY, Madrid, 2017, comentario do artigo 4 realizado por De la Morena Sánchez, J., e Pintos Santiago, J., pp. 74 e 75.

² Véxase en AA.VV., *Contratación del Sector Público Local. Comentarios al articulado de la nueva Ley 9/2017, de 8 de noviembre de Contratos del Sector Público*, cit., comentario do artigo 2, realizado por De la Morena Sánchez, J., e Pintos Santiago, J., pp. 59 e 60.

O artigo 9 regula as relacións xurídicas, negocios e contratos excluídos no ámbito do dominio público e no ámbito patrimonial.

Pero analicemos, pois, antes para máis abastamento as concordancias destes dous preceptos, en busca de referencias que nos permitan e outorguen unha maior seguridade xurídica á hora de considerar excluída da LCSP a adquisición de libros científicos e do material bibliográfico.

O artigo 16 da LCSP atopa referencias no RXLCAP no libro II, título III, “Do contrato de subministración”, así como as seguintes concordancias internas na nova lei: “Artigo 2: *Ámbito de aplicación*. Artigo 3: *Ámbito subxectivo*. Artigo 5: *Negocios xurídicos e contratos excluídos no ámbito da defensa e da seguridade*. Artigo 7: *Negocios xurídicos e contratos excluídos no ámbito internacional*. Artigo 9: *Relacións xurídicas, negocios e contratos excluídos no ámbito do dominio público e no ámbito patrimonial*. Artigo 12: *Cualificación dos contratos*. Artigo 18: *Contratos mixtos*. Artigo 19: *Delimitación xeral (Contratos suxeitos a unha regulación harmonizada)*. Artigo 21: *Contratos de subministración suxeitos a unha regulación harmonizada: limiar*. Artigo 25: *Contratos administrativos*. Artigo 27: *Xurisdición competente (apartado 1. Contencioso-administrativo)*. Artigo 29: *Prazo de duración dos contratos e de execución da prestación*. Artigo 32: *Encargos dos poderes adxudicadores a medios propios personificados*. Artigo 33: *Encargos de entidades pertencentes ao sector público que non teñan a consideración de poder adxudicador a medios propios personificados*. Artigo 44: *Recurso especial en materia de contratación: actos recorribles*. Artigo 75: *Integración da solvencia con medios externos*. Artigo 76: *Concreción das condicións de solvencia*. Artigo 87: *Acreditación da solvencia económica e financeira*. Artigo 89: *Solvencia técnica nos contratos de subministración*. Artigo 99: *Obxecto do contrato*. Artigo 101: *Valor estimado*. Artigo 103: *Procedencia e límites (Revisión de prezos nos contratos das entidades do sector público)*. Artigo 107: *Exixencia da garantía definitiva*. Libro segundo, título II, capítulo IV: *Do contrato de subministración. Disposición adicional vixésimo segunda: Contratos de subministración con empresas estranxeiras. Disposición adicional trixésimo cuarta: Contratos de subministracións e servizos en función das necesidades*. ANEXO II: *Lista de produtos considerados no artigo 21.1.a), no que se refire aos contratos de subministración adxudicados polos órganos de contratación no sector da defensa*”.³

Con respecto a outras normas, as concordancias principais que do artigo 16 da LCSP atopamos son as que seguen: 2014/24/UE (Contratación pública): “Artigo 1: *Obxecto e ámbito de aplicación*. Artigo 2: *Definicións (apartados 5, 8, 14 e 15)*. Artigo 3: *Contratación mixta*. Artigo 4: *Importes dos limiares (letras b) e c)*. Artigo 5: *Métodos de cálculo do valor estimado da contratación*. Artigo 9: *Contratos públicos adxudicados e concursos de proxectos organizados conforme normas internacionais (Exclusións)*. Artigo 17: *Contratos públicos e concursos de proxectos que impliquen aspectos de seguridade ou defensa que se adxudiquen ou organicen segundo normas internacionais*. Artigo 42: *Especificacións técnicas*. Artigo 43: *Etiquetas*. Artigo 45: *Variantes*. Artigo 62: *Normas de*

³ Véxase en AA.VV., *Contratación del Sector Público Local. Comentarios al articulado de la nueva Ley 9/2017, de 8 de noviembre de Contratos del Sector Público*, cit., comentario do artigo 2 realizado por De la Morena Sánchez, J., e Pintos Santiago, J., pp. 123 e 124.

aseguramento da calidade e normas de xestión ambiental. Artigo 68: Cálculo do custo do ciclo de vida. Real decreto 806/2014, do 19 de setembro, sobre organización e instrumentos operativos das tecnoloxías da información e as comunicacións na Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos”⁴.

Pola súa parte, o artigo 9 da LCSP non atopa referencia no RXLCAP. As concordancias internas na nova LCSP son: Artigo 14: Contratos de concesión de obra pública. Artigo 16: Contrato de subministración (apartado 2). Artigo 34: Liberdade de pactos (apartado 2). Artigo 166: Supostos de aplicación do procedemento negociado sen publicidade (letra a) 2.º). Artigo 255: Dereitos do concesionario (de obras. Letras c) e d). Artigo 256: Obrigas do concesionario (de obras. Letra f). Artigo 270: Incorporación a títulos negociables dos dereitos de crédito do concesionario (de obra). Disposición adicional segunda: Competencias en materia de contratación nas entidades locais (apartados 9 e 10). Disposición adicional terceira: Normas específicas de contratación pública nas entidades locais (apartado 9). Disposición adicional sétima: Bens integrantes do Patrimonio Histórico Español⁵.

E as principais concordancias noutras normas atopámolos en: Directiva 2014/23/UE (Contratos de concesión): Artigo 10: Exclusiones aplicables ás concesións adjudicadas por poderes adjudicadores e entidades adjudicadoras (apartado 8 a). Directiva 2014/24/UE (Contratación pública): Artigo 10: Exclusiones específicas relativas aos contratos de servizos (apartado a). Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española: Artigo 6: Supostos en que pode aprobarse un réxime de revisión periódica e predeterminada de valores monetarios en función de prezos individuais ou índices específicos de prezos (Apartado 2). Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español (Real decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da dita lei)⁶.

Por último e neste intento de análise normativa suficientemente completa para avaliar a cuestión obxecto de estudo, analizáronse comparativamente tamén estes preceptos (arts. 2, 4, 9 e 16 da LCSP) cos seus homónimos na lexislación anterior, isto é, o Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante, TRLCSP).

O artigo 2 da LCSP atopa a súa referencia do TRLCSP tamén no artigo do mesmo numeral (2), cuxas novidades principais, para os efectos do que nos ocupa neste traballo, xa foron citadas (definición de onerosidade).

O artigo 4 da LCSP concorda coa introdución do apartado 1 e co apartado 2 do artigo 4 do TRLCSP, nos cales se advirte principalmente o cambio do verbo “regular” por “rexer”, de efecto xurídico similar en canto a determinar as normas a que deben

⁴ Véxase en AA.VV., *Contratación del Sector Público Local. Comentarios al articulado de la nueva Ley 9/2017, de 8 de noviembre de Contratos del Sector Público*, cit., comentario do artigo 2 realizado por De la Morena Sánchez, J., e Pintos Santiago, J., pp. 123 e 124.

⁵ Véxase en AA.VV., *Contratación del Sector Público Local. Comentarios al articulado de la nueva Ley 9/2017, de 8 de noviembre de Contratos del Sector Público*, cit., comentario do artigo 9 realizado por De la Morena Sánchez, J., e Pintos Santiago, J., p. 97.

⁶ Véxase en AA.VV., *Contratación del Sector Público Local. Comentarios al articulado de la nueva Ley 9/2017, de 8 de noviembre de Contratos del Sector Público*, cit., comentario do artigo 9 realizado por De la Morena Sánchez, J., e Pintos Santiago, J., p. 97.

someterse as relacións xurídicas, negocios e contratos excluídos do ámbito da Lei de contratos ou o que hai que facer nos ditos casos.

O artigo 9 da LCSP atopa a súa referencia no TRLCSP no artigo 4 o) e p). Os cambios que se producen son os seguintes, aínda que ningún, como se pode comprobar, afecta á cuestión obxecto de estudo e análise de dilucidación neste traballo:

- Cámbiase o adverbio “non” poderán incluírse prestacións..., polo adverbio “só” poderán incluírse prestacións... O cambio de adverbio é radical en canto á inclusión ou non das prestacións correspondentes, polo que sería desexable precisar correctamente a intención xurídica ou, polo menos, aproximarse ao precepto das directivas, que unicamente exclúe a “adquisición ou o arrendamento (...) de terreos, edificios xa existentes ou outros bens inmobles, ou relativos a dereitos sobre estes bens”.
- Cámbiase o condicional “ou se non”, pola locución adverbial “pola súa vez”, que modifica radicalmente o sentido do precepto.
- Suprímese o inciso final do apartado p) do artigo 4 TRLCSP.

O artigo 16 da LCSP atopa a súa referencia no TRLCSP, tamén no mesmo numeral, artigo 9. Os cambios que se producen son os seguintes, os cales si denotan unha relevancia, enténdese que moi importante, para a cuestión obxecto de estudo neste traballo, relevancia que, xa poñemos de manifesto, non consiste en ningunha novidade, senón xustamente todo o contrario: en idéntica regulación con respecto á normativa anterior:

- Suprímese o inciso final deste apartado 3 a) do TRLCSP “*Non obstante, a adxudicación destes contratos efectuarase de acordo coas normas previstas no capítulo II do título II do libro III para os acordos marco celebrados cun único empresario*”.
- No apartado 3.b), sobre adquisición e arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, e a cesión de dereitos de uso destes últimos, prevense a consideración deste tipo de contratos como de subministración, calquera que sexa a modalidade de posta á disposición.
- Engádese un novo apartado d) referente á consideración de contrato de subministración na adquisición de enerxía, tanto primaria como transformada (ou secundaria).

Como xa se adiantou e queda posto de manifesto, o inciso do actual artigo 16 da LCSP “*non terán a consideración de contrato de subministración os contratos relativos a propiedades incorporais ou valores negociables*” non resulta ningunha novidade normativa e é transcrito exactamente igual que estaba na anterior lexislación. Polo tanto, este é un elemento normativo que neste momento do estudo se quere volver remarcar: non houbo cambios normativos con respecto á regulación anterior, xustamente na parte do precepto que se sostén como fundamento ex artigo 9 da LCSP para excluír os libros científicos da aplicación da LCSP.

1.3 Análise da doutrina científica

Pero volvamos á análise en maior profundidade da doutrina científica que sostén a posible exclusión destas compras da aplicación da LCSP. Conforme a doutrina científica que avoga pola exclusión das adquisicións de libros científicos da LCSP, fundaméntase no que segue⁷:

O artigo 10 do Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, considera que son obxecto de propiedade intelectual todas as creacións orixinais literarias, artísticas ou científicas expresadas por calquera medio ou soporte, tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro, comprendéndose entre elas, “os libros, folletos, impresos, epistolarios, escritos, discursos e alocucións, conferencias, informes forenses, explicacións de cátedra e calquera outras obras da mesma natureza” (letra a) do apartado 1).

Continúa argumentando que, ao ser a propiedade intelectual un ben incorporeal (que, como resalta a resolución do TACRC 220/2013, do 12 de xuño de 2013, se desprega nun conxunto de dereitos de diferente signo), a compra de libros científicos polos poderes adjudicadores sería un negocio xurídico que estaría formalmente excluído das previsións da LCSP 2017, ao non ter consideración de contrato público ex artigo 9 desta norma.

Así mesmo, di que a afectación a dereitos protexidos pola normativa sobre propiedade intelectual implica que as condicións persoalísimas sexan determinantes para a selección da prestación de creación, ata o punto de que, en moitas ocasións, a publicación en cuestión xa pode vir amparada por unha protección intelectual previa (tese doutoral, artigos ou traballos de investigación). Baseándose nesta argumentación, a adquisición de coñecemento de libros científicos queda á marxe das regras e procedementos da contratación pública, aínda que en opinión de quen subscribe e en contra deste argumento concreto non esquezamos que non se está a contratar expresamente esa investigación, tese ou artigos, non se está a contratar a realización dun libro científico ou un material bibliográfico concreto, non se está a contratar a realización e adquisición específica dunha propiedade incorporeal, senón comprando unha subministración cun provedor que é certo que vende un produto protexido pola propiedade intelectual, pero un produto de mercado que está ao alcance de calquera que o desexe comprar a través dunha sorte plural de distribuidores autorizados que poden actuar en prezo de mercado e en concorrència competitiva. Está a mercar un libro no formato que sexa, xa feito, xa realizado e á venda no mercado, non compra a realización dun estudo concreto, feito á medida, por exemplo. Por outro lado, non esquezamos que a propia LCSP fai numerosas alusións á compra pública de prestacións de carácter intelectual, así como á propiedade intelectual (mesmo industrial) sen por iso, todo o contrario, consideralos excluídos do ámbito de aplicación da LCSP –véxanse preámbulo, artigos 122, 143, 145, 159, 160, 168, 177,

⁷ MORENO MOLINA, J.A., *Adquisiciones de libros científicos excluidas de la LCSP 2017*, Dispoñible na Web do Observatorio de Contratación Pública (ObCP). Dispoñible en: <http://www.obcp.es/index.php/mod.opinion/mem.detalle/id.355/releategoria.121/reletemenu.3/chk.e97f8d050e5d4c2179e4d4dbed955a03d> (7 de novembro de 2018).

308 e disposición adicional cuadraxésimo primeira–, co que con esta mesma argumentación poderíamos considerar excluídas da aplicación da LCSP outras moitas prestacións e contratacións.

Sostén tamén a doutrina que, se se acode á Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas, se pode atopar no seu artigo 2 unha definición de libro como “*obra científica, artística, literaria ou de calquera outra índole que constitúe unha publicación unitaria nun ou varios volumes e que pode aparecer impresa ou en calquera outro soporte susceptible de lectura. Enténdense incluídos na definición de libro, para os efectos desta lei, os libros electrónicos e os libros que se publiquen ou se difundan por Internet ou noutro soporte que poida aparecer no futuro, os materiais complementarios de carácter impreso, visual, audiovisual ou sonoro que sexan editados conxuntamente co libro e que participen do carácter unitario deste, así como calquera outra manifestación editorial*”. (Quérese facer mención neste punto concreto a que a Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas, non é unha das normas que se citan na LCSP entre as concordancias con outras normas que se citan en cada un dos artigos seguintes ao artigo 4, relativos aos distintos negocios e contratos excluídos, é dicir, a norma que regula os contratos do sector público non cita expresamente entre as normas que exclúe do seu ámbito de aplicación, como si o fai respecto doutras normas, a citada Lei 10/2007).

Segue dicindo a doutrina que o artigo 9 da Lei 10/2007 establece que toda persoa que edita, importa ou reimporta libros está obrigada a establecer un prezo fixo de venda ao público ou de transacción ao consumidor final dos libros que se editen, importen ou reimporten, todo iso con independencia do lugar en que se realice a venda ou do procedemento ou operador económico a través do cal se efectúa a transacción. Co fin de garantir unha axeitada información, o editor ou importador quedará así mesmo obrigado a indicar nos libros por el editados ou importados o prezo fixo (poderíase dicir que como case calquera outro ben de mercado, aínda que, e malia ser isto así, é igualmente certo que as distintas distribuidoras aplican descontos que adoitan variar dependendo non só do punto de venda, senón tamén da forma en que se leve a cabo a distribución da adquisición bibliográfica).

Como excepcións ao prezo fixo, o artigo 11 da Lei 10/2007 admite que se poidan aplicar prezos inferiores ao de venda ao público cando o consumidor final sexan bibliotecas, arquivos, museos, centros escolares, universidades ou institucións ou centros cuxo fin fundacional sexa científico ou de investigación (posibilidades de desconto variadas que xa se puxeron de manifesto no parágrafo anterior e que ademais se dan en moitos outros produtos, obras e servizos, como calquera ben de mercado).

Esta mesma doutrina sostén, á vez, que sería recomendable a homologación da compra de libros científicos sen restrición de provedores, tal como admite a Sentenza do TXUE do 2 de xuño de 2016, no asunto C-410/14, Dr. Falk Pharma GmbH e DAK-Gesundheit, ECLI: EU: C:2016:399, que entende que non constitúe un contrato público para os efectos das directivas de contratos públicos un sistema de acordos, como o que é obxecto do litixio principal, mediante o cal unha entidade pública pretende adquirir bens no mercado contratando, ao longo de toda a vixencia

do dito sistema, con todo operador económico que se comprometa a subministrar os bens de que se trate en condicións preestablecidas, sen levar a cabo unha selección entre os operadores interesados e permitíndolles adherirse ao devandito sistema durante toda a vixencia deste. Aplicando deste xeito un criterio de racionalidade de xestión e axeitada trazabilidade, pode aconsellar a implantación dun sistema de homologación aberto a calquera provedor da Unión Europea que cumpra os requisitos que se considere oportuno establecer, como o prazo de entrega, a facturación ou os descontos [opinión que me parece do máis acertada, para respectar así a exigencia de publicidade comunitaria nos contratos de contía inferior aos limiares SARH, se o contrato ten un “interese transfronteirizo” (STUE do 16 de abril de 2015; do 2 de xuño de 2016), entendendo que a compra de material bibliográfico e libros científicos ten ese interese.

2 No fondo da cuestión

Chegados a este punto, toca facer o correspondente pronunciamento de opinión xurídica e motivada ao respecto, máis alá do xa comentado ata o momento.

1. Non se atopa no conxunto dos textos normativos analizados un pronunciamento explícito e suficientemente preciso que permita entender excluídos da LCSP con todas as salvagardas xurídicas que iso require a adquisición de libros científicos ou de material bibliográfico, xa sexa por universidades públicas, bibliotecas públicas ou similares. Ningún dos preceptos analizados así nolo di expresamente.

2. Na investigación levada a cabo non se atoparon tampouco pronunciamentos vinculantes derivados dos distintos órganos existentes con competencias para iso que permitan afirmar categoricamente a dita exclusión.

3. Existe doutrina científica non vinculante que se manifestou ao respecto desa exclusión baseándose nos argumentos transcritos neste estudo. Os argumentos que sostén foron transcritos e foron obxecto de avaliación baixo o prisma xurídico de quen subscribe.

4. Esta doutrina científica non vinculante avoga, así mesmo, por utilizar sistemas de racionalización da compra pública. Exigencia de planificación estratéxica derivada xa *ex lege* da LCSP a impor importantes límites e restricións á contratación menor (arts. 118, 28 e 29 e resto de concordantes) e, polo tanto, non aplicable exclusivamente ás adquisicións bibliográficas e de libros científicos, senón con carácter xeral á racionalización de calquera compra periódica de obra, servizo ou subministracións. Isto lévanos á conclusión de que a propia doutrina, malia esa exclusión “*formal*” (teor literal), sostén e defende unha contratación sometida aos principios xerais da contratación pública, denotando deste xeito a necesidade de aplicación dese bo criterio que é o sempiterno respecto aos principios xerais da contratación pública no seu seo.

Este é un punto onde temos que facer unha parada importante para o correcto entendemento da cuestión que nos preocupa. Cabe dicir que o que se aplica de maneira que cubra as dúbidas interpretativas e lagoas que poidan presentar as distintas

normativas reguladoras dos negocios xurídicos excluídos son os “principios”; así pois, os principios xerais da contratación pública.

Os principios xerais do dereito da Unión Europea merecen unha mención especial debido á importancia vertebral e transversal que teñen en todo o dereito da Unión Europea. Non se pode obviar e polo tanto deixar pasar, para unha completa comprensión do dereito, unha referencia ao que son e supoñen os principios xerais dentro do ordenamento xurídico europeo e tamén, como non, dentro de calquera ordenamento xurídico propio dun Estado social e democrático de dereito⁸.

Os principios xerais son o fundamento das normas, e na súa orixe representan a idea de principalidade que lles confire preferencia fronte ao resto de fontes do dereito. Teñen os seus alicerces no respecto do ser humano ou na natureza das cousas⁹, do que deriva a obrigatoria e permanente observancia de todo principio xeral do dereito¹⁰.

Por iso, os principios xerais do dereito revisten unha importancia fundamental en todo dereito e en toda rama do dereito, como a da contratación pública, xa que eles tenden a facilitar a inxerencia das normas e disposicións do seu dereito positivo a cada caso en particular, satisfán as lagoas que nestes sempre existen, e axudan a atopar novas solucións aos novos e variados problemas que a realidade e o mundo actual nos presenta para acadar os valores superiores que sempre deben informalos, e que constitúen directa ou indirectamente o Estado social e constitucional de dereito¹¹.

O TXUE, na súa misión de garante do respecto do dereito na interpretación e aplicación dos tratados, formula con moita frecuencia categorías xerais (principios) que unhas veces teñen o carácter de desenvolvemento de categorías xa contempladas normativamente, e outras, as máis, implican unha construción *ex novo* ante o silencio normativo ao respecto. Para o desenvolvemento deste labor creativo, o tribunal acode con normalidade aos dereitos dos distintos Estados membros da Unión Europea. En efecto, é doutrina reiterada polo máximo órgano xudicial europeo a que sinala que, no exercicio dos poderes que lles confiren as directivas comunitarias, os Estados membros deben respectar os principios xerais do dereito que forman parte do ordenamento xurídico comunitario (véxanse, neste sentido, as sentenzas do 8 de xuño de 2000, Schlosstrasse, C 396/98, Rec. p. I 4279, apartado 44, e do 26 de abril de 2005, Goed Wonen, C 376/02, Rec. p. I 3445, apartado 32).

Entre os moitos pronunciamentos e sentenzas ao respecto do TXUE, recollemos algunhas delas:

- Deben respectarse minimamente os principios de publicidade e concorrencia, mesmo comunitaria se o contrato ten “interese transfronteirizo”: STXCE do 18 de decembro de 2007, asunto C-220/06, Correos; STXUE do 16 de abril de

⁸ Sobre principios xerais, pode consultarse PINTOS SANTIAGO, J., *Los principios generales de desarrollo humano y sostenibilidad ambiental en la contratación pública*, Editorial INAP, Colección Monografías, Madrid, 2017, 378 pp.

⁹ CASSAGNE, J.C., *Los principios generales del derecho en el derecho administrativo*, Abeledo-Perrot, Buenos Aires, 1992, pp. 29 e 30.

¹⁰ DEL VECCHIO, G., *Los principios generales del derecho*, Bosch, Madrid, 1979, p. 149.

¹¹ LICO, M.A., “Principios generales del Derecho aplicables al Derecho administrativos y principios generales del Derecho surtidos del Derecho administrativo”, *Revista de Derecho administrativo*, n. 83, Abeledo-Perrot, Buenos Aires, outubro-2012, p. 1532.

2015, asunto C-278/14 (FX 20); STXUE do 2 de xuño de 2016, entendendo quen subscribe que a compra de material bibliográfico e de libros científicos posúe ese interese.

- Cabe “certa marxe de apreciación para adoptar medidas co obxecto de garantir o respecto dos ditos principios”: STXCE do 18 de decembro de 2007, asunto C-220/06, Correos; STXUE do 16 de abril de 2015, asunto C-278/14 (FX 20). O que conclúe que a certa marxe de apreciación é en favor da aplicación dos principios xerais e non da súa inobservancia, o cal acontecería de plano se subtraemos a compra de material bibliográfico e de libros científicos da aplicación dos procedementos e principios máis rigoristas que marca a contratación pública.
- Exixencia de publicidade comunitaria nos contratos de contía inferior aos límites SARH se o contrato ten un “interese transfronteirizo”: STXUE do 16 de abril de 2015, asunto C-278/14; STXUE do 2 de xuño de 2016.

O dereito da contratación pública non é, polo tanto, unha rama nin unha materia allea aos principios xerais do dereito, polo que todos eles son aplicables, por conseguinte, ao ámbito da contratación pública e aos procedementos administrativos de adxudicación derivados das compras públicas.

Así, os poderes adxudicadores dos Estados membros deben cumprir as normas e principios do TFUE en todas as adxudicacións de contratos públicos. Estes principios inclúen a libre circulación de mercadorías, o dereito de establecemento, a libre prestación de servizos, a non discriminación e a igualdade de trato, a transparencia, a proporcionalidade¹², o recoñecemento mutuo¹³, a publicidade e a concorrencia competitiva.

A importancia que hoxe revisten os principios xerais deriva, entre outras razóns, da inseguridade xurídica que xera a enorme corrente modificadora das normas e a dispersión lexislativa que iso supón, de forma que moitas veces se tornan no instrumento idóneo para resolver o caso concreto. De aí deriva tamén a importancia da súa positivización no dereito escrito, a prol desa maior seguridade xurídica, e de aí deriva o acerto de utilízalos polo lexislador e os aplicadores da norma como resolutorios das dúbidas e lagoas que se poidan formular noutros textos legais reguladores dos negocios excluídos da Lei de contratos do sector público.

Por iso e como engadido aos argumentos ata agora xa manifestados, en opinión de quen subscribe este traballo, estes principios son os que no caso concreto que nos ocupa nos orientan tamén cara á non exclusión da LCSP da adquisición de libros científicos e material bibliográfico.

5. Outro elemento destacable e obxectivo é a non modificación da LCSP con respecto á normativa anterior, no aspecto concreto que sería obxecto de aplicación e argumento para excluír estas compras da aplicación da LCSP.

¹² Sentenza TXUE do 11 de xullo de 1989, asunto 265/87, apartado 21.

¹³ Principios recollidos na Comunicación interpretativa da Comisión Europea sobre o dereito comunitario aplicable na adxudicación de contratos non cubertos ou só parcialmente cubertos polas directivas sobre contratación pública (2006/C 179/02).

É dicir, a expresión do artigo 16 da LCSP “*non terán a consideración de contrato de subministración os contratos relativos a propiedades incorporais ou valores negociables*” non sufriu no seu teor literal variación ningunha na LCSP en relación co TRLCSP. Tampouco a tivo o artigo 9 para entender excluídas estas adquisicións. É dicir, non houbo cambios no teor literal e tampouco se pode considerar, á vista da análise normativa que se realiza neste traballo, un cambio de orientación por parte do lexislador en canto á non inclusión de compra ou adquisición de material bibliográfico e libros científicos no ámbito obxectivo de aplicación da LCSP.

Da propia redacción do artigo 16 LCSP son varios os casos que poden subsumirse na noción do contrato de subministracións¹⁴, que é a que agora nos interesa, ou polo menos nunha noción ampla desta, iso tendo en conta de que o dito contrato non encerra unha soa figura xurídica, senón que adoita presentarse como un contrato mixto, combinando máis ou menos intensamente os elementos derivados doutras clases de contratos¹⁵. Este podería ser precisamente o caso da adquisición de material bibliográfico e libros científicos.

Non obstante, á marxe das discusións que xiran arredor do concepto do contrato de subministracións, ben podemos dicir que a súa noción abrangue sempre a compra ou adquisición de toda clase de bens mobles por parte da Administración¹⁶, mesmo aínda que tal contrato leve consigo de xeito accesorio obras de colocación ou de instalación, na medida en que o peso específico desta actuación (o seu valor poderíamos pensar) sexa inferior ao valor dos bens mobles adquiridos ou a prover a Administración¹⁷.

Desta forma, a noción do contrato administrativo de subministracións pivota sobre a xenérica adquisición de bens mobles¹⁸, por exemplo material bibliográfico; e os que tradicionalmente foron denominadas subministracións propias, relacionadas con satisfacción de necesidades duradeiras mediante a realización de entregas sucesivas de bens mobles cuxa contía se vai determinar en función das necesidades do adquirente sobrevidas na fase de execución do contrato¹⁹, pasaron a ser un suposto máis ou unha manifestación típica do devandito contrato.

¹⁴ Pode verse LICO, M.A., e PINTOS SANTIAGO, J., “Algunas ideas sobre el contrato administrativo de suministros en el Derecho administrativo argentino a propósito del Derecho comparado”, *Revista Contratación Administrativa Práctica*, n. 142, Editorial Wolters Kluwer-La Ley, marzo-abril de 2016, pp. 90-98. Estudo froito do cal son as reflexións que seguen a continuación neste traballo ao respecto da conceptualización do contrato de subministración.

¹⁵ VILLAR PALASÍ, J.L., e VILLAR EZCURRA, J.L., *Principios de Derecho Administrativo. Contratación Administrativa*, Tomo III, Editorial Universidade de Madrid, Facultade de Dereito, Sección Publicacións, Madrid, 1983, p. 360.

¹⁶ GILAVERT CERVERA, M.Á., *Comentarios a la Legislación de Contratos de las Administraciones Públicas*, Editorial Thomson-Aranzadi, Madrid, 2002, p. 1483; BENÍTEZ LÓPEZ, M., *Contrato Administrativo de Suministro y Centralización de las Compras Públicas*, Editorial Atelier, Madrid, 2000, p. 73; etc.

¹⁷ HERVÁS MÁZ, J., “El Contrato de Suministros”, *La Contratación de las Administraciones Públicas Ajustada a la Ley de Contratos del Sector Público*, Editorial Thomson-Civitas, Madrid, 2008, pp. 722-723.

¹⁸ GILAVERT CERVERA, M.Á., *Comentarios a la Legislación de Contratos de las Administraciones Públicas*, cit., p. 1483.

¹⁹ RIVERO YSERN, J.L., *El Contrato Administrativo de Suministro*, Edicións do Instituto García Oviedo, Universidade de Sevilla, Madrid, 1976, p. 77.

Recordemos que, para este autor, o contrato de subministración é aquel acordo de vontades en virtude do cal unha das partes, subministrante, se compromete a asegurarlle á outra, subministrado, a satisfacción dunha necesidade duradeira, mediante entregas sucesivas de bens mobles, cuxa contía se vai determinar en función das necesidades do adquirente sobrevidas na fase de execución do contrato.

Baseándose no antes dito, podemos xa adiantarnos a definir o contrato de subministracións como o contrato administrativo por medio do cal a Administración pública obtén a provisión de cousas mobles co alcance que enunciámos, a cambio dun prezo certo, cuxas entregas se poden realizar dunha soa vez ou en períodos sucesivos²⁰, e que se atopa sometido, como todo contrato administrativo, a todo un sistema de dereito administrativo, cuxo obxectivo e finalidade primordial é tratar de lograr un equilibrio xusto entre as prerrogativas outorgadas á Administración para a defensa dos intereses xerais da comunidade e os dereitos e liberdades dos particulares²¹.

Precisamente, tendo en conta o antes sinalado, a doutrina española fálanos da existencia de seis clases de contratos de subministracións: 1. Subministracións de contía determinada ou “pechados”: os relativos a bens definidos de antemán, tanto nas súas características e prezos unitarios como na súa contía e gastos totais; 2. Subministracións de contía indeterminada ou “abertos”: aqueles cuxo obxecto consista na entrega sucesiva de bens, mediante prezos unitarios, sen que inicialmente estea definida a súa contía total, quedando esta supeditada ás necesidades da Administración durante o período de vixencia do contrato; 3. Subministracións con fabricación: aqueles contratos en que o ben a subministrar debe ser elaborado de acordo con determinadas características fixadas previamente pola Administración; 4. Subministracións con instalación: aqueles contratos en que o contratista se compromete a realizar, como parte do mesmo obxecto contractual, determinadas obras accesorias de instalación e montaxe dos bens a subministrar; 5. Subministracións menores: subministracións cuxa contía sexa inferior na actualidade a 15.000 euros de valor estimado; e 6. Subministracións de equipos e sistemas informáticos: a lei asimila o contrato de subministración non só á adquisición de equipos e sistemas para o tratamento da información, senón, á vez, ao seu arrendamento e á cesión do dereito de uso dos programas informáticos, e mesmo lle confire a consideración de subministración ao mantemento dos equipos e programas, cando se contrate conxuntamente coa adquisición ou o arrendamento principal²².

Finalmente, e en certo xeito seguindo a idea de pensamento antes mencionada, é de destacar que a nova Directiva N.º 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de febreiro de 2014 sobre “contratación pública” e pola que se derroga a Directiva N.º 2004/18/CE, define o contrato de subministracións como o contrato cuxo obxecto sexa a compra, o arrendamento financeiro, o arrendamento ou a venda a prazos, con ou sen opción de compra, de produtos, aclarando, pola súa vez, que o contrato de subministracións poderá incluír, de forma accesorio, operacións de colocación e instalación.

Polo tanto, a nota esencial da figura do contrato de subministracións non vai ser o da entrega sucesiva de bens, nin tampouco a indefinición da contía dos bens a

²⁰ SAYAGUÉS LASO, E., *Tratado de Derecho Administrativo*, Tomo II, Clásicos Jurídicos Uruguayos, Fundación de Cultura Universitaria, Montevideo, 2002, p. 105.

²¹ Para aprofundar neste tema, ver o traballo de BARRA, R.C., *Principios de Derecho Administrativo*, Editorial Ábaco de Rodolfo Depalma, Buenos Aires, 1980, en especial as súas pp. 168-218.

²² VELÁZQUEZ CURBELO, F., *Manual Práctico de Contratación Administrativa*, Editorial Marcial Pons, Madrid, 1997, pp. 27-28.

entregar, nin as denominadas adquisicións en masa de bens, senón a adquisición de bens mobles por vía contractual, xa implique venda ou arrendamento, ou calquera outro negocio que envolva a adquisición destes bens pola Administración, xa se realice mediante tracto sucesivo ou en tracto único, mesmo aínda que leve consigo de xeito accesorio, e como se viu, obras de colocación ou de instalación respecto destes e de contía menor respecto dos produtos a subministrar á Administración.

En efecto, para que se estea en presenza dun contrato administrativo de subministracións non é preciso, de ningún xeito, que a prestación a cargo do contratante se ache constituída por entregas sucesivas ou continuadas, como nalgún momento soubo soste a doutrina²³; basta cunha entrega única. Por conseguinte, o contrato administrativo de subministracións non require, indispensablemente, que as prestacións do contratista sexan de tracto sucesivo, xa que pode existir tal contrato aínda que o seu cumprimento se opere e esgote instantaneamente, cunha soa prestación ou entrega²⁴.

Non obstante, o que necesaria e indubidablemente require este contrato, como xa quedou oportunamente indicado, é que este se refira ou centre sempre na provisión ou entrega de cousas mobles²⁵, co alcance e a extensión que a esa locución lle dá o noso Código civil, posto que o contrato polo cal se transfire o dominio dun inmovible non sería subministración, senón compravenda, suxeita por conseguinte a outro réxime xurídico²⁶.

En definitiva, crese poder afirmar hoxe en día, a falta dun pronunciamento vinculante e que outorgue seguridade xurídica, que a compra de material bibliográfico, incluídos os libros científicos, é e obedece ao réxime xurídico aplicable aos contratos de subministracións recollidos na LCSP ou, dito doutro xeito, se antes estas compras de material bibliográfico e libros de científicos non eran negocios xurídicos excluídos da aplicación das normas de contratación pública (nin sequera se facía esta formulación teórica e práctica), por que agora si han de selo se a LCSP de 2017 non tivo cambios ao respecto no seu teor literal, nin no seu sentido interpretativo, incluído o teleolóxico ou finalista. Pola aplicación dos límites á contratación menor? Non procede.

Procede a planificación, programación e racionalización da compra pública respectando os procedementos e principios xerais de aplicación á contratación pública.

Xa que logo, en opinión de quen subscribe, non se atopan argumentos xurídicos suficientes para manter a afirmación de que estas adquisicións están excluídas do ámbito de aplicación da LCSP, todo iso sen prexuízo do pronunciamento vinculante ou interpretativo que poida darse nun futuro polos órganos que teñen atribuída a dita competencia, pronunciamento que ata a data non se produciu.

²³ RIVERO YSERN, J.L., *El Contrato Administrativo de Suministro*, cit., pp. 77 e ss.

²⁴ MARIENHOFF, M.S., *Tratado de Derecho Administrativo*, Tomo III - B, Editorial Abeledo Perrot, Buenos Aires, 1994, p. 667.

²⁵ Ben se dixo que o común denominador de todas estas caracterizacións é o intercambio da cousa ou ben por prezo, e a cualificación do obxecto como de carácter mobiliario (DELPIAZZO, C.E., *Contratación Administrativa*, Universidade de Montevideo, Facultade de Dereito, Montevideo, 1999, p. 323).

²⁶ MARIENHOFF, M.S., *Tratado de Derecho Administrativo*, cit., p. 665.

3 Conclusión

As compras de material bibliográfico por un suxeito comprador incluído no ámbito de aplicación subxectiva da LCSP, incluídos os libros científicos, son e obedecen neste momento ao réxime xurídico aplicable aos contratos de subministracións recollidos na LCSP, de maneira que non son negocios ou contratos excluídos da aplicación desta normativa.

4 Recomendacións

Primeira. Ser cauto e garantista na aplicación dos principios e procedementos máis rigoristas que recolle a LCSP e resto de normativa de contratación administrativa e non deixar de aplicar aos negocios xurídicos obxecto de análise neste estudo (adquisición de material bibliográfico e libros científicos) a LCSP e resto de normativa concordante, polo menos ata que haxa un pronunciamento vinculante realizado por un órgano con competencia que sexa suficientemente garantista das responsabilidades que derivan da xestión dos fondos públicos e dos contratos administrativos para as persoas e órganos que as teñen encomendadas, todo iso en virtude e aplicación da doutrina e xurisprudencia comunitaria e nacional.

Segunda. Traballar no seo das organizacións cara á racionalización da compra pública a través da implantación de sistemas dinámicos de adquisición, creando unha categoría específica de adquisicións bibliográficas dentro dun sistema orientado á compra de subministracións, de maneira que permita abastecerse destes fondos bibliográficos sen a problemática derivada da contratación menor, entre eles os límites temporais, de contía, provedor, fraccionamento do obxecto do contrato, etc., e con pleno respecto aos procedementos e principios que esta recolle.

Terceira. Mentres non se instaure un procedemento de contratación a través dun sistema dinámico de adquisición de subministracións que permita satisfacer esta necesidade, empregar os procedementos aberto, aberto simplificado (art. 159 LCSP) e aberto simplificado abreviado (art. 159.6 LCSP) para a realización destas compras e adquisicións públicas.

Bibliografía

- AA.VV., *Contratación del Sector Público Local. Comentarios al articulado de la nueva Ley 9/2017, de 8 de noviembre de Contratos del Sector Público*, Martínez Fernández, J.M., e Bocos Redondo, P. (dirs.), 4.^a ed. (2 tomos), Editorial Wolters Kluwer-LALEY, Madrid, 2017.
- BARRA, R.C., *Principios de Derecho Administrativo*, Editorial Ábaco de Rodolfo Depalma, Buenos Aires, 1980.
- BENÍTEZ LÓPEZ, M., *Contrato Administrativo de Suministro y Centralización de las Compras Públicas*, Editorial Atelier, Madrid, 2000.

regap



ESTUDIOS

- CASSAGNE, J.C., *Los principios generales del derecho en el derecho administrativo*, Abeledo-Perrot, Buenos Aires, 1992.
- DEL VECCHIO, G., *Los principios generales del derecho*, Bosch, Madrid, 1979.
- DELPIAZZO, C.E., *Contratación Administrativa*, Universidade de Montevideo, Facultade de Dereito, Montevideo, 1999.
- GILAVERT CERVERA, M.Á., *Comentarios a la Legislación de Contratos de las Administraciones Públicas*, Editorial Thomson-Aranzadi, Madrid, 2002.
- HERVÁS MÁZ, J., “El Contrato de Suministros”, *La Contratación de las Administraciones Públicas Ajustada a la Ley de Contratos del Sector Público*, Editorial Thomson-Civitas, Madrid, 2008,
- LICO, M.A., “Principios generales del Derecho aplicables al Derecho administrativo y principios generales del Derecho surgidos del Derecho administrativo”, *Revista de Derecho Administrativo*, n. 83, Abeledo-Perrot, Buenos Aires, outubro-2012.
- LICO, M.A., e PINTOS SANTIAGO, J., “Algunas ideas sobre el contrato administrativo de suministros en el Derecho administrativo argentino a propósito del Derecho comparado”, *Revista Contratación Administrativa Práctica*, n. 142, Editorial Wolters Kluwer-La Ley, marzo-abril de 2016.
- MARIENHOFF, M.S., *Tratado de Derecho Administrativo*, Tomo III - B, Editorial Abeledo Perrot, Buenos Aires, 1994.
- MORENO MOLINA, J.A., *Adquisiciones de libros científicos excluidas de la LCSP 2017*, Disponible na web do Observatorio de Contratación Pública (ObCP). Disponible en: <http://www.obcp.es/index.php/mod.opiniones/mem.detalle/id.355/relicategoria.121/reلمenu.3/chk.e97f8d050e5d4c2179e4ddb955a03d> (7 de novembro de 2018).
- PINTOS SANTIAGO, J., *Los principios generales de desarrollo humano y sostenibilidad ambiental en la contratación pública*, Editorial INAP, Colección Monografías, Madrid, 2017.
- RIVERO YSERN, J.L., *El Contrato Administrativo de Suministro*, Ediciones del Instituto García Oviedo, Universidade de Sevilla, Madrid, 1976.
- SAYAGUÉS LASO, E., *Tratado de Derecho Administrativo*, Tomo II, Clásicos Jurídicos Uruguayos, Fundación de Cultura Universitaria, Montevideo, 2002.
- VELÁZQUEZ CURBELO, F., *Manual Práctico de Contratación Administrativa*, Editorial Marcial Pons, Madrid, 1997.
- VILLAR PALASÍ, J.L., e VILLAR EZCURRA, J.L., *Principios de Derecho Administrativo. Contratación Administrativa*, Tomo III, Editorial Universidade de Madrid, Facultade de Dereito, Sección Publicacións, Madrid, 1983.

Anexo 1. Lexislación

Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas.

Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Directiva N.º 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de febreiro de 2014 sobre “contratación pública” e pola que se derroga a Directiva N.º 2004/18/CE.

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Anexo 2. Xurisprudencia

TXUE

STXUE do 11 de xullo de 1989, asunto C-265/87.

Sentenza do 8 de xuño de 2000, asunto C-396/98, Schlosstrasse.

Sentenza do 26 de abril de 2005, asunto C-376/02, Goed Wonen.

Sentenza do 18 de decembro de 2007, asunto C-220/06, Correos.

Sentenza do 16 de abril de 2015, asunto C-278/14.

Sentencia do 2 de xuño de 2016, asunto -C410/14, Dr Falk Pharma GmbH e DAK-Gesundheit.

Resolucións de tribunais administrativos

Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais 220/2013, do 12 de xuño de 2013.

Anexo 3. Siglas

FX: Fundamento xurídico.

LCSP: Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

RXLCAP: Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

SARH: Suxeito a regulación harmonizada.

STXCE: Sentenza do Tribunal de Xustiza da Comunidade Europea.

STXUE: Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

TACRC: Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

TFUE: Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

TXUE: Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

TRLSP: Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Regap



ESTUDOS

Regap

Comentarios e crónicas

2

A casación ante o Tribunal Federal Contencioso-Administrativo alemán

La casación ante el Tribunal Federal Contencioso-Administrativo alemán

The appeal on points of law before the German Federal Administrative Court



FRANK JOSEF FISCHER

Magister Artium en Ciencias Políticas, Dereito e Informática
Universidade de Passau
Máster en Dereito das Administracións e Institucións Públicas
Universidade de Santiago de Compostela
fjf285@me.com

Recibido: 08/07/2019 | Aceptado: 18/07/2019

DOI: <https://doi.org/10.36402/regap.v1i57.35>

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Resumo: Este texto resume os aspectos máis relevantes da casación na xurisdición contenciosa alemá (*Revision*), incluído o recurso de queixa contra a inadmisión, despois dunha breve mirada aos órganos desta orde xurisdiccional.

Palabras clave: Casación, contencioso-administrativa, Alemaña.

Resumen: Este texto resume los aspectos más relevantes de la casación en la jurisdicción contenciosa alemana (*Revision*), incluido el recurso de queja contra la inadmisión, después de una breve mirada a los órganos de este orden jurisdiccional.

Palabras clave: Casación, contencioso-administrativa, Alemania.

Abstract: The text sums up the most relevant aspects of the contentious administrative cassation appeal, or appeal on points of law (*Revision*) in Germany, including the appeal against refusal of leave to appeal (*Nichtzulassungsbeschwerde*), preceded by a brief look at Germany's three-level administrative court system.

Key words: Appeal on points of law, administrative, Germany.

SUMARIO: 1 Os órganos xurisdiccionais contencioso-administrativos alemáns. 1.1 Os tribunais contencioso-administrativos (VG). 1.2 Os tribunais superiores contencioso-administrativos (OVG/VGH). 1.3 O Tribunal Federal Contencioso-Administrativo (BVerwG). 1.4 O Senado Común dos cinco tribunais federais (GmS-OGB). 2 A casación (*Revision*). 2.1 Introducción. 2.2 Comprobación de admisibilidade e fundamentación do recurso de queixa polo BVerwG. 2.2.1 Admisibilidade do recurso de queixa contra a inadmisión. 2.2.2 Fundamentación do recurso de queixa contra a inadmisión. 2.2.2.1 Relevancia fundamental do asunto, § 132 II Nr. 1 VwGO (*Grundsatzrüge*). 2.2.2.2 Apartamento, § 132 II Nr. 2 VwGO

(*Divergenzrüge*). 2.2.2.3 Vicio de procedemento, § 132 II Nr. 3 VwGO (*Verfahrensrüge*). 2.2.3 Resolución. 2.3 O procedemento de casación. 2.3.1 Admisibilidade da casación, § 143 VwGO. 2.3.2 Fundamentación da casación. 2.3.2.1 Delimitación da potestade de control do Tribunal Federal. 2.3.2.2 Vulneración de "dereito revisable". 2.3.2.3 Sentenza *baseada* nunha vulneración de dereito revisable. 2.3.3 O contido da resolución do tribunal de casación, § 144.

1 Os órganos xurisdicionais contencioso-administrativos alemáns

Os tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa están organizados en tres niveis segundo o artigo 2 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa alemá (§ 2 *Verwaltungsgerichtsordnung*, VwGO¹): os tribunais contencioso-administrativos (*Verwaltungsgerichte*, VG) e os tribunais superiores contencioso-administrativos (*Oberverwaltungsgerichte*, OVG ou *Verwaltungsgerichtshöfe*, VGH) ambos os dous nos estados federados (*Länder*) e o Tribunal Federal Contencioso-Administrativo (*Bundesverwaltungsgericht*, BVerwG) a nivel federal (*Bund*).

1.1 Os tribunais contencioso-administrativos (VG)

A competencia en primeira instancia, para a maioría dos asuntos xurídico-públicos non constitucionais, é dos tribunais contencioso-administrativos (VG). O seu establecemento corresponde á lexislación dos estados federados. Os 51 *Verwaltungsgerichte* que existen actualmente en Alemaña divídense en seccións ou cámaras (*Kammern*), que se compoñen de tres xuíces profesionais e dous xuíces honoríficos² ou leigos³, salvo que decida un único xuíz (§ 5 VwGO). Por regra xeral, a sección (*Kammer*) transfire a un dos seus xuíces os asuntos que non presenten especiais dificultades fácticas ou xurídicas e non teñan relevancia fundamental (§ 6 VwGO).

1.2 Os tribunais superiores contencioso-administrativos (OVG/VGH)

Cada estado federado (*Land*) dispón dun tribunal superior contencioso-administrativo, coa excepción de Berlín e Brandeburgo, que comparten un tribunal desde o ano 2005. Na súa maioría denomínanse *Oberverwaltungsgericht* (OVG). En Baden-Württemberg, Baviera e Hessen reciben o nome de *Verwaltungsgerichtshof* (VGH), sen diferenciarse en canto á atribución de competencias. Dos quince tribunais, nove

¹ Os artigos ou parágrafos (*Paragraphen*) da Lei de xurisdición contencioso-administrativa alemá (*Verwaltungsgerichtsordnung*, VwGO) teñen como símbolo o signo "§". Os artigos que se citan neste texto pertencen á VwGO se non se sinala o nome doutra lei.

² Para as posturas históricas a favor e en contra da institución, véxase GONZÁLEZ-VARAS IBÁÑEZ, S., "Sistema General de la impugnación de la actuación administrativa en el derecho alemán", Rosado Pacheco, S. (coord.), *Modelos europeos de justicia contencioso-administrativa*, Dykinson, Madrid, 2007, pp. 147 e ss.

³ Ser xuíz honorífico ou leigo (*ehrenamtlicher Richter*) non require formación xurídica. A súa participación no proceso ten como fin fortalecer a confianza da sociedade na xurisprudencia e a de achegar experiencia non xurídica ás resolucións xudiciais. Atópase regulado nos §§ 19ff. VwGO.

teñen a súa sede nunha cidade diferente á capital do estado federado. Deste xeito, a separación de poderes atopa a súa expresión tamén nunha separación xeográfica entre o tribunal e o goberno e parlamento rexionais. As seccións dos tribunais superiores contencioso-administrativos chámanse senados (*Senate*) e compóñense de tres xuíces, aínda que a lei permite que os estados federados establezan na súa lexislación unha composición de cinco xuíces, dos cales dous poden ser xuíces honoríficos. Mesmo cabe a posibilidade de compor senados de sete xuíces, dos cales dous serán honoríficos, para os asuntos en que o OVG decide en primeira instancia. Aínda que a súa principal función sexa a de instancia dos recursos de apelación e de queixa, tamén lles corresponde a decisión sobre a validez de estatutos urbanísticos e outras normas de dereito do estado federado con rango inferior á lei (§ 47 I), a decisión sobre demandas contra prohibicións de asociacións (§ 48 II), así como a decisión en primeira instancia sobre asuntos de grande envergadura técnica (como, p. ex., en materia de plantas nucleares, plantas de incineración de residuos, construción de aeroportos, etc., § 48 I).

1.3 O Tribunal Federal Contencioso-Administrativo (BVerwG)

A diferenza do modelo español, cun único Tribunal Supremo na cúspide do poder xudicial e articulado en salas, o primeiro parágrafo do artigo 95 da Constitución alemá (*Grundgesetz*, GG) contén o mandato de instituír cinco tribunais supremos (*oberste Gerichtshöfe*), un para cada orde xurisdiccional: para a orde xurisdiccional ordinaria (civil e penal) o Bundesgerichtshof (BGH) con sede en Karlsruhe, para a orde xurisdiccional financeira o Bundesfinanzhof (BFH) en Múnic, para o laboral o Bundesarbeitsgericht (BAG) con sede en Erfurt, para o social o Bundessozialgericht (BSG) en Kassel e, por último, para a orde xurisdiccional contencioso-administrativa o Bundesverwaltungsgericht (BVerwG) con sede en Leipzig. Este dispón actualmente de 55 xuíces que exercen as súas funcións en trece seccións (*Senate*) das cales dez delas se dedican aos recursos de casación (*Revision*), dúas son seccións militares e unha está dedicada a resolver nos casos en que unha Administración pública se negue a presentar determinados expedientes ao tribunal. Nas seccións de casación (*Revisionsenate*) deciden cinco ou seis xuíces. Adicionalmente, a Lei de xurisdición contencioso-administrativa alemá regula a creación dunha sección conxunta ou gran senado (*Großer Senat*), cuxa función é resolver se un *Senat* ten a intención de apartarse dunha resolución doutro, ou da sección conxunta (§ 11 II).

1.4 O Senado Común dos cinco Tribunais Federais (GmS-OGB)

Outro órgano distinto é o Senado Común dos cinco Tribunais Federais (*Gemeinsamer Senat der obersten Gerichtshöfe des Bundes*, GmS-OGB), con sede en Karlsruhe, igual que o BGH. O seu labor é decidir cando un dos cinco tribunais federais ten a intención de apartarse dunha resolución doutro tribunal federal ou do senado común, é dicir “salvaguardar a unidade da xurisprudencia”, como sinala a Constitución no seu artigo

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

95 III GG. Non se trata dun tribunal, senón dun órgano de intermediación entre os tribunais federais.

2 A casación (*Revision*)

2.1 Introducción

A casación ante o Tribunal Federal Contencioso-Administrativo (BVerwG) é de especial transcendencia. Como última instancia na xurisdición contenciosa, a súa función é o control de sentenzas do OVG/VGH, e excepcionalmente na casación de salto de sentenzas do VG, unicamente no seu aspecto xurídico. Deste xeito serve tanto para a protección xurídica dos cidadáns como para vincular o executivo e o poder xudicial á lei e ao dereito (artigo 20 III GG) e especialmente contribúe a manter a unidade da xurisprudencia e ao desenvolvemento do dereito⁴.

A casación require, en calquera caso, a súa admisión previa. Para esta, o § 132 prevé dúas formas: o OVG/VGH pódela incluír na súa sentenza ou o BVerwG pode admitir a casación no recurso de queixa do recorrente contra a inadmisión. O § 135 engade outra vía para aqueles casos en que o asunto non chega ao OVG porque unha lei federal exclúe o recurso de apelación⁵. Aquí o Tribunal Contencioso-Administrativo (VG) pode admitir a casación ou, no caso contrario, cabe de novo o recurso de queixa contra a inadmisión ante o BVerwG. Se o OVG admite a casación, o BVerwG examinará se esta é admisible e fundada. Non obstante, na maioría dos casos o OVG non admite a casación mediante unha resolución que non require motivación⁶. Entón o BVerwG valorará primeiro se o recurso de queixa contra a inadmisión é, pola súa vez, admisible e fundado.

2.2 Comprobación de admisibilidade e fundamentación do recurso de queixa polo BVerwG

2.2.1 Admisibilidade do recurso de queixa contra a inadmisión

O primeiro requisito do § 133 I é que a casación non fose admitida. Equipáranse á falta de admisión os casos de falta de resolución ao respecto⁷. Os lexitimados para presentar a queixa son as partes da instancia inferior⁸. É o BVerwG o que ten a competencia exclusiva para o recurso de queixa contra a inadmisión (§ 49 Nr. 3). Non obstante, o escrito do recurso ha de ser presentado de forma escrita (ou electrónica, § 55 a) por un avogado ante o tribunal cuxa resolución se pretenda impugnar, §

⁴ GEIS, M.E., e THIRMEYER, St., "Revision und Beschwerde im Verwaltungsprozess", *JuS*, 2013, S. 799; KOPP, F.O., e SCHENKE, W.-R., *VwGO*, 24. Aufl, 2018, § 132 Rdnr. 1.

⁵ Para exemplos de exclusión da apelación, véxase KOPP, F.O., e SCHENKE, W.-R., *VwGO*, cit., §135 Rdnr. 1.

⁶ KUHLA, W., e HÜTTENBRINK, J., *Der Verwaltungsprozess*, 1995, S. 184, Rdnr. 57.

⁷ KOPP, F.O., e SCHENKE, W.-R., *VwGO*, cit., §1 33 Rdnr. 2.

⁸ *Ibidem*, § 133 Rdnr. 3.

133 II. O mesmo precepto concede para presentar a queixa un prazo dun mes desde a notificación da sentenza íntegra. A falta dunha correcta indicación dos recursos procedentes, o prazo será dun ano, como indica o § 58. A interposición do recurso de queixa impide que a sentenza se converta en firme (§ 133 IV VwGO). No escrito, ademais, debe identificarse a sentenza impugnada. Porén, non é necesario nomear a razón ou o motivo para recorrer neste momento⁹. Para a motivación da queixa, o prazo é de dous meses desde a notificación da sentenza (§ 133 III S.1). A dita motivación debe conter unha razón concreta para a admisión¹⁰. O recorrente debe detallar a relevancia fundamental do asunto, é dicir, expor que unha determinada cuestión de dereito federal require ser aclarada e, pola súa vez, a razón pola que cabe esperar que esta aclaración resulte da casación¹¹. Para este efecto, o recorrente debe afondar nos motivos da sentenza impugnada e mostrar que a queixa se basea na súa profunda análise¹². Para cumprir este requisito, non é suficiente presentar un escrito extenso se este se presenta nunha forma “pouco clara”, “mal estruturada” e mesturando “cuestións irrelevantes”¹³. Se o tribunal *a quo* non estima o recurso, resolverao o BVerwG. Se este o rexeita, a sentenza adquire firmeza (§ 133 V S. 3 VwGO).

2.2.2 Fundamentación do recurso de queixa contra a inadmisión

Para que a queixa se considere fundada, segundo o § 133 III S. 3, ten que darse un dos tres supostos de admisión do § 132 II, detallados a continuación. Do exame destes requisitos hai que separar estritamente a predición sobre as posibilidades de que a casación sexa estimada. Estas non deben entrar na decisión sobre a admisión¹⁴.

2.2.2.1 Relevancia fundamental do asunto, § 132 II Nr. 1 VwGO (*Grundsatzrüge*)

Co primeiro modo do recurso alégase a relevancia ou significado fundamental do asunto¹⁵. O recorrente ha de sinalar con exactitude a cuestión xurídica a aclarar e razoar por que é considerada de carácter fundamental¹⁶. Tamén debe indicar por que desta cuestión xurídica depende a resolución e por que cabe agardar a súa aclaración no recurso de casación¹⁷. Adicionalmente debe detallarse por que se considera errónea a opinión xurídica do tribunal na cal se basea a sentenza¹⁸. Para argumentar o carácter fundamental (*grundsätzlich*) da respectiva cuestión xurídica, hai que indicar

⁹ *Ibidem*, § 133 Rdnr. 5.

¹⁰ *Ibidem*, § 130 Rdnr. 14.

¹¹ GEIS, M.E., e THIRMAYER, St., “Revision und Beschwerde im Verwaltungsprozess”, cit., S. 800, apuntan á xurisprudencia consolidada desde BVerwGE 13, 90 (91) tamén en: *NJW* 1962, 218.

¹² KOPP, F.O., e SCHENKE, W. -R., *VwGO*, cit., § 133 Rdnr. 14.

¹³ BVerwG, *NJW* 1996, 1554, caso dun recurso de queixa extenso (678 pp.) e inadmisíbel por falta de claridade.

¹⁴ Sentenza do Tribunal Constitucional alemán, BVerfG, *NVwZ* 1993, 358.

¹⁵ O § 132 II Nr. 1: “grundsätzliche Bedeutung”.

¹⁶ *NJW* 1994, 144, *NVwZ* 1984, 103; 2011, 434; KOPP, F.O., e SCHENKE, W. -R., *VwGO*, cit., 133, 15.

¹⁷ DVBI 1993, 50; *NVwZ* 2011, 430; 2011, 435; KOPP, F.O., e SCHENKE, W. -R., *VwGO*, cit.

¹⁸ *NJW* 1993, 2825.



por que o seu alcance supera o caso concreto, así como a razón pola que se precisa a aclaración por parte do alto tribunal para manter a unidade da xurisprudencia ou para un significativo desenvolvemento do dereito¹⁹.

2.2.2.2 Apartamento, § 132 II Nr. 2 VwGO (*Divergenzrüge*)

A función principal da admisión por apartamento é manter a unidade da xurisprudencia e, en consecuencia, a seguridade xurídica. Ao mesmo tempo permite un “desenvolvemento ordenado do dereito”²⁰. O punto de referencia son, ou ben as resolucións do BVerwG – caso en que o apartamento dunha das seccións ou senados é suficiente –, ou do Senado Común dos Tribunais Federais (GmS-OGB, véxase arriba 1.4), ou do Tribunal Constitucional (BVerfG). A resolución impugnada debe estar baseada neste apartamento. O recorrente non só ten que identificar a resolución impugnada, senón que tamén debe confrontar a *ratio decidendi* (*Rechtssatz*) das dúas resolucións contradictorias. Para iso, debe indicar con exactitude tanto o argumento xurídico abstracto en que se basea a resolución impugnada como aquel en que se basea a resolución da que esta se aparta. Ademais, debe sinalarse en que consiste a discrepancia²¹. Esta confrontación é imprescindible²². Na práctica, a maioría dos recursos de queixa por apartamento fracasan por basearse soamente no argumento de que o OVG/VGH tería que ter chegado a un resultado diferente se tivese considerado os principios xurídicos establecidos na xurisprudencia dos máis altos tribunais alemáns²³.

Unha queixa por apartamento baseada na aplicación errónea dunha norma procesual contén ao mesmo tempo unha queixa por vicio de procedemento no sentido do § 132 II Nr. 3 VwGO. Se non cumpriren os requisitos dunha queixa por apartamento, debe ser tratada como se dunha queixa por vicio de procedemento se tratase²⁴.

2.2.2.3 Vicio de procedemento, § 132 II Nr. 3 VwGO (*Verfahrensrüge*)

Para que o recurso de queixa teña éxito segundo o suposto do § 132 II Nr. 3, o recorrente debe indicar os feitos que dan por resultado o vicio de procedemento. Ademais, debe alegar en que medida a sentenza pode estar baseada neste vicio e como podería ter sido máis favorable para o recorrente de non se ter dado o dito vicio²⁵.

A sentenza sempre se considerará baseada no vicio se se dá un dos seis chamados “motivos absolutos de revisión” enumerados no § 138: (1) O tribunal que coñeceu do asunto non estaba composto debidamente; (2) Na resolución participou un xuíz que estaba excluído por lei do exercicio da súa función ou que estaba recusado; (3)

¹⁹ KOPP, F.O., e SCHENKE, W. -R., *VwGO*, cit., § 133 Rdnr. 15; BayVBl 1986, 51; NVwZ-RR 1993, 276.

²⁰ KOPP, F.O., e SCHENKE, W. -R., *VwGO*, cit., § 132 Rdnr. 14.

²¹ KOPP, F.O., e SCHENKE, W. -R., *VwGO*, cit., § 133, Rdnr. 16.

²² EYERMANN, E., *et. al.*, *Verwaltungsgerichtsordnung*, 14. Aufl., München 2014, § 133, Rdnr. 31; BVerwG NVwZ-RR1996, 712 (713).

²³ EYERMANN, E., *et. al.*, *Verwaltungsgerichtsordnung*, cit., § 133, Rdnr. 32.

²⁴ BVerwG NVwZ2001, 918.

²⁵ KOPP, F.O., e SCHENKE, W. -R., *VwGO*, cit., § 133 Rdnr. 17.

Privóuselle a unha parte do seu dereito a ser oído; (4) Unha parte non estaba representada no proceso segundo a lei, agás que consentise a celebración do xuízo de forma expresa ou tácita; (5) A sentenza ditouse despois dun xuízo oral no cal se vulneraron as normas sobre a publicidade do proceso; e, por último, (6) A resolución non estaba motivada.

2.2.3 Resolución

A resolución do recurso de queixa correspóndelle en primeiro lugar ao tribunal cuxa resolución se ve recorrida. Se este non estima o recurso admitindo a casación, entón será o BVerwG o que resolve por auto, como o prevé o § 133 V 1. O tribunal *a quo* debe presentar o recurso de queixa ante o BVerwG obrigatoriamente, aínda que sexa manifestamente inadmisíbel²⁶. Sempre que o BVerwG non estime a queixa, a resolución impugnada adquire firmeza (§ 133 V 3). Se se admite a casación, o procedemento de admisión continuará como casación (§ 139 II).

2.3 O procedemento de casación

Se a casación é admitida, ben polo OVG/VGH ou, a través do recurso de queixa contra a inadmisión polo BVerwG, este procederá a valorar a admisibilidade (*Zulässigkeit*) e a fundamentación (*Begründetheit*) da casación.

2.3.1 Admisibilidade da casación, § 143 VwGO

Os requisitos de admisibilidade da casación están regulados no § 139. A competencia para a casación correspóndelle en exclusiva ao BVerwG segundo o § 49 Nr. 1 e Nr. 2. A casación é un recurso procedente contra sentenzas e autos do OVG/VGH e, en caso da casación de salto, do VG²⁷. Os lexitimados son soamente as partes da instancia inferior en canto teñan un interese lexítimo (*Beschwer*). Segundo o § 139 I, a casación debe presentarse de forma escrita ante o tribunal *a quo* ou ante o BVerwG nun prazo dun mes desde a notificación do auto ou da sentenza íntegra, identificándoa. O prazo para a motivación da casación é de dous meses (§ 139 III 1). Este prazo pode ser prorrogado sempre que a solicitude se presente antes da súa fin (§139 III 3). A motivación debe conter unha petición concreta e nomear a norma xurídica vulnerada. No caso de reclamar un vicio de procedemento, a motivación debe nomear os feitos dos que resulta o vicio (§139 III 4), salvo que se alegue unha ou varias das razóns absolutas de casación do § 138 (arriba 2.2.2.3)²⁸. O recorrente debe sinalar os feitos de forma tan clara e concluínte que o BVerwG, presupondo que os feitos sexan certos, poida proceder a unha valoración sen investigacións adicionais²⁹.

²⁶ BVerwG, *NJW* 1963, 554.

²⁷ KOPP, F.O., e SCHENKE, W. -R., *VwGO*, cit., § 132, Rdnr. 3.

²⁸ *Ibidem* § 139, Rdnr. 14.

²⁹ *Ibidem* § 139, Rdnr. 15.

2.3.2 Fundamentación da casación

A casación considerárase fundada se cumpre dous requisitos. En primeiro lugar, e como expresión da casación como un recurso de control de dereito e non dos feitos, segundo o § 137 I Nr. 1, a casación soamente pode apoiarse en que a sentenza obxecto de recurso se basea na vulneración de “dereito revisable”, é dicir, dereito federal ou, excepcionalmente, dun precepto dunha lei de procedemento administrativo dun estado federado se o texto desta é idéntico a aquel da lei federal (§ 137 I Nr. 2). En segundo lugar, por razóns de economía procesual³⁰, hai que comprobar que a sentenza que vulnera dereito non resulta correcta por outras razóns (como, p. ex., no caso da desestimación dunha demanda incorrectamente valorada como infundada que, non obstante, resulta inadmisíbel), § 144 IV.

2.3.2.1 Delimitación da potestade de control do Tribunal Federal

De acordo co segundo apartado do § 137, o BVerwG está vinculado polos feitos establecidos na sentenza impugnada. Nin o tribunal pode investigar feitos novos³¹, nin as partes poden alegalos, ou sería irrelevante se o fixesen³². Exceptúanse os casos en que o recorrente aduce motivos de casación precisamente respecto destas constatacións da instancia anterior.

O § 137 III contén a delimitación da potestade de control do BVerwG no marco da súa valoración da fundamentación da casación. En principio, o Tribunal Federal examinará a sentenza impugnada integramente e sen estar limitado polos motivos que levaron á admisión da casación. Non obstante, nos casos de casación por vicio de procedemento, o control ha de limitarse aos vicios alegados (§ 137 III S.1), salvo que estas alegacións conteñan motivos relacionados coa vulneración de dereito material no sentido do § 132 II Nr. 1 e Nr. 2 (relevancia fundamental e apartado, véxase arriba 2.2.2.1. e 2.2.2.2). En tal caso, o BVerwG debe proceder ao control de vulneración de todo dereito material³³. Unha *reformatio in peius* como resultado da casación queda excluída pola remisión ao artigo correspondente da regulación da apelación (§§ 141, 129).

2.3.2.2 Vulneración de “dereito revisable”

A revisión soamente pode basearse na vulneración de “dereito revisable”, § 137 I. Esta expresión fai referencia a todas as normas de dereito federal, é dicir a constitución, as leis federais, normas de dereito da Unión Europea e ata o dereito consuetudinario ou principios xerais de dereito³⁴, sempre que sexan do ámbito do dereito federal³⁵. Non

³⁰ KOPP, F.O., e SCHENKE, W. -R., *VwGO*, cit., § 144, Rdnr. 4.

³¹ GEIS, M.E., e THIRMEYER, St., “Revision und Beschwerde im Verwaltungsprozess”, cit., S. 801.

³² KOPP, F.O., e SCHENKE, W. -R., *VwGO*, cit., § 137, Rdnr. 24; BVerwGE 78, 152.

³³ KOPP, F.O., e SCHENKE, W. -R., *VwGO*, cit., § 137, Rdnr. 35.

³⁴ Véxase, para unha lista extensa de “dereito revisable”: KOPP, F.O., e SCHENKE, W. -R., *VwGO*, cit., § 137, Rdnr. 5 ff.

³⁵ GEIS, M.E., e THIRMEYER, St., “Revision und Beschwerde im Verwaltungsprozess”, cit., S. 801.

está incluído o dereito dos estados federados, coa excepción de preceptos dunha lei de procedemento administrativo cuxo texto sexa idéntico á lei federal (§ 137 I Nr. 2).

O requisito da “vulneración” refírese a que na sentenza non se aplicou, ou non se aplicou correctamente, o dereito aos feitos constatados e como resultado infrinxíronse dereitos do recorrente. A aplicación incorrecta pode resultar particularmente por erros na interpretación e concreción do contido da norma a aplicar ou por erros de subsunción no momento de aplicar a norma, correctamente interpretada, ás circunstancias do caso concreto³⁶.

2.3.2.3 Sentenza *baseada* nunha vulneración de dereito revisable

Finalmente, para que a casación sexa estimada, a sentenza impugnada debe estar *baseada* na vulneración de dereito revisable. Este requisito de causalidade implica que polo menos exista a posibilidade de que o tribunal podería ter chegado a un resultado máis favorable para o recorrente se a vulneración non tivese existido³⁷, ou que non se pode eliminar a vulneración sen que a corrección da resolución resulte cuestionable desde o punto de vista da instancia anterior³⁸. Se se dese un dos seis supostos de motivos absolutos de casación do § 138, arriba mencionados (2.2.2.3.), presúmese *iuris et de iure* que a sentenza está baseada nunha vulneración de dereito revisable.

2.3.3 O contido da resolución do tribunal de casación, § 144

Se a casación é inadmisíble, o BVerwG desestímaa mediante auto (*Beschluss*), § 144 I. Se se trata dunha casación admisible pero infundada (*unbegründet*), tamén será desestimada, § 144 II. O mesmo resulta naqueles casos en que existe unha vulneración de dereito, pero a resolución é correcta por outros motivos, § 144 IV.

Ante unha casación admisible e fundada, o § 144 III prevé dúas posibles decisións: o BVerwG pode resolver o asunto el mesmo ou ben anular a sentenza impugnada e devolver o asunto para un novo xuízo e unha nova resolución á instancia anterior. Segundo a xurisprudencia do GmS-OGB³⁹ (véxase arriba 1.4.), a regra debe ser a decisión do asunto polo BVerwG. A devolución debe quedar limitada aos asuntos en que non se pode ditar sentenza porque no contexto da interpretación xurídica do tribunal de casación falta a necesaria comprobación dalgúns feitos⁴⁰. Se o BVerwG devolve o asunto, o tribunal que o recibe está vinculado polas valoracións xurídicas do BVerwG, segundo o § 144 VI. E se o asunto volve ocupar o tribunal federal unha segunda vez a consecuencia da devolución, el mesmo tamén estará vinculado pola súa propia opinión xurídica.

³⁶ EYERMANN, E., *et. al.*, *Verwaltungsgerichtsordnung*, cit., § 137, Rdnr. 35 ff.

³⁷ KOPP, F.O., e SCHENKE, W. -R., *VwGO*, cit., § 137, Rdnr. 23; BVerwGE 14, 342.

³⁸ BVerwG, *NVwZ* 1994, 1095 (1096).

³⁹ GmS-OGB *NJW* 1976, 1682 (1683).

⁴⁰ GEIS, M.E., e THIRMEYER, St., “Revision und Beschwerde im Verwaltungsprozess”, cit., S. 802.

O efecto vinculante das sentenzas do BVerwG non vai máis alá do caso concreto decidido. A súa función de precedente non corresponde á tradición xurídica alemá⁴¹. Os tribunais contencioso-administrativos son libres de valorar a cuestión xurídica de forma diferente se se llesolve presentar en xuízos posteriores. Non obstante, o presidente do BVerwG considera que os tribunais o farán soamente se “cren que teñen argumentos mellores ou novos”⁴², e así a cuestión poderá ser levada novamente ante o BVerwG para que este teña oportunidade de reconsiderar a súa xurisprudencia. Pola contra “seguirán o precedente do alto tribunal e aforraranlles ás partes o custoso camiño polas instancias”. Tampouco as administracións públicas están vinculadas legalmente á xurisprudencia, pero existe na práctica un efecto fáctico de precedente. Desta forma, a xurisprudencia establece criterios a seguir, os cales, non obstante, sempre están abertos a argumentos mellores. Rennert denomíno un “modelo de diálogo, orientado a unha constante comprobación e evolución continua da xurisprudencia”⁴³, estimando un requisito indispensable para o dito diálogo a motivación minuciosa das sentenzas.

Bibliografía

- BAUR, F., “Der Gedanke der ‘Einheitlichkeit der Rechtsprechung’ im geltenden Prozeßrecht”, *Juristenzeitung*, 1958.
- EYERMANN, E. et al., *Verwaltungsgerichtsordnung*, 14. Aufl., München 2014.
- GEIS, M.E., e THIRMEYER, St., “Revision und Beschwerde im Verwaltungsprozess”, *JuS*, 2013.
- GONZÁLEZ-VARAS IBÁÑEZ, S., “Sistema General de la impugnación de la actuación administrativa en el derecho alemán”, Rosado Pacheco, S. (coord.), *Modelos europeos de justicia contencioso-administrativa*, Dykinson, Madrid, 2007.
- KOPP, F.O., e SCHENKE, W.-R., *VwGO*, 24. Aufl, 2018.
- KUHLA, W., e HÜTTENBRINK, J., *Der Verwaltungsprozess*, 1995.
- RENNERT, K., “Die Auswirkungen der Entscheidungen des Bundesverwaltungsgerichts auf die verfassungsmäßige Ordnung und den Grundrechtsschutz”, S. 6, https://www.bverwg.de/user/data/media/rede_20160330_VortragTaiwan_Auswirkungen_Entscheidungen.pdf (15 de xuño de 2019).

⁴¹ BAUR, F., “Der Gedanke der ‘Einheitlichkeit der Rechtsprechung’ im geltenden Prozeßrecht”, *Juristenzeitung*, 1958, 326ff.

⁴² RENNERT, K., “Die Auswirkungen der Entscheidungen des Bundesverwaltungsgerichts auf die verfassungsmäßige Ordnung und den Grundrechtsschutz”, S. 6, https://www.bverwg.de/user/data/media/rede_20160330_VortragTaiwan_Auswirkungen_Entscheidungen.pdf (15 de xuño de 2019).

⁴³ *Ibidem*.

As políticas de fomento das administracións públicas ante a despoboación e o reto demográfico. Especial referencia á Administración local¹

Las políticas de fomento de las administraciones públicas ante la despoblación y el reto demográfico. Especial referencia a la Administración local

Development policies that are being carried out from out public administrations, in particular those related to local entities

57 Regap

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

JUAN MARQUINA FUENTES

Vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense
Secretario do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do
Servizo contra Incendios e Salvamento
juanmarquina@depourense.es

Recibido: 03/07/2019 | Aceptado: 18/07/2019

DOI: <https://doi.org/10.36402/regap.v1i57.31>

Resumo: Esta nota pretende difundir algunhas das políticas de fomento que se están a levar a cabo desde as nosas administracións públicas, con referencia especial ás entidades locais, para facer fronte á despoboación e á crise demográfica, que afecta a determinadas zonas do noso país. Formulado o debate nos ditos termos, expóranse algunhas das políticas de fomento máis relevantes e realízase unha valoración destas, finalizando cunha breve reflexión sobre o estado actual desta cuestión, que pode cualificarse xa como un auténtico reto para as pequenas e medianas entidades locais, e para moitas das deputacións provinciais.

Palabras clave: Despoboación, reto demográfico, rural, Administración local.

Resumen: Esta nota pretende difundir algunas de las políticas de fomento que se están llevando a cabo desde nuestras administraciones públicas, con referencia especial a las entidades locales, para hacer frente a la despoblación y a la crisis demográfica, que afecta a determinadas zonas de nuestro país. Planteado el debate en dichos términos, se expondrán algunas de las políticas de fomento más relevantes y se realizará una valoración de las mismas, finalizando con una breve reflexión sobre el estado actual de esta cuestión, que puede calificarse ya como un auténtico reto para las pequeñas y medianas entidades locales, y para muchas de las diputaciones provinciales.

¹ Traballo realizado no marco do proxecto de investigación: Instrumentos xurídicos para a loita contra a despoboación no ámbito rural (DESPORU), Ref.: RTI2018-099804-a-100. Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, Axencia Estatal de Investigación. Goberno de España.

Palabras clave: Despoblación, reto demográfico, rural, Administración local.

Abstract: The present note intends to disclose some of the development policies that are being carried out from out public administrations, in particular those related to local entities, to fight against depopulation and demographic crisis affecting certain areas of our country. Being this the situation, the most relevant development policies shall be proposed and analysed, ending with a brief consideration about the current situation, which can be already be classified as a true challenge for small- and middle-sized entities and many provincial councils.

Key words: Depopulation, demographic challenge, rural, local Administration.

SUMARIO: 1 A política de fomento e o réxime xurídico das subvencións nas entidades locais. 2 As administracións públicas ante a despoboación e o reto demográfico. 3 Políticas de fomento nas entidades locais contra a despoboación e o reto demográfico: exemplos. 4 Conclusións.

1 A política de fomento e o réxime xurídico das subvencións nas entidades locais

No plano teórico, e dentro da tradicional clasificación tripartita que facía o profesor Jordana de Pozas da actuación administrativa, a saber, actividade de servizo público, de policía ou de fomento, esta última era definida como “*a acción da Administración encamiñada a protexer ou promover aquelas actividades, establecementos ou riquezas debidas aos particulares e que satisfán necesidades públicas ou se estiman de utilidade xeral, sen usar da coacción nin crear servizos públicos*”.

Dentro desta actividade de fomento e, pola súa vez, dentro dos instrumentos de carácter económico para materializar a dita actividade, a figura da “subvención pública” é seguramente a máis común e relevante.

No ámbito dun estado política e administrativamente descentralizado como o noso, a ordenación dun réxime xurídico común na relación subvencional constitúe unha finalidade nuclear que se inspira directamente no artigo 149.1.18.^a da Constitución española, ao teor da cal o Estado ten a competencia exclusiva sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e sobre o procedemento administrativo común, todo iso sen prexuízo das competencias de autogoberno que posúen as comunidades autónomas e da autonomía local, constitucionalmente garantida (*por todas SSTC 4/1981, 32/1981, 214/1989 ou 111/2016 e SSTS 20.01.2005, 26.07.2006 ou 14.11.2016*).

Sen ánimo de ser exhaustivos, debemos citar como principais normas estatais reguladoras do réxime xurídico da actividade subvencional das nosas entidades locais a *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións*; o *Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións*; a *Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira*; o *Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas*

locais; e o Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais².

Na Comunidade Autónoma de Galicia debemos igualmente citar a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, que integra dentro do seu ámbito de aplicación expresamente as entidades locais de Galicia, incluídos os organismos e entes dependentes destas. Non sucede o mesmo co *Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei autonómica*, que indica expresamente que as súas disposicións non son de aplicación ás entidades locais (en diante, EELL) de Galicia e aos organismos e ás entidades vinculadas ou dependentes delas. Completaría o marco xurídico autonómico o *Decreto 193/2011*, ben que este ten como obxecto simplificar o procedemento de concesión de subvencións ás entidades locais galegas, unificando os procedementos de concesión, xestión e xustificación das subvencións, é dicir, aplícase ás EELL galegas cando son beneficiarias e non cando son a Administración concedente.

Dentro da potestade regulamentaria ou de autoorganización que as EELL teñen recoñecida polo artigo 4 da Lei reguladora das bases de réxime local, encaixa a previsión do artigo 17.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e que establece que as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais se deberán aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

Na definición legal de “subvención”, recollida tanto na lei estatal como na autonómica, descríbese esta figura como toda disposición en diñeiro realizada por calquera dos suxeitos do artigo 3 (onde se inclúen as EELL e os seus organismos dependentes), a favor de persoas públicas ou privadas, cando cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación, estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, execución dun proxecto, realización dunha actividade, adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por realizar, ou a concorrencia dunha situación, o beneficiario cumpra as obrigas fixadas e o seu obxecto sexa o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou promoción dun fin público.

Vemos, pois, que se configura como un acto de disposición e translativo de dominio, e cuxo acto de concesión pode ser unilateral (resolución ou acordo administrativo) ou bilateral (convenio de colaboración), sen que iso altere a natureza da subvención.

Volvendo á clasificación tripartita inicial da actividade administrativa, a actividade de fomento é quizais a que maior compoñente de discrecionalidade ten en canto ao seu obxecto. Non queremos dicir con isto que as administracións públicas (en diante, AAPP) en xeral, e as EELL en particular, poidan outorgar subvencións de forma arbitraria ou discrecional. Ao contrario, os gobernos locais, con total respecto aos procedementos e requisitos establecidos na normativa indicada, e dentro do ámbito das súas respectivas competencias, poden, en función de criterios de estrita

² Este decreto preconstitucional dedica o seu título II á acción de fomento, cun capítulo único relativo ás subvencións, o cal, aínda que sorprendentemente non foi derogado de forma expresa, na nosa opinión atopábase derogado tacitamente pola lexislación posterior aprobada en materia de subvencións, tanto estatal como autonómica.

“oportunidade”, decidir que actividades de utilidade pública ou interese social ou que promoción de que fin público queren fomentar.

Noutras palabras, dentro das súas respectivas competencias, as EELL deciden que política ou políticas de fomento queren realizar en cada momento (fomento do deporte, fomento da cultura ou contra a violencia, por exemplo), ponderando sempre os conceptos de “utilidade pública”, “interese social” e/ou “interese xeral”, e logo de planificación a través do preceptivo Plan Estratéxico de Subvencións³.

2 As administracións públicas ante a despoboación e o reto demográfico

Nos últimos anos os diferentes gobernos do noso país, nos seus distintos niveis, parece que por fin están a asumir como un auténtico reto a análise e a busca de solucións para dous problemas que, na nosa opinión, son dúas caras da mesma moeda, a saber, a regresión demográfica e a despoboación do medio rural.

No ámbito do Goberno de España, a *Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico*, xurdida dun acordo adoptado na VI Conferencia de Presidentes Autonómicos celebrada o 17 de xaneiro de 2017, asume o compromiso de elaborar unha estratexia de natureza global e transversal que trate de dar unha resposta conxunta e de futuro aos tres grandes desafíos demográficos detectados: *o progresivo envellecemento poboacional, o despoboamento territorial e os efectos da poboación flotante*.

A dita estratexia reconece e asume, como non pode ser doutra forma, que a súa elaboración debe realizarse coa colaboración e cooperación de comunidades autónomas e entidades locais.

Así, recentemente, en marzo de 2019, o Consello de Ministros aprobou un acordo sobre as directrices xerais da Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico, elaboradas polo Comisionado do Goberno fronte ao Reto Demográfico, adscrito ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública. Esas directrices propoñen unha estratexia de carácter global e transversal, desde unha perspectiva multidisciplinaria e coa participación de todos os departamentos a través do traballo dun grupo interministerial, incorporando unha perspectiva demográfica na análise das actuacións sectoriais.

Todos os ministerios incorporan ás directrices da estratexia máis de 80 medidas, referidas á xente nova, mulleres, atención á poboación rural, emprendedores, turismo, implantación da Administración no territorio ou actividade económica.

Estas directrices establecen unha serie de obxectivos transversais, que podemos sintetizar do seguinte xeito:

³ Debemos ter presente o carácter obrigatorio e previo á tramitación de calquera subvención deste instrumento de planificación, tal como establece o artigo 8 da LXS e a interpretación que dese precepto realizou a xurisprudencia do TS (por todas, as SSTs 26.06.2012, 04.12.2012, 28.01.2013 e 16.04.2012), e onde se sinala que “... o Plan Estratéxico ten carácter previo ao establecemento de calquera subvención, constituíndo un requisito esencial cuxo cumprimento exige que sexa formalizado externamente e cun contido que o faga identificable como tal por reflectir polo menos aquilo ao que alude o apartado 1 do artigo 8...” En consecuencia, a aprobación dun plan estratéxico resulta, na nosa opinión, unha necesidade ineludible para posibilitar a concesión de subvencións por parte das EELL.

- Garantir unha plena conectividade territorial, cunha axeitada cobertura de internet de banda ancha e de telefonía móbil en todo o territorio.
- Asegurar unha apropiada prestación de servizos básicos a toda a poboación en condicións de equidade, adaptada ás características de cada territorio.
- Incorporar o impacto e a perspectiva demográfica na elaboración de leis, plans e programas de investimento.
- Avanzar na simplificación normativa e administrativa para os pequenos municipios, co fin de facilitar a xestión dos concellos.
- Eliminar os estereotipos e pór en valor a imaxe e a reputación dos territorios máis afectados polos riscos demográficos.
- Mellorar os mecanismos para unha maior colaboración público-privada, potenciando a incorporación dos factores demográficos na responsabilidade social do sector privado.
- Aliñar as liñas de acción e os propósitos da estratexia co cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e da Axenda 2030.

O traballo realizado desde o Comisionado do Goberno fronte ao Reto Demográfico para a elaboración da Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico guiouse polo cumprimento do acordo da Conferencia de Presidentes, tanto no obxecto do acordo como na súa metodoloxía de traballo e contido.

Na súa metodoloxía, a elaboración da estratexia realizouse coa colaboración das comunidades autónomas, cidades con estatuto de autonomía e entidades locais. Por iso, constituíuse en setembro de 2018 un grupo institucional con comunidades autónomas e representantes da Federación Española de Municipios e Provincias. Así mesmo, constituíuse o grupo de traballo específico sobre Reto Demográfico no marco da Comisión Nacional de Administración Local, que abre unha interlocución directa con representantes de concellos e de deputacións provinciais.

Paralelamente, a Comisión de despoboación constituída no seo da FEMP elaborou e publicou en abril de 2017 un Documento de Acción, comprensivo dunha lista de medidas para loitar contra a despoboación en España. Ese documento recolle os datos dun informe anterior emitido pola propia FEMP («Poboación e despoboación en España 2016»)⁴, o cal revela que a metade de todos municipios españois se atopan xa en risco de extinción; en 14 provincias españolas, máis do 80 % de todos os seus municipios non pasan de 1.000 habitantes; en apenas década e media, 358 municipios pasaron a engrosar a lista de localidades que non superan os 100 empadroados (xa son un total de 1.286 municipios nesta situación); e durante o último ano certificado polo INE, 36 provincias perderon poboación por unha dinámica de regresión demográfica que segue cebándose maioritariamente nas áreas rurais.

O dito documento de propostas elaborado no seo da FEMP é froito de meses de debate e análise dentro da Comisión de Despoboación, e considérase que debe ser un punto de partida para a interlocución co Goberno, as comunidades autónomas e a sociedade civil, e incide en que municipios e deputacións provinciais deben ser

⁴ Poboación e Despoboación en España 2016 (Documento de traballo da Comisión de Despoboación da FEMP. Xaneiro de 2017).

partícipes directos na estratexia estatal para a loita contra a regresión demográfica e, en particular e moi especialmente, para frear o fenómeno da despoboación do medio rural.

Ese documento contén, estruturada por áreas, unha lista de 80 medidas prácticas para frear o deserto demográfico que ameaza media España, 2 delas no plano de organización institucional para implicar de forma coordinada todas as administracións públicas ás que incumbe pór en práctica as accións previstas; e 78 medidas específicas, agrupadas en seis liñas estratéxicas: economía e emprego; servizos públicos e sociais; infraestruturas; comunicacións e transporte; medidas en materia de vivenda; incentivos demográficos; e medidas de apoio ao medio rural en materia de cultura, identidade e comunicación.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, por medio do Decreto 104/2016, do 28 de xullo, creouse e regulouse o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica (DOG n. 152, do 11 de agosto de 2016), o cal se configura como un órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de demografía, adscrito á consellaría competente en materia de benestar social. Na súa composición prevese a presenza, como vogal, dunha persoa en representación da FEGAMP.

A principios deste ano 2019 realizáronse os primeiros trámites do que será, se hai maioría suficiente no Parlamento de Galicia, a futura lei de impulso demográfico de Galicia. Nesta liña, o recente Consello de Goberno da Xunta de Galicia, do 27 de xuño de 2019, acordou autorizar o inicio da tramitación do anteproxecto da que se denominará *Lei de apoio á natalidade e impulso demográfico de Galicia*. Partindo da análise recollida no *Informe Galicia: perspectivas demográficas*, realizado no seo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, o texto proposto, como explica a nota publicada ao respecto pola Xunta de Galicia, nace con vocación de consenso e permanencia, e responde ao obxectivo común de facer de Galicia un mellor lugar para formar unha familia.

Proximamente, a dita lei autonómica someterase ao trámite de exposición pública antes de remitirse ao Parlamento ao longo do segundo período de sesións. Os principios e medidas que prevé divídense en oito bloques, relacionados con distintas áreas de intervención: a organización e coordinación das administracións públicas, os criterios xerais de actuación, medidas de apoio ás familias, fomento da conciliación, apoio á xuventude, impulso do retorno dos galegos no exterior e atracción de nova poboación, equilibrio territorial e envellecemento activo.

Sen ánimo de ser exhaustivos, si nos gustaría destacar do anteproxecto, pola súa relación coa Administración local, as previsións referidas á posta en marcha da Comisión de Impulso Demográfico entre a Xunta, concellos e deputacións, a imposición ás administracións públicas de que teñan en conta o envellecemento e o desequilibrio de xénero da poboación no medio rural e costeiro non urbano no deseño das políticas e os servizos públicos, ou a redacción e aprobación, nun prazo máximo dun ano desde a súa aprobación, dunha estratexia de impulso demográfico feita en coordinación cos concellos.

Sustenta o autor do *mandamus*, em suma, que o loteamento foi implantado legalmente, de acordo com a Lei Orgânica de Sapucaia do Sul (Lei n. 3.377/2012), com prévia concessão das licenças prévias n. 004/2015-SEMA-SL e de instalação n. 042/2015-SEMA-S, de modo que a decisão que suspendeu as atividades relacionadas à implantação e comercialização do loteamento, bem como das licenças ambientais, fere direito líquido e certo da impetrante, sendo que as medidas cautelares impostas não possuem prazo de duração, gerando danos irreparáveis à empresa.

As informações foram prestadas e o pedido liminar foi deferido.

Sobreveio parecer da Dra. Procuradora de Justiça, em que opina pela denegação da segurança.

O Relator do feito no Tribunal, todavia, propôs voto no sentido de julgar procedente o mandado de segurança para os efeitos de permitir a continuidade das obras e comercialização do empreendimento imobiliário vergastado, com o que não concordei, abrindo divergência pelas razões e fundamentos que seguem.

Para fins de esclarecimento, a decisão judicial de primeiro grau que determinou a suspensão das atividade de implantação e comercialização do Loteamento se deu a partir de requerimento do Ministério Público que, valendo-se dos elementos contidos em inquérito policial (n. 161/2016/700706-A) o qual apurou, em tese, a prática dos delitos previstos nos artigos 67 e 69^a, da Lei n. 9.605/98, envolvendo fatos que estariam

³¹ Mandado de Segurança n. 70075848267, relatoria do Des. Newton Brasil de Leão, junto à Quarta Câmara Criminal do Tribunal de Justiça do Estado do Rio Grande do Sul, julgado no dia 08/03/2018.

ocorrendo junto às dependências da gestão Municipal de Sapucaia do Sul, em razão de emissão irregular de licenciamento ambiental relacionado ao empreendimento imobiliário guareado. Apontou ainda o Ministério Público que o Pelotão Ambiental da Brigada Militar de Sapucaia do Sul, em data pretérita, constatou o desrespeito à licença ambiental emitida pela Secretaria do Meio Ambiente de Sapucaia do Sul na implantação do empreendimento por se tratar de área de preservação com banhado e de preservação da flora nativa.

Alegou a magistrada de piso, para tomar sua decisão, que: (a) os requerimentos de licenciamento para aquele Loteamento não utilizaram o requerimento padrão do *site* do Município, tendo sido direcionados ao geólogo Ivan Cantelle Matte; (b) a licença prévia foi deferida sem apresentação de estudo prévio pelo requerente e sem vistoria ou parecer, tendo sido assinada pelo secretário Carlos Eduardo Douglas Santana e Ovan Cantelle Matte; (c) o laudo de cobertura vegetal firmado por João Carlos Corrêa Jardim noticia a existência de água acumulada na área em questão, não se referindo a banhado, o que foi confirmado pelo biólogo Felipe Eins Feld, no seu relatório de vistoria; (d) pelo Plano Diretor original, a área era considerada Zona ZIA – Zona de Interesse Ambiental, ZIA Banhado Leste³²; (e) o laudo do Instituto Geral de Perícias – IGP refere que a área originalmente (antes da alteração do Plano Diretor) era considerada como Zona de Interesse Ambiental, não permitindo edificação, revelando que as imagens históricas dão conta da existência de banhado no local; (f) atualmente não é possível concluir sobre a origem do banhado, em razão das alterações sofridas na área; (g) a Corsan não aprovou os projetos de esgotamento sanitário e também não autorizou interligá-los ao sistema municipal.

Desta decisão do primeiro grau é que decorre o presente Mandado de Segurança, que inclusive contou com liminar deferida pelo Ilustrado Relator para que as obras e comercialização dos lotes pudessem ser retomadas pela empresa loteadora, sob os fundamentos de que: (a) a empresa ora impetrante detinha as licenças administrativas requeridas para o empreendimento imobiliário, configurando-se tais atos normativos autorizadores para tal mister, eis que perfeitos juridicamente; (b) a segurança jurídica estaria sendo violada pela ordem judicial de primeiro grau; (c) o impetrante atendeu a todas as exigências administrativas e jurídicas de estilo; (d) estaria o impetrante sofrendo dano potencialmente irreparável em sua atividade econômica lícita.

Pois bem, como já fizemos referência, o argumento central deste mandado de segurança é de que ocorreu a violação de direitos adquiridos (líquidos e certos) por parte da impetrante, no caso específico desse empreendimento chamado Loteamento Guaspari.

Pensamos que isso não ocorreu, vou explicar o porque.

O tema aqui envolve atos administrativos que foram constituídos para analisar e viabilizar empreendimento imobiliário, a saber, a realização de loteamento

³² É imperioso lembrar que o Plano Diretor de Sapucaia foi alterado no ano de 2016, a partir de estudos para adequação do zoneamento do bairro Kurashiki, contratado pela empresa Vale dos Sinos, a partir do que se viabilizou a implantação do loteamento Guaspari.

na localidade de Sapucaia, nominado de Guaspari. Esses atos administrativos são constituídos de diversas espécies de decisões administrativas, e estão vinculados a diretrizes constitucionais e infraconstitucionais vinculantes já mencionados, em especial a de que o empreendimento imobiliário sob comento tem que respeitar a sustentabilidade ambiental, e que esse bem jurídico protegido está pautado, dentre outros, pelos princípios da precaução e da prevenção.

Estamos diante de investigação que coloca em debate exatamente a regularidade ou não dos atos jurídicos e decisões administrativas que viabilizaram esse empreendimento – decisões estas que se transmutaram em atos administrativos os mais variados, sobre os quais diz o réu ter *direito adquirido*. Tal é o objeto da investigação. E não é uma investigação simples: foram necessários 11 mandados de busca e apreensão junto à Secretaria do Meio Ambiente do Município de Sapucaia para que fosse possível a coleta de material para aferir se efetivamente esses atos praticados para viabilizar o empreendimento são juridicamente perfeitos.

Mas será possível constituir-se *direito adquirido* a partir de atos administrativos contaminados por nulidades absolutas?

Importa registrar que há certa unanimidade em significar o instituto do *direito adquirido* como aquele que já se incorporou ao patrimônio do sujeito de direito; o que passou a pertencer a alguém e que merece a proteção jurídica contra qualquer oposição de terceiros. Como quer Serpa Lopes, há elementos configuradores do direito adquirido, a saber: o surgimento de fato idôneo ou jurídico; a existência de lei que lhe dá a envergadura jurídica; a integração ao patrimônio material ou moral do sujeito; a prevalência ante o aparecimento de lei nova, dispondo diversamente sobre o mesmo assunto, ainda que não se fez valer quando do advento da lei nova³³.

Na espécie, todavia, há muitas situações que aparentam irregularidades consistentes a desconfigurar os fatos e atos administrativos envolvidos como idôneos ou juridicamente perfeitos, matéria que será aferida no devido processo legal em curso. Vejam, tem-se, de forma muito clara, vários atos administrativos que precisam de maior atenção, e está se falando da licença de instalação ambiental do empreendimento imobiliário, que, por sua vez, decorre de vários outros atos complexos preparatórios para o juízo de valor e o seu deferimento ou não, dentre eles, o laudo de cobertura vegetal que foi realizado na área, porque há discussão inconclusa sobre se neste espaço em que está ocorrendo o empreendimento existe a denominada área de banhado, que estaria sendo alcançada por proteção normativa tópica.

O loteamento em questão, em tese, estaria alcançando parte de área de banhado protegida por legislação federal, estadual e municipal³⁴, e não só pelo Plano Diretor do Município de Sapucaia, alterado neste interregno. Estas questões precisam ser elucidadas de modo exaustivo, justamente em face de eventuais danos irreversíveis que podem ocasionar indevida destruição dos mananciais envolvidos.

³³ SERPA LOPES, M.M., *Lei de Introdução ao Código Civil*, Vol. I, Freitas Bastos, Rio de Janeiro, 1997, p. 81.

³⁴ Podemos citar as disposições da Lei Federal nr.9.985/2000, a Lei Estadual nr.11.520/2000, na Lei Estadual nr.14.672/2015, a Resolução do CONSEMA nr.288/2014, e mesmo o Decreto Estadual nr.38.971/1998.

Em 27 de agosto de 2016, o policiamento ambiental da Brigada Militar realizou fiscalização junto às atividades de implantação do Loteamento Guaspari e constatou – está registrado – que houve descumprimento da Licença de Instalação n. 042/2015, criando impactos em áreas de banhado existentes no local.

A licença prévia para o empreendimento foi gerada no dia 11 de março de 2015 e, estranhamente, é anterior ao laudo de cobertura vegetal, que só foi expedido em 24 de setembro do mesmo ano, uma vez que é requisito constitutivo e necessário à formatação da licença prévia. Essas datas já não fecham.

Em meio a tudo isso, como noticia a investigação, pelos indiciamentos realizados, estão envolvidos, em tese, servidores públicos responsáveis, na Secretaria de Meio Ambiente, pela organização e gestão de procedimentos administrativos relacionados à aprovação ou não de empreendimentos imobiliários, pessoas essas que estariam emitindo documentos condizentes com esses que estão sendo tidos como perfeitos juridicamente.

O técnico do Município chamado Felipe Eisfeld, que está presente em todos os momentos decisivos na produção de laudos e de pareceres para a emissão dessas licenças, e que participa ativamente do acompanhamento dessas obras, emite documento chamado Ocorrência Ambiental n. 99/2016, dizendo textualmente que inexistente invasão de área banhada na gleba do Loteamento, todavia, há vários outros laudos e avaliações da área, em especial destaque o Laudo n. 190533/2016, no qual os peritos constataram que parte da vegetação removida entre 13 de março de 2016 e 30 de outubro de 2016 era floresta, mas outra parte teria feições de banhado.

O licenciamento ambiental na área questionada partiu da premissa de que o imóvel estava todo classificado como Zona Mista 2. Mas, de acordo com a Lei Municipal n. 2896/2006 – Plano Diretor de 2006, que foi alterado em 2012 –, parte dele estava na chamada ZIA 1, banhado leste, onde não é aprovado qualquer tipo de construção. Isso está documentado.

E mais, se o Plano Diretor de 2006 foi alterado por lei ordinária em 2012, seis anos depois, estabelecendo novas limitações para essa ZIA, é de se destacar que o Laudo Complementar n. 84848/2017 identificou algumas incoerências na regulamentação da matéria, porque teria desconsiderado área de proteção ambiental notadamente identificada como banhado, liberando-a para ocupação.

É curioso que no dia 24 de setembro de 2015 vem à lume laudo de cobertura vegetal já mencionado, firmado pelo agrônomo João Carlos Correia Jardim, que, apesar de não falar em banhado, diz textualmente que há, na área, água acumulada, solo com cor escura e mal drenado, com constante alagamento local, e que o terreno tem que ser elevado para aterramento depois de drenagem. Esse mesmo João Carlos assina a Autorização n. 001/2016, junto com o Secretário do Meio Ambiente – aí o envolvimento dos servidores públicos – Alex Lima, que é agrônomo contratado pelo empreendedor e não por técnico municipal.

Temos, pois, que é razoável a interrogação sobre se os atos jurídicos e administrativos que autorizaram a realização do Loteamento Guaspari efetivamente estão perfectibilizados. Restam dúvidas fundadas sobre se há ato jurídico perfeito que

Regap



COMENTARIOS E CRÔNICAS

autorize a existência de área em que se proíbe a edificação. Se resta acoimado de dúvida esse conjunto de atos administrativos viabilizadores do empreendimento, até eles serem aclarados, não é possível dar continuidade ao empreendimento.

Por essas razões, houve a determinação das medidas do primeiro grau para que a obra sustasse, assim como sua comercialização; e mais, diante da preocupação de, em nome da precaução e da prevenção, não criar situações irreversíveis de dano ambiental.

Em face disso, sustentamos que inexistia direito líquido e certo indene de dúvidas na pretensão do autor do Mandado de Segurança; ao contrário, o que se tinha até aquela data eram incertezas sobre a perfectibilidade jurídica e administrativa das autorizações deferidas ao empreendimento. Por isso julguei improcedente o mandado de segurança e determinei que fossem restauradas as medidas liminares determinadas pela Juíza de 1º Grau, no que fui acompanhado pelo Presidente da Câmara e Vogal no feito.

Bibliografia

- AFONSO DA SILVA, V., “O Proporcional e o Razoável”, *Revista dos Tribunais*, n. 798, 2002.
- AFONSO DA SILVA, V., “Princípios e regras: mitos e equívocos acerca de uma distinção”, *Revista Latino-Americana de Estudos Constitucionais*, n. 1, 2003.
- ANTUNES, P.B., *Curso de direito ambiental: doutrina, legislação e jurisprudência*, Renovar, Rio de Janeiro, 2001.
- ARAGÃO, M.A.S., *O princípio do poluidor-pagador: pedra angular da política comunitária do ambiente*, Coimbra, São Paulo, 1997.
- BACHELET, M., *Ingerência Ecológica: Direito Ambiental em questão*, Instituto Piaget, Lisboa, 2004.
- BARROS, S.T., *O Princípio da proporcionalidade e o controle de constitucionalidade das leis restritivas de direitos fundamentais*, Brasília jurídica, Brasília, 2000.
- BODNAR, Z., *Reflexões iniciais sobre a Jurisdição Ambiental e a Sustentabilidade*. P.06. Texto virtual, enviado pelo autor em 15/04/2009.
- BRENDA, E., “Função da Garantia da Propriedade na Constituição Moderna”, *Cadernos de Direito Constitucional e Ciência Política*, n. 1, Editora Revista dos Tribunais, São Paulo, 1992.
- CANOTILHO, J., “Actos jurídicos públicos e responsabilidade por danos ambientais”, *Boletim da Faculdade de Direito*, v. 9, Coimbra, 1993.
- CANOTILHO, J. *Direito constitucional e teoria da constituição*, Livraria Almedina, Coimbra, 2002.
- COASE, R.H., “The problem of social cost”, *Journal of Law and Economics*, n. 3(1), 1960.
- DERANI, C., *Direito ambiental econômico*, Max Limonada, São Paulo, 2010.
- FIGUEIREDO, L.V., *Disciplina Urbanística da Propriedade*, Editora Revista dos Tribunais, São Paulo, 2000.
- FREITAS, V.P. (org.), *Direito ambiental em evolução*, Juruá, Curitiba, 1998.

- GRAU, E.R., *A ordem econômica na Constituição de 1988: interpretação e crítica*, Malheiros, São Paulo, 2004.
- LEAL, R.G., *Direito Urbanístico*, Renovar, Rio de Janeiro, 2000.
- LEAL, R.G., *A função social da cidade e da propriedade no Brasil*, Livraria do Advogado, Porto Alegre, 1998.
- LEFF, H., *Saber Ambiental: sustentabilidade, racionalidade, complexidade, poder*, Editora Vozes, Petrópolis, 2005.
- MACHADO, P.L., *Direito ambiental brasileiro*, Malheiros, São Paulo, 2002.
- MACHADO, P.L., *Curso de direito ambiental: doutrina, legislação e jurisprudência*, Renovar, Rio de Janeiro, 2011.
- MILARÉ, E., *Direito do ambiente*, Editora Revista dos Tribunais, São Paulo, 2001.
- MIRRA, A.L.V., “Princípios fundamentais do direito ambiental”, Oliveira Júnior, J.A e Leite, J.R.M. (orgs.), *Cidadania coletiva*, Paralelo, Florianópolis, 1996.
- RIOS, R.R., “A propriedade e sua função social na constituição da república de 1988”, *Doutrina Jurídica Brasileira*, Plenum, Porto Alegre, 2006.
- SACHS, I., *Caminhos para o desenvolvimento sustentável*, Garamond, Rio de Janeiro, 2002.
- SANTAMARÍA PASTOR, J.A., *Principios de Derecho Administrativo*, Centro de Estudios Ramón Areces, Madrid, 2013.
- SERPA LOPES, M.M., *Lei de Introdução ao Código Civil*, Vol. I, Freitas Bastos, Rio de Janeiro, 1997.
- SILVA, J.A., *Direito Urbanístico Brasileiro*, Malheiros, São Paulo, 2010.
- SPADACCINI, G., *Urbanistica, Edilizia, Espropriazione negli Ordinamenti Statale e Regionale*, Editrice Stamperia Nazionale, Roma, 2012.
- TESTA, V., *Disciplina Urbanistica*, Giuffrè, Milano, 2009.

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Cuestións prácticas para a directa aplicación da normativa de protección de datos nas administracións públicas

Cuestiones prácticas para la directa aplicación de la normativa de protección de datos en las administraciones públicas

Between theory and practice, the data protection regulation in public administrations



LUCÍA DO NASCIMENTO LÓPEZ

Avogada especializada en Dereito das Telecomunicacións, Protección de Datos, Sociedade da Información e Audiovisual luciadonascimento@outlook.es

Recibido: 25/06/2019 | Aceptado: 18/07/2019

DOI: <https://doi.org/10.36402/regap.v1i57.25>

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Resumo: Análise dos dereitos e obrigas relativos ás implicacións derivadas da normativa europea e nacional en materia de protección de datos respecto dos tratamentos realizados por parte das administracións públicas

Palabras clave: RXP, Administración pública, LOPDGDD.

Resumen: Análisis de los derechos y obligaciones relativos a las implicaciones derivadas de la normativa europea y nacional en materia de protección de datos respecto de los tratamientos realizados por parte de las administraciones públicas

Palabras clave: RGP, Administración pública, LOPDGDD.

Abstract: Analysis of the rights and obligations relating to the implications arising from European and national legislation on data protection with regard to the processing carried out by public administrations.

Key words: GDPR, public Administration, LOPDGDD.

SUMARIO: 1 Introducción. 2 Bases de lexitimación: eixe fundamental para o correcto tratamento de datos de carácter persoal por parte da Administración pública. 3 Regulación dos contratos de acceso a datos.

1 Introducción

Coa entrada en aplicación, o pasado 25 de maio, do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derogou a Directiva 95/46/CE (en diante, RXPDP), así como pola posterior aprobación da Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD), as administracións públicas sometéronse a un intenso procedemento de adaptación ás ditas normas, debido a que estas, a partir dese momento, se atopan sometidas ao cumprimento dunha serie de obrigas que perseguen que o inxente número de datos de carácter persoal tratados por eses entes públicos no exercicio das súas funcións sexa recuberto como se dunha película se tratase, por unha serie de medidas de índole xurídica, técnica e organizativa cuxa finalidade non é outra que aseverar e garantir a seguridade deses datos persoais.

Polo tanto, a continuación expóñense os requisitos que toda entidade pública debe contemplar dentro da súa organización para que os tratamentos de datos de carácter persoal se adecúen e, polo tanto, cumpran de xeito estrito coas disposicións vixentes. Non obstante, non se debe esquecer que o dereito á protección de datos non é un dereito con carácter absoluto, senón que convive xunto con outros dereitos fundamentais, implicando tal situación a necesidade de acadar unha harmonía xurídica cuxo obxectivo non é outro que respectar, de xeito conxunto, entre outros, o dereito á protección de datos, o dereito á vida privada e familiar, o dereito relativo ao segredo das comunicacións, o dereito de liberdade de expresión e información, de conciencia e relixión¹.

2 Bases de lexitimación: eixe fundamental para o correcto tratamento de datos de carácter persoal por parte da Administración pública

Tal como se mencionou, os tratamentos de datos de carácter persoal que realizan as administracións públicas deben axustarse ás exigencias que contempla a norma nacional, o que supuxo e supón un longo proceso de transformación debido ao gran volume de datos tratados, e todo iso de cara á correcta prestación dos servizos públicos encomendados. Para tal efecto, debe partirse da necesidade de adecuar os tratamentos efectuados ás bases lexitimadoras ofrecidas, posto que este será o punto a partir do cal se poderán realizar lícitamente as actividades de tratamento pretendidas sobre os datos persoais dos cidadáns, e tamén será necesario establecer unha serie de procedementos encamiñados a garantir a correcta conservación e seguridade destes,

¹ Vid. Considerando 4 do RXPDP.

co ánimo de mitigar os posibles riscos que se poidan producir dentro da entidade para que todo iso poida ser, tal como se veu denominando no último tempo, *Compliance*².

Ao fío do anterior, a primeira base lexitimadora que se debe analizar é o consentimento, dado que este implicou un substancial cambio á hora de ser configurado, xa que debe ser facilitado polo afectado para as operacións de tratamento dos seus datos en relación cun ou varios fins específicos.

Cabe destacar o importante valor que o texto europeo lle outorgou ao consentimento, pois suprimiu de xeito absoluto o consentimento tácito, o que contribuíu a que o titular dos datos teña pleno coñecemento do tratamento que sobre eles se realiza, implicando a necesidade de que este “*debe darse mediante un acto afirmativo claro que reflecta unha manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca*”³. Así as cousas, a aceptación do tratamento en cuestión poderá ser avalado, por exemplo, a través dunha declaración por escrito que poderá ser efectuada a través de medios electrónicos ou ben mediante unha declaración verbal, debendo quedar acreditado –en ambos os dous casos– que se cumpriu co deber de información exixido pola normativa, e terá que constar proba plena do outorgamento do dito consentimento.

En relación co anterior, será a Administración pública, como responsable do tratamento, quen terá a obriga de demostrar que o consentimento se solicitou respectando as garantías recollidas na normativa vixente en materia de protección de datos⁴. Por último, o lexislador europeo, co fin de garantir que o consentimento facilitado polos titulares se fundamente en que este se prestou de forma libre, fai referencia á imposibilidade de que este se configure como fundamento xurídico válido naqueles supostos en que se produza un evidente desequilibrio entre o responsable do tratamento e o afectado polo tratamento dos seus datos de carácter persoal. Por iso, a dita base xurídica non será empregada con asiduidade, derivando tal efecto da significativa posición que alcanza o ente público fronte ao cidadán.

Por conseguinte, isto supuxo, e así o manifestou a Axencia Española de Protección de Datos (en diante, AEPD), que a Administración pública, á hora de configurar as bases lexitimadoras que rexen as actividades de tratamento desempeñadas, faga que se asenten principalmente nos dous fundamentos xurídicos que se sinalan deseguido.

a) *O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento.*

b) *O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.*

² Rfc. WORLD COMPLIANCE ASSOCIATION define o *Corporate Compliance* como o conxunto de procedementos e boas prácticas adoptados polas organizacións para identificar e clasificar os riscos operativos e legais a que se enfrontan e establecer así mecanismos internos de prevención, xestión, control e reacción fronte a estes.

³ *Vid.* Considerando 42 do RXPD.

⁴ De acordo coa Directiva 93/13/CEE do Consello (1), debe proporcionarse un modelo de declaración de consentimento elaborado previamente polo responsable do tratamento cunha formulación intelixible e de doado acceso que empregue unha linguaxe clara e sinxela, e que non conteña cláusulas abusivas. Para que o consentimento sexa informado, o interesado debe coñecer como mínimo a identidade do responsable do tratamento e os fins do tratamento aos cales están destinados os datos persoais. O consentimento non debe considerarse libremente prestado cando o interesado non goza de verdadeira ou libre elección ou non pode denegar ou retirar o seu consentimento sen sufrir prexuízo ningún.

Para tal efecto, para levar a cabo a correcta aplicación destes, debe atenderse ao establecido no artigo 8 da LOPDGDD, o cal, en síntese, indica que:

1. Para poder fundamentar o tratamento no cumprimento dunha obriga legal exixible ao responsable, será necesario que a dita actividade se atope determinada por unha norma de dereito da Unión Europea ou unha norma con rango de lei.

2. Para que poida ser aplicada a base lexitimadora consistente no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, será requisito esencial que ese tratamento sexa consecuencia da competencia que a Administración pública ten conferida a través dunha norma con rango de lei.

Neste punto, resulta interesante resaltar a modificación que se levou a cabo respecto aos puntos 2 e 3 do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a cal trasladou o consentimento para a consulta ou obtención de documentos elaborados por calquera Administración, en relación coa achega de documentos de carácter preceptivo ou facultativo, á base fundada no cumprimento dunha misión realizada en interese público, permitíndolle ao afectado exercer, en todo momento, o seu dereito de oposición ao tratamento.

A mesma circunstancia se produciu respecto ao requirimento, por parte das administracións públicas, de documentos presentados con anterioridade a calquera Administración, capacitando a esta para a súa recollida, salvo que conste oposición expresa do interesado ou, se é o caso, pola aplicación dunha lei especial, sexa requirido o consentimento expreso do titular dos datos.

Unido ao anterior, concédeselles a potestade ás administracións públicas, por medio da disposición adicional oitava da LOPDGDD, de verificar a exactitude dos datos de carácter persoal dos afectados, cando por calquera medio estes formulen solicitudes en que o cidadán declare datos persoais que consten en poder dos ditos entes.

Conforme canto antecede, debe matizarse que non todos os tratamentos que se realicen por parte das administracións públicas estarán amparados no artigo 8.2 da antedita norma, senón que, e así o expuxo a AEPD por medio do Informe 2018-175, emitido polo seu Gabinete Xurídico, *“Se un determinado tratamento non é necesario para o cumprimento da misión realizada en interese público ou no exercicio dos poderes públicos conferidos polo ordenamento, o dito tratamento non só carecería de base xurídica suficiente lexitimadora prevista no apartado e), senón que, ademais, infrinxiría o principio de minimización de datos contido no artigo 5.1.c) RXP, aplicable igualmente aos tratamentos de datos levados a cabo pola Administración pública”*⁵.

En consecuencia, a aplicación da condición que establece que o tratamento será lícito se este é necesario para a satisfacción de intereses lexítimos perseguidos polo responsable do tratamento ou por un terceiro, verase excluída do ámbito de aplicación a Administración pública, posto que, en relación co referido, primará a aplicación do fundamento baseado no cumprimento dunha obriga legal ou, se é o caso, cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes

⁵ Vid. www.aepd.es/media/informes/2018-0175-base-juridica-tratamiento-por-la-administracion-publica.pdf

públicos. Igualmente, o dito posicionamento deriva do establecido polo considerando 45 do RXP⁶.

Non obstante, resulta preciso analizar a capacidade que terán tales entidades cando, atopándose á marxe das súas funcións públicas, é dicir, cando actúe como un suxeito de dereito privado, poida aplicar o interese lexítimo como eixe do tratamento de datos de carácter persoal. Para tal efecto, cómpre traer a colación a sentenza emitida polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea, Sala Segunda, o 19 de outubro de 2016. No asunto C 852/14 (*Patrick Breyer e Bundesrepublik Deutschland*) apartados 53 e 60 –ditada en interpretación do concepto de interese lexítimo do artigo 7.1.f) da Directiva 95/46 e, polo tanto, anterior ao RXP– admite que unha autoridade pública pode ter un interese lexítimo como base xurídica nos seus tratamentos de datos⁷.

53. *Pois ben, no asunto principal, sen prexuízo das comprobacións que debe realizar a este respecto o tribunal remitente, parece que os organismos federais alemáns que prestan servizos de medios en liña e que son responsables do tratamento dos enderezos IP dinámicos actúan, malia o seu estatuto de autoridades públicas, en calidade de particulares e fóra do ámbito das actividades do Estado en materia penal.*

60. (...) *Pois ben, os organismos federais alemáns que subministran servizos de medios en liña poderían ter tamén un interese lexítimo en garantir, máis alá de cada utilización concreta dos seus sitios de Internet accesibles ao público, a continuidade do funcionamento dos ditos sitios.*

En relación con esta cuestión, a AEPD, con base nos criterios emitidos por parte do Grupo de Tráballo do Artigo 29 (en diante, GT29), a través do Ditame 06/2014, posicionouse indicando que se considera pertinente deixar a un lado o interese lexítimo, independentemente de que as funcións que se desempeñen se sometan a actividades relacionadas con dereito privado, posto que tales actividades poderán ser encadradas no marco do cumprimento dunha misión realizada en interese público. No entanto, o dito criterio non é mantido, por exemplo, por parte da autoridade de control británica (ICO), que considera que os entes públicos teñen lexitimación para aplicar e, en consecuencia, desenvolver actividades do tratamento sobre a base do interese lexítimo.

Por último, será lícito o tratamento levado a cabo se este é necesario para protexer os intereses vitais do interesado ou doutra persoa física.

⁶ Considerando 45 do RXP. "*Cando se realice en cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento, ou se é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, o tratamento debe ter unha base no dereito da Unión ou dos Estados membros. Este regulamento non require que cada tratamento individual se rexa por unha norma específica. Unha norma pode ser suficiente como base para varias operacións de tratamento de datos baseadas nunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento, ou se o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos. A finalidade do tratamento tamén debe determinarse en virtude do dereito da Unión ou dos Estados membros. Ademais, a dita norma podería especificar as condicións xerais deste regulamento polas que se rexe a licitude do tratamento de datos persoais, establecer especificacións para a determinación do responsable do tratamento, o tipo de datos persoais obxecto de tratamento, os interesados afectados, as entidades ás que se lles poden comunicar os datos persoais, as limitacións da finalidade, o prazo de conservación dos datos e outras medidas para garantir un tratamento lícito e leal. Debe determinarse tamén en virtude do dereito da Unión ou dos Estados membros se o responsable do tratamento que realiza unha misión en interese público ou no exercicio de poderes públicos debe ser unha autoridade pública ou outra persoa física ou xurídica de dereito público, ou, cando se faga en interese público, incluídos fins sanitarios como a saúde pública, a protección social e a xestión dos servizos de sanidade, de dereito privado, como unha asociación profesional.*"

⁷ Vid. <http://curia.europa.eu/juris/document/document.jsf?docid=184668&doclang=ES>.

Á luz do exposto, quedou patente a importancia de analizar e, en consecuencia, aplicar os fundamentos xurídicos axeitados ao caso concreto, e todo iso sen perder de vista o deber de información a que todo responsable do tratamento se atopa suxeito.

3 Regulación dos contratos de acceso a datos

Asentado o anterior, o cambio normativo supuxo un importante esforzo á hora de adecuar toda a documentación por medio da cal se solicitaban datos de carácter persoal do cidadán, así como todos aqueloutros documentos que fan referencia a tratamentos de datos de carácter persoal que afecten ao funcionariado público ou calquera outro empregado contratado no seo da organización.

Directamente, isto levou consigo a revisión directa e actualización dos contratos subscritos cos encargados do tratamento, suxeitos que levan a cabo os tratamentos por conta do responsable e que deberán cumprir igualmente coas disposicións europeas e nacionais en materia de protección de datos.

A pesar de que é recomendable efectuar unha revisión dos contratos de acceso a datos, a LOPDGDD, por medio da súa disposición transitoria quinta, estableceu que os contratos perfeccionados con anterioridade ao 25 de maio de 2018, é dicir, antes da aplicación do RXP, manterán a súa vixencia ata a data do seu vencemento e, en caso de que teñan carácter indefinido, a súa actualización poderase prorrogar ata o 25 de maio de 2022.

Así mesmo, as administracións públicas terán a obriga de asegurarse de que os encargados do tratamento seleccionados ofrecen garantías suficientes para aplicar medidas de índole técnica e organizativa apropiadas e, en consecuencia, que estas aseguren a protección dos datos persoais tratados conforme os preceptos recollidos na normativa, garantindo así a tutela dos dereitos dos afectados.

Nesta liña, cobran vital interese as directrices establecidas por parte das administracións públicas a través dos contratos de acceso a datos perfeccionados, xa que mediante a configuración destes derivarán as pertinentes responsabilidades xeradas como resultado dun incumprimento contractual ou, se é o caso, dun fallo de seguridade. Polo tanto, debe facerse especial fincapé nas estipulacións que fan referencia á facultade do encargado do tratamento para destinar os datos a finalidades diferentes para as cales se facilitaron, a posibilidade de comunicar eses datos a terceiros, é dicir, levar a cabo cesións de datos, así como acudir a terceiros para a prestación de determinados servizos e o xeito de proceder en caso de que teña lugar tal situación, séndolle de aplicación a este último encargado as mesmas obrigas que as que lle foron impostas ao encargado inicial. Tales obrigas serán exixidas a través dun contrato ou outro acto xurídico establecido conforme o dereito da Unión ou dos Estados membros.

De igual modo, terán que seguirse as instrucións dadas pola Administración pública, como responsable do tratamento, para poder levar a cabo as transferencias internacionais de datos de carácter persoal (en diante, TID), situación que se produce

cando estes se remiten fóra do ámbito do Espazo Económico Europeo⁸. Para tal efecto, non soamente deberá prestarse atención nas TID que teñan a súa orixe na propia actividade da Administración, senón que será especialmente relevante controlar e regular todas aquelas TID que se orixinan como corolario da evolución das tecnoloxías da información e comunicación, así como do uso, cada vez máis recorrente, dos servizos en nube (*cloud computing*)⁹. Neste extremo, cabe destacar que o texto europeo acrecenta os instrumentos a través dos cales se poderán realizar estas transferencias, entre os que se incorporan os xuridicamente requiridos e vinculantes entre autoridades e organismos públicos¹⁰.

Pola súa vez, será fundamental establecer nos devanditos contratos o xeito de proceder do encargado do tratamento cando se produza unha fenda ou violación de seguridade dos datos persoais, é dicir, cando se “*occasione a destrución, perda ou alteración accidental ou ilícita de datos persoais transmitidos, conservados ou tratados doutra forma, ou a comunicación ou acceso non autorizados aos ditos datos*”¹¹.

Nestes supostos, será indispensable establecer o prazo para a comunicación desas fendas de seguridade, o cal poderá ser superior a 24 horas, sendo recomendable que, á hora de perfeccionar o dito prazo no contrato, este preferiblemente non supere as 48 horas, posto que será o responsable do tratamento quen terá que notificarlle á autoridade de control competente tal acontecemento, sen dilación indebida e, como moito, dentro das 72 horas seguintes¹² desde que se producise a fenda de seguridade, sempre e cando esta constituía un risco para os dereitos e liberdades dos afectados.

Isto implicará que, para a minimización dos riscos que se queiran asumir por medio do contrato, o encargado do tratamento facilite a información que a continuación se detalla, co fin de realizar unha axeitada e eficaz xestión, así como comunicación dos quebrantamentos acaecidos. Esa información deberá conter os seguintes puntos¹³:

a) Descrición da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, mesmo, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de interesados afectados, e as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.

⁸ Rfc. AXENCIA ESPAÑOLA DE PROTECCIÓN DE DATOS “Protección de Datos y Administración Local”, *Guías Sectoriales AEPD*. Dispoñible en: <https://www.aepd.es/media/guias/guia-proteccion-datos-administracion-local.pdf>

⁹ Rfc. IBM Cloud. O *cloud computing* consiste na subministración, baixo demanda, de recursos informáticos a través de Internet e baseada nun modelo de pagamento por uso.

¹⁰ *Vid.* art. 46 do RXPd.

¹¹ *Vid.* art. 4 do RXPd.

¹² O considerando 85 do RXPd establece que, “*Se non se toman a tempo medidas axeitadas, as violacións da seguridade dos datos persoais poden entrañar danos e perdas físicos, materiais ou inmateriais para as persoas físicas, como perda de control sobre os seus datos persoais ou restrición dos seus dereitos, discriminación, usurpación de identidade, perdas financeiras, reversión non autorizada da pseudonimización, dano para a reputación, perda de confidencialidade de datos suxeitos ao segredo profesional, ou calquera outro prexuízo económico ou social significativo para a persoa física en cuestión. Por conseguinte, tan axiña como o responsable do tratamento teña coñecemento de que se produciu unha violación da seguridade dos datos persoais, o responsable debe, sen dilación indebida e, de ser posible, como moito 72 horas despois de que tivese constancia dela, notificar a violación da seguridade dos datos persoais á autoridade de control competente, a menos que o responsable poida demostrar, atendendo ao principio de responsabilidade proactiva, a improbabilidade de que a violación da seguridade dos datos persoais entrañe un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas. Se a dita notificación non é posible no prazo de 72 horas, debe anexarse unha indicación dos motivos da dilación, podendo facilitarse información por fases sen máis dilación indebida*”.

¹³ *Vid.* art. 33 do RXPd.

b) O nome e os datos de contacto do delegado de protección de datos ou doutro punto de contacto en que poida obterse máis información.

c) Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.

d) Descrición das medidas adoptadas ou propostas para pórllle remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.

Por outro lado, nin a normativa internacional nin nacional ofrecen unha lista exhaustiva de todas as medidas de seguridade de carácter técnico e organizativo que deberán ser aplicadas en relación cos tratamentos efectuados. Neste sentido, e tal como se veu realizando ata o momento, as administracións públicas deberán aplicar todas as medidas contidas no Esquema Nacional de Seguridade (en diante, ENS), o cal establece aquelas ás cales convén adherirse en relación cos tratamentos de datos de carácter persoal efectuados.

Neste punto, a disposición adicional primeira da LOPDGDG incorpora o deber que teñen os responsables do tratamento para exixirlles aos encargados configurados como empresas ou fundacións suxeitas a dereito privado a adopción, no seo da súa organización, de medidas equivalentes ás establecidas polo ENS. Pola súa vez, este requisito será o aplicado naqueles supostos en que un terceiro preste un servizo en réxime de concesión, encomenda de xestión ou contrato, debendo corresponderse as medidas aplicadas coas da Administración pública de orixe.

Con todo iso preténdese alcanzar o cumprimento da protección de datos desde o deseño e por defecto¹⁴, dous novos principios introducidos polo RXPDP co propósito de que todas as organizacións e institucións respecten e avalen a privacidade da información dos titulares e, en consecuencia, cumplan con outro dos novos principios recollidos no texto europeo, a responsabilidade proactiva –tamén coñecido como *accountability*–.

En consecuencia, o responsable deberá documentar por medio dun rexistro de actividades do tratamento aquelas efectuadas baixo a súa responsabilidade, que veu substituír a obriga de notificarlles os ficheiros e tratamentos ás autoridades de control de protección de datos¹⁵. Pola súa banda, o encargado do tratamento terá a obriga de documentar no dito rexistro as categorías de actividades efectuadas por conta do responsable. Así as cousas, o rexistro de actividades do tratamento terá que manterse actualizado, xa que se trata dun documento vivo, debendo atoparse, en todo momento, á disposición das autoridades de control¹⁶.

Unha vez documentadas esas actividades, será necesario realizar unha análise dos riscos que estas comportan –englobando tanto as xa existentes como as que

¹⁴ Rfc. a AEPD na súa Guía "*Protección de Datos y Administración Local*" recolle que o principio de protección de datos desde o deseño supón que a protección de datos ha de estar presente nas primeiras fases de concepción dun proxecto e formar parte da lista de elementos a considerar antes de iniciar as sucesivas etapas de desenvolvemento. Así mesmo, entende que a protección de datos por defecto estriba en que só sexan obxecto de tratamento os datos persoais que sexan estritamente necesarios para cada un dos fins de tratamento.

¹⁵ Rfc. AXENCIA ESPAÑOLA DE PROTECCIÓN DE DATOS, "El impacto del Reglamento General de Protección de Datos sobre la actividad de las Administraciones Públicas". Dispoñible en: <https://www.aepd.es/media/docs/impacto-rgpd-en-aapp.pdf>

¹⁶ Rfc. RODRÍGUEZ, B., "Cuáles son las exigencias de RGPD", *Revista Byte TI. Legalidad TIC*, 17 abril de 2018.

vaian ter lugar—, para determinar se é pertinente realizar ou non unha avaliación de impacto sobre a protección de datos (en diante, AIPD). Neste sentido, as administracións públicas españolas contan actualmente con metodoloxías de análise e xestión de riscos, principalmente no ámbito dos sistemas da información, como, por exemplo, a norma *ISO 27005*, que derogou as normas *ISO/IEC TR 13335-3:1998* e *ISO/IEC TR 13335-4:2000*, ou *MAGERIT*¹⁷. Esta última constitúese como unha metodoloxía de carácter público e atópase recoñecida por ENISA¹⁸, configurándose como un instrumento que pretende posibilitar a implantación e aplicación do ENS¹⁹.

Así mesmo, as AIPD deben ser realizadas con anterioridade á posta en marcha dos tratamentos e, cando se considere que estes entrañan unha serie de perigos para as liberdades e dereitos dos titulares, fixando pola súa vez unha secuencia de supostos en que será preceptivo realizar a dita avaliación. Non obstante, é certo que o texto europeo exceptúa a necesidade de realizar unha AIPD en tratamentos que non supoñen un alto risco para os dereitos e liberdades dos titulares, sempre e cando estes descansan sobre a base lexitimadora relativa á consecución de fins de interese público ou se atopen ligados ao fundamento referente ao exercicio dos poderes públicos. Tal como indicou a autoridade de control española, non se terán que someter a AIPD estes tratamentos, nos supostos de que exista unha norma que os regularice e se tivese realizado unha avaliación, como parte dunha AIPD xeral, no contexto da adopción desa norma de base²⁰.

Non é cuestión banal a importancia que radica en canto á cooperación que debe existir entre os responsables e encargados do tratamento, xa non só respecto ás continxencias acaecidas no marco da prestación de servizos, senón tamén en canto á correcta atención dos dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación e portabilidade dos datos exercitados polos titulares dos datos de carácter persoal. Para o exercicio deles, as administracións públicas deberán habilitar mecanismos sinxelos, accesibles e visibles para os cidadáns, así como establecer procedementos que impliquen a verificación da identidade do titular no suposto de que se permita o

¹⁷ Rf.c. PORTAL ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, GOBERNO DE ESPAÑA. *MAGERIT* persegue estes obxectivos: i) concienciar os responsables das organizacións da existencia de riscos e da necesidade de xestionalos, ii) ofrecer un método sistemático para analizar os riscos derivados do uso de tecnoloxías da información e comunicación (TIC), iii) axudar a descubrir e planificar o tratamento oportuno para manter os riscos baixo control indirectos, iv) preparar a organización para procesos de avaliación, auditoría, certificación ou acreditación, segundo corresponda en cada caso.

¹⁸ A European Network and Information Security Agency (ENISA) é a Axencia da Unión Europea para a Seguridade das Redes e a Información, constituíndose como un centro de experiencia para a ciberseguridade, co que se pretende dotar a UE e os países que a conforman de consellos prácticos e solucións tanto ao sector público como privado, para previr, detectar e responder aos problemas que se orixinen como consecuencia da seguridade da información.

¹⁹ CN-CERT. CENTRO CRIPTOLÓXICO NACIONAL. A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos estableceu o Esquema Nacional de Seguridade, que, aprobado mediante o Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, ten por obxecto determinar a política de seguridade na utilización de medios electrónicos no seu ámbito de aplicación, e estará constituído polos principios básicos e requisitos mínimos que permitan unha protección axeitada da información. Posteriormente, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recolle o Esquema Nacional de Seguridade no seu artigo 156, apartado 2, en similares termos. En 2015 publicouse a modificación do Esquema Nacional de Seguridade a través do Real decreto 951/2015, do 23 de outubro, en resposta á evolución do ámbito regulatorio, en especial da Unión Europea, das tecnoloxías da información e da experiencia da implantación do esquema.

²⁰ Rf.c. AXENCIA ESPAÑOLA DE PROTECCIÓN DE DATOS, "El impacto del Reglamento General de Protección de Datos sobre la actividad de las Administraciones Públicas", cit.

exercicio de tales dereitos a través de medios electrónicos, como por exemplo remitir unha copia do documento nacional de identidade.

Retomando a importancia do deber de colaboración descrito, será determinante establecer o prazo que ten o encargado do tratamento para darlle traslado ao responsable das solicitudes formuladas polos afectados polos tratamentos dos seus datos de carácter persoal, así como establecer a imposición de medidas axeitadas co fin de garantir a correcta recepción destas, no caso de que non se lle atribúa a facultade de contestación a tales peticións ao encargado do tratamento. Igualmente, estas cuestións deberán ser reflectidas no contrato suscrito entre ambas as dúas partes.

En canto á figura do delegado de protección de datos, este revístese de carácter obrigatorio, cabendo a posibilidade de nomear un único delegado para varios organismos, aínda que é certo que tal decisión terá que atender ao tamaño e á estrutura da dita entidade pública. Así mesmo, os delegados, tal como indica o considerando 97 do RXPDP, deberán posuír coñecementos especializados en dereito e a práctica en materia de protección de datos. Finalmente, terán que ser establecidas as unidades nas cales este será integrado e a posición que ten dentro do ente público, debendo ser habilitados mecanismos que permitan aos cidadáns contactar con el, como por exemplo a través da inclusión, dentro da política de privacidade da páxina web ou nos formularios que se atopen á disposición do público, do seu correo electrónico.

Por último, todas as directrices que se foron mencionando ao longo deste estudo e que supoñen, en definitiva, unha exposición dos puntos máis relevantes que afectan dun xeito directo á Administración pública e aos seus provedores de servizos deberán atoparse suxeitas ao deber de segredo e confidencialidade.

Bibliografía

- AXENCIA ESPAÑOLA DE PROTECCIÓN DE DATOS (AEPD), “El impacto del Reglamento General de Protección de Datos sobre la actividad de las Administraciones Públicas”. Disponible en: <https://www.aepd.es/media/docs/impacto-rgpd-en-aapp.pdf>
- CAMPOS ACUÑA, M.^{3C}. (dir.), *Aplicación práctica y adaptación de la protección de datos en el ámbito local*, Wolters Kluwer, Madrid, 2018.
- CARRIÓN GARCÍA DE PARADA, F.J., e REGUERA GÓMEZ, M., “Reflexiones sobre la protección jurídica de las bases de datos. Auto del Tribunal Supremo de fecha 31 de enero de 2018”, *Comunicaciones en propiedad industrial y derecho de la competencia*, n. 83 (xaneiro-abril) 2018.
- JIMÉNEZ ASENSIO, R., e MORO, A., *Manual-guía sobre impactos del Reglamento (UE) de protección de datos en los entes locales*, Federació de Municipis de Catalunya, 2018. Disponible en: <https://www.fmc.cat/documents/25050/doc/Manual-Guia-castella.pdf>
- NÚÑEZ SEOANE, J., *Comunicación de datos personales por las Administraciones Públicas en el RGPD*, Blog Abogacía Española, 2018. Disponible en: <https://www.abogacia.es/2018/07/17/>

comunicacion-de-datos-personales-por-las-administraciones-publicas-en-el-rgpd/

OROZ VALENCIA, L., “El día a día en las entidades locales y la influencia de la Ley Orgánica de Protección de Datos de carácter Personal”, *Actualidad Administrativa*, n. 9, 2015.

POVEDANO ALONSO, D., “Comentario de urgencia a la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales, en su aplicación a las entidades locales”, *Actualidad Administrativa*, n. 1, 2019.

RODRIGUEZ, B., “Cuáles son las exigencias de RGPD”, *Revista Byte TI. Legalidad TIC*, 17 abril de 2018.

TRONCOSO REIGADA, A., “La seguridad en el Reglamento General de Protección de Datos de la Unión Europea”, *Actualidad Administrativa*, n. 1, 2019.

URGELL, E., “El RGPD: un cambio de paradigma en la protección de datos”, *Revista Byte TI. Legalidad TIC*, maio 2018.

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Xurisprudencia contencioso-administrativa

Jurisprudencia contencioso-administrativa

Contentious-administrative jurisprudence



FRANCISCO DE COMINGES CÁCERES

Maxistrado (Galicia, España)
f.cominges@poderjudicial.es

Recibido: 26/07/2019 | Aceptado: 18/07/2019

DOI: <https://doi.org/10.36402/regap.v1i57.40>

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

SUMARIO: 1 Administración local. 1.1 Eleccións municipais 2019. 1.2 Relación de postos de traballo dos concellos. Valoración dos postos. Criterios para a determinación dos complementos específico e de destino dos policía locais. Principios de coherencia lexítima e actos propios. Inexistencia de dereitos adquiridos. 1.3 Contratación local. Servizos de asesoría xurídica e defensa letrada en xuízo. Requisitos de solvencia técnica. 1.4 Deslinde de bens de dominio público municipal. Posibilidade de interpor recurso de reposición. 2 Educación. 2.1 Adscrición administrativa obrigatoria dos centros de ensino privado aos públicos. 3 Medio ambiente e urbanismo. 3.1 Execución de sentenza anulatoria de licenza de edificio de vivendas por transacción xudicial alcanzada mediante técnicas de mediación. 3.2 Exención de avaliación de impacto ambiental de planta industrial regasificadora, acordada polo Goberno do Estado en funcións. 3.3 Licenzas urbanísticas en trámite na data de anulación xudicial do plan xeral de ordenación municipal. Sentido do silencio administrativo. 3.4 Disciplina urbanística. Caducidade da potestade para restaurar a legalidade sobre unha obra de uso industrial. 3.5 Execución de sentenza anulatoria de licenza de nave industrial. Prazo para promover incidente de inexecución. A disposición transitoria 7.^a da Lei 2/2016 do solo de Galicia non leva consigo a legalización de construcións afectadas por sentenza. 4 Persoal. 4.1 Persoal temporal do Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Plan de estabilidade no emprego. Dereito a indemnización polo cesamento. 4.2 O período de baixa por maternidade nas vinculacións de temporais debe computarse como tempo efectivo de traballo. 5 Proceso contencioso-administrativo. 5.1 Revisión de sentenzas firmes por vulneración do Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais. Omisión de emprazamento dos propietarios afectados pola impugnación dunha licenza urbanística. 5.2 Suspensión do proceso por concorrencia de cuestión prexudicial penal. Reclamación de honorarios por servizos prestados sen contrato. 6 Responsabilidade patrimonial. 6.1 Responsabilidade sanitaria. Teoría do dano desproporcionado. Consentimento informado. 6.2 Reclamación indemnizatoria polos prexuízos derivados da inclusión de determinados terreos na Rede Natura. 7 Tributos. 7.1 Ordenanza municipal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento espe-

cial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos. 7.2 Nulidade do Real decreto 529/2017, de modificación do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, por omisión do informe preceptivo do Consello de Estado. 8 Universidades. 8.1 Control xurisdiccional da avaliación negativa de períodos de investigación pola ANECA.

1 Administración local

1.1 Eleccións municipais 2019

Sobre as eleccións municipais celebradas o 26 de maio de 2019, resulta de interese a Sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), do 26 de xuño de 2019 (rec. 213/2019, relator: Rivera Frade). Ordena repetir as ditas eleccións no termo municipal de Burela ao non se teren conservado varias papeletas de votos que foron declarados nulos nunha mesa electoral. Incide a sentenza en que:

«Se descoñece se algún dos votos declarados nulos na Mesa 1.5.U do municipio de Burela podía favorecer a formación política recorrente, é dicir, se algún deses votos ía destinado a ela, pois as papeletas desapareceron. O único que se sabe é que as papeletas desapareceron, e que, de favorecero tan só unha delas, a formación política actora tería obtido representación no municipio de Burela cun concelleiro. Entende esta Sala que a incerteza sobre o sentido e a validez dos votos nulos cuxas papeletas desapareceron non pode prexudicar a actora, e deben conducir á invalidez do escrutinio efectuado, polas seguintes razóns: 1) En primeiro lugar, porque BURELA SEMPRE non estaba obrigada a estar presente na Mesa electoral a través dos seus representantes (“non existía nin interventor nin apoderado da Agrupación na citada Mesa, sen que, polo demais, exista obriga legal ningunha da súa presenza” –di a STC 57/1991, do 15 de xullo–). 2) En segundo lugar, porque a non constancia na acta de escrutinio dalgunha incidencia por parte dos interventores presentes o único que significa é que non tiñan nada que obxectar ao respecto, como tampouco o fixeron posteriormente no acto de escrutinio xeral ante a XEZ, probablemente porque a nulidade dos 6 votos, cuxas circunstancias coñecían, non os prexudicaba. Pero non impedía que a recorrente presentase reclamación contra ela. 3) E, en terceiro lugar, porque o incumprimento detectado ten especial importancia en canto, de poderse verificar tan só un voto nulo, que puidese ser validado, dirixido á formación política actora, esta tería obtido un concelleiro e, con el, representación no municipio, sempre e cando ningún dos votos restantes fose favorable ao BNG, con quen inicialmente empatara a recorrente. Non se puido comprobar o contido real dos votos nulos, e, polo tanto, non se puido coñecer a verdadeira vontade dos seis electores que os emitiron. Pero si sabemos, que, se un deles fose declarado válido e estivese dirixido á formación política actora, se alteraría a composición da Corporación municipal, pois obtería un concelleiro en detrimento doutra formación política (BNG), que o perdería.

Esta Sala na sentenza do 19 xullo de 1999 (Recurso 1059/1999), con cita no acordo da Xunta Electoral Central do 7 de xuño de 1991, pronunciouse no sentido de que a simple omisión das papeletas ás que se negase validez non se deduce a declaración de nulidade do acto de votación, en virtude dos principios de conservación dos actos electorais e

efectividade dos dereitos de votantes e candidatos, “salvo que tal omisión poida, de resultar certa a reclamación do recorrente, determinar ou resultar determinante para o resultado da elección”. E isto é o que sucede no presente caso en que a irregularidade cometida na Mesa electoral 1.5.U do municipio de Burela, sometida aos canons de constitucionalidade, que impoñen a interpretación finalista e pro efectividade dos dereitos fundamentais dos electores recollido no artigo 23.1 CE, non supera o principio de veracidade material, isto é, impide descubrir a verdade material manifestada polos electores daquel distrito electoral, polo que unha ponderación da intensidade e gravidade da irregularidade cometida determina a desactivación do principio de conservación dos actos electorais, facendo imposible conservar o resultado da votación realizada na citada Mesa.

En consecuencia e dado que o vicio detectado no curso do procedemento electoral desenvolvido o día 26 de maio de 2019 na Mesa electoral 1.5.U do municipio de Burela pode ser determinante do resultado final da elección, en canto á formación política recorrente puidese corresponderlle un concelleiro nese municipio, e polo tanto representación política nel, procede acordar a nulidade da elección celebrada na dita Mesa nos termos solicitados pola recorrente e, de conformidade co artigo 113.1, letra d) LOREX, a necesidade de efectuar nova convocatoria nesta para que se repita a votación nesa mesa electoral, en todo caso no prazo de tres meses a partir desta sentenza, o cal conduce á estimación do recurso presentado».

O TSXG, na súa Sentenza do 25 de xuño de 2019 (rec. 214/2019, relator: Seoane Pesqueira), confirma a nulidade do voto dunha lista municipal introducido na urna das eleccións municipais, pero dentro dun sobre das europeas, con estes razoamentos:

«(...) é tallante o artigo 96.1 LOREX á hora de impor a invalidez do voto introducido nun sobre diferente do oficial. O dito artigo 96.1 da LOREX establece que será nulo o voto emitido en papeleta non oficial, o que loxicamente debe interpretarse como que ha de introducirse a papeleta das eleccións locais no sobre das propias eleccións municipais para depositalo na urna dos ditos comicios, tal como anteriormente se argumentou, de modo que non é válido o voto se a papeleta se inclúe en sobre oficial correspondente a outro proceso electoral, neste caso das europeas, aínda que se celebre o mesmo día, por dúas razóns: 1.^a cada proceso electoral é autónomo, e de feito no caso que nos ocupa é normativa diferente a que regula a exixencia respecto das eleccións municipais e europeas, de xeito que, en concreto, se aproba como oficial un sobre diferente para cada proceso, en congruencia co cal nos comicios celebrados o 26 de maio de 2019 era de distinta cor o sobre en que se introducía a papeleta en cada unha das citadas eleccións, e 2.^a se se dese validez á papeleta introducida en sobre de proceso electoral distinto estaríase a propiciar a conculcación da exixencia do segredo do voto, porque chamaría a atención que na urna en que todos os sobres fosen dunha determinada cor existise un de cor distinta, como sucede neste caso, en que todos os sobres das eleccións municipais serían de cor branca, e non obstante era de cor azul un deles, resultando perfectamente identificable o votante a quen na mesa se lle permitiu tal anomalía.

Polo tanto, non pode acollerse a alegación do recorrente de que non se vulnerou o artigo 96.1 LOREX, o que baseou en que a papeleta se introduciu en sobre oficial, non podendo

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

prosperar o alegado porque o sobre en que se introduciu a papeleta non era o oficial para as eleccións municipais, que era o exixido.

Tampouco se pode compartir o argumento de que a interpretación do actor é a máis garantista para o exercicio do dereito fundamental contido no artigo 23.2 da Constitución, porque, ademais de todos os argumentos ata aquí razoados, hai que engadir que aquel dereito fundamental se debe cohonestar co dereito ao segredo do voto nas eleccións locais, recollido no artigo 14o da Constitución, para a preservación do cal se contén a normativa antes examinada».

1.2 Relación de postos de traballo dos concellos. Valoración dos postos. Criterios para a determinación dos complementos específico e de destino dos policía locais. Principios de coherencia lexítima e actos propios. Inexistencia de dereitos adquiridos

O TSXG, na súa Sentenza do 18 de xuño de 2019 (rec. 2/2019, relator: Seoane Pesqueira), desestima o recurso interposto contra a aprobación definitiva da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vimianzo. A dita RPT elaborouse a partir da valoración dos postos realizada nun pormenorizado estudo por un profesor da Universidade da Coruña. O tribunal analiza os criterios conforme os cales se deben determinar os complementos específico e de destino dos postos dos policía locais, coas seguintes consideracións:

«(...) o que se realizou coa aprobación da relación de postos de traballo agora impugnada é acatar canto se regula na dita normativa, valorando cada un dos postos de traballo existentes co fin de establecer o complemento específico que lle corresponde a cada un, evitando as disparidades e contradicións previamente existentes, pero conformando un réxime retributivo lóxico e coordinado do persoal funcionario, que impida a equiparación de niveis entre postos cun nivel de exixencia de titulación moi diferentes, e unhas contías de complementos específicos que non se correspondan cos factores recollidos naquel artigo 4 do RD 861/1986.

Para iso, e co fin de fixar así mesmo os niveis de complemento de destino a que se refire o artigo 3 daquel RD 861/1986, acudiuse a un docente da Universidade da Coruña, examinando este a normativa reguladora na materia que, á parte daquela norma regulamentaria, se recolle no artigo 93 da Lei 7/1985, de bases de réxime local, 48 da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais de Galicia, e 211 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.

Para a asignación dos niveis de complemento de destino e os importes dos complementos específicos examináronse as funcións de cada posto de traballo, tendo en conta para estes últimos os factores recollidos no apartado 1 do artigo 4 do RD 861/1986, é dicir, especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade ou penosidade, así como o traballo por quendas. Tamén convén ter presente que para a determinación do complemento específico se tiveron en conta así mesmo os criterios de contención e homoxeneización do gasto do conxunto da función pública española,

tomando como referencia a Orde do 10 de febreiro de 2017, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2017, cuxo anexo IV detalla para o persoal da Comunidade Autónoma as contías mensuais dos complementos específicos en función do complemento de destino. (...).

Nesta segunda instancia postula o demandante que na valoración do complemento específico se inclúan os factores de atención ao público, incompatibilidade, fin de semana e dispoñibilidade.

(...) En primeiro lugar, alega o apelante que o factor de atención ao público non se inclúe para os postos de traballo de policía local, malia que estes funcionarios teñen deber de atender o público tanto no seu centro de traballo como na rúa. (...) A atención ao público defínese na RPT como o factor destinado a retribuír aqueles postos que teñan atención ao público con carácter permanente durante a xornada laboral, polas singulares condicións de traballo que implica esta atención. Fundaméntase a exclusión debido a que, malia ser certo que, pola súa natureza os postos de traballo de policía local deben interactuar puntualmente cos cidadáns, esta atención non é permanente durante a súa xornada laboral, o cal se ofrece como lóxico e racionalmente motivado, porque evidentemente os de policía local non son postos que se inclúan entre aqueles en que permanentemente se teña que atender o público durante a súa xornada laboral, de xeito que non concorre este parámetro nin sequera nun nivel inferior, porque a desaparición do carácter permanente fai cualitativamente inviable este factor.

En segundo lugar, refírese o apelante ao factor de incompatibilidade. Este factor defínese como a posibilidade/imposibilidade de simultanear a ocupación do posto con outro/s posto/s ou actividades de carácter público ou privado nos termos sinalados na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidade. O propio apelante reconece que este factor xa foi incluído no complemento específico, pero móstrase discrepancia con que a súa contía sexa distinta en función do grupo de titulación, cando se trata dunha limitación que afecta a todos os funcionarios por igual, sen que se poida xustificar un maior dano ou grao de afectación en función do grupo de pertenza. (...) a dita diferenciación non se considera contraria a dereito, porque: 1.º xustifícaa o artigo 48.3.a da Lei galega 4/2007, que establece o nivel de formación como un dos criterios para a fixación das retribucións complementarias dos funcionarios dos corpos de Policía Local, 2.º non se reputa vulneradora do principio de igualdade, recoñecido no artigo 14 da Constitución española, porque non se achegou ningún suposto de feito homoxéneo de contraste que revele que ao actor se lle discrimina en relación con outro oficial de policía local a quen se lle dispense un trato máis beneficioso, e 3.º este modo de concretar o parámetro de incompatibilidade constitúe unha opción discrecional que o ordenamento xurídico outorga ao Concello en función da súa potestade de autoorganización, cumprindo a finalidade homoxeneizadora e racionalizadora das retribucións públicas que deriva do marco integrado pola Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e das leis anuais de orzamentos.

En terceiro lugar, alude o apelante ao factor de fin de semana, que na relación de postos de traballo só se inclúe para o persoal laboral e retribúe a xornada habitual en fin de semana como consecuencia das características do posto.

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

A Administración xustifica a exclusión deste factor porque a función de policía local constitúe un servizo público local obrigatorio e continuo, de xeito que a súa prestación é regulada mediante traballo a quendas, o cal se retribúe mediante o plus de quendas.

Esa xustificación ofrécese como racional, lóxica e conforme co establecido no ordenamento xurídico, xa que, á marxe de que o traballo por quendas entraña que o oficial de policía local deba prestar servizo en moitas ocasións en fin de semana, non se aprecia un plus que deba determinar necesariamente a contrariedade a dereito da exclusión daquel factor, tratándose dunha opción perfectamente lexítima que non incide en ilegalidade ningunha, ademais de que podería conducir a unha improcedente duplicidade a percepción ao mesmo tempo dos factores de traballo por quendas e fin de semana.

En cuarto lugar, quéixase o recorrente de que non se inclúa, como factor na valoración do complemento específico, a dispoñibilidade horaria, porque as características dos postos de traballo da policía obrigan os funcionarios que os ocupan a atender situacións non previstas, como emerxencias derivadas de accidentes, incendios, altercados, etc. Este factor está definido na RPT polo cumprimento de parte da xornada establecida para aqueles postos cuxas funcións así o requiren polas actividades programadas en horario de tarde e/ou fin de semana, polo que dentro do persoal funcionario só se lle reconece ás técnicas de emprego e cultura.

A xustificación que ofrece a Administración para a exclusión neste caso é que no caso das policías locais, do mesmo xeito que cando se trata dos membros de forzas e corpos de seguridade do Estado, a súa peculiaridade é a imputación dun deber legal de intervir, en calquera tempo e lugar, estean ou non de servizo, en defensa da lei e a seguridade cidadá, tal como se desprende do disposto no artigo 7.d da Lei 4/2007, que, no relativo á dedicación profesional, establece que é principio básico de actuación para os membros dos corpos de policía local, de acordo co artigo 5 da Lei orgánica 2/1986, que deben intervir sempre, en calquera tempo e lugar, estean ou non de servizo, en defensa da lei e a seguridade cidadá. Tamén cómpre considerar conforme a dereito esta exclusión porque: 1.º a petición non se axusta á definición da dispoñibilidade antes mencionada, xa que no caso dun oficial de policía local non ha de cumprir necesariamente parte da xornada establecida en horario de tarde e/ou fin de semana, 2.º ao formar parte da función inherente na propia dun policía local a intervención en todo tempo e lugar, estea ou non de servizo, iso non entraña un plus que se deba retribuír a través do complemento específico.

Non debe esquecerse que na RPT impugnada no posto de oficial de policía local se valoran os factores de traballo por quendas e perigosidade, o primeiro en función do réxime de traballo a quendas, e o segundo baseándose no manexo de armas que require o desempeño do servizo; así mesmo, recoñécense os factores de penosidade e incompatibilidade, o primeiro polo desenvolvemento da realización dunha parte da súa xornada laboral no exterior, e o segundo nos termos que antes quedaron analizados. Con estas inclusións téñense en conta as peculiaridades propias do posto de oficial de policía local de que agora se trata, e lévase a cabo a valoración individualizada do posto nos termos exixidos polo artigo 4 do RD 861/1986, polo que non cabe acoller os reproches que o apelante lle dirixe.

En segundo lugar, alega o apelante que no suplico da demanda solicitaba a anulación da RPT impugnada respecto á minoración do nivel do complemento de destino do posto

e subsidiariamente que se anulase pola redución do complemento específico asignado ao dito posto de traballo, e critica que na sentenza de primeira instancia se desestiman ambas as dúas pretensións ao non tomar en consideración a alegación de vulneración do principio de confianza lexítima, tamén denominado de actos propios. (...). O principio de confianza lexítima, recollido no artigo 3.1.e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ha de atopar un límite no exercicio lexítimo da potestade de autoorganización da Administración, porque se aquel se aplicase no xeito en que pretende o apelante entrañar a petrificación da posibilidade da Administración de organizar os servizos ao seu cargo do modo que tivese máis conveniente, de maneira que, en concreto, non podería levar a cabo unha planificación dos recursos humanos que considerase máis acorde para servir con obxectividade os intereses xerais. Loxicamente, esa potestade, pola súa vez, ten o límite do acatamento á legalidade, porque o artigo 103.1 da Constitución española impón en todo caso “o sometemento pleno á lei e ao dereito”. É dicir, a actuación da Administración non pode ser alterada arbitrariamente senón con observancia da legalidade, pero se se comproba que se acomodou ao que o ordenamento xurídico establece, a mera invocación do principio de confianza lexítima non pode bastar para anular o feito pola Administración. (...).

O terceiro motivo de apelación apóiase na sentenza desta Sala e Sección do 18 de xaneiro de 2012, na cal se declaraba que o grupo de titulación non pode incidir na fixación do complemento específico, ao non ter conexión coas características do posto. No caso que se axuizaba naquela anterior sentenza criticábase a fixación do complemento específico atendendo exclusivamente á titulación dos empregados públicos, o cal xa vimos que non sucede neste caso, en que se toman en consideración os parámetros previstos no artigo 4 do RD 861/1986 e se atende á finalidade homoxeneizadora e racionalizadora das retribucións públicas a que antes se aludiu, que deriva do marco integrado pola LO 2/2012. En congruencia con iso, tamén é conforme a dereito a comparación dos complementos específicos locais cos estatais e os propios da Comunidade Autónoma de Galicia, e non cabe acoller a crítica do apelante relativa a que todos os postos de traballo que teñen o mesmo complemento de destino posúen igual complemento específico, pois o oficial de policía local e o técnico de cultura, malia coincidiren no nivel 18 de complemento de destino, teñen distinto específico (8.500 euros e 7.500 euros respectivamente), polo que un dos exemplos a citar afecta precisamente ao posto a que se refire a impugnación neste litixio.

O cuarto motivo de apelación céntrase en reiterar a alegación de vulneración do punto 14.13 do Acordo Regulador das Condicións de Traballo de Persoal Funcionario ao servizo do Concello de Vimianzo. Tampouco pode acollerse a dita alegación porque: 1.º Da acta da mesa negociadora do 2 de xuño de 2017, na cal estiveron presentes os sindicatos, formou parte a relación de postos de traballo de que agora se trata, polo que tacitamente se admitiu a superación do que naquel acordo se consignou, porque, noutro caso, faríase alusión a este, 2.º Non se demostrou a vixencia do acordo regulador mencionado, e 3.º En todo caso, a fixación do nivel de complemento de destino e da contía do específico do posto de oficial de policía local adecuouse á legalidade conformada polo RD 861/1986, Lei 4/2007, Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e Lei galega 2/2015, que teñen un rango superior a aquel acordo.

O quinto e último motivo de apelación céntrase en reiterar a pretensión de que se lle recoñeza ao actor un complemento persoal transitorio dunha contía igual á diferenza entre o complemento específico percibido no ano 2017 e o aprobado na relación de postos de traballo. Non merece mellor sorte esta última pretensión, porque xa argumentamos anteriormente que na RPT impugnada é a primeira ocasión en que se leva a cabo unha valoración singularizada dos postos de traballo segundo o que a legalidade exige, polo que non cabe confrontar o importe do complemento específico percibido en 2017 co aprobado na dita RPT, ao que cabe engadir que o complemento persoal transitorio recollido na mencionada RPT está previsto para o caso de dous empregados públicos que están en casos totalmente diferentes dos do actor, pois un e outro estaban moi próximos á xubilación e o propósito perseguido era que non visen reducida a súa base de cotización coa conseguinte redución da pensión a percibir, de xeito que non existe discriminación ningunha, ao tratarse de casos totalmente diferentes.

En todo caso, cómpre lembrar que o artigo 156 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece que “O desfrute das retribucións complementarias non creará dereitos adquiridos en favor dos funcionarios, salvo o establecido legalmente respecto do grao consolidado en relación co nivel de complemento de destino”».

1.3 Contratación local. Servizos de asesoría xurídica e defensa letrada en xuízo. Requisitos de solvencia técnica

O TSXG, na súa Sentenza do 10 de abril de 2019 (rec. 7009/2019, relator: Cibeira Yebra-Pimentel), confirma en apelación a anulación dun acordo municipal aprobatorio da contratación do “Servizo de asesoría xurídica, asistencia letrada e defensa en xuízo”. E iso por ter incluído no prego de cláusulas administrativas particulares a seguinte condición: «Establécese como requisito mínimo de solvencia técnica e profesional ter executado servizos de asesoría xurídica, asistencia letrada e defensa en xuízo para administracións locais nos últimos 3 anos por valor igual ou superior ao orzamento deste contrato, e deberán ser acreditados mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente (...)». Incide o TSXG nesta sentenza en que:

«(...) mesmo recoñecendo en principio que, a teor da lei aplicable que se citaba, a Administración contratante dispuña dun certo grao de discrecionalidade para determinar os requisitos de solvencia técnica e profesional exixible a este tipo de contratos no que se refire á experiencia, o certo é que tal potestade discrecional estaba condicionada por unha serie de elementos regrados e polos principios xerais do dereito administrativo, entre os que figuraba a salvagarda da libre competencia, a non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, e, sobre todo, o principio de proporcionalidade (art. 4 da Lei 40/2015) segundo o cal, nas exixencias para a mellor decisión conforme as pautas xa ditas, a Administración deberá elixir a medida menos restritiva, motivar a súa necesidade para a protección do interese público, así como xustificar a súa adecuación para lograr os fins que

se persigan, sen que en ningún caso deban producirse diferenzas de trato discriminatorio, de maneira que a necesidade de motivación do acto discrecional resulta esencial para o seu posterior control, significándose que entre os elementos regrados que limitan a potestade discrecional figuran os contemplados no artigo 45 da Lei 14/2013 e no artigo 32. D) do TRLCSP actual, segundo os cales non se lles poderá outorgar ningunha vantaxe directa ou indirecta ás empresas que contratasen previamente con calquera Administración. A continuación, a sentenza aplica de maneira axeitada eses principios ás circunstancias do caso, e, con indubidable acerto, conclúe que esa condición de exixencia técnica e profesional era excesivamente restritiva e incompatible con tales regras esenciais, en especial coa salvagarda da libre competencia, aclarando que, aínda que sexa lóxico e razoable que se lle exixa aos candidatos para un servizo principal de asesoría xurídica e defensa letrada en xuízo unha especialización previa e un coñecemento profundo do dereito administrativo, o que hai que considerar inadmisibile é que se exixa, como requisito inescusable para poder participar na licitación, ter sido contratado por un Concello nos últimos tres anos nunha materia determinada, porque hai medios alternativos perfectamente válidos para poder acreditar os coñecementos xurídicos de que se trata necesarios para o desenvolvemento correcto desa función de asesoría, sen ter que acudir de xeito obrigado a esa exixencia obxectiva tan extrema de ter desenvolvido precisamente esa mesma función durante ese número tan prolongado de anos nun traballo de asesoría xurídica das mesmas características precisamente tendo prestado servizos para un Concello. Para o xuíz de instancia parece claro –e considerámolo razoable– que se trata dunha exixencia exorbitante que limitaría de maneira practicamente insalvable as posibilidades doutros moitos despachos profesionais que poderían prestar perfectamente esa función de asesoría nunhas condicións óptimas de preparación, pero que se verían inxustamente apartadas por ese requisito tan desproporcionado de ter que prestar previa e precisamente esa función para un organismo municipal, o que lles concedería unha vantaxe practicamente definitiva aos despachos que xa tivesen prestado esas funcións, ao que se opón legalmente –como se dixo– o precepto 32.d) da lei xa dita, a teor do cal non pode recoñecérselle ningunha vantaxe ás empresas que xa tivesen contratado previamente con calquera Administración, o que, en definitiva e por todas esas razóns xustificaba adecuadamente a declaración de nulidade de tal cláusula, sobre a base tamén da posibilidade de poder acudir a outras fórmulas alternativas que puidesen xustificar a preparación exixible para poder competir na adjudicación do contrato de que se trataba (certificacións académicas de coñecemento da materia, publicacións, impartición de cursos, experiencia profesional especializada anterior fóra do propio exercicio de asesoría na Administración local pero perfectamente equiparable a esta, etc.)».

1.4 Deslinde de bens de dominio público municipal. Posibilidade de interpor recurso de reposición

O TSXG, na súa Sentenza do 1 de febreiro de 2019 (rec. 4144/2017, relator: Díaz Casales), interpreta o disposto no artigo 65 do Regulamento de bens das corporacións locais (RD 1372/1986), alcanzando a conclusión de que o acordo resolutorio do

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

procedemento de deslinde pode ser impugnado, en calquera caso, na vía administrativa mediante un recurso de reposición, xa que:

«(...) o principio de xerarquía normativa e o que dispón que a lei posterior derroga a anterior, entendemos que a reforma introducida na LPAC pola Lei 4/1999 que estableceu a posibilidade de que todas as resolucións que poñan fin á vía administrativa fosen susceptibles de recurso de reposición, fan que o recurso resulte admisible, sen que poida oporse unha interpretación que priorice o principio de especialidade facendo a disposición regulamentaria tributaria da mesma xerarquía que aquela disposición legal, por ser desenvolvemento da Lei de bases de réxime local, que supón unha interpretación que contravén, neste caso, o dunha interpretación favorable á remoción dos obstáculos que impidan o acceso á xurisdición, polo que se impón a estimación de recurso e a revogación de sentenza de instancia.

A admisibilidade do recurso de reposición entraña a irregularidade do apeo ou amolamento practicado, porque, aínda que a súa práctica resulte condicionada á firmeza da resolución de deslinde (art. 67 do RBEL – debe entenderse que se está a referir á firmeza administrativa dada a executividade de que gozan os actos administrativos –) é evidente que, decretada a admisibilidade do recurso de reposición, o acordo non era firme en vía administrativa».

2 Educación

2.1 Adscrición administrativa obrigatoria dos centros de ensino privado aos públicos

A Sentenza do TSXG do 29 de maio de 2019 (rec. 237/2018, relator: Seoane Pesqueira) desestima o recurso promovido pola Federación de Centros de Educación e Xestión da Comunidade Autónoma de Galicia e a Federación Autonómica de Centros de Ensino privado contra a resolución do 11 de maio de 2018 da Dirección Xeral de Educación, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018-2019, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 22/05/2018).

O alto tribunal galego analiza nesta sentenza o poder de control sobre os centros de educación privada polos públicos aos que se atopen adscritos, alcanzando as seguintes conclusións:

«(...) convén significar que o ensino, ademais de actividade libre (artigo 27.1 da Constitución española), é así mesmo unha tarefa dos poderes públicos (Estado e da Administración pública nos seus diferentes sectores), pois estes non poden permanecer indiferentes ante a educación que se presta en todos os seus niveis, co fin de comprobar como son instruídas e socializadas as novas xeracións e cales son os mecanismos básicos de transmisión do coñecemento e dos valores, co obxecto de verificar que a educación que se presta cumpre a finalidade do pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos

e liberdades fundamentais (artigo 27.2 da Constitución española). Por iso, baseándose na configuración constitucional, aínda que os poderes públicos non poden arrogarse un monopolio sobre o ensino, tampouco os particulares poden privar os poderes públicos do seu labor, tanto regulador como prestacional, na materia.

Unha vez aclarado o anterior, cómpre examinar se, dentro dos poderes públicos, a Comunidade Autónoma de Galicia posúe competencia para establecer a adscrición administrativa dos centros privados aos públicos no relativo á autorización para o cambio de modalidade en bacharelato e á anulación da matrícula así mesmo en bacharelato, para o que debemos estudar a doutrina constitucional relativa á distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas na materia educativa.

Tal como recordou a recente Sentenza do Tribunal Constitucional 51/2019, do 11 de abril, é no fundamento xurídico terceiro da STC 184/2012, do 17 de outubro, onde se sintetiza a doutrina do dito tribunal sobre o artigo 149.1.30 CE, no seu dobre contido, e na que se aclara o alcance xeral sobre as competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia educativa. (...). a Comunidade Autónoma de Galicia posúe competencia para decidir sobre a adscrición administrativa dos centros privados aos públicos no relativo á autorización para o cambio de modalidade en bacharelato e á anulación da matrícula así mesmo en bacharelato, así como sobre a supresión que se establece anteriormente, porque non forma parte da normativa básica nin da que ten que ser competencia exclusiva o Estado pola vía do artigo 149.1.30.º da Constitución española. (...). Correspóndelle á Administración pública de Galicia tal fixación da adscrición como instrumento de organización e mellora da xestión académica, complementaria da propia da Inspección Educativa (artigo 151 da Lei orgánica 2/2006, na redacción que lle deu a Lei orgánica 8/2013), que entra dentro da súa potestade de autoorganización. Polo tanto, o mantemento ou supresión da adscrición de centros privados a públicos constitúe unha opción lexítima para a organización da xestión académica, que entra dentro do terreo da conveniencia ou oportunidade máis que da legalidade, e que non entraña unha incursión na parcela das facultades académicas que corresponde aos centros privados. A finalidade do mellor servizo aos intereses xerais que se desprende do artigo 103 da Constitución presupón a atribución á Administración da capacidade de organización e coordinación dos seus servizos, sendo indiscutible tal facultade da Administración de organizar os servizos ao seu cargo na forma que estime máis conveniente aos intereses públicos, tendo tal potestade para organizarse unicamente o límite representado polas normas de superior rango a aquelas mediante as cales se exerce tal potestade. (...). De feito, a adscrición dos centros privados aos públicos resulta un instrumento lóxico de comprobación de que os centros privados cumpran os designios marcados no Decreto galego 86/2015, do 25 de xuño (que, non o esquezamos, é o que está destinado a desenvolver a resolución impugnada), no relativo á modalidade ou itinerario. No dito decreto establécese o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato para o sistema educativo galego como desenvolvemento da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, da mellora da calidade educativa, xa que no mencionado Decreto autonómico se determinan as diferentes modalidades do bacharelato e se establece o agrupamento das materias en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica, e así mesmo establécense as materias que o alumnado debe cursar en cada

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

unha das modalidades: as xerais do bloque de materias troncais, o grupo de materias de opción do bloque de materias troncais das que o alumnado cursará dúas, Educación Física no primeiro curso e as materias de libre configuración autonómica, entre as que está Lingua Galega e Literatura. E especificamente establécese no artigo 35.2 deste Decreto 86/2015 que “A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións en que un alumno ou unha alumna que cursasen o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade poidan pasar ao segundo nunha modalidade distinta”, mentres que o artigo 36.1 dispón que “A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade”, polo que é lóxico que a dirección do centro público ao que está adscrito o privado deba autorizar o cambio de modalidade ou de itinerario de alumnado, porque se é a Consellería de Educación a que establece as condicións para o cambio de modalidade, é lóxico que sexa o propio poder público quen teña que autorizar tal mutación. Tamén se controla dese xeito a observancia da Orde do 19 de abril de 2018 pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

En canto á anulación da matrícula en bacharelato, a decisión pola dirección do centro público será para verificar as causas e xustificacións invocadas, coadxuvando ás funcións que lle corresponden nese aspecto á Inspección Educativa.

(...) A recorrente argumenta que os preceptos impugnados deixan en mans das direccións de centros públicos decisións sobre as que carecen do máis mínimo control, xa que nada poden coñecer, comprobar ou verificar respecto do alumnado doutro centro escolar, pero fronte a iso cabe opor: 1.º que previamente á decisión sobre a autorización do cambio de modalidade ou de itinerario debe emitir un informe a dirección do centro privado, que será tido en conta, pola vía do cal a dirección do centro público tomará o debido coñecemento, e 2.º á solicitude de anulación da matrícula achegaranse as xustificacións pertinentes, de modo que por esa canle ten coñecemento a dirección do centro público sobre as razóns que se ofrecen para tal petición para os efectos de seren valoradas.

(...) Os preceptos agora impugnados non impiden o exercicio das facultades de dirección do centro privado, senón que soamente introducen aquela autorización do cambio de modalidade ou itinerario e de decisión sobre a anulación da matrícula, por parte da dirección o centro público ao que o privado está adscrito, que han de reputarse xustificadas, proporcionadas e adecuadas nos termos que quedaron especificados no anterior fundamento xurídico, e non se pode afirmar que conduzan a unha situación de imposibilidade ou grave dificultade obxectiva para actuar a súa facultade discrecional por parte do director do centro privado, porque non derivan senón da potestade de organización que en materia educativa cabe recoñecerlle á Administración.

(...) o apartado p) do artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, tanto na súa redacción inicial como tras a modificación levada a cabo pola LO 8/2013, atribúe como última competencia dos directores/as de centros públicos “Calquera outras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa”, de xeito que deixa aberta a posibilidade de encomenda doutras funcións por parte da respectiva Administración educativa, que é o que se fai

nos preceptos impugnados da resolución de 11/5/2018. Por outra parte, o artigo 25 da LO 8/1985 vén desenvolver o contido do que debe entenderse como plenas facultades académicas dos centros privados, a que se refire o artigo 23, e pode comprobarse que tal contido non é incompatible coa autorización, realizada pola dirección do centro público ao cal está adscrito o privado, de cambio de modalidade ou de itinerario para o alumnado de bacharelato matriculado no dito centro, e tampouco coa decisión sobre a anulación da matrícula levada a cabo polo/a director/a do centro público ao que está adscrito o privado».

3 Medio ambiente e urbanismo

3.1 Execución de sentenza anulatoria de licenza de edificio de vivendas por transacción xudicial alcanzada mediante técnicas de mediación

O TSXG, en Sentenza do 20 de decembro de 2001, anulou unha licenza concedida en 1997 polo Concello da Coruña para transformar un edificio de oficinas en vivendas e locais comerciais (rec. 6937/1997). Tras diversos incidentes de execución forzosa, mediante Auto do TSXG do 2 de abril de 2013 declarouse a inexecución da sentenza por “imposibilidade material”. O TS, na súa Sentenza do 8 de xullo de 2014 (RC 2465/2013), revogou ese auto, obrigando a continuar a executoria. Na súa posterior Sentenza do 16 de marzo de 2016 (RC 1797/2015) o TS insistiu na necesidade de proceder á demolición da obra. Dadas as dificultades técnicas e xurídicas que levaba consigo a dita execución, as partes do proceso aceptaron sometela a “mediación”, designando para tal fin o TSXG un mediador externo independente de recoñecido prestixio profesional. Finalmente, a Sala do Cont.-Ad. do TSXG en Pleno, no seu Auto firme do 8 de febreiro de 2019 (relator: Recio González) aprobou a transacción xudicial que puxo fin á dita execución.

No auto realízase unha profusa análise da figura da mediación na xurisdición contencioso-administrativa e realízanse ademais as seguintes consideracións:

«Interésase a homologación xudicial dos acordos de mediación adoptados polas partes (...), nos seguintes termos:

Recoñecemento público por parte do Concello da Coruña da responsabilidade da dita corporación municipal respecto da anulación da licenza correspondente á rehabilitación do Antigo Edificio de Fenosa.

Adopción dun Protocolo de Boas Prácticas urbanísticas por parte do Concello da Coruña, cuxa finalidade consiste en evitar que un caso como o Antigo Edificio de Fenosa se volva producir.

Construción dun edificio de vivendas de protección oficial por parte do Concello da Coruña.

Indemnización dos danos persoais de índole moral causados á parte recorrente.

Renuncia de accións pola parte recorrente.

Substitución da execución in natura da sentenza, evitándose o derrubamento do edificio do Antigo Edificio de Fenosa.

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Modificación do planeamento urbanístico da Coruña para incluír o Antigo Edificio de Fenosa como “edificio singular”.

Bases para a compensación aos propietarios do Antigo Edificio de Fenosa. (...)

No contexto anterior, o instituto da mediación xorde no seo dunha execución de sentenza na cal xa debemos partir, naturalmente, de que se transcorreron 18 anos desde que a sentenza se dita, sen que medie a súa execución, se debe ás propias dificultades e incidencias da execución, que xa comezan polos termos da decisión da sentenza na medida en que, ao anular unha licenza de rehabilitación e ordenar a demolición ou derrubamento do construído ao seu amparo exixiría, in natura, a reposición do edificado ao seu estado anterior, o que, tras diversos incidentes resoltos pola Sala e o Tribunal Supremo, parece levarnos a que tal execución in natura levaría a demoler o edificio litixioso parcialmente, ata alcanzar a estrutura anterior que aínda permanece e, sobre ela, reconstruír novamente o edificio anterior (antigo edificio de Fenosa), ata alcanzar unha réplica del cuxa legalidade consonte o PXOM actual, ata onde permite coñecer o actuado, non está acreditada sen necesitar posteriores legalizacións, mesmo modificacións do Plan, cando non a propia demolición do novamente construído. (...)

O que non é susceptible de transacción é a exhibibilidade da observancia da legalidade urbanística. A forma en que, no caso concreto, se teña que restablecer esa legalidade, dando cumprimento á sentenza que anulou a licenza de rehabilitación, si é unha cuestión aberta á discusión entre as partes e susceptible de que sobre esta se poidan alcanzar acordos, sen prexuízo do seu ulterior control polo órgano xudicial, co contido e límites que enuncia o artigo 77.3 da LRXCA. (...)

Neste suposto atopámonos cun difícil incidente de execución de sentenza en atención a todos os intereses implicados, e en que o que se pretende como base do acordo é fundamentalmente minimizar o impacto para todos os veciños ao ser inminente a demolición do edificio, cos consecuentes prexuízos non só para os ocupantes del –perda de vivenda de oitenta e sete familias e perda de emprego de máis de cen persoas que traballan nos locais comerciais e oficinas do inmobile–, senón de toda a cidadanía tal como se observa do exame da documentación achegada cos acordos de mediación, tendo en conta os enormes custos derivados dunha demolición e posterior reconstrución co fin de deixar o edificio no estado en que se atopaba antes do outorgamento da licenza, coa consecuente perda de servizos sociais durante moitos anos, unha insostible situación económico–financeira para o concello co consecuente custo social, achegándose unha valoración económica de aproximadamente 59.500.000 euros, en atención aos custos de demolición, reconstrución, construción de edificio de vivendas para recolocar os desaloxados, custos de realoxamento dos veciños durante a execución das obras e indemnizacións por perda de vivenda, así como incremento dos tributos municipais en cantidades aproximadas ao dobre da cota actual. Por consecuencia, fórmulase como a única alternativa neste momento ante a incidencia dunha demolición que presenta serios problemas para a súa execución.

En todo caso, non se trata dun suposto de inexecución de sentenza, senón de todo o contrario: unha forma alternativa de levar a cabo a súa execución e cumprimento in natura ou por equivalente que ten amparo legal no artigo 18.2 da LOPX e, tal e como

se pon de manifesto nos convenios, conseguindo un equilibrio entre a indemnización moral que corresponde á parte demandante en atención aos anos transcorridos desde a firmeza da sentenza da execución da cal se trata, xunto cun recoñecemento do seu labor e de diversas medidas tendentes a evitar que unha situación semellante se poida volver producir no futuro, xunto coa evitación do excesivo custo para os recursos públicos, cos intereses dos veciños do inmovible e finalmente conséguese un equilibrio e o mantemento da paz social dentro da cidadanía ante a eminencia da perda de prestacións públicas polo excesivo custo. (...)

Este medio de execución concreto, entendido como forma de restablecer a legalidade urbanística, coas actuacións descritas nos acordos, non foi contemplado nin valorado nos incidentes anteriormente tramitados e resoltos na executoria, que non versaron sobre medios de execución de sentenza por substitución ou equivalente, senón sobre solicitudes de declaración de imposibilidade material ou legal que non satisfacían os intereses de todas as partes, pronunciándose sobre tales incidentes e limitando a súa virtualidade ao ámbito da resolución das pretensións deducidas nestes, de distinta natureza ás actuacións agora convidadas entre as partes.

E, finalmente, hai que destacar que, nesta execución de sentenza, tal como resulta da sentenza do 20 de decembro de 2001, non existen outros intereses en xogo que a legalidade urbanística municipal; non existen compromisos de medio ambiente, estándares urbanísticos, patrimonio histórico, costas, Rede Natura ou outros que puidesen complementar o planeamento e facer inviable calquera solución que non fose a demolición. Por iso, o caso ao que nos enfrontamos non pode extrapolarse a outros supostos e formular, tamén de modo simplista, que calquera execución urbanística pode sortearse mediante institutos que suplan a execución in natura mediante o único requisito de pactar unha indemnización: nada máis lonxe da realidade e, polo tanto, e pode afirmarse desde este momento que calquera solución que esta resolución avale é válida unicamente nestes autos, sen que sexa en absoluto susceptible dunha sorte de extensión de efectos ou precedente que poida esgrimirse en calquera procedemento de execución urbanística. (...)

Desde o ano 1997, en que o procedemento se substancia, non se tivo coñecemento nin formaron parte do asunto outros intervinientes que os que subscriben a petición de homologación, polo que calquera invocación de intereses ou prexuízo para terceiros a partir deste acto debería entenderse, en principio, realizada en abuso do dereito.

Cabe tamén concretar, con relación aos intervinientes no incidente de mediación, que son exclusivamente aqueles que son parte no preito principal, interesados no recurso e afectados pola execución da sentenza e que como xa se adiantou no auto polo que se resolvía desestimándoo o recurso de reposición contra a providencia pola que se acordaba a derivación a mediación, que non nos achamos ante ningún dos supostos legais de necesaria intervención do Ministerio Fiscal. (...)».

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

3.2 Exención de avaliación de impacto ambiental de planta industrial regasificadora, acordada polo Goberno do Estado en funcións

A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo (TS), na súa Sentenza do 16 de xullo de 2019 (RC 4825/2016, relator: Trillo Alonso), resolve o recurso promovido por unha asociación veciñal contra o acordo do Consello de Ministros do 27 de maio de 2016, que declarou excluídos do trámite de avaliación de impacto ambiental os proxectos da planta de recepción, almacenamento e regasificación de gas natural licuado en Mugardos. A sentenza considerou, en primeiro lugar, que o Goberno podía ditar o referido acordo malia estar en funcións, xa que:

«(...) a exención adoptada no Acordo do Consello de Ministros impugnado prodúcese no ámbito dun longo período de Goberno en funcións, que se iniciou co Real decreto 977/2015, do 26 de outubro (BOE do día 27), polo que se disolveron o Congreso dos Deputados e o Senado e se convocaron eleccións xerais, e rematou coa publicación do Real decreto 419/2016, do 3 de novembro, polo que serían nomeados os ministros do novo Goberno, logo de ter sido precisa unha segunda convocatoria electoral mediante o Real decreto 184/2016, do 3 de maio. Aínda que, a diferenza dos supostos contemplados nas sentenzas relativas aos plans hidrolóxicos, non concorre a circunstancia de finalización dos prazos establecidos para a aprobación da disposición neles impugnada, a coincidencia está en que a decisión de exención non constitúe un acto de orientación política, nin condiciona, nin compromete, nin impide as decisións que no exercicio das súas funcións deba adoptar o novo Goberno xurdido das eleccións xerais, por certo, de igual signo político que o anterior. (...). Equivócase a recorrente cando parece limitar as competencias dun Goberno en funcións “ao normal desenvolvemento do proceso dun novo Goberno”, apelando a unha falta de maioría parlamentaria ou a que non goza de confianza no Congreso, así como a unha vulneración do principio de lealdade constitucional ou a unha falta de control da Cámara, invocacións todas elas reveladoras dun desenfoque da cuestión se temos que aternos á doutrina xurisprudencial».

Non obstante, anúlao, ao concluír que resultaba preceptiva a avaliación de impacto ambiental do proxecto:

«(...) O acordo impugnado parece pretender atopar amparo no artigo 8.3 e 4 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (...). Pois ben, aténdonos, como é obrigado, á propia fundamentación do acordo impugnado, a conclusión non pode ser outra que, malia cumprir co requisito da motivación legalmente exixida, non se adapta ao suposto habilitante da norma, a saber, un suposto de excepcionalidade. (...). Ben que a propia dicción do artigo 8 revela, ao incluír como supostos excepcionais e a título de exemplo, tal como se recoñece en sentenza desta sala do 17 de maio de 2017 –recurso 732/2015– que a idea do lexislador sobre o que constitúe un suposto excepcional é sumamente aberta desde o punto de vista material, debe concluírse que no suposto axuizado non nos atopamos cun remedio de urxencia co que atender a unha situación extraordinaria e de imposible previsión.

Son precisamente as sentenzas deste tribunal do 28 de marzo de 2016 e 25 de abril de 2016, polas que se anulan, respectivamente, as resolucións da Dirección Xeral de Política

Enerxética e Minas do 3 de xuño de 2003, polas que se lle outorga a Reganosa autorización administrativa previa para a instalación da planta litixiosa, e a resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, do 13 de febreiro de 2004, pola que se aproba o proxecto de execución da dita planta, as que, aínda que próximas no tempo ao acordo agora impugnado (27 de maio de 2016), impiden observar que o devandito acordo obedece á necesidade de acudir a un remedio de urxencia co que atender a unha situación extraordinaria e de imposible previsión.

Non obedece en efecto a exclusión do trámite de avaliación de impacto ambiental á necesidade de atender a unha situación extraordinaria de imposible previsión, pois a paralización da actividade na planta que trata de evitar o acordo impugnado pola vía de excluír as futuras autorizacións do trámite de avaliación ambiental nin responde a unha situación de imposible previsión, xa que a situación creada ten a súa orixe nunha actuación da Administración desconforme a dereito, como así o consideran as sentenzas referenciadas do 28 de marzo de 2016 e 25 de abril de 2016, nin unha situación excepcional e de inmediata urxencia orixinada por un moi próximo peche da planta, cando non consta que se iniciase o procedemento de execución daquelas, en cuxo curso poderían tentarse e adoptarse outros remedios procesuais distintos á exención, sen dúbida máis respectuosos coa normativa de aplicación, na cal a regra xeral é a avaliación e a excepción a dispensa ou exención, e sen dúbida máis acordes co principio de proporcionalidade ou, dito doutro xeito, coa importancia da planta desde a perspectiva ambiental, máxime cando por sentenza desta sala do 26 de xullo de 2016 (recurso de casación 2070/2014), se anula o Decreto 144/2007, do 9 de xullo, da Xunta de Galicia, polo que se aprobou o Plan de Emerxencia Exterior da planta litixiosa.

Ao fío do exposto, é de resaltar a cautela con que o Tribunal de Xustiza contempla a exención da correspondente avaliación ambiental cando os proxectos, como sucede no caso de autos, poidan ter repercusións importantes no medio ambiente (Sentenza do 16 de setembro de 1999, asunto C-435/1997). Polo exposto, coa estimación parcial do recurso, procede declarar a nulidade do acordo impugnado».

3.3 Licenzas urbanísticas en trámite na data de anulación xudicial do plan xeral de ordenación municipal. Sentido do silencio administrativo

A Sentenza do 22 de marzo de 2019 do TSXG (rec. 4435/2017, relator: Martínez Quintanar) conclúe que, tras a anulación xudicial dun plan xeral, as solicitudes de licenza en trámite deben rexerse pola ordenación anterior ao dito plan anulado. De resultar incompatible con ela, o silencio administrativo debe ter un efecto negativo, desestimatorio da licenza, aínda que se producise antes da data de declaración da nulidade do plan xeral:

«(...) É certo que, de conformidade co artigo 73 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a sentenza firme anulatoria do PXOM de 2003 non afecta por si mesma á eficacia do acto administrativo firme que o tería aplicado antes de que a anulación alcanzase efectos xerais, pero non é menos certo que para considerar

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

que existe un acto administrativo firme de outorgamento de licenza por silencio administrativo non basta o mero transcurso do tempo desde a presentación da solicitude. De conformidade co artigo 195.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicable por razóns temporais, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da lexislación ou planeamento urbanístico.

Tratándose dunha solicitude de licenza presentada ao abeiro do PXOM de Ourense 2003, para considerar que esta foi estimada por silencio administrativo habería que examinar o axuste desa licenza ao dito planeamento, que é o que alega a parte apelante. O que sucede é que a dita disposición foi anulada xudicialmente e o vicio de nulidade radical ten unha eficacia ex tunc. Esta proxección temporal do vicio de nulidade modúlase, no sentido de non impedir que subsistan os actos firmes anteriores que se ditasen ao abeiro da norma anulada con posterioridade, pero neste caso non pode apreciarse a existencia dese acto firme, porque falta o primeiro presuposto necesario para considerar obtida a licenza por silencio administrativo positivo: tal como se razoa na sentenza apelada, sería unha licenza contra legem, porque o seu amparo era un plan xeral nulo, o que determina que esa solicitude de licenza fose contraria á lexislación urbanística, por derivación da nulidade do propio plan ao abeiro da cal se formulou a solicitude e se presentou o proxecto.

Dito noutros termos, pódese dicir que para que exista licenza obtida por silencio debe probarse o axuste a un planeamento válido e aplicable ao momento da solicitude, presuposto que non pode concorrer cando se dita sentenza anulatoria, que determina a declaración dunha nulidade radical dunha disposición, que en canto tal determina unha falta de validez desde o mesmo momento da aprobación.

Non é de aplicación neste caso a doutrina que, nos casos de resolución tardía do expediente, postula a aplicación do planeamento vixente no momento da solicitude en lugar do novo planeamento aprobado con posterioridade cando se trata dunha sucesión de normas, porque neste caso non hai sucesión de normas, senón nulidade da disposición xeral ao abeiro da cal se presentou a solicitude de licenza, nulidade que determina que o planeamento aplicable á data da solicitude sexa o plan anterior ao aprobado no ano 2003 e anulado xudicialmente. O Concello denega por acto expreso a licenza porque o proxecto non cumpre ese plan anterior de 1986 que resulta ser o aplicable e o apelante reconece que non hai proba desa conformidade a ese plan anterior. (...) hai que ter en conta que, se a licenza se outorgase por acto expreso antes da anulación xudicial do planeamento, presentaría igual nulidade derivada da nulidade do planeamento ao abeiro do cal se solicitou, e esa nulidade deberíase declarar no caso de impugnación en prazo. Por ese motivo non pode considerarse existente o silencio administrativo positivo neste caso, que se condiciona en materia urbanística non só ao transcurso do prazo desde a presentación da solicitude, senón que só se producirá ese silencio positivo se se proba a conformidade do solicitado coa lexislación e o planeamento urbanístico, e non pode afirmarse esa conformidade cando o amparo do proxecto construtivo é un planeamento nulo».

3.4 Disciplina urbanística. Caducidade da potestade para restaurar a legalidade sobre unha obra de uso industrial

O TSXG (Secc. 2.^a) está considerando, en recentes sentenzas, que o mero transcurso do prazo de seis anos desde o remate total dunha obra ilegal de uso industrial non basta para podela considerar legalizada, en situación análoga á de “fóra de ordenación”. Cómpre acreditar a compatibilidade dese uso específico cos xerais admisibles para esa zona no plan urbanístico, así como o cumprimento das condicións mínimas exixibles de funcionalidade, seguridade e salubridade.

Pode así citarse a súa Sentenza do 4 de abril de 2019 (rec. 4324/2017, relator: Díaz Casales) en que conclúe que o transcurso do prazo dos seis anos non enerva a obriga do propietario, para poder manter un uso non residencial, de solicitar e obter as autorizacións sectoriais preceptivas segundo a clase de solo de que se trate. Tamén a sentenza do 14 de marzo de 2019 (rec. 4362/2017, relator: Martínez Quintanar), na cal se afirma o seguinte:

«(...) O acto impugnado na instancia [anulado] acordou declarar en situación legal de fóra de ordenación total a edificación tipo nave destinada a almacén de bebidas e conservas situada na parte traseira da planta baixa do edificio (...) de Xinzo de Limia. (...) É incontrovertible que a dita nave careceu desde a súa orixe de licenza, tanto de obra como de apertura e actividade. A declaración de fóra de ordenación pode lexitimar, e lexitima –sen que iso sexa obxecto de controversia polas partes– a subsistencia da obra de construción orixinaria, na medida en que desde a súa finalización transcorreu o prazo para o exercicio da acción de reposición da legalidade urbanística. Pero o que non pode admitirse é que se utilice esa declaración de fóra de ordenación da obra para lexitimar unha actividade de almacén de bebidas e conservas que nunca se desenvolveu ao abeiro de licenza no dito inmovible. O que se pode preservar é a obra orixinaria ilegal respecto da que transcorreu o prazo para exercitar a acción de reposición da legalidade urbanística, pero esa declaración de fóra de ordenación polo dito motivo límitase á obra de construción, e non pode estenderse á actividade desenvolvida sen licenza, que como uso clandestino e ademais –polo que se dirá– contrario ao planeamento, púidose desenvolver ao longo dos anos. Unha cousa é que antes da declaración de fóra de ordenación os propietarios do inmovible ilegal o empregasen para facer abasto de determinados produtos, de forma puntual ou esporádica ou mesmo con certa continuidade, e outra cousa distinta é que se poida dicir que nesa nave se estivese a desenvolver de forma lícita unha actividade de almacén, que en todo caso estaba precisada dunha licenza que non obtivera. (...).

A clandestinidade do uso orixinal non pode beneficiarse da declaración de fóra de ordenación, obtendo a partir desta o status de actividade legalizada, especialmente neste caso, no que a actividade pretendida de almacén, e á que facía referencia o acto impugnado, é incompatible co planeamento, debendo ser cualificada, tal e como alega a parte apelada e como apreciou a sentenza, como actividade ilegalizable, ao ser un uso propiamente industrial, ao non estar vinculado a unha venda polo miúdo, senón por xunto. (...)

Polo tanto, nunca se desenvolveu unha actividade con licenza nin o uso alegado a que se referiu a proba era unha actividade legalizable.

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

(...) Esta interpretación realizada pola sentenza impugnada é así mesmo congruente co alcance do réxime de fóra de ordenación derivado de situacións de obras executadas ilegalmente e contrarias desde a súa orixe ao planeamento, pero respecto das cales venceu o prazo de exercicio da acción de reposición da legalidade. Debe diferenciarse a situación da nave litixiosa, construída sen licenza e ilegal desde a orixe, que devén en fóra de ordenación polo transcurso do prazo de exercicio da acción de reposición da legalidade, da situación doutros inmobles construídos ao abeiro de licenza que poden devir en fóra de ordenación por un cambio sobrevido de planeamento que resulte incompatible con estes. Neste segundo caso –que non é o suposto que nos ocupa– pode existir un dereito adquirido a utilizar o inmovible de conformidade coa normativa urbanística baixo a vixencia da cal se autorizou a execución da obra, dereito que non pode aplicarse a este suposto, no cal a nave se construíu de forma ilegal, sen licenza e en contravención da normativa xa vixente no propio momento da construción, e cuxa subsistencia en canto obra de construción deriva exclusivamente de que transcorreu o período de caducidade de exercicio da acción de reposición da legalidade urbanística. Sendo este o caso que nos ocupa, non existe a posibilidade de invocar dereitos adquiridos a realizar determinada actividade en canto aparelados á licenza urbanística, posto que a dita licenza nunca existiu».

3.5 Execución de sentenza anulatoria de licenza de nave industrial. Prazo para promover incidente de inexecución. A disposición transitoria 7.^a da Lei 2/2016 do solo de Galicia non implica a legalización de construcións afectadas por sentenza

O TSXG (Secc. 2.^a), na súa Sentenza do 20 de xuño de 2019 (rec. 4343/2017, relator: Díaz Casales), analiza unha solicitude de inexecución dunha sentenza firme de 2007 que anulou a licenza de obras e actividade dunha nave industrial. Afirmo o tribunal, en primeiro lugar, que o prazo de dous meses establecido no artigo 105.2 LXCA para poder promover o incidente de inexecución debe interpretarse de xeito flexible, comezando o seu cómputo cando se legaliza a construción ou actividade afectada pola sentenza. En segundo lugar conclúe que a regulación sobre os “asentamentos xurdidos á marxe do planeamento” establecida na disposición transitoria sétima da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, non permite enervar os efectos dunha sentenza destas características, que leva consigo a demolición da construción ilegal. De maneira que:

«a posibilidade de continuar coa actividade por parte das instalacións industriais xurdidas á marxe do planeamento, non pode afectar a aquelas sobre as que pesa unha orde de demolición xudicial firme; só con esta interpretación cabe salvar a constitucionalidade do precepto, en atención aos precedentes do T.C. que se deixan sinalados. En todo caso, debemos advertir que a modificación parcial das normas subsidiarias, aprobadas en 2016, ao abeiro da D.T. 13.^a da LOUGA (que se produciu 14 anos máis tarde da entrada en vigor da lei) non pode determinar un suposto de inexecución legal que só pode vir determinado polas licenzas de legalización das cales a interesada carece, polo que o incidente debe ser desestimado».

4 Persoal

4.1 Persoal temporal do Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Plan de estabilidade no emprego. Dereito a indemnización polo cesamento

O TSXG, na súa Sentenza do 3 de abril de 2019 (rec. 393/2018, relator: López González), avanza na análise da contraditoria e polémica xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea sobre os efectos da prolongación das contratacións temporais de funcionarios na Administración pública, nos seguintes termos:

«(...) A Dirección Xeral de Recursos Humanos, en resolución do 25 de abril de 2017, dispuxo a publicación do Plan de Estabilidade no Emprego e Provisión de Prazas de Persoal Estatutario (DOG do 4 de maio de 2017). Un dos obxectivos que persegue o Sergas con este plan, é “continuar na aposta pola estabilidade no emprego con medidas de estabilización de persoal temporal e a convocatoria periódica de procedementos selectivos para a adquisición da condición de persoal fixo, nos cales se garantan os principios que rexen o acceso ao emprego público e que incorporarán as novas tecnoloxías á súa tramitación –fase de oposición e concurso– para unha xestión máis áxil, transparente e simplificada destes”. Entre as medidas de estabilización de persoal temporal (apartado III) inclúese a “Conversión de nomeamentos para a cobertura de servizos determinados en nomeamentos de interinidade”, para o cal o Plan de Estabilidade recolle o compromiso do Sergas de dotación de prazas, establecendo que:

“Para a súa cobertura mediante nomeamentos de interinidade, procederase á dotación de vacantes nun número equivalente a aqueles nomeamentos para a cobertura de servizos determinados que carezan de substantividade propia; é dicir, aqueles en que o persoal nomeado non atenda programas ou actividades temporais, conxunturais ou extraordinarias, senón actividade ordinaria e habitual (necesidades estables e permanentes) durante un período igual ou superior a un ano. Esta medida suporá a extinción dos nomeamentos para a cobertura de servizos determinados que reúnan as ditas características, a dotación de 438 vacantes nos cadros de persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e a expedición doutros tantos nomeamentos de interinidade, coa conseguinte redución da porcentaxe de eventualidade”.

As demandantes, que pertencen á categoría de Enfermeira especialista en Obstetricia-Xinecoloxía (Matrona) forman parte do colectivo de persoal que o Sergas veu nomeando durante os últimos anos ao abeiro de sucesivos e concatenados nomeamentos como persoal eventual temporal que non respondían a necesidades puntuais ou de carácter estrutural, senón á realización de servizos cuxa prestación obedecía a necesidades permanentes da Administración sanitaria. Os servizos que viñeron prestando ao abeiro destes nomeamentos fórono na Área Sanitaria de Pontevedra-O Salnés, no Hospital do Salnés.

Parte do persoal que se atopaba na mesma situación que as recorrentes presentou reclamación ante o Sergas solicitando un recoñecemento da súa condición de persoal indefinido non fixo, asimilado o persoal interino. E se estas reclamacións foron rexeitadas

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

por aquel organismo público, non obstante, foron estimadas xudicialmente. Isto é o que pretenden as actoras neste procedemento.

Con posterioridade á presentación do recurso de alzada contra a desestimación presunta da reclamación presentada ante o Sergas, foron incluídas no Plan de Estabilidade no Emprego, publicado no DOG do 4 de maio de 2017, de modo que os seus nomeamentos se converteron en nomeamentos de interinidade por vacante, pasando a ocupar unha das prazas vacantes dotadas na súa execución, e en concreto prazas vacantes de enfermaría no referido hospital. Pero negan que con esta actuación administrativa se estea a dar satisfacción aos seus intereses, pois no relativo á modificación da antigüidade, tan só se recoñeceu desde o 1 de abril de 2017 no seu actual vínculo, e respecto da relación que as une co Sergas, resulta axustado a dereito que o persoal estatutario, nomeado fraudulentamente, transforme a súa vinculación en indefinida, con dereito a ser indemnizado no momento do seu cesamento. (...)

O Plan de estabilidade no emprego tivo por obxecto, tal como se admite no acto que estimou parcialmente o recurso de alzada, buscar unha solución á problemática xurdida respecto do persoal temporal do Sergas, sobre todo con base na sentenza desta sala do 14 de setembro de 2016 (asunto C-16/15), e os pronunciamentos do TXUE sobre a sucesión de vínculos de duración determinada no sector da sanidade pública.

E a pretensión das actoras está encamiñada a que se declare a súa condición de persoal indefinido non fixo, coas consecuencias inherentes a esta declaración, e entre elas o recoñecemento da antigüidade no Sergas desde a data dos seus nomeamentos e o dereito indemnizador que poidan facer valer no momento do seu cesamento derivado do feito de ter sido obxecto de sucesivos e encadeados nomeamentos como persoal eventual temporal realizados en fraude de lei, e por tanto de forma irregular, o cal debe comportar un recoñecemento como persoal indefinido non fixo, e a súa antigüidade, para todos os efectos, desde a data do primeiro nomeamento, tal como se pronunciou esta sala en diversas sentenzas, como as do 20 de abril de 2016 (recurso 528/2015), 21 de marzo de 2017 (recurso 395/2016), 27 de setembro de 2017 (recurso 105/2017), 8 de novembro de 2017 (recurso 250/2017), ou a do 5 de decembro 2017 (recurso 149/2017).

A cuestión sometida a debate neste preito céntrase en comprobar se as actoras merecen o recoñecemento da súa condición de persoal indefinido non fixo do Sergas, e a reposta ha de ser negativa, a diferenza da adoptada pola xuíza de instancia, polas razóns que se pasan a expor:

En primeiro lugar, porque a doutrina sentada polo TXUE na Sentenza do 14 de setembro de 2016, asunto C-16/15, foi matizada polo Tribunal Supremo na Sentenza 3250/2018, do 26 de setembro de 2018 (recurso de casación número 785/2017), e sobre todo porque o relevante neste procedemento, que o fai diferente tanto do resolto polo TXUE como do resolto polo Tribunal Supremo, é que as actoras adquiriron a condición de persoal interino do Sergas vinculado a unha praza concreta, que ocupan por estar vacantes, e serano mentres non sexan cubertas polos procedementos legalmente establecidos, en virtude de nomeamentos que tiveron lugar o 1 de abril de 2017.

De tal xeito, non é aplicable a doutrina que se recolle na sentenza do TXUE do 5 de xuño de 2018 (Asunto C-677/2016), na cal se di que incumbe ao xulgado examinar se, tendo

en conta a imprevisibilidade da finalización do contrato e da súa duración, inusualmente longa, procede recualificalo cun contrato fixo, pois o que solicitan neste caso as recorrentes non é a recualificación dos seus nomeamentos como de persoal fixo, senón o recoñecemento da condición de indefinido non fixo.

O réxime de maior estabilidade da súa relación estatutaria rexe desde que tiveron lugar os seus nomeamentos de interinidade en praza vacante, pois só poderán ser destituídos nos supostos de amortización ou cando se provexan a través dos procedementos legalmente establecidos.

Tampouco é de aplicación o criterio que se recolle na Sentenza desta sala do 11 de xullo de 2018, pois nela entendeuse que, a pesar de que as recorrentes naquel procedemento se viran favorecidas por un nomeamento de interinidade (como sucede agora coas demandantes), non se producira unha perda sobrevida do obxecto. Pero este pronunciamento fíxose valorando as consecuencias indemnizatorias a que podería dar lugar o cesamento das recorrentes ao abeiro dos pronunciamentos do TXUE (Sentenza do 14 de setembro de 2016, asunto de Diego Porras C-596/2014, matizada na máis recente do 5 de xuño de 2018, asunto C-574/16, Grupo Norte Facility, e C-677/16, Lucía Montero Mateos).

E resulta que este pronunciamento ha de ser matizado á luz da doutrina sentada polo Tribunal Supremo na sentenza do 26 de setembro de 2018 (recurso de casación 785/2017), segundo a cal non procede recoñecer dereito indemnizatorio ningún distinto do que leva consigo a subsistencia e continuidade da relación de emprego, descartando a posibilidade de recoñecer un dereito indemnizatorio de futuro».

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

4.2 O período de baixa por maternidade nas vinculacións de temporais debe computarse como tempo efectivo de traballo

Así o considerou o TSXG na súa Sentenza do 8 de maio de 2019 (rec. 50/2019, relator: Rivera Frade).

«(...) a Sra. ----- viuse privada do recoñecemento do período en que permaneceu de baixa por maternidade, ou período de descanso por maternidade, como período de servizos prestados. E iso constitúe, nos termos que se dirá, unha discriminación por razón de sexo derivada da maternidade, ao concorrer neste caso as seguintes circunstancias: durante o período de suspensión de chamamentos foi chamada para a cobertura dunha substitución de comisión de servizos con duración previsible superior a un ano.

Recordemos que o artigo 2.7 da Directiva 76/207/CE, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ao acceso ao emprego, á formación e á promoción profesionais, e ás condicións de traballo, de conformidade coa redacción da Directiva 2002/73/CE, do 23 de setembro de 2002, establece que: “un trato menos favorable dispensado a unha muller en relación co seu embarazo ou o seu permiso de maternidade no sentido da Directiva 92/85/CE constituirá unha discriminación no sentido desta directiva”.

Estes principios tamén inspiran a nosa normativa nacional e autonómica. E iso ten o seu reflexo en artigos como o 5 (Igualdade de trato e de oportunidades no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais, e nas condicións de traballo) da Lei

orgánica 3/2007 (...). A garantía do principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, e a protección da maternidade, debe constituír un criterio de actuación dos poderes públicos. Así aparece recollido no artigo 14.7 da Lei orgánica 3/2007 (...). Os mesmos principios e criterios inspiran a normativa autonómica (...). Esta comprensión da maternidade perde sentido se non se recoñece a traballadora durante o período de descanso por maternidade, e como servizos prestados, aqueles que si desempeñaría por existir un chamamento das listas, pero que non puido desempeñar por razón da maternidade.

Tal como consta no expediente administrativo, a baixa por maternidade produciuse nun momento en que a apelante se atopaba prestando servizos en virtude dun chamamento das listas de interinos, pero este contrato finalizaba o día 25 de decembro de 2016, e polo tanto a finalización nesa data da prestación de servizos, non traería causa no embarazo.

Agora ben, tamén consta, como xa se adiantou, que, durante o período de suspensión de chamamentos, que comezou ao día seguinte (26 de decembro de 2016), foi chamada para a cobertura dunha substitución de comisión de servizos con duración previsible superior a un ano. Este chamamento tivo lugar o día 27 de xaneiro de 2017, cuxo nomeamento non se formalizou ata que rematou a situación de suspensión dos chamamentos por maternidade, o día 2 de abril seguinte. E, como di a apelante no seu recurso, débese permitir a formalización de calquera contrato laboral durante o período de baixa maternal, ben que o desempeño efectivo do traballo terá que posporse á finalización da baixa, preservando a traballadora todos os dereitos inherentes a ese contrato, entre eles, o recoñecemento dese período como de servizos prestados.

O contrario implicaría a discriminación alegada por razón de sexo, pois a protección nestes casos debe dispensarse non só ás traballadoras interinas que se atopan prestando servizos de forma real e efectiva, senón tamén ás que por razón do seu embarazo non poden facelo, pero xeraron un dereito a ser contratadas unha vez chamadas das listas para a cobertura dun posto de traballo. (...) a situación de maternidade non pode asimilarse á falta de capacidade funcional necesaria para desempeñar as funcións propias dun posto de traballo, senón que o ha de ser a un período de descanso que se desfruta por tal situación, tal como sinala literalmente o artigo 177 da LXSS.

A discriminación apreciada non deixa de ser tal polo feito de que o pacto lle reserve á muller o vínculo ofertado durante o período de maternidade, nin polo feito de que a mesma suspensión dos chamamentos se prevexa respecto dos homes que gocen dun permiso de paternidade. A discriminación existe, pois eliminada a situación de maternidade os servizos teríanse prestado, e polo tanto deben recoñecerse como tales, aínda que non se poidan prestar por atoparse a traballadora nunha situación que está protexida pola lei.

Pero por esta mesma razón o recoñecemento debe quedar limitado ao período de tempo para o que a traballadora é chamada das listas, como son neste caso aqueles aos que xa se refire a apelante no terceiro apartado do fundamento de dereito terceiro do seu recurso, isto é, o comprendido desde a data de chamamento o día 27 de xaneiro de 2017, ata o día 3 de abril de 2017, en que se formalizou o contrato despois da baixa de maternidade. O período anterior (desde o 26 de decembro de 2016, día seguinte á finalización do contrato, ata o 27 de xaneiro de 2017, data en que se produciu o chamamento de referencia) non

se pode recoñecer para os efectos pretendidos, pois implicaría privilexiar a apelante en relación cos demais integrantes das listas de vinculacións temporais».

5 Proceso contencioso-administrativo

5.1 Revisión de sentenzas firmes por vulneración do Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais. Omisión de emprazamento dos propietarios afectados pola impugnación dunha licenza urbanística

O TS, na súa Sentenza do 19 de febreiro de 2019 (recurso de revisión 12/2018, relator: Cudero Blas), revoga a do TSXG e dun Xulgado Contencioso-Administrativo que anularan unha licenza concedida polo Concello de Sanxenxo para a construción de 16 vivendas, por non ter emprazado os propietarios para que puidesen comparecer e defenderse no proceso como parte codemandada. Afirmo o alto tribunal, en primeiro lugar, que os afectados dispoñen do prazo dun ano desde a notificación da sentenza do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos para poder instar a revisión das sentenzas firmes. E sobre o fondo do asunto realiza as seguintes consideracións:

«(...) O matrimonio (...) adquiriu en agosto de 2001 unha vivenda en Sanxenxo, incluída nunha urbanización de dezaseis, que contaba cos permisos necesarios outorgados pola Corporación e cuxo dominio inscribiron no Rexistro da Propiedade. En decembro de 2002 un veciño da localidade interpón recurso contencioso-administrativo fronte á licenza municipal que autorizou aquela construción (...) e obtén sentenza estimatoria (...) que anula a licenza, aínda que declara inadmisíbel a petición de demolición que o interesado formulou. Interposto recurso de apelación ante a Sala da Coruña polo recorrente no dito procedemento (porque a resolución do xulgado non incluía a obriga de demoler as vivendas), a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do 29 de marzo de 2007 estímalo e ordena o derrubamento da obra amparada na licenza ilegal. (...) Os propietarios dunha das vivendas afectadas por esa orde de demolición non foron emprazados naqueles procedementos, nin ante o xulgado en primeira instancia, nin ante a sala en apelación. Cando coñeceron a citada decisión xudicial (por notificación efectuada polo Concello con data do 5 de febreiro de 2009), diríxense ao xulgado solicitando a nulidade das sentenzas e este considera que compareceron os ditos interesados, pero eleva o incidente á sala por ser esta a que ditara a sentenza en segunda instancia. A sala denega mediante auto o incidente de nulidade por entender que “non consta documento ningún revelador de que fose coñecida polo xulgado a súa existencia cando se iniciou o proceso e nin sequera durante a tramitación deste en primeira ou segunda instancia”. Fronte a tal decisión, acoden os propietarios ao Tribunal Constitucional, que rexeita o recurso de amparo deducido por resolución do 21 de decembro de 2010 “por non apreciar neste especial transcendencia constitucional”. Presentan entón –o 2 de agosto de 2011– demanda ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que é estimada polo dito tribunal mediante Sentenza do 10 de xaneiro de 2017, na parte dispositiva da cal se declara que –ao tramitar e resolver en ausencia de participación dos demandantes no procedemento contencioso-administrativo que concluíu coa sentenza

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

que ordenaba a demolición da súa vivenda– “os tribunais españois vulneraron o dereito a un proceso equitativo proclamado no artigo 6.1 do Convenio de Roma para a protección dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais”. (...)

A Sentenza do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos do 10 de xaneiro de 2017 declara expresamente que os tribunais españois vulneraron o dereito a un proceso equitativo proclamado no artigo 6.1 do Convenio de Roma para a protección dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, ao terse pronunciado sen intervención dun interesado con dereito a ser oído e participar nun proceso que afecta aos seus dereitos e intereses, pois era propietario dunha vivenda cuxa demolición é ordenada por aqueles tribunais. (...) “Non hai no expediente ningún elemento –malia a alegación do Goberno– que permita establecer que os demandantes tiveran coñecemento extraxudicial do procedemento referente á legalidade da licenza de obras mesmo cando o resultado do dito procedemento podía ter consecuencias negativas para eles”. Polo demais, os interesados utilizaron –diligentemente– todas as posibilidades que o ordenamento lles ofrecía (...). En canto ao resto das exixencias contidas no artigo 102.2 da Lei xurisdiccional, está claro que o procedemento que nos ocupa non só é idóneo para corrixir a vulneración dos dereitos fundamentais que padeceron os hoxe demandantes, senón que é difícil descubrir no noso sistema procesual outra canle que permita conseguir aquela reparación (...) Por último, non entendemos que concorran “dereitos adquiridos por terceiros de boa fe”, circunstancia que –en aplicación da lei– podería impedir o acollemento da demanda. Desde logo, non pode afirmarse que o demandante orixinal –cuxa impugnación deu lugar ás sentenzas que anularon a licenza e ordenaron a demolición– incorporase ao seu patrimonio unha sorte de dereito á restauración da legalidade urbanística nos termos que no seu día postulou, máxime se se ten en conta o alcance desta sentenza, na cal non se declara improcedente a demolición, nin se afirma que é conforme a dereito a licenza que amparaba a construción da vivenda dos hoxe demandantes senón que, simplemente, se lles permite a estes exercer un dereito que se lles vulnerou ao non seren emprazados como interesados nun procedemento que terminou cunha sentenza –firme– que afectaba claramente aos seus dereitos e intereses lexítimos e que foi ditada sen darlles a oportunidade de ser oídos e actuar en defensa deses mesmos dereitos».

5.2 Suspensión do proceso por concorrencia de cuestión prexudicial penal. Reclamación de honorarios por servizos prestados sen contrato

O TSXG, na súa Sentenza do 15 de maio de 2019 (rec. 7023/2019, relator: Quintas Rodríguez), ratifica en apelación a decisión dun xulgado contencioso-administrativo de suspender un proceso en que o demandante lle reclamaba a un concello o pagamento de determinados servizos prestados sen contrato, porque a principal proba do actor consistía precisamente na declaración testifical dun concelleiro que figura imputado nunha causa penal polos mesmos feitos (contratación “a dedo”).

6 Responsabilidade patrimonial

6.1 Responsabilidade sanitaria. Teoría do dano desproporcionado. Consentimento informado

O TSXG, na súa Sentenza do 12 de xuño de 2019 (rec. 472/2018, relator: Seoane Pesqueira), afonda na análise da responsabilidade patrimonial da Administración sanitaria por “dano desproporcionado” e defectos no “consentimento informado”, nos seguintes termos:

«(...) O erro que achaca á sentenza contra a que apela o defensor da Administración autonómica radica en considerar responsable a Administración do dano ao non se achegar explicación científica á evolución da ferida cirúrxica, pois entende que a doutrina do dano desproporcionado non exige que probe a causa ou orixe do dano. A Sala non pode compartir esa argumentación (...). se o resultado danoso é anormal ou inusualmente grave, en relación cos riscos que comporta a intervención, como agora sucede, presúmese que a Administración sanitaria non se acomodou aos estándares de actuación exixibles ou non puxo á disposición do paciente os medios e coñecementos da ciencia e da técnica atemperados aos tempos presentes, é dicir, tivo lugar a infracción da lex artis ad hoc, co cal debe considerarse concorrente o requisito da antixuridicidade do dano, xa que o prexudicado non ten deber xurídico de soportalo (artigos 32.1 e 34.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público). A Sentenza da Sala 3.^a do Tribunal Supremo do 14 de marzo de 2018 (recurso de casación 347/2017), recolle un resumo da teoría do dano desproporcionado, e contradí así mesmo o alegado polo letrado do Sergas (...). Unha didáctica síntese do que significa esa doutrina recóllese na Sentenza do 19 de maio de 2016 (recurso 2822/2014), con precedente na do 6 de outubro de 2015 (recurso 3808/2013), nos seguintes termos: “a doutrina do dano desproporcionado ou resultado clamoroso significa o seguinte: 1.^o Que o resultado danoso excede o previsible e normal, é dicir, non garda relación ou proporción atendendo á entidade da intervención médica, pois non hai dano desproporcionado, por exemplo, se o resultado lesivo é un risco inherente á intervención, pero houbo unha errónea execución. 2.^o O dano desproporcionado implica un efecto danoso inasumible –pola súa desproporción– ante o que cabe esperar da intervención médica; é, polo tanto, un resultado inesperado e inexplicado pola demandada. 3.^o Ante esa quebra do normal, do esperable e o desproporcionado do efecto danoso, presúmese que o dano é causado por unha quebra da lex artis por parte da Administración sanitaria, presunción que pode destruír se proba que a causa está fóra do seu ámbito de actuación, é dicir, responde a unha causa de forza maior. 4.^o Polo tanto, para que non se lle atribúa responsabilidade por dano desproporcionado, desde o principio de facilidade e proximidade probatoria a Administración debe asumir esa carga de probar as circunstancias en que se produciu o dano. 5.^o De non asumir esa carga, a imprevisibilidade ou a anormalidade do dano causado atendendo á entidade da intervención médica é o que fai que sexa antixurídico, sen que poida pór o pretexto de que é un caso fortuíto, excluínte da responsabilidade polo dano causa”.

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Neste caso resulta incuestionable que se produciu un resultado desproporcionado no tratamento dunha cirurxía “tan simple” (en palabras do cirurxián plástico señor Ovidio) como é o desteitamento (apertura lonxitudinal do tenso e engrosado ligamento baixo o cal o nervio mediano sofre compresión no interior do túnel do carpo) dun túnel carpiano, pois, tras precisar un número exaxerado de intervencións e presentar un cadro importante de dor do membro superior dereito, quedou inutilizada a man dereita da paciente para calquera tipo de actividade, á parte do prexuízo estético, moral, laboral, familiar e de ocio que lle ocasiona, ademais dunha patoloxía psiquiátrica asociada. Fronte a iso, a Administración non foi capaz de ofrecer unha explicación científica razoable (...). Non basta con afirmar que o tratamento foi correcto e que a paciente foi tratada de forma totalmente correcta, pois a presenza daquel resultado desproporcionado obrigaba a Administración a demostrar a causa ou orixe do dano producido, en virtude da inversión da carga da proba que nestes casos ten lugar. (...). En definitiva, tal como informa o perito doutor Ovidio, a orixe máis lóxica do resultado producido é a infección nosocomial da ferida cirúrxica por ruptura da cadea de asepsia durante o proceso asistencial, xa que antes da operación o único que presentaba a paciente era a compresión do túnel carpiano, diagnosticada pola clínica e polo estudo electromiográfico, e despois da cirurxía e tras nove intervencións cirúrxicas quedoulle unha man en garra inutilizada irreversible, comezando a supurar a ferida poucos días despois da primeira operación de desteitamento do túnel carpiano.

En todo caso, en virtude daquela aplicación da doutrina do dano desproporcionado, basta con que a Administración non conseguise demostrar a causa daquel dano e que a orixe estivo fóra do ámbito de actuación dos servizos sanitarios que atenderon a paciente para que se deba desestimar este primeiro recurso de apelación. (...)

É certo que no expediente administrativo figura un documento de consentimento informado do 31 de xaneiro de 2013, en que se describe como un dos riscos típicos da cirurxía do túnel do carpo a “infección da ferida”, pero nin a constancia nese documento de tal risco pode servir de patente de corso para eludir a responsabilidade e levar a cabo todas as medidas de esterilización e asepsia precisas para evitar calquera contaminación, nin o resultado producido neste caso se limitou á infección da ferida cirúrxica, senón que, tras demostrarse, en análise realizada con ocasión do ingreso hospitalario producido o 23 de marzo de 2013, que crecían abundantes colonias de estafilococo *Areus* e *Parvimonas micra*, permaneceu resistente a infección ata o punto de motivar oito intervencións cirúrxicas máis, terminando por provocar que quedase a man dereita en garra da paciente, con inutilización dela, que é a dominante, ademais de que a paciente presenta cambras por todo o membro superior, con anestesia do cuarto e quinto dedos e hipoestesia do primeiro, segundo e terceiro dedos. (...) a sinatura do consentimento informado non pode servir de patente de corso para eximir a Administración da súa responsabilidade patrimonial e moito menos para permitir descoidar o deber de dilixencia que incumbe ao facultativo e á propia Administración sanitaria, aos que lles corresponde desenvolver unha correcta praxe médica, engadindo que manter o contrario equivalería a consagrar en dereito a irresponsabilidade da Administración sanitaria por danos derivados de calquera acto médico pola simple razón de ter informado xenericamente o paciente».

6.2 Reclamación indemnizatoria polos prexuízos derivados da inclusión de determinados terreos na Rede Natura

A Sentenza do TSXG do 3 de abril de 2019 (rec. 118/2016, relator: López González) examina o recurso interposto por unha entidade mercantil contra unha resolución da Xunta de Galicia desestimatoria da reclamación dunha indemnización de quince millóns de euros formulada polos danos e perdas derivados da inclusión de determinados terreos na Rede Natura 2000, como consecuencia da aprobación do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia, e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia. O tribunal descarta finalmente a concorrencia de responsabilidade, coas seguintes consideracións:

«(...) as limitacións ao uso dos terreos da recorrente non derivan do Decreto 37/2014, porque xa se impoñían na normativa anterior, dado que previamente xa tiñan unha regulación singular, fundamentalmente contida no artigo 16.2 da Lei 9/2001 e 2 do Decreto 72/2004, así como nas Leis 42/2007 e 7/2012, nas que, se ben se permitía que se puidesen seguir realizando, de modo tradicional, os usos e actividades anteriores que non vulnerasen os seus valores naturais, impúñase a existencia de autorización previa para a realización de actividades, distintas das anteriores, que puidesen pór en perigo os valores que xustifican a protección dos devanditos espazos.

Aínda é máis, a Lei galega 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, somete, no artigo 32.2. f (“constituído polos terreos sometidos a algún réxime de protección por aplicación da Lei 9/2001, de conservación da natureza, ou da lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna”), os predios que se atopan en solo rústico de especial protección de espazos naturais a un réxime de protección especial, catalogación que merecen os da actora incluídos no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, mentres que no artigo 39 se especifican para o dito solo os usos permitidos, os autorizables e os prohibidos, de xeito que desde a súa entrada en vigor existían unhas limitacións legalmente previstas que cumpría ter en conta necesariamente.

Do ata aquí exposto deriva que non concorre a necesaria relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público (que a actora deriva da aprobación do Decreto 37/2014) e o dano que se afirma como causado, sen que o informe pericial achegado desacredite tal dedución derivada da fundamentación xurídica que queda exposta, pois os aspectos técnicos sobre os que debe informar o perito non se poden nin deben estender ás deducións xurídicas derivadas do exame da lexislación ata aquí examinada.

Tampouco demostra a recorrente a concorrencia do requisito de dano efectivo.

Neste sentido, os danos reclamados céntranse nas perdas por afección á explotación de gando de monte (calculadas pola diferenza entre a explotación dos terreos con pasto mellorado e con pasteiro arbustivo), así como nas relativas á mingua do valor dos terreos (mingua que tamén se calcula capitalizando as rendas obtidas con pasto mellorado e con pasto non mellorado).

Non obstante, non se acreditou a realización, con anterioridade á entrada en vigor do decreto, dunha efectiva explotación de gando nos terreos nos termos que se alegan previstos

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

no informe pericial que se achega coa reclamación. É de destacar que no informe pericial se parte de datos relativos non á explotación gandeira concreta do reclamante, senón á “carga gandeira de pasteiros, mellorados ou arbustivos, en zonas medio altas e altas como as dos terreos da recorrente, e con gando autóctono de raza loura galega ou cruzada” e á “producción de carne para os pasteiros (mellorados ou arbustivos) nestas zonas”, sen que consten labores de mellora de pasto neles, nin sequera que a demandante tivese previsión de acometer tales labores con anterioridade á mencionada entrada en vigor, que se vise posteriormente frustrada. En definitiva, non consta acreditado que os danos reclamados respondan á efectiva perda de usos con que a reclamante contaba e que exercía con anterioridade á aprobación do decreto, e dos que se viu privado como consecuencia directa desa aprobación.

Así mesmo, no informe pericial practicado en sede xudicial pártese de hipóteses ou expectativas afastadas de danos reais e concretos, que non se poden dar por acreditados.

Con iso ponse de manifesto así mesmo que non se cumpren os requisitos b), c) e d) do artigo 29.2 da Lei 9/2001, porque non consta que as limitacións de usos establecidas afecten a usos ou aproveitamentos legal e efectivamente exercidos no momento de imposición da restrición, nin que se produza unha lesión patrimonial efectiva e actual. E tampouco se cumpre o requisito do apartado d), porque as limitacións establecidas non son singulares, nin se trata de privación de dereitos especificamente prevista para a actora, senón que afectan a máis propietarios con titularidades que resulten afectadas».

7 Tributos

7.1 Ordenanza municipal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos

A Sentenza do TSXG do 27 de febreiro de 2019 (rec. 15358/2018, relator: Núñez Fiaño) desestima o recurso interposto por Rede Eléctrica de España contra a Ordenanza Fiscal do Concello da Pobra de Trives reguladora da “Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de Transporte de Enerxía Eléctrica, Gas, Auga e Hidrocarburos” (BOP de Ourense do 21/02/2018) e o seu “Anexo de Tarifas”.

Conclúe o tribunal que a taxa non xera un suposto de “dobre imposición” tributaria e que o sistema de xestión/liquidación prevista na ordenanza é correcto. Sobre a determinación do importe a pagar realiza as seguintes consideracións:

«(...) 1.^a) A ordenanza fiscal discutida establece a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas dedicadas ao transporte e subministración de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos. Aquela utilización e ese aproveitamento do dominio público local responden ás mesmas pautas calquera que sexa o municipio: os terreos afectados teñen a mesma natureza e as instalacións cuxo establecemento son a súa causa presentan iguais características (liñas aéreas de alta tensión,

canalizaciones de gas, de auga, etc.). Por iso nada de estraño hai en que as ordenanzas de distintos concellos respondan ás mesmas pautas e contén con igual xustificación técnico-económica, sendo razoable que no informe que xustifica e explica o importe da taxa e as súas tarifas non se conteñan máis mencións á concreta corporación local que as que resulten imprescindibles.

2.^a) Calquera que sexa a cualificación que a cada cal lle merezan as consideracións xurídicas e económicas que contén o informe técnico-económico, o certo é que, como a propia RED ELÉCTRICA reconece, dedica máis de dez páxinas a explicar os parámetros que serven para determinar a base impositiva da taxa, dando conta de onde procede cada elemento e o método seguido, polo que mal pode sosterse que o dito informe, que acompaña á ordenanza discutida, non cumpre co obxectivo sinalado polo lexislador: pór de manifesto o valor de mercado da utilidade que se grava coa taxa e xustificar as tarifas que se aplican. Máis adiante, o fundamento desta afirmación farase patente cando, ao resolver o primeiro motivo de casación, expoñamos o contido da ordenanza e do seu informe técnico-económico.

3.^a) Non responde á realidade a afirmación de que a ordenanza fiscal impugnada e o seu informe técnico-económico perseguen gravar unicamente a ocupación que do dominio público local fai RED ELÉCTRICA coas instalacións da súa titularidade. É unha afirmación voluntarista que se dilúe cando se constatan os dous seguintes feitos: (i) a taxa refírese non só á utilización do dito dominio público pola instalación de liñas aéreas de alta tensión, senón tamén por canalizacións de gas e de auga, así como por outro tipo de instalacións (léanse o seu título, o anexo e o contido do informe técnico-económico), realidade que non se desdía pola circunstancia de que a xustificación económica e técnica que aparece nese documento se deteña máis nas instalacións de transporte de enerxía eléctrica; e (ii) este é o terceiro recurso que resolve esta sala en relación coa ordenanza do Concello de Arteixo, nos outros dous as recorrentes, e polo tanto suxeitos pasivos, eran sociedades distintas e independentes da agora demandante, unha dedicada ao transporte e a distribución de gas e a outra ao de enerxía eléctrica.

4.^a) O feito, sen máis, de que o informe técnico-económico se sustente nun “informe tipo” realizado para a Federación Española de Municipios e Provincias polo gabinete que a asesora non nega a súa capacidade para xustificar e sustentar a decisión impositiva que a ordenanza incorpora. Foi elaborado por un asesor “xurídico” e outro “técnico”, contando cos elementos precisos dunha e outra natureza. Unha vez incorporados á decisión municipal, conforman a vontade do consistorio, sendo válido o dito informe se explicita, xustifica e motiva os elementos técnicos e xurídicos que cimentan a taxa e a súa contía.

B) A ordenanza é a norma xurídica que contén os elementos configuradores do tributo: o feito impositivo, a determinación da base, a fixación do tipo de gravame, así como os demais elementos determinantes da contía da débeda tributaria [véxase neste sentido o artigo 8 da Lei 58/2003, do 17 de decembro (RCL 2003, 2945), xeral tributaria (BOE do 18 de decembro)]. Entre eles non se conta o número de metros lineais de tendidos de rede eléctrica que discorren polo dominio público municipal. Este non é un concepto normativo, non é un elemento configurador do tributo, senón un dato que debe constar na liquidación tributaria para determinar a débeda de cada suxeito pasivo. A reserva de lei (en sentido

REGAP



COMENTARIOS E CRÓNICAS

ampla, comprensiva cando se trata de tributos locais das ordenanzas fiscais) non exige expresar numericamente na norma as instalacións cuxo establecemento determina o uso ou o aproveitamento que constitúe o feito impositivo, senón concretar ese feito impositivo, os elementos que han de servir para cuantificar a base e a cota mediante a aplicación da cal quedará determinada a débeda tributaria de cada suxeito pasivo, atendendo, ao tempo da liquidación (entón si), á cantidade ou intensidade da utilización ou o aproveitamento, determinado polo número de metros lineais de solo de dominio público afectado. En definitiva, os dous argumentos da demanda aos cales a sala de instancia non deu resposta deben ser desestimados.

En aplicación desta doutrina xurisprudencial cuxa aplicación non poden exceptuar os votos particulares que se citan na demanda, procede declarar a conformidade a dereito do artigo 4 da ordenanza fiscal que nos incumbe, salientando para concluír este bloque de motivos impugnatorios que, no informe técnico económico tras citar a normativa catastral e ordes de referencia, se concreta na páxina 20 a fórmula do valor do solo rústico ocupado con construción con cita expresa da OM EHA/3188/2006 e OM EHA/2816/2008, ademais das fontes (entre as que obviamente se atopan os datos que pode obter a través do Concello ou da Xerencia de Catastro, derivados do relatorio de valores). (...). Dada a xurisprudencia do Tribunal Supremo citada, que resulta de parecer maioritario dos maxistrados da sala, non se advirte a necesidade de suscitar a cuestión de inconstitucionalidade do artigo 24.1.a) do TR da Lei reguladora das facendas locais ou prexudicial de dereito comunitario do inciso final do apartado 7 do artigo 15, en relación coa letra a) do apartado 6 do artigo 37 e concordantes, ambos os dous da Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 13 de xullo de 2009, pois debemos resolver a controversia conforme aquela doutrina xurisprudencial que defende a legalidade de ordenanzas similares a esta. Ademais diso, cabe destacar que o artigo 7 inciso final da directiva citada simplemente sinala que a condición aplicable polos xestores de rede de transporte destes servizos deberá fixarse segundo unha metodoloxía compatible co artigo 37, apartado 6, de forma non discriminatoria e que reflecta os custos e serán publicadas, o que sucede con estas taxas fixadas legalmente; e o artigo 37.6.a) da citada directiva, que as autoridades reguladoras se encargarán de fixar ou aprobar, coa suficiente antelación da súa entrada en vigor, como mínimo, as metodoloxías utilizadas para calcular ou establecer as condicións para a conexión e acceso ás redes nacionais, incluíndo as tarifas de transporte e distribución e as súas metodoloxías que permitirán realizar os investimentos necesarios nas redes de forma que quede garantida a viabilidade da rede, extremo ao que tamén cremos que se dá satisfacción a través de aprobación, grazas ao disposto na Lei de facendas locais, que prevé a posibilidade de establecer esta taxa».

7.2 Nulidade do Real decreto 529/2017, de modificación do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, por omisión do informe preceptivo do Consello de Estado

A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo (TS), na súa Sentenza do 5 de xullo de 2019 (RC 535/2017, relator: Merino Jara), estima o recurso interposto

polo Colexio de Economistas de Pontevedra contra o Real decreto 529/2017, do 26 de maio, que modificou o Regulamento do imposto sobre o valor engadido (RD 1624/1992, do 29 de decembro), introducindo dúas novas disposicións transitorias: a cuarta (“baixa extraordinaria no rexistro de devolución mensual e renuncia extraordinaria á aplicación do réxime especial do grupo de entidades durante o ano 2017”) e a quinta (“opción por levar os libros rexistros a través da Sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria polos suxeitos pasivos acollidos ao réxime simplificado para o ano 2017”). A dita modificación completaba outra anterior do mesmo regulamento, aprobada polo Real decreto 596/2016, do 2 de decembro, para a modernización, mellora e impulso do uso de medios electrónicos na xestión do imposto sobre o valor engadido, co fin de establecer un novo sistema de levar os libros de rexistro do Imposto a través da Sede Electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

O alto tribunal declara a nulidade desta modificación regulamentaria por terse omitido na súa tramitación o preceptivo Ditame do Consello de Estado. Afírmase o seguinte na sentenza:

«(...) Atopámonos ante un “regulamento executivo”, entendendo por tales “os que a doutrina tradicional denominaba “regulamentos de lei” e se caracterizan, en primeiro lugar, por ditarse como execución ou consecuencia dunha norma de rango legal que, sen abandonar o terreo a unha norma inferior, mediante a técnica deslegalizadora, os acouta ao sentar os criterios, principios ou elementos esenciais da regulación pormenorizada que posteriormente debe establecer o regulamento en colaboración coa lei e, en segundo lugar, en que o regulamento que se expida en execución dunha norma legal innove, no seu desenvolvemento, o ordenamento xurídico” (Cfr. por todas, SSTS do 19 de marzo de 2007, recurso de casación 1738/2002, e 25 de xuño de 2009, recurso de casación 992/2007). Achámonos, pois, ante un regulamento executivo, como tamén o é o Real decreto 596/2016, do 2 de decembro. Non obstante, un foi ditaminado e o outro non. Sendo, sen dúbida un regulamento executivo o que nos ocupa, como tal debe ser ditaminado polo Consello de Estado, aínda que sexa unha modificación doutro anterior que si foi informado, na medida en que este tamén innova o ordenamento xurídico ao introducir dúas disposicións transitorias totalmente necesarias para pór en práctica, nos termos pretendidos, o novo sistema de levar os libros rexistro de IVE o 1 de xullo de 2017.

(...) consideramos que as modificacións si resultan transcendentales e revisten carácter esencial. Sinálase na contestación á demanda que ambas as dúas modificacións dan resposta á demanda de boa parte do colectivo afectado pola obriga de levar os libros rexistro do imposto sobre o valor engadido a través da Sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Non negamos que sexa así, pero iso confirma que ningunha das dúas previsións atopa acomodo no Real decreto 596/2016, que foi o único sometido ao ditame do Consello de Estado, atopándonos, por conseguinte, ante unha modificación relevante. (...)

Por conseguinte, a ausencia do ditame preceptivo do Consello de Estado no procedemento de elaboración dunha disposición xeral debe reputarse un vicio substancial que determina a nulidade de pleno dereito da disposición xeral que o padeza, tal e como reiterou

REGAP



COMENTARIOS E CRÓNICAS

a nosa xurisprudencia (SSTS do 17 de xullo de 2009, Rec. 1031/2007; do 24 de novembro de 2009, Rec. 11/2006; e do 1 de xuño de 2010, Rec. 3701/2008, entre outras)”. A nulidade do Real decreto 529/2017, do 26 de maio, orixínase na inobservancia do disposto no 3 do artigo 22 da Lei orgánica do Consello de Estado, no procedemento da súa elaboración (...)».

8 Universidades

8.1 Control xurisdiccional da avaliación negativa de períodos de investigación pola ANECA

O TSXG, na súa Sentenza do 20 de febreiro de 2019 (rec. 87/2018, relator: Seoane Pesqueira), desestima o recurso promovido por un profesor da Universidade de Vigo contra unha resolución da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) que avaliou negativamente o tramo de investigación solicitado. Afirma o tribunal galego nesta sentenza que:

«(...) en congruencia coa moderna doutrina xurisprudencial sobre o control da discrecionalidade técnica, ditouse nesta materia por parte da Sección 4.^a da propia Sala 3.^a do Tribunal Supremo a Sentenza do 3 de xullo de 2015 (recurso de casación 2941/2013), na cal se matiza a aplicación daquela STS do 5/07/1996, no sentido de que esta non exclúe o deber de expresar as razóns polas que se establece unha determinada puntuación, de xeito que non poderá entenderse motivada a decisión cando o “informe técnico” unicamente contén unha cifra numérica, sen engadir ningunha explicación relevante, que faga comprensible o contido do acto posterior (o da CNEAI). Na propia STS argumentase que “É certo que o xuízo técnico do Comité “se expresará en termos numéricos de cero a 10”, segundo dispón o artigo 8.2 da Orde de 1994, pero iso non significa que se crease unha sorte de actos exentos ou alleos á exigencia da motivación dos actos administrativos. O xuízo técnico efectivamente resúmese ou remata nunha cualificación, pero ese resultado final debe ir precedido da correspondente motivación, explicando as razóns polas que a Comisión, ou por remisión o Comité, cifrou a súa cualificación nunha determinada puntuación”. Seguidamente, a dita STS do 3/07/2015 especifica en que consiste o control xudicial neste caso de discrecionalidade técnica: “o control xudicial deste tipo de actos atópase acoutado, é limitado, e non pode alcanzar a plenitude do noso control xurisdiccional sobre os actos administrativos alleos á discrecionalidade técnica. A avaliación da actividade investigadora, en tanto, ao ser unha decisión froito da discrecionalidade técnica, pois o Comité, que proporciona a motivación, valora os méritos segundo os criterios científicos ou técnicos, ao concorrer nos membros do órgano a capacitación e especialización exixida pola norma para estes casos, non pode ser corrixida respecto dese xuízo técnico. Que o acto de avaliación deba ser motivado non significa, insistimos, que, logo, os órganos xudiciais poidan revisar a valoración técnica que contén o acto administrativo. Dito doutro xeito, a motivación do acto non nos permite examinar a entraña da decisión técnica, produto da indicada discrecionalidade técnica, e substituír ese xuízo técnico polo que expresa o recorrente ou o do propio tribunal. O que nos permite a motivación, en definitiva, é controlar que efectivamente se puxeron de manifesto, de forma comprensible, as razóns da puntuación expresada e, ademais, que esa decisión

non é arbitraria, non incorre en desviación de poder, non se opón aos principios xerais do dereito, ou incorre en defectos de índole formal”. No seu fundamento de dereito oitavo a citada STS do 3/07/2015 continúa razoando: “Acorde co exposto, a discrecionalidade técnica non lle permite ao órgano xurisdiccional, polo tanto, revisar a calidade e aptitude dos traballos ou achegas do recorrente. Os órganos xurisdiccionais non poden corrixir ou alterar a apreciación realizada pola Comisión Nacional Avaliadora no relativo á súa estimación técnico-científica. E non poden facelo, aínda que se trate de áreas de coñecemento en que os tribunais teñan a preparación técnica ou científica exixida, neste caso no ámbito do dereito, porque o control dos órganos xurisdiccionais é de carácter xurídico respecto do acomodo da actuación administrativa ao ordenamento xurídico, e non técnico-científico. Dicimos isto porque no suplico do escrito de interposición se solicita, como pretensión principal, que “se recoñeza a suficiencia de méritos do solicitante para unha valoración positiva do tramo de investigación solicitado”. E de ningún xeito esta sala vai realizar unha valoración dos méritos do recorrente, para emendar a puntuación realizada polo Comité Asesor. Será a Comisión Nacional, autora do acto administrativo, quen deberá motivar por si mesma, ou por remisión ao correspondente informe do Comité Técnico, as razóns da puntuación que establece, segundo o tipo de motivación que prevé o artigo 8.3 da citada Orde de 1994. Para iso retrotraeranse as actuacións, que é a pretensión que se solicita en segundo lugar, á vía administrativa, concretamente ao momento anterior ao informe do Comité Asesor, para a emisión dun informe motivado”.

A lectura repousada da demanda pon de manifesto que o demandante pretende, en primeiro lugar, que este tribunal reavalíe cada unha das achegas presentadas ata o punto de que se recoñeza a avaliación positiva do tramo de investigación solicitado, penetrando na avaliación técnica efectuada polo comité asesor, porque, como se deduce das alegacións do recorrente que, en síntese, foron resumidas no anterior fundamento xurídico, aborda todos e cada un dos aspectos que deben ser valorados para alcanzar a cualificación final. É dicir, o actor está a penetrar no axuizamento técnico da Administración, pois expresamente alude a que non lle parece correcto o criterio técnico empregado, o cal excede o control que a moderna xurisprudencia admitiu nesta materia.

De todo o anteriormente argumentado despréndese que non cabe acoller a petición principal contida no suplico da demanda, porque iso entrañaría revisar a calidade e aptitude dos traballos ou achegas do recorrente, e, por conseguinte, abrir a posibilidade de corrixir ou alterar a apreciación realizada polo comité asesor e pola CNEAI e ANECA no relativo á súa estimación técnico-científica, extralimitando o control xurídico que a este tribunal lle corresponde.

Se, conforme coa dita moderna xurisprudencia, o control dos órganos xurisdiccionais é de carácter xurídico respecto do acomodo da actuación administrativa ao ordenamento xurídico, e non técnico científico, non é posible a substitución da valoración técnica verificada polo órgano administrativo. Ademais, tal substitución avaliativa non é fiscalización, senón que vai máis alá, incidindo na prohibición contida no artigo 71.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, xa que proscribe que os órganos xurisdiccionais determinen o contido discrecional dos actos anulados. (...)

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Consecuencia do anteriormente exposto é que o exame se debe centrar na análise de se pode considerarse que a resolución administrativa impugnada, á que se incorporou o informe do comité asesor emitido antes da decisión sobre o recurso de alzada, está correcta e suficientemente motivada. En congruencia con tal exigencia de motivación, esta sala e sección incidiu na necesidade de que a Administración ofrezca a debida resposta aos argumentos esgrimidos no recurso de alzada interposto contra a decisión inicial da CNEAI, adecuándose estes argumentos aos criterios específicos da correspondente resolución da CNEAI, pois a propia xurisprudencia exixiu esa resposta explícita para cumprir axeitadamente o requisito da motivación (artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), co fin de que quen postula o recoñecemento do seu xuízo poida coñecer as razóns polas que se puntuán negativamente determinadas achegas.

É dicir, o feito de que sexa bastante que o comité asesor correspondente exprese o seu xuízo técnico en termos numéricos de cero a dez, sendo preciso un mínimo de seis puntos para obter unha avaliación positiva, tal como impón o artigo 8.2 da Orde do 2 de decembro de 1994, non escusa de expor os motivos polos que se outorga unha determinada puntuación inferior a 6 puntos (ou mesmo superior) se se presenta un recurso de alzada fronte ao acordo inicial da CNEAI, que se apoia no informe do comité asesor, en cuxo recurso se esgriman argumentos concretos polos que unha determinada achega puidese ser avaliada positivamente, sobre todo se eses argumentos están baseados nos criterios específicos que se fixeron públicos a través da resolución da propia CNEAI. Entendelo doutro xeito sería tanto como recoñecer unha zona inmune de poder, e propiciar que a discrecionalidade, por moi técnica que sexa, poida incidir na arbitrariedade derivada da falta de explicación do realizado, o cal se compadece mal coas exigencias dun Estado de dereito e co principio de interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos, proclamado no artigo 9.3 da Constitución.

Nada impide que aqueles criterios específicos sexan interpretados polo comité asesor e pola CNEAI dun xeito distinto ao exposto polo actor na súa solicitude, pero é preciso que se exteriorice ese diferente modo de entendemento para que, á vez que se achega aquela contestación aos argumentos do recorrente, poida levarse a cabo a fiscalización xudicial a que obriga o recurso contencioso-administrativo presentado. (...)

As afirmacións do actor quedan en alegacións sen apoio probatorio, mentres que as razóns ofrecidas polo comité asesor integran unha motivación axeitada, en canto integralmente conectada cos criterios xenéricos e específicos que han de servir de pauta para axuizar a conveniencia daquela. (...) a Administración expón razoadamente os motivos da puntuación outorgada a cada unha das achegas presentadas, e ademais céntrase nos criterios xerais da Orde do 2 de decembro de 1994 e específicos recollidos na resolución do 26/11/2015, co que, á parte de cumprir o deber exixido no artigo 35 da Lei 39/2015 e dar a coñecer a fundamentación da decisión adoptada, lle outorga a posibilidade ao recorrente de rebater as ditas argumentacións.

É dicir, neste caso resulta incuestionable que existe motivación, e esta é suficiente e axeitada, porque se adecúa aos criterios xenéricos e específicos que constitúen as pautas a que debe axustarse a valoración. Cousa diferente é que a actora mostre a súa desconformidade coa aplicación daqueles criterios no caso das distintas achegas. Por todo cando queda exposto, procede a desestimación do recurso interposto».

Regap

Recensiones

3

Estudios sobre la nueva cultura y valores del empleo público



MIGUEL ANXO BASTOS BOUBETA
Profesor de Ciencia Política e Socioloxía
Universidade de Santiago de Compostela
miguelanxo.bastos@usc.es

Recibido: 21/06/2019 | Aceptado: 18/07/2019

DOI: <https://doi.org/10.36402/regap.v1i57.14>

Regap



RECENSIONES

CANALES ALIENDE, J.M., e ROMERO TARÍN, A. (eds.): *Estudios sobre la nueva cultura y valores del empleo público*, Bosch Editor - Universitat D'Alacant, Barcelona, 2018, 180 pp. ISBN: 978-84-16724-88-8.

A forma de organizar o emprego público foi, desde a aparición das administracións públicas modernas, unha das principais fontes de debate, tanto entre os académicos como nos executivos encargados do seu deseño. As administracións previas á aparición do Estado moderno, que se caracteriza precisamente pola ordenación burocrática dos seus servidores, non constituían ningún problema. Funcionarios e escribas formaban parte do patrimonio persoal do rei ou emperador, e este contratáboas e despedíaos por vontade e fixaba a súa remuneración e condicións laborais. O moderno Estado administrativo, en cambio, pasa a depender para o seu funcionamento dos servizos prestados por funcionarios máis ou menos permanentes que non dependen directamente do gobernante, senón do Estado, e o seu traballo pasa a estar rexido por leis e regulamentos. É neste modelo onde comezan a desenvolverse os actuais modelos de emprego público e é, polo tanto, neste marco onde se van desenvolver os debates sobre como debería estar este organizado e que deron lugar a unha moi fértil literatura na cal podemos encadrar este libro.

Antes de proceder ao seu comentario, sempre é conveniente lembrar que o modelo latino de emprego público non é o único posible e que existen múltiples fórmulas xurídicas das cales se pode tomar exemplo e usar como referencia, polo menos para os efectos de discutir posibles melloras. Os nosos modelos de emprego público evolucionaron relativamente pouco no último século e a súa evolución foi sempre dentro do propio modelo, sendo moi refractarios non só a innovar, senón nin sequera a discutir a súa mera posibilidade. O debate neste eido foi, en comparación con outras realidades, de moi escaso alcance, polo que calquera libro que permita discutir a cultura, os valores ou a organización do emprego público ten que ser necesariamente ben recibido na nosa academia.

O libro consiste en varios ensaios que estudan os cambios que experimentou a función pública nos últimos anos, centrándose moi especialmente nas realidades española e arxentina, que, malia prestar servizo a entes políticos moi diferentes, comparten valores moi semellantes e principios de dereito administrativo provenientes de tradicións xurídicas homologables.

O primeiro ensaio do libro, escrito polos profesores Araya Moreno e Rodríguez Alba, analiza o cambio dos valores da función pública, centrándose no caso da Administración pública chilena. Os modelos clásicos de valores da burocracia weberiana, imparcialidade, eficacia ou servizo do interese xeral veríanse, segundo estes, non desafiados, senón modificados no seu contido pola aparición de novos valores derivados uns da nova xestión pública e outros de novos valores identitarios e humanistas. No primeiro caso poderíase observar como valores derivados da racionalidade económica, como a eficiencia ou o aforro, van gañando peso relativo no repertorio de valores que se lle poden exixir ao servidor público. Por outra banda, os novos movementos sociais, como o feminismo ou o ecoloxismo, tamén fan sentir o seu peso no ideario do sector público, e valores como a responsabilidade ambiental ou a sensibilidade ás demandas de colectivos minorizados ou marxidados pasan a ter valores cada vez máis exixidos no ámbito da función pública. O problema que se pode formular aquí é a posible compatibilidade de ambas as dúas derivas, pois, aínda que na teoría poden ser idealmente conciliadas, na práctica son en moitas ocasións de difícil implantación conxunta. O máis probable de seguir con estas dinámicas é que estas acaben por imporse, pero en ramas distintas da Administración pública, en vez de instaurarse as dúas no seu conxunto. Así, haberá ministerios ou organizacións digamos que máis economicistas e orientados cara a valores de racionalidade económica pura e outros máis orientados aos novos valores humanísticos e identitarios, máis inclusivos e sensibles a estes novos valores emerxentes. O texto, ademais de realizar unha moi detallada análise dos cambios de valores en varias das principais institucións chilenas, abre tamén o debate, que creo que merecería ser máis detallado, sobre cales deberían ser os valores que primasen nas administracións públicas do futuro, polo menos nas do noso contorno cultural. E, sobre todo, como facer compatibles estes valores entre si, tarefa que ao meu entender é a principal, posto que ao final os valores das administracións non deixan de ser os valores daqueles que traballan nelas, e estes, como se pode supor, son tamén cada vez máis plurais e diversos.

O segundo texto é o redactado polos compiladores do libro, os profesores Canales Aliende e Romero Tarín, da Universidade de Alacant en España. Refírese á incidencia que tiveron os cambios de valores na función pública á hora de seleccionar e recrutar os novos directivos públicos. Os autores parten da base de que a selección destes debe ser acorde a principios de mérito, valor este propio dos sistemas administrativos contemporáneos do noso contorno, fronte aos sistemas de lealdade política propios doutros tempos e lugares. A discusión que abren os autores é moi rica, pois, sen desmentir a necesidade dun sistema de méritos, o que debería ser establecido é cal ou cales son os criterios determinantes do mérito. Dito doutra forma, se os valores cambian, os criterios de mérito tamén deberían facelo, polo que se podería deducir que non existe un criterio obxectivo de mérito, dado que estes cambian segundo os valores imperantes en cada momento e as necesidades específicas da Administración en cada momento. Os autores describen unha serie de trazos característicos das administracións contemporáneas, como son a súa adaptación aos medios dixitais, o seu funcionamento colaborativo e en rede e a nova escala de actuación das organizacións públicas, enfrontadas estas a problemas novos, moitos deles formulados a escala global ou cando menos supraestatal. Estes problemas reflicten un cambio nos valores e prioridades da sociedade, e faise, polo tanto, imprescindible unha adaptación dos servidores públicos, e moi especialmente dos seus directivos, a esta nova realidade.

Cales serían estes valores e capacidades necesarios? Os autores dedican boa parte do texto a enumeralos e describilos. O primeiro deles é a necesidade de recrutar funcionarios con capacidade de xestión e de toma de decisións de forma autónoma fronte ao vello funcionario xurista-administrador. Na liña do expresado no capítulo anterior, faise fincapé na necesidade de que estes teñan en conta valores económicos como produtividade, aforro ou eficiencia á hora de desempeñar o seu traballo, e que incorporen, ademais do vello principio de legalidade, unha orientación cara ao correcto manexo dos fondos públicos, e moito máis tras ter atravesado anos de crise e recortes, que as deberían facer reflexionar sobre a necesidade de optimizar os recursos á súa disposición.

Ademais de discutir en profundidade os valores de transparencia, bo goberno e democracia na Administración, tan interesantes, como, por desgraza, difíciles de cumprir (recomendo ao respecto o libro de Christopher Hood *O xogo da culpa*, no cal se explica precisamente como as administracións públicas modernas están deseñadas para non ser transparentes e para eludir culpas), os autores discuten un tema de enorme interese, que é o de establecer os valores que poden ser relevantes na selección dos traballadores públicos, que por si só xustificaría o libro e que esperemos que os autores o continúen desenvolvendo en posteriores traballos pola seguinte razón: aínda que os autores establecen unha detallada e ben fundamentada lista de valores pertinentes para a nova xestión pública, acaban concluíndo que estes deben estar condicionados polo principio de capacidade e que non deben estar supeditados a ningún tipo de clientelismo. A risco de facer afirmacións impopulares gustaríame matizar algo estes aspectos. En primeiro lugar, non se define con claridade en que consiste o principio de capacidade. Na Administración española adoita

regap



RECENSIONES

ser asociada coa capacidade de aprobar duros exames de oposición ou con dispoñer de títulos académicos habilitantes, pero non coa experiencia ou a capacidade de xestión probada. Na Administración española un empresario con capacidade de xestión probada na dirección de empresas con miles de traballadores, pero carente de títulos académicos formais, non podería nin facerse cargo dun servizo ou un negociado de pouca monta. A Administración pública o que pretende con este modelo é establecer un criterio de capacidade obxectivo a través dalgún exame ou proba formal que evite a arbitrariedade na contratación, pero ao prezo de primar capacidades que non son necesariamente as máis axeitadas para conseguir o tipo de función pública que se pretende establecer. O opositor, con todas as súas virtudes, non aparenta ser a primeira vista o tipo de funcionario innovador e emprendedor que se describe nos manuais da boa gobernanza.

Choca tamén este modelo co de evitar o clientelismo. Primeiro porque este, por duro que pareza, é dunha forma ou outra inevitable en calquera Administración pública, salvo que queiramos privar o político electo de calquera capacidade de control sobre as organizacións que dirixe. Debemos recordar que as administracións públicas forman parte do sistema político e que é normal e inevitable reservar certos postos, en especial os directivos, a funcionarios de confianza do goberno, pois, se non, poderíase resentir a debida coordinación entre goberno e Administración pública. En segundo lugar, porque buscar administradores capaces e con experiencia en xestión require dunha capacidade de discreción á hora de seleccionalos moito maior que no caso de selección vía oposición, e esta discreción moi probablemente sexa usada para seleccionar profesionais, capaces si, pero de confianza. En ningunha parte está escrito que seleccionar entre as clientelas de partido estea enfrontado ao cen por cen con buscar funcionarios capaces, da mesma forma que os sistemas de concursos e exames tampouco garanten sempre a selección dos máis capaces.

Moitos destes argumentos refórzanse na terceira parte do libro, redactada por Jaime Rodríguez Alba e Laura Judith Lesma, os cales analizan un caso arxentino, o caso da profesionalización da función pública na municipalidade de Córdoba. Nesta localidade implantouse un ambicioso plan de profesionalización da función pública inspirado en boa parte dos valores profesionais discutidos no libro. Os autores inciden moito na cuestión do mérito profesional, o que de novo nos abre a cuestión de enumerar cales deben ser os méritos dun funcionario e como estes deben ser valorados. Por exemplo, podería discutirse se a capacidade de liderado é ou non un mérito (dígoo porque moitas administracións case prefiren que non se dean fenómenos de líderes entre os seus funcionarios, pois poden suplantar o político e dificultar a xestión), pero, unha vez establecido que si o é, atopámonos coa dificultade de valorar de forma obxectiva esta característica, debendo recorrer dunha forma ou doutra a algún tipo de discrecionalidade por parte do selector.

O mesmo acontece con boa parte dos méritos que no texto se expoñen. Primeiro hai que discutir de que forma son ou non méritos (pode variar co tipo de unidade administrativa) e despois establecer a forma correcta de medilos. O plan implantado en Córdoba de momento presenta un bo aspecto. Só hai que esperar que vicisitudes

políticas, como un cambio no goberno local, ou económicas, como unha crise, non o desbaraten. Porque isto é outra, os mellores plans poden verse frustrados por factores externos; de feito, sono con frecuencia, e de aí o mantemento por tradición das vellas estruturas burocráticas, ineficientes se se quere, pero moi resilientes ao cambio.

O libro, en conclusión, é unha moi boa combinación de teoría administrativa e estudos de caso. Pero creo que a súa principal virtualidade é a de abrir moi ricos e interesantes debates desde unha perspectiva máis politolóxica que xurídica, sobre o complexo mundo da función pública, que rara vez esperta o interese dos especialistas, aos que parece que lles gusta máis centrarse en temas máis elevados, como o deseño de reformas administrativas ou nos modelos de xestión, relegando a un segundo plano os temas máis comúns no día a día da xestión. Benvido sexa, pois, este traballo.

Regap



RECENSIONES

Resolución judicial y extrajudicial de conflictos en el proceso de modernización de la Administración de Justicia



ALMUDENA VALIÑO CES

Profesora de Derecho Procesual
Universidade de Santiago de Compostela
almudena.valino@usc.es

Recibido: 21/06/2019 | Aceptado: 18/07/2019

DOI: <https://doi.org/10.36402/regap.v1i57.12>

regap



RECENSIONES

MÍGUEZ MACHO, L., e GONZÁLEZ MORENO, B. (coords.): *Resolución judicial y extrajudicial de conflictos en el proceso de modernización de la Administración de Justicia*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2017, 358 pp. ISBN: 978-84-9143-677-5.

Esta obra colectiva, coordinada polos profesores Míguez Macho e González Moreno, é o resultado de dous seminarios organizados pola Asociación Interdisciplinaria de Dereito Público, pois constitúen foros para o debate científico acerca de cuestións relevantes para o dereito público por parte de investigadores e profesionais pertencentes a diferentes áreas de coñecemento. Nela analízase, ao longo das súas dúas partes, un conxunto de reflexións de profesores universitarios e maxistrados sobre a resolución xudicial e extraxurisdicional de conflitos no marco do proceso de modernización da Administración de xustiza. En concreto, na primeira delas estúdase a resolución xudicial e extraxurisdicional de conflitos e na segunda abórdase a situación pasada e presente da Administración de xustiza cara a unha modernización necesaria.

Desde un tratamento máis profundo, e antes de mencionar algunhas das ideas que a súa lectura achega, vaia por diante que non é obxectivo desta recensión referirnos ás numerosas cuestións que destacan ao longo da obra, e iso porque o noso comentario, seguro que incompleto, non faría xustiza ao contido deste libro. Con

todo, si nos gustaría por de relevo algúns dos aspectos que, por diversas razóns, consideramos importantes

Na primeira parte –Resolución xudicial e extraxudicial de conflitos– inclúense catro estudos. O primeiro deles titúlase “La tutela de los derechos y libertades por los defensores del pueblo: del límite que representa la función jurisdiccional a la ampliación de las funciones mediadoras de los defensores”, cuxa autora é a profesora González Moreno. Este traballo enmárcase no contexto máis xeral do cambio de paradigma na evolución do proceso contencioso-administrativo como mecanismo clásico de control da Administración. Este cambio determínase por dous planos que perfilan unha intensa transformación das relacións entre os cidadáns e os poderes públicos, caracterizado pola crecente demanda de participación cidadá nos procesos de toma de decisións públicas: por un lado, polas exixencias de transparencia na actividade dos responsables públicos, especialmente das administracións, as institucións e as entidades de dereito público, e, por outro lado, por unha visión máis depurada acerca das garantías dos dereitos dos cidadáns que deriva do deber de boa administración.

Os dous vectores referidos ao cambio de paradigma, a xuízo da autora, beneficiaron o impulso da mediación administrativa como un medio para resolver controversias. Por tal motivo, analízase esta institución co fin de plasmar as súas virtualidades. Distínguese non só a mediación en vía administrativa, senón tamén a que se leva a cabo de forma intraprocesual en virtude do artigo 77 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A este respecto, cabe destacar a maior presenza que vén adquirindo a mediación no dereito administrativo, o que suscita un crecente interese polos operadores xurídicos, tanto no marco do dereito material pacífico como no do dereito procesual litixioso. E iso porque a mediación pode desenvolver un papel moi relevante no marco da concertación e o acordo, co fin de modernizar as estruturas administrativas, reducindo así o nivel de conflictividade.

Por último, abórdanse as funcións mediadoras que asumen os defensores do pobo no marco da tutela dos dereitos e libertades que teñen encomendada. E, neste sentido, a experiencia da autora como coordinadora xeral do Valedor do Pobo, sen dúbida, engade á sólida fundamentación dogmática do estudo un profundo coñecemento especializado no funcionamento deste tipo de institucións.

O segundo traballo do libro, titulado “Arbitraje y conciliación en los Tribunales europeos”, é elaborado polo maxistrado José Luis Gil Ibáñez. O autor proxecta a súa experiencia profesional nun estudo sobre a relación entre os tribunais da Unión Europea e os medios alternativos de resolución de conflitos. O seu fundamento reside en que, unha vez esgotada a vía pacífica para a solución das controversias, se pode acudir á vía xudicial ou a outras formas alternativas, como a arbitrase, ademais de contar coa conciliación e a mediación.

Para iso, en primeiro lugar, aborda o tratamento que a arbitrase recibe na xurisprudencia dos tribunais comunitarios, posto que os laudos dos árbitros poden suxeitarse ao seu control. E, en segundo lugar, analiza a conciliación xudicial nos procesos tramitados ante esta xurisdición e faino distinguindo a conciliación xudicial

e a extraxudicial, por unha banda, e reflexionando acerca das funcións de conciliación que poden desenvolver os propios tribunais europeos, por outra. A este respecto, cabe distinguir entre os tres tribunais da Unión -Tribunal de Xustiza, Tribunal de Primeira Instancia e Tribunal da Función Pública-, xa que as posibilidades que presenta neles a conciliación xudicial son diferentes, debido á natureza tamén diversa dos procesos que se ventilan ante cada un.

Ao fío deste traballo, e como complemento do anterior, Alejandro González-Varas Ibáñez analiza, en “La resolución extrajurisdiccional de conflictos en el ámbito del Consejo de Europa”, a utilización dos medios alternativos de resolución de conflitos no marco da outra xurisdición europea, isto é, a do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. A base deste estudo reside en que este tribunal experimentou nos últimos tempos un notable incremento dos asuntos que se lle someten, coa conseguinte necesidade de fomentar os medios alternativos ao proceso dirixida a reconducir a situación.

Por iso, o autor, partindo das últimas reformas experimentadas pola regulación do tribunal, examina a utilización dos acordos amigables, como forma de resolver extraxudicialmente o proceso, e os compromisos unilaterais asumidos polos Estados, así como as funcións que asume neste ámbito o Comisionado Europeo de Dereitos Humanos, como institución de carácter non xurisdiccional, independente e imparcial, cuxa función consiste no desenvolvemento da educación e o respecto dos dereitos humanos.

A primeira parte do libro péchase cun traballo do profesor Mantecón acerca de “Los medios alternativos al proceso en el ordenamiento canónico”. En efecto, pretende analizar superficialmente os medios alternativos ao proceso como forma de solucionar as controversias intersubxectivas que xorden no ordenamento canónico.

O punto de partida nestes casos é diferente. Aínda que os tribunais canónicos non están en absoluto colapsados, o certo é que a propia natureza do dereito canónico fai que o recurso aos medios alternativos ao proceso se converta nun imperativo moral. É dicir, neste caso o recurso a tales medios non só responde a razóns de eficacia xurídica, senón tamén a exixencias pastorais relacionadas coa *salus animarum* e á lei superior da caridade.

Por todo isto, o profesor Mantecón analiza, por un lado, a posibilidade de que o xuíz induza as partes a buscar a súa reconciliación, para que, de mutuo acordo, solucionen o conflito e desapareza así a necesidade de recorrer a un proceso xudicial, e, por outro, na medida en que esta opción non sexa factible, a posibilidade de acudir á transacción ou á arbitrase.

Noutra orde de cousas, o profesor Canosa Usera comeza a segunda parte do libro cun estudo, -“Las relaciones entre el Tribunal Constitucional y el Tribunal Supremo. Problemas y soluciones”-, sobre unha das cuestións transcendentais do sistema xurisdiccional español, “*hoxe dificultosamente acougada*”, tal como sinalan os coordinadores, como son as relacións entre o Tribunal Constitucional e o Tribunal Supremo.

Resulta indiscutible que o Tribunal Constitucional ten un gran poder e, ademais, as súas decisións non poden ser revisadas por ningún outro tribunal nin nacional nin

Regap



RECENSIONES

estranxeiro. Non resulta estraño, entón, que deba administrar o seu esencial labor para o mantemento do Estado constitucional con especial coidado e prudencia. Esta prudencia debe canalizarse a través dunha coidada e detallada fundamentación que permita comprender as súas decisións.

A este respecto, o autor enmarca a relación entre estes tribunais no seu contexto dogmático, explicando o modelo kelseniano de control de constitucionalidade concentrado e as deformacións que experimentou na súa aplicación práctica por influencia do modelo de control de constitucionalidade difuso. Así mesmo, identifica o problema básico que deriva da combinación de ambos os dous modelos e que, no noso país, orixinou a polémica que nos ocupa: a intervención do Tribunal Constitucional na interpretación da lexislación ordinaria, co conseguinte cuestionamento da posición do Tribunal Supremo, pola vía das sentenzas dos recursos de amparo e da excesiva utilización das sentenzas interpretativas nos procesos de inconstitucionalidade sobre normas con rango de lei. Ante esta situación, o profesor Canosa Usera valora posibles solucións, como a restrición aínda máis do acceso ao recurso de amparo ou a imposición de límites legais á posibilidade de que o Tribunal Constitucional dite sentenzas interpretativas.

Deseguido, atopamos un traballo sobre outra das tendencias de maior actualidade na evolución da Administración de xustiza: a introdución das técnicas electrónicas, tanto dixitais como telemáticas, no proceso. A profesora Iglesias Canle introdúcenos neste contexto a través da experiencia italiana co estudo titulado “El expediente digital y el proceso civil telemático en Italia”, xa que o coñecemento das experiencias comparadas pode axudar a anticipar e prever as dificultades que a introdución das técnicas electrónicas presenta nun ámbito como este.

A autora toma como punto de partida a adopción dun novo modelo tecnolóxico na xustiza italiana, que consiste esencialmente na implantación do proceso civil telemático (PCT), entendendo por el a xestión integral e integrada da documentación producida no ámbito do calquera procedemento contencioso civil en forma dixital ou telemática. Ao seu través permítese a transmisión de comunicacións e notificacións, o depósito dos actos na secretaría, a constitución do xuízo e a inscrición telemática, así como a consulta do estado do procedemento, dos rexistros da secretaría, dos autos e da xurisprudencia por vía telemática, e, por conseguinte, posibilitase unha significativa redución dos tempos procesuais que sempre caracterizaron en negativo o sistema xudicial italiano.

Así, analízanse as características técnicas e o réxime xurídico que se aplican en Italia, tanto á dixitalización do expediente procesal civil como á incorporación da telemática ás relacións entre os operadores xurídicos que participan no proceso, pois con iso preténdese lograr a eficiencia da xustiza.

De igual modo, na parte final do seu traballo tamén se expoñen datos estatísticos sobre os primeiros resultados da implantación do PCT en Milán, que achegan unha visión práctica imprescindible para contrastar coa realidade os bos propósitos de lexislador.

O sétimo traballo incluído no libro permítenos entrever que a procura de vías alternativas ás vías procesuais oficiais para resolver os conflitos intersubxectivos vén de moi atrás no tempo e para iso a profesora Martín García, en “La *episcopalis audientia* y su reconocimiento por la legislación constantiniana”, sitúanos no pasado da Administración de xustiza. A autora aborda a análise da xurisdición dos bispos nos primeiros anos do cristianismo sobre materias seculares, en concreto de carácter xurídico-privado, cando os litixios relativos a estas se producían entre cristiáns, aínda que co tempo se ampliou tamén aos non cristiáns.

O certo é que moito se debateu acerca da natureza xurídica da extensión da xurisdición episcopal a asuntos de carácter civil, que para a historia do dereito resulta de grande interese, xa que estes litixios se tiñan que resolver aplicando o dereito secular. En concreto, cuestionouse se a xurisdición episcopal en materia de dereito privado entre cristiáns tiña verdadeiramente carácter xurisdiccional ou se, pola contra, se trataba dunha actividade arbitral, aínda que fose unha arbitrase de tipo especial.

Todo iso evidencia o interese que a *episcopalis audientia* suscitou e segue suscitando entre os especialistas de diversas ramas da ciencia xurídica e que levou a autora a elixilo como obxecto do seu estudo.

Máis alá da mirada retrospectiva da profesora Martín García, coa achega que Luis Míguez Macho realiza ao libro -“Autotutela administrativa y tutela judicial efectiva: nuevas perspectivas para el proceso contencioso-administrativo”-, volvemos aos problemas actuais da Administración de xustiza en España, en concreto aos que suscita o control xurisdiccional da actividade administrativa.

